

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 6872** *Real decreto lei 7/2021, do 27 de abril, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de competencia, prevención do branqueo de capitais, entidades de crédito, telecomunicacións, medidas tributarias, prevención e reparación de danos ambientais, desprazamento de traballadores na prestación de servizos transnacionais e defensa dos consumidores.*

I

A transposición en prazo de directivas da Unión Europea constitúe na actualidade un dos obxectivos prioritarios establecidos polo Consello Europeo. A Comisión Europea somete informes periódicos ao Consello de Competitividade, aos cales se lles dá un alto valor político en canto que serven para medir a eficacia e a credibilidade dos Estados membros na posta en práctica do mercado interior.

O cumprimento deste obxectivo resulta hoxe aínda máis prioritario tendo en conta o escenario deseñado polo Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, para os incumprimentos de transposición en prazo, para os cales a Comisión pode pedir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea a imposición de importantes sancións económicas de maneira acelerada (artigo 260.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea –TFUE–).

España vén cumprindo de maneira consistente cos obxectivos de transposición nos prazos comprometidos desde o inicio do seu establecemento. Non obstante, nos últimos anos, feitos como a repetición das eleccións xerais en 2019, coa conseguinte disolución das Cortes Xerais e a existencia dun Goberno en funcións durante un tempo prolongado, así como a propagación da pandemia ocasionada pola COVID-19 desde o primeiro trimestre de 2020, explican a acumulación de atrasos na transposición dalgunhas directivas que requiren unha norma con rango de lei para a súa incorporación ao ordenamento xurídico interno.

Nalgúns destes casos, existe ademais un risco de multa con base no establecido no artigo 260.3 do TFUE, ao se teren recibido as correspondentes cartas de emprazamento e existir un procedemento de infracción aberto pola Comisión. Tal é o caso da maioría de directivas cuxa transposición constitúe o obxecto do presente real decreto lei.

Ante a gravidade das consecuencias de seguir acumulando atraso na incorporación ao ordenamento xurídico español de tales directivas, resulta necesario acudir á aprobación dun real decreto lei para realizar a dita transposición, o que permitirá cerrar os procedementos de infracción abertos pola Comisión Europea.

No relativo á existencia de «procedementos de incumprimento contra o Reino de España», debe terse en conta que, malia o carácter opcional previsto no artigo 260.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, na súa Comunicación do 13 de decembro de 2016, «Dereito da UE mellores resultados grazas a unha mellor aplicación», a Comisión anunciou un cambio de enfoque pasando a solicitar de maneira sistemática a suma a tanto global. A consecuencia lóxica do enfoque da suma a tanto global é que, nos casos en que un Estado membro emende a infracción mediante a transposición da directiva no curso dun procedemento de infracción, a Comisión xa non desistirá do seu recurso só por ese motivo.

Como disposición transitoria, a Comisión sinalou que non aplicará esta nova práctica aos procedementos cuxa carta de emprazamento sexa anterior á publicación da dita comunicación no *Diario Oficial de la Unión Europea*, que tivo lugar o 19 de xaneiro de 2017. En consecuencia, resulta de extraordinaria e urxente necesidade efectuar a transposición antes de que se formalice a demanda ante o Tribunal de Xustiza, para evitar así un procedemento xudicial que finalizaría mediante unha sentenza que declare o incumprimento por parte do Reino de España das obrigacións que lle impón o dereito da Unión.

En canto á utilización do real decreto lei, o Tribunal Constitucional declarou que a situación de extraordinaria e urxente necesidade que exige, como presuposto habilitante, o artigo 86.1 da Constitución española pode deducirse «dunha pluralidade de elementos», entre eles, «os que quedan reflectidos na exposición de motivos da norma» (STC 6/1983, do 4 de febreiro). Pola súa parte, entre a situación de extraordinaria e urxente necesidade que habilita o emprego do real decreto lei e as medidas contidas nel debe existir unha «relación directa ou de congruencia». Por tanto, para a concorrencia do presuposto da extraordinaria e urxente necesidade, a STC 61/2018, do 7 de xuño, (FX 4), exige, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos que tivo en conta o Goberno para a súa aprobación», é dicir, o que deu en denominarse a situación de urxencia; e, por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala».

Por outro lado, en relación coa figura do real decreto lei, como instrumento de transposición, cabe sinalar que o Tribunal Constitucional, na Sentenza 23/1993, do 21 de xaneiro, declara que o real decreto lei é un instrumento constitucionalmente lícito para afrontar conxunturas económicas problemáticas, e na súa Sentenza 1/2012, do 13 de xaneiro, avala a concorrencia do presuposto habilitante da extraordinaria e urxente necesidade do artigo 86.1 da Constitución española cando concorran «o patente atraso na transposición» e a existencia de «procedementos de incumprimento contra o Reino de España».

Así mesmo, en relación coa diversidade de ámbitos e materias que o presente real decreto lei vén regular, considérase necesario destacar que o Tribunal Constitucional, na Sentenza 136/2011, do 13 de setembro, afirma que o dogma da desexable homoxeneidade dun texto lexislativo non é obstáculo insalvable que impida ao lexislador ditar normas multisectoriais, pois tampouco existe na Constitución española ningún precepto, expreso ou implícito, que impida que as leis teñan un contido heteroxéneo.

Para maior abastanza, a Sentenza do Tribunal Constitucional 199/2015, do 24 de setembro, declarou en materia de decretos leis transversais que «a concorrencia da urxencia e a necesidade debe analizarse de cada precepto, porque só deste modo se poderá realizar un exame apropiado sobre a conexión de sentido entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala».

Deste modo, segue dicindo na súa sentenza o Tribunal Constitucional, «por máis que se poida falar da existencia dunha global situación de urxencia ou de necesidade, vinculada ao que este tribunal denominou «conxunturas económicas problemáticas», nos supostos en que existe a previsión dun conxunto de medidas diversas para afrontar esa conxuntura, ben se lle pode exixir ao Goberno que expoña razoadamente os motivos que tivo en conta para incluír cada bloque de medidas no decreto lei, optando por sacalas da órbita dun eventual proxecto de lei específico. Por tanto (...), a valoración da concorrencia do presuposto habilitante nun decreto lei transversal pasa por verificar que a motivación relativa á existencia do dito presuposto non é unha vaga motivación xenérica, senón que se refire, expresamente, a cada precepto ou grupo de preceptos, co obxectivo de exteriorizar as razóns que xustifican a inclusión desas medidas nun decreto lei. Só deste modo, quen está chamado a exercer o control sobre o decreto lei pode ter presentes «as situacións concretas e os obxectivos gobernamentais que deron lugar á aprobación de cada un dos decretos leis axuizados» (SSTC 6/1983, do 4 de febreiro, FX 5; 182/1997, do 28 de outubro, FX 3; 11/2002, do 17 de xaneiro, FX 4, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 3)».

Debe sinalarse tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Por todo isto, e de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, nos sucesivos puntos desta exposición de motivos concrépanse as razóns que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de traspasar as distintas directivas en cada un dos supostos recollidos no presente real decreto lei.

## II

O título I, que comprende os artigos primeiro e segundo, contén as modificacións derivadas da transposición da Directiva (UE) 2019/1 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, encamiñada a dotar as autoridades de Competencia dos Estados membros de medios para aplicar máis eficazmente as normas sobre competencia e garantir o correcto funcionamento do mercado interior (Directiva ECN+).

A aplicación efectiva do dereito da competencia garante mercados competitivos, máis abertos e xustos, nos cales as empresas compiten sobre a base dos seus méritos xerando riqueza e creando postos de traballo. Esta aplicación protexe, ademais, os consumidores e as consumidoras das prácticas comerciais que xeran prezos de bens e servizos a niveis artificialmente elevados e aumenta as súas posibilidades de elección de bens e servizos de maior calidade.

A consecución destes obxectivos da política de competencia require de autoridades de Competencia dotadas das facultades e instrumentos necesarios para garantir a existencia dunha competencia efectiva nos mercados. Así, a aplicación efectiva da normativa de competencia na Unión Europea require dun verdadeiro espazo común de aplicación tanto dos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) como do dereito nacional da competencia en paralelo aos ditos artigos, de modo que as autoridades nacionais de Competencia (en diante ANC) poidan ser plenamente eficaces. Porén, tradicionalmente existiron diverxencias nas ferramentas de que dispoñen as distintas ANC para aplicar efectivamente a normativa de competencia, así como marxe de mellora nos instrumentos de asistencia mutua entre elas.

A aprobación da Directiva (UE) 2019/1 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, encamiñada a dotar as autoridades de Competencia dos Estados membros de medios para aplicar máis eficazmente as normas sobre competencia e garantir o correcto funcionamento do mercado interior (Directiva ECN+) ten como principal obxectivo superar as deficiencias do sistema que supuxeron a aplicación desigual dos artigos 101 e 102 do TFUE, velando para que as ANC dos Estados membros dispoñan das garantías de independencia, recursos e facultades de aplicación e imposición de multas necesarios para poder aplicar eficazmente os artigos 101 e 102 do TFUE.

O prazo de transposición da Directiva ECN+ venceu o pasado 4 de febreiro de 2021. Recibiuse carta de emprazamento da Comisión datada o pasado 18 de marzo para a súa contestación no prazo de dous meses, e existe un procedemento de infracción aberto.

Dentro do sistema de defensa da competencia español, correspóndelle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) como ANC o papel de garante da competencia nos mercados no ámbito nacional, sen prexuízo das facultades dos organismos de Competencia autonómicos.

A regulación española xa recolle a maior parte das previsións contidas na Directiva ECN+. Con todo, a plena adecuación á Directiva ECN+ fai necesario modificar a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, para garantir a plena adecuación ás previsións do dereito europeo e realizar algunha modificación puntual na Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Entre os elementos que se traspoñen ao noso ordenamento destacan as medidas e instrumentos para impulsar a asistencia mutua entre a CNMC e as ANC dos Estados membros da Unión Europea e a Comisión Europea e reforzar a Rede Europea de Competencia de que forman parte todas elas, garantindo a aplicación efectiva dos artigos 101 e 102 do TFUE e o bo funcionamento do mercado interior. Neste ámbito destaca a regulación da interrupción da prescrición por actuación doutras ANC, por actuación da Comisión Europea ou como consecuencia da revisión xurisdiccional.

A lei procede á transposición ao noso ordenamento doutros elementos que buscan garantir unha aplicación máis eficaz da normativa de competencia. Neste sentido, ampliáanse e concréntanse en maior medida os deberes de información e colaboración e as facultades de inspección, regulando expresamente a facultade de realizar entrevistas ás persoas representantes e ao persoal das empresas investigadas.

Igualmente, derivado do proceso de transposición, a lei realiza outros axustes na normativa de competencia, como son a revisión do límite máximo das multas para todas as infraccións dos artigos 101 e 102 do TFUE, a revisión da regulación das multas coercitivas, a introdución de determinados axustes no programa de clemencia ou incluír rexeitar denuncias con base en criterios de priorización.

Por último, cabe sinalar que a transposición completa da Directiva ECN+ require algunhas modificacións menores que non están previstas en norma de rango de lei, xa que se decidiu, de acordo cos principios de boa regulación, que a súa transposición se leve a cabo a través de norma regulamentaria. Por iso, propónse a modificación de determinados artigos do Regulamento de defensa da competencia, aprobado polo Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro, e a modificación do Real decreto 2295/2004, do 10 de decembro, relativo á aplicación en España das normas comunitarias de competencia para recoller cuestións como a forma de presentación das solicitudes de clemencia ou o desenvolvemento dos principios de cooperación. Inclúese unha disposición derradeira para a salvagarda de rango destes desenvolvementos regulamentarios.

### III

O título II, que consta do artigo terceiro, introduce as necesarias modificacións no noso ordenamento interno, para a correcta transposición da recente directiva en materia de prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, que modifica as anteriores directivas adoptadas neste ámbito.

Trátase dunha materia que ten a necesidade de adaptarse e evolucionar a medida que o fan os riscos e as ameazas a que se enfrenta a súa normativa reguladora. Conforme esta premisa, despois da transposición mediante o Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2015, relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo (Cuarta directiva), debe adaptarse novamente a normativa nacional a outras normas europeas.

En concreto, procede traspor a Directiva (UE) 2018/843 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva (UE) 2015/849 relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, e pola que se modifican as directivas 2009/138/CE e 2013/36/UE (Quinta directiva). E isto co dobre obxectivo de perfeccionar os mecanismos de prevención do terrorismo e de mellorar a transparencia e a dispoñibilidade de información sobre os titulares reais das persoas xurídicas e outras entidades sen personalidade xurídica que actúan no tráfico xurídico.

Dentro das modificacións derivadas da transposición da Quinta directiva destaca a incorporación de novos suxeitos obrigados e, en particular, o sometemento ás obrigacións preventivas das persoas que presten servizos de cambio de moeda virtual por moeda de curso legal. Así mesmo, incorpóranse como suxeitos obrigados os provedores de servizos de custodia de moedeiros electrónicos, entendendo por tales aquelas persoas físicas ou xurídicas que prestan servizos de salvagarda de claves criptográficas privadas en nome dos seus clientes, para a tenza, o almacenamento e a transferencia de moedas virtuais de maneira similar á da custodia de fondos ou activos financeiros tradicionais. En ambos os casos, o sometemento á normativa de prevención do branqueo de capitais vai acompañada, tal e como require a Directiva (UE) 2018/843 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, dunha obrigación de rexistro destes prestadores.

A Quinta directiva leva a cabo unha reforma transcendental no que se refire aos rexistros de titulares reais, para os cales establece un sistema de acceso público xa non limitado a suxeitos obrigados e autoridades. Para isto, esta lei crea un novo modelo de identificación da titularidade real que parte da creación dun rexistro único no Ministerio de Xustiza, que obterá información de maneira directa, pero que ademais centralizará a información contida nos rexistros e bases de datos existentes no Consello Xeral do Notariado e no Rexistro Mercantil. Este rexistro será o que garanta a interconexión co

resto de rexistros da Unión Europea e, ademais, será o encargado de controlar os accesos e o seu axuste a dereito, así como ás limitacións que a normativa impón.

A creación deste rexistro vai acompañada do establecemento dunha obrigação para as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica de obter, conservar e actualizar esta información de titularidade real e facilitárllela a autoridades e a suxeitos obrigados. Neste contexto acláranse tanto os datos e información que deben manterse neste rexistro como as persoas concretas responsables do seu mantemento e actualización.

Na Quinta directiva establécese por vez primeira a obrigação de creación de sistemas automatizados de bases de datos centralizadas de contas de pagamento e de contas bancarias, un instrumento xa recollido no texto orixinal da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, denominado Ficheiro de titularidades financeiras.

Este ficheiro automatizado está xa en pleno funcionamento en España desde o ano 2016, pero realízanse agora axustes adicionais para adaptar o seu contido ás novas exigencias da Quinta directiva. Así, incorpórase a obrigação de declarar o alugueiro de caixas de seguridade e as contas de pagamento, con inclusión das que xestionen entidades de pagamento e entidades de diñeiro electrónico, que pasan a ser suxeitos obrigados a declarar xunto coas entidades de crédito, que xa tiñan esta obrigação. Así mesmo, inclúense modificacións no sistema de acceso a esta información, recoñecendo novas autoridades con competencias para o acceso e modificando o marco e as condicións para o acceso doutras autoridades xa previstas pola norma.

Por outra parte, de conformidade co establecido na Quinta directiva, ao tratamento de datos persoais nesta materia seranlle de aplicación o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e o Regulamento (UE) 2018/1725 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2018, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais polas institucións, órganos e organismos da Unión, e á libre circulación deses datos, así como a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, nos termos que se indican nesta lei.

O Regulamento (UE) 2018/1672 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2018, relativo aos controis de entrada e saída de efectivo da Unión e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1889/2005, de aplicación obrigatoria a partir do 3 de xuño de 2021, establece novas obrigações que deben recollese na Lei 10/2010, do 28 de abril, e, como sinala o seu Considerando número (7), determina un sistema de normas que facilita a prevención, detección e investigación das actividades delituosas definidas na Directiva de prevención do branqueo de capitais. En concreto, a definición de efectivo inclúe as materias primas utilizadas como depósito de gran liquidez, establécese a obrigação de informar do efectivo non acompañado e a necesidade de declaración do efectivo transportado en movementos de entrada ou saída da Unión Europea por aqueles que realicen actividades de transporte profesional de fondos ou medios de pagamento. Tamén se modifica o réxime xurídico aplicable á intervención temporal de medios de pagamento, para os efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 7 do Regulamento (UE) 2018/1672, do 23 de outubro de 2018, que determina a introdución dunha reclamación administrativa contra a intervención temporal de medios de pagamento e a súa relación co procedemento sancionador de movemento de efectivo, para os efectos dos artigos 34 e 35 da Lei 10/2010, do 28 de abril.

#### IV

O título III deste real decreto lei establece, nos artigos cuarto ao oitavo, as modificacións legais derivadas da transposición daquelas disposicións que requiren rango de lei da Directiva (UE) 2019/878 (CRD5) do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, e da Directiva (UE) 2019/879 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019.

En resposta á crise financeira que se desencadeou en 2007-2008 e dos mecanismos procíclicos que contribuíron a provocala e agravaron os seus efectos, o Comité de Supervisión Bancaria de Basilea (CSBB) publicou un novo marco global con novas normas sobre a adecuación do capital dos bancos (Acordo de Basilea III).

Froito do consenso internacional xestado a raíz da crise financeira global de 2008, os membros do G20 coincidiron en que era necesario arbitrar mecanismos que permitisen abordar as dificultades que puidesen experimentar as entidades financeiras evitando todo impacto aos recursos dos contribuíntes, á vez que se preservaba a estabilidade do sistema financeiro internacional.

Como consecuencia destes traballos, a Xunta de Estabilidade Financeira (FSB, polas súas siglas en inglés) aprobou en 2015 o requirimento de capacidade total de absorción de perdas (TLAC, polas súas siglas en inglés) de capitalización de entidades que pondera os activos das entidades segundo o seu risco e exige que ao menos un 18 por cento dos ditos activos estean cubertos por capital e débeda subordinada -débeda que pode ser convertida en capital se a entidade se encontra en dificultades. Agora ben, o estándar TLAC aplícase unicamente a aquelas entidades financeiras que teñan unha importancia sistémica mundial, e queda en mans do regulador nacional o réxime das demais entidades. No caso da Unión Europea, existía un perigo de arbitraje regulatoria e diferenzas de trato ás entidades, pois á regulación de cada Estado membro engadíase unha regulación distinta para as grandes entidades.

Por iso, no seo da Unión decidiuse crear un equivalente comunitario do TLAC que fose aplicable a todas as entidades do espazo común: o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles (MREL, polas súas siglas en inglés). Este conxunto de regras comúns dentro da Unión Europea, que delimitan a capacidade necesaria para absorber perdas dunha forma común para todos os Estados membros, constitúe unha das pezas indispensables na construción da unión bancaria.

A reforma do marco lexislativo aplicable a entidades de crédito que tivo lugar en 2013 e 2014, así como da arquitectura bancaria europea sobre supervisión e xestión de crises bancarias, foron necesarias para garantir unha maior resiliencia do sistema financeiro e avanzar no proceso da unión bancaria.

Non obstante, co obxecto de seguir avanzando na consecución de ambos os obxectivos, a Comisión Europea presentou en novembro de 2016 un paquete lexislativo que comprendía modificacións do código normativo único e, en particular, da Directiva e do Regulamento de requisitos de capital, así como da Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, pola que se establece un marco para a reestruturación e a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e pola que se modifican a Directiva 82/891/CEE do Consello, e as directivas 2001/24/CE, 2002/47/CE, 2004/25/CE, 2005/56/CE, 2007/36/CE, 2011/35/UE, 2012/30/UE e 2013/36/UE, e os regulamentos (UE) n.º 1093/2010 e (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello (Directiva de recuperación e resolución bancaria, en diante), e do Regulamento (UE) n.º 806/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2014, polo que se establecen normas uniformes e un procedemento uniforme para a resolución de entidades de crédito e de determinadas empresas de servizos de investimento no marco dun mecanismo único de resolución e dun fondo único de resolución e se modifica o Regulamento (UE) n.º 1093/2010 (Regulamento de recuperación e resolución bancaria, en diante).

Esta reforma lexislativa incorporaba ao ordenamento xurídico os últimos elementos acordados polo CSBB e a Xunta de Estabilidade Financeira relativos ao proceso de reforma regulatoria bancaria comezado tras o desencadeamento da crise financeira internacional. En particular, a ratio de aparcamento obrigatorio para todas as entidades, o requisito de financiamento estable neto obrigatorio para todas as entidades, así como o requisito de capacidade de absorción de perdas obrigatorio para todas as entidades de importancia sistémica mundial (TLAC).

Ademais de incorporar os últimos elementos de Basilea III e outros estándares internacionais (en particular, o requisito de capacidade de absorción de perdas obrigatorio

para todas as entidades de importancia sistémica mundial), a proposta da Comisión actualizaba a normativa para adaptala tamén ás características específicas do mercado da Unión. Neste sentido, o Consello da Unión e o Parlamento Europeo aprobaron os actos xurídicos oportunos.

En primeiro lugar, o Regulamento (UE) 2019/877 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 806/2014 no que se refire á capacidade de absorción de perdas e de recapitalización para as entidades de crédito e as empresas de investimento, e a Directiva (UE) 2019/879 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, pola que se modifica a Directiva 2014/59/UE en relación coa capacidade de absorción de perdas e de recapitalización das entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, así como a Directiva 98/26/CE. Estas normas modificativas reforman o marco de resolución e liquidación aplicable ás entidades de crédito.

En segundo lugar, o Regulamento (UE) 2019/876 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 575/2013 no que se refire á ratio de apancamento, á ratio de financiamento estable neto, aos requisitos de fondos propios e pasivos admisibles, ao risco de crédito de contraparte, ao risco de mercado, ás exposicións a entidades de contrapartida central, ás exposicións a organismos de investimento colectivo, ás grandes exposicións e aos requisitos de presentación e divulgación de información, e o Regulamento (UE) n.º 648/2012, polo que se modifica o Regulamento de requisitos de capital, así como a Directiva (UE) 2019/878 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, pola que se modifica a Directiva 2013/36/UE no que respecta aos entes exentos, ás sociedades financeiras de carteira, ás sociedades financeiras mixtas de carteira, ás remuneracións, ás medidas e ás facultades de supervisión e ás medidas de conservación do capital, reforman o marco normativo prudencial aplicable ás entidades de crédito. Estas normas modifican, respectivamente, a Directiva e o Regulamento de requisitos de capital.

Con data do 9 de decembro de 2020, o Consello de Ministros adoptou o acordo de tramitación por urxencia de diversas normas no ámbito da regulación financeira e, en particular, de dous anteproxectos de lei que agora conforman, unicamente no que a transposición se refire, o contido do título III deste real decreto lei.

Un deles tiña como finalidade a transposición ao noso ordenamento xurídico da Directiva (UE) 2019/878 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019. Esta directiva complementábase co Regulamento 2019/876 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 575/2013 no que se refire á ratio de apancamento, á ratio de financiamento estable neto, aos requisitos de fondos propios e pasivos admisibles, ao risco de crédito de contraparte, ao risco de mercado, ás exposicións a entidades de contrapartida central, ás exposicións a organismos de investimento colectivo, ás grandes exposicións e aos requisitos de presentación e divulgación de información, e o Regulamento (UE) n.º 648/2012. A revisión do marco normativo prudencial ten por finalidade garantir a súa eficacia, así como do réxime supervisor de entidades de crédito, todo iso tendo en conta as principais debilidades detectadas até o momento, velando así mesmo polo principio de proporcionalidade. Adicionalmente, contén modificacións que son necesarias a raíz da adopción doutros actos xurídicos pertinentes da Unión, como a Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, ou as modificacións, paralelamente propostas, do Regulamento (UE) n.º 575/2013. O prazo de transposición da Directiva (UE) 2019/878 venceu o 28 de decembro de 2020.

O outro anteproxecto de lei tiña como finalidade a transposición da Directiva (UE) 2019/879 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, pola que se modifica a Directiva 2014/59/UE en relación coa capacidade de absorción de perdas e de recapitalización das entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, así como a Directiva 98/26/CE (Segunda directiva de resolución e recuperación de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento ou BRRDII). Esta directiva complementábase co Regulamento (UE) 2019/877 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, polo que se modifica o Regulamento (UE) 806/2014 no que se refire

á capacidade de absorción de perdas e de recapitalización para as entidades de crédito e as empresas de investimento. A súa finalidade é a adecuación do marco de resolución europeo aos estándares internacionais da Xunta de Estabilidade Financeira (*Financial Stability Board*) no que se refire ao requisito de pasivos elixibles capaces de absorber perdas das entidades globalmente sistémicas (coñecido polas súas siglas en inglés TLAC). Así mesmo, refórzanse as facultades das autoridades de resolución e elévase o requisito de pasivos elixibles para absorber perdas, non só para as entidades globalmente sistémicas senón para todas as entidades, o que permitirá resolucións máis eficaces e nas cales se minimize o custo para o contribuínte. O prazo para traspor esta directiva venceu o 28 de decembro de 2020.

Non obstante o anterior, a data límite para a transposición de ambas as directivas venceu o 28 de decembro de 2020, pero foi o 3 de febreiro de 2021 cando se recibiu a carta de emprazamento da Comisión Europea que deu inicio ao correspondente procedemento de infracción.

Os regulamentos que complementan estas directivas conteñen disposicións que, ou ben xa entraron en vigor, ou ben están próximas a entrar en vigor. A aplicación dos regulamentos sen a debida inserción das directivas no ordenamento xurídico español orixina disfuncións que se acentúan no contexto da unión bancaria, en que desempeñan un papel esencial as autoridades europeas de supervisión e resolución: o Banco Central Europeo e a Xunta Única de Resolución.

A transposición da Directiva (UE) 2019/878 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, require da aplicación diferida dalgunhas das súas disposicións. En efecto, como se recolle no artigo 2.1 da dita directiva, a directiva debe ser trasposta como máis tarde o 28 de decembro de 2020 e aplicable desde o 29 de decembro dese ano. Porén, para determinadas disposicións establécese unha aplicación diferida en dous prazos distintos: o 28 de xuño de 2021 e o 1 de xaneiro de 2022. A iso responden precisamente as alíneas a) e b) da disposición derradeira oitava e non é contrario á extraordinaria e urxente necesidade dado que a aplicación diferida (que non a obrigación de traspor estas disposicións, que venceu o pasado 28 de decembro) nace directamente da Directiva (UE) 2019/878 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019.

Así mesmo, a referida Directiva 2019/878 (CRD5), do 20 de maio de 2019, introduce un novo punto 3 no artigo 3 da Directiva 2013/36 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, polo que se equipara o tratamento regulatorio previsto na propia Directiva 2013/36 e no Regulamento (UE) 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, para as entidades de crédito ás sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira (*holdings* normalmente na cabeceira de grupos bancarios, de empresas de seguros e de servizos de investimento). Pola súa vez, o artigo 21 bis da CRD5 introduce un procedemento de autorización polo supervisor específico para estas sociedades. En definitiva, en virtude destas modificacións que teñen orixe na directiva que agora se traspón no real decreto lei, estas sociedades pasan a ser os suxeitos obrigados na supervisión no nivel de grupo, e como tales teñen que cumprir coa normativa de solvencia, o que inclúe os requisitos de capital.

Para permitir a clasificación como instrumentos de capital de nivel 1 ordinario, as accións ordinarias ou participacións sociais das sociedades financeiras de carteira deben cumprir con todos os requisitos do artigo 28 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. En particular, a letra h), numeral 5.º, dese artigo establece que, para que tales instrumentos sexan computables, as condicións aplicables aos instrumentos non [deben incluír] a obrigación de que a entidade efectúe distribucións aos titulares destes e que a entidade non estea de ningún outro modo suxeita a tal obrigación.

Pola súa parte, a Lei de sociedades de capital, no seu artigo 348 bis, recoñece ao accionista un dereito de separación en caso de falta de distribución de dividendos. Neste sentido, a Autoridade Bancaria Europea determinou que un dereito de separación do socio ou socia ligado á non distribución dun dividendo mínimo é incompatible con tal requisito.

Por este motivo, a Lei de sociedades de capital, na súa disposición adicional décimo primeira, exclúe da aplicación deste dereito de separación as entidades de crédito, entre



outras entidades, co obxecto de permitir que se cumpra cos requisitos prudenciais de acordo coas normas da UE de carácter imperativo.

Dado o anterior, se a exclusión prevista na disposición adicional décimo primeira non se estende ás sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira, os instrumentos emitidos polas ditas sociedades non poderían computar como recursos propios, polo que non se podería garantir o cumprimento dos requisitos de capital a nivel consolidado e subconsolidado para os grupos consolidables cuxa cabeceira sexa unha sociedade deste tipo, o que contravén o obxectivo da Directiva (UE) 2019/878 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019.

Por iso, debe incluírse este tipo de sociedades dentro do ámbito de aplicación subxectivo da excepción prevista na disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei de sociedades de capital. Así mesmo, inclúense dentro da exclusión as sociedades financeiras mixtas de carteira previstas no artigo 1.2.c) da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e determinadas empresas matrices que teñan entre as súas filiais, ao menos, un establecemento financeiro de crédito, por estaren suxeitas a certos requisitos prudenciais do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, do conformidade co previsto no artigo 34 do Real decreto 309/2020, do 11 de febreiro, sobre o réxime xurídico dos establecementos financeiros de crédito, e polo que se modifica o Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, e o Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Polas razóns expostas, concorren razóns de extraordinaria e urxente necesidade para incluír as modificacións legais relativas á transposición destas dúas directivas neste real decreto lei.

#### V

O título IV da norma, que consta dun único artigo noveno, leva a cabo unha modificación puntual e concreta da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, que se limita a modificar a duración dos títulos habilitantes do uso do dominio público radioeléctrico con limitación de número. O artigo 49.2 da Directiva (UE) 2018/1972 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, pola que se establece o Código europeo das comunicacións electrónicas, adopta como medida regulatoria dirixida a aumentar a previsibilidade dos investimentos para contribuír a un despregamento máis rápido das redes e a mellores servizos, a garantir a estabilidade para apoiar o comercio e o alugamento do espectro radioeléctrico, así como a permitir a recuperación dos investimentos realizados, unha ampliación dos prazos mínimos de duración dos dereitos individuais de uso do espectro radioeléctrico con condicións harmonizadas. Pola súa vez, o artigo 50 do Código europeo de comunicacións electrónicas permite adicionalmente a renovación dos títulos habilitantes do uso do dominio público radioeléctrico. O prazo de transposición ao ordenamento xurídico interno do Código europeo de comunicacións electrónicas finalizou o día 21 de decembro de 2020.

Esta transposición levarase a cabo a través da aprobación dunha nova Lei xeral de telecomunicacións, que derrogará a actualmente vixente Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, e que actualmente está culminando a súa tramitación mediante a petición dos últimos informes.

O Código realiza unha clara aposta por incentivar o despregamento das redes de comunicacións electrónicas máis avanzadas, para o cal se crea un marco xurídico que impulse e protexa os imprescindibles investimentos nas redes de comunicacións electrónicas de alta capacidade mediante a incorporación de distintas medidas regulatorias que inviten os operadores a efectuar eses investimentos e a que estes se poidan rendibilizar nun contorno xurídico de seguridade.

As medidas regulatorias que introduce ou recoñece o Código para incentivar que os operadores realicen investimentos en redes de comunicacións electrónicas de alta

capacidade afectan tanto o despregamento de redes fixas como redes móbiles, que requiren o uso do dominio público radioeléctrico.

Así, entre estas medidas regulatorias, e no que se refire de maneira particular ao uso do dominio público radioeléctrico, destaca a ampliación da duración das concesións demaniais. En efecto, unha das principais modificacións que introduce o Código respecto ás directivas anteriores de comunicacións electrónicas é ampliar os prazos de duración dos títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico en prol de favorecer os investimentos en redes de nova xeración e de permitir a rendibilidade e os retornos de investimento efectuado nunhas redes que exixen importantes necesidades de financiamento e de achega de capital.

Por tanto, o Código, consciente da necesidade de que se efectúen importantes investimentos no despregamento das redes de alta capacidade, en particular nas redes 5G, e de que os investimentos deban ser eficientes, sustentables, recuperables e rendibles se se quere fomentar a competencia e poder prestar servizos de calidade aos cidadáns, permite que os dereitos de uso do dominio público radioeléctrico poidan chegar a ter unha duración ilimitada e, no caso de que se fixe unha duración limitada, esta debe garantir un período mínimo inicial de 20 anos, o cal será posible prorrogar.

A razón principal para incluír esta medida tan concreta e particular no presente real decreto lei e non esperar á culminación e aprobación da nova Lei xeral de telecomunicacións que traspoña na súa integridade o citado código radica en que se vai convocar nun prazo moi breve unha nova licitación de concesións demaniais para o uso do dominio público radioeléctrico na banda de frecuencias de 700 MHz (provenientes do segundo dividendo dixital).

Esta banda de frecuencias de 700 MHz, por normativa comunitaria, constitúe unha das bandas prioritarias para a implantación definitiva da tecnoloxía 5G e é unha banda especialmente idónea para conseguir grandes coberturas e penetración en interiores. Pola súa vez, a tecnoloxía 5G, que vai ser moi disruptiva, pois non supón simplemente unha evolución tecnolóxica das xeracións anteriores, senón que vai implicar a aplicación de novos casos de uso (como a automatización de procesos, o coche autónomo e conectado, usos industriais, etc.), algúns dos cales aínda están por descubrir e definir, vai requirir un volume incremental e progresivo dos investimentos que se realizarán en rede respecto ás xeracións. Algúns estudos consideran que a implantación dunha rede 5G exixe 4 veces máis localizacións que unha rede 4G.

Así, considérase que os investimentos que os operadores van realizar en despregar unha rede 5G deben comezar a desfrutar dunha maior protección, proporcionando uns horizontes temporais máis amplos que lles permitan construír esa rede 5G nun marco de maior seguridade xurídica, comercial e financeira, que lles posibiliten unha máis tranquila amortización e un retorno adecuado dos investimentos.

Se non se modifica o artigo 64.2 da vixente Lei xeral de telecomunicacións a través do presente real decreto lei, cando o prazo de transposición do Código xa venceu, a duración que como máximo poderían ter as concesións demaniais na banda de 700 MHz sería de 20 anos, sen posibilidade de prórrogas ou renovacións, cando o Código fixa eses 20 anos na duración mínima, permite que haxa prórrogas e renovacións e pode chegar a outorgar as ditas concesións por un período ilimitado.

Por iso, considérase oportuno e necesario que unha das bandas prioritarias para a implantación da tecnoloxía 5G, como é a banda de 700 MHz, desfrute desta medida regulatoria aprobada no Código de ampliar o prazo de duración dos títulos habilitantes do uso do dominio público radioeléctrico, tendo en conta adicionalmente que esta medida xa debería poder ser aplicable no noso país por ter vencido o prazo de transposición do Código.

## VI

O título V, que consta dun único artigo décimo, contén as modificacións derivadas da transposición da Directiva (UE) 2017/2455 do Consello, do 5 de decembro de 2017, pola que se modifican a Directiva 2006/112/CE e a Directiva 2009/132/CE no referente a determinadas obrigacións respecto do imposto sobre o valor engadido para as prestacións

de servizos e as vendas a distancia de bens, con excepción do seu artigo 1, que foi obxecto de transposición pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e da Directiva (UE) 2019/1995 do Consello, do 21 de novembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta ás disposicións relativas ás vendas a distancia de bens e a certas entregas nacionais de bens.

A incorporación destas directivas ao noso ordenamento interno conclúe a regulación do tratamento do IVE do comercio electrónico e establece as regras de tributación das entregas de bens e prestacións de servizos que, xeralmente contratados pola internet e outros medios electrónicos por consumidores finais comunitarios, son enviados ou prestados por empresarios ou profesionais desde outro Estado membro ou un país ou territorio terceiro. Estas operacións quedan suxeitas ao IVE no Estado membro de chegada da mercadoría ou de establecemento do destinatario, polo que afianzan a xeneralización do principio de tributación en destino nas operacións transfronteirizas no IVE. Por outra parte, a xestión tributaria do comercio electrónico no IVE susténtase na ampliación dos réximes especiais de portelo único que pasan a ser o procedemento específico previsto pola lei para a xestión e recadación do IVE devindicado por estas operacións a nivel comunitario. A nova regulación do comercio electrónico no IVE involucra tamén, por primeira vez, os titulares das interfaces dixitais que facilitan o comercio electrónico, que se converten en colaboradores da propia recadación, xestión e control do imposto.

A mediados de 2016, a Comisión Europea presentou un ambicioso plan de acción do IVE deseñado en distintas fases, cuxo obxectivo fundamental era permitir que o sistema IVE, exemplo de éxito da imposición indirecta na Unión Europea, puidese sobrevivir a un mundo cambiante e globalizado en que as decisións de consumo e a provisión de bens e servizos deixaban de ser locais e nacionais, a medida que a economía e os propios consumidores se adaptaban a un mundo cada vez máis dixital.

O novo deseño do sistema IVE abandonaba definitivamente a súa vella aspiración de tributación en orixe tanto nas operacións intracomunitarias como nas entregas de bens e prestacións de servizos a consumidores finais, de tal forma que unhas e outras pasarían a tributar como operacións interiores suxeitas a IVE no lugar de chegada da mercadoría ou de establecemento do destinatario, xeneralizándose a regra de imposición do IVE no lugar de destino. O cambio de modelo tería que ser tamén suficiente para aumentar os ingresos tributarios e reducir as perdas de recadación, atallar a fraude do comercio transfronteirizo, garantir a imparcialidade das decisións de compra dos consumidores, ampliar o mercado interior, protexer a competencia entre os provedores comunitarios e de fóra da Unión Europea e reducir as cargas administrativas e os custos de xestión do IVE para os operadores. Ademais, debería incentivar unha cooperación reforzada entre os Estados membros e potenciar o uso de ferramentas dixitais tanto en materia da xestión como do control do imposto.

Dentro das propostas recollidas no plan de acción que xa foron acordadas, destaca pola súa importancia e efectos a referente á reforma do réxime de tributación das operacións derivadas do comercio electrónico no IVE, que é obxecto de transposición nesta lei. Como se sinalou, o sistema vixente non estaba preparado para abordar os retos dunha economía global, dixital e cambiante posto que foi concibido como un sistema transitorio que fragmenta o mercado interior, desincentiva a comercialización de bens e servizos para un crecente número de empresas que querían ampliar o seu mercado nacional e favorece a fraude, dado que as operacións nacionais e transfronteirizas son tratadas de maneira diferente.

O actual sistema do IVE para o comercio electrónico transfronteirizo é complexo e custoso tanto para os Estados membros como para as empresas e propicia que as empresas da Unión Europea se encontren nunha situación de desvantaxe competitiva, xa que a exención por importación de envíos de pequeno valor non resulta aplicable ás entregas de bens comunitarias. A complexidade do sistema actual tamén lles dificulta aos Estados membros garantir o cumprimento das normas que rexen o comercio electrónico, o que se traduce en importantes perdas de recadación, dado o seu rápido crecemento con incrementos superiores ao 20 por cento anual da cifra de comercio electrónico nos últimos 5 anos.

A Comisión presentou unha proposta lexislativa a finais de 2016 encamiñada a modernizar e simplificar o IVE do comercio electrónico transfronteirizo, cuxos alicerces se baseaban na reforma do réxime comunitario de vendas a distancia, na ampliación do mecanismo de portelo único aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión e aos prestados por vía electrónica, así como na igualdade de trato e tributación para provedores comunitarios e de fóra da Unión. Por outra parte, para facilitar a xestión e o ingreso do IVE devindicado no comercio electrónico de bens e servizos a consumidores finais, establecíase un limiar común comunitario para axudar as pequenas empresas emerxentes que queren ampliar o seu mercado a través da canle dixital; suprimíase a exención do IVE para as importacións de pequenos envíos procedentes de provedores extracomunitarios e deseñábase un sistema de control no Estado de identificación das empresas que realizan comercio transfronteirizo en colaboración coa Administración tributaria dos Estados de consumo. A proposta foi mellorada durante o seu debate e aprobación e incluíu medidas adicionais relacionadas cos titulares de interfaces e plataformas dixitais que facilitan o comercio electrónico para garantir a súa cooperación na recadación e o control das operacións en que interveñen, que non foran previstas na proposta da Comisión.

Desta forma, o 29 de decembro de 2017 publicáronse a Directiva 2017/2455 do Consello, do 5 de decembro de 2017, pola que se modifican a Directiva 2006/112/CE e a Directiva 2009/132/CE no referente a determinadas obrigacións respecto do IVE para as prestacións de servizos dixitais e as vendas a distancia de bens; o Regulamento (UE) 2017/2454 do Consello, do 5 de decembro de 2017, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 904/2010, relativo á cooperación administrativa e a loita contra a fraude no ámbito do imposto sobre o valor engadido; e o Regulamento de execución (UE) 2017/2459 do Consello, do 5 de decembro de 2017, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011 polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido.

Tras a publicación da Directiva 2017/2455, os Estados membros continuaron os traballos na mellora e na ampliación dos réximes de portelo único. O paquete de reformas completouse coa publicación o 2 de decembro de 2019 da Directiva (UE) 2019/1995 do Consello, do 21 de novembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta ás disposicións relativas ás vendas a distancia de bens e a certas entregas nacionais de bens; o 4 de decembro de 2019, do Regulamento de execución (UE) 2019/2026 do Consello, do 21 de novembro de 2019, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011 no que respecta ás entregas de bens ou as prestacións de servizos facilitadas por interfaces electrónicas e aos réximes especiais aplicables aos suxeitos pasivos que presten servizos a persoas que non teñan a condición de suxeitos pasivos ou que realicen vendas a distancia de bens ou determinadas entregas nacionais de bens; e, por último, o pasado 13 de febreiro de 2020 completouse o paquete lexislativo coa publicación do Regulamento de execución (UE) 2020/194 da Comisión, do 12 de febreiro de 2020, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 904/2010 do Consello, no que respecta aos réximes especiais aplicables aos suxeitos pasivos que presten servizos a persoas que non teñan a condición de suxeitos pasivos, ás vendas a distancia de bens e a determinadas entregas nacionais de bens.

Debe terse en conta que as primeiras medidas contidas na Directiva (UE) 2017/2455, cuxa entrada en vigor se produciu o 1 de xaneiro de 2019, foron incorporadas ao noso ordenamento interno pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que supuxo a modificación das regras de tributación dos servizos prestados por vía electrónica, de telecomunicacións e de radiodifusión e televisión para reducir as cargas administrativas e tributarias que supoñía, para as microempresas establecidas nun único Estado membro que prestan estes servizos de forma ocasional, tributar por estas operacións no Estado membro de consumo. Neste sentido, estableceuse un limiar común a escala comunitaria de até 10.000 euros anuais que permite que, mentres non se exceda

o dito importe, os servizos estarán suxeitos ao IVE do Estado membro de establecemento do prestador. Tamén se estableceron novas regras en materia de facturación para evitar que o proveedor destes servizos tivese que cumprir coas exixencias de facturación de todos os Estados membros aos cales presta servizos, polo que, para minimizar as cargas para as empresas, as normas relativas á facturación serán as aplicables no Estado membro de identificación do proveedor que se acolla aos réximes especiais. Por último, para favorecer o acceso aos réximes especiais de portelo único permitiúselles aos empresarios e profesionais non establecidos na Comunidade, pero xa rexistrados para os efectos do IVE nun Estado membro, utilizar o réxime especial aplicable para os empresarios non establecidos na Comunidade. Estas modificacións mantéñense vixentes e van ser tamén de aplicación en relación coas operacións incluídas nos réximes especiais de portelo único que son agora obxecto de transposición.

A transposición da segunda parte da Directiva 2017/2455, cuxas normas son de aplicación desde o 1 de xullo de 2021, introduce importantes modificacións no ámbito da tributación das entregas de bens que, adquiridos por consumidores finais, xeralmente a través da internet e plataformas dixitais, son enviados polo proveedor desde outro Estado membro ou un país ou territorio terceiro, e as prestacións de servizos efectuadas a favor de consumidores finais por empresarios non establecidos no Estado membro onde, conforme as regras de localización do feito imponible, quedan suxeitas ao IVE. Desta forma, adáptase o contido das directivas 2006/112/CE e 2009/132/CE ao crecemento exponencial do comercio electrónico derivado da globalización e dos cambios tecnolóxicos e refórzase o principio de imposición no lugar de destino ante a necesidade de protexer os ingresos fiscais dos Estados membros, así como para establecer unhas condicións de competencia equitativas para as empresas afectadas e de minimizar as cargas que soportan.

Por unha parte, para evitar que os empresarios ou profesionais que prestan servizos distintos dos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión, e dos prestados por vía electrónica a persoas que non teñan a condición de empresarios ou profesionais actuando como tales, deban identificarse para os efectos do IVE en cada un dos Estados membros en que os ditos servizos estean suxeitos ao IVE, estas prestacións de servizos inclúense entre as que poden ser obxecto de declaración-liquidación a través de sistemas de portelo único tanto para empresarios e profesionais establecidos como non establecidos na Comunidade.

Por outra parte, esténdese o réxime especial aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión e aos prestados por vía electrónica prestados por empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade, pero non no Estado membro de consumo ás vendas a distancia intracomunitarias de bens, e introdúcese un réxime especial de natureza similar para as vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros. Para determinar claramente o seu ámbito de aplicación, defínense dúas novas categorías de entregas de bens: as derivadas das vendas a distancia intracomunitarias de bens e as derivadas de vendas a distancia de bens importados, así como os novos réximes especiais de portelo único asociados a elas.

Para estes efectos, terán a consideración de vendas a distancia intracomunitarias de bens as entregas de bens expedidos ou transportados polo proveedor desde un Estado membro a outro distinto cuxos destinatarios actúen ou teñan a condición de consumidores finais. Estas entregas de bens, que deberán ser distintos de medios de transporte novos ou bens obxecto de instalación e montaxe, tributarán no Estado membro onde o destinatario recibe a mercadoría, e os empresarios e profesionais provedores que realizan tales entregas poderán, opcionalmente, acollerse a un sistema de portelo único para a xestión e liquidación do IVE devindicado en cada Estado membro.

Pola súa parte, constitúen vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros as entregas de bens que fosen expedidos ou transportados polo proveedor a partir dun país ou territorio terceiro con destino a destinatarios que actúen ou teñan a condición de consumidores finais establecidos nun Estado membro, e será igualmente posible optar por un réxime especial de portelo único para a liquidación do IVE devindicado en todos os Estados membros de consumo a través dunha única Administración tributaria no Estado membro onde se identifique o proveedor.

Estas operacións son independentes da importación de bens que realiza o destinatario dos bens importados, pero limitase a aplicación do réxime especial ás vendas a distancia de bens importados expedidos directamente desde un país ou territorio terceiro, en envíos cuxo valor intrínseco non exceda os 150 euros. Até a dita cantidade aplícase a franquía alfandegueira, polo que non se exige unha declaración completa ante a alfándega no momento da importación. Pola súa vez, para favorecer a aplicación do réxime especial e evitar a dobre imposición, establécese unha exención do IVE ás importacións de bens que no momento da importación deban declararse consonte o réxime especial, do cal quedan excluídos os produtos obxecto de impostos especiais.

Por outra parte, os empresarios e profesionais non establecidos na Comunidade que queiran acollerse ao réxime especial para as vendas a distancia de bens importados poderán designar un intermediario establecido na Comunidade como responsable de liquidar o IVE e de cumprir as obrigacións establecidas no réxime especial no seu nome e pola súa conta.

En todo caso, para restaurar a competencia entre os provedores de dentro e de fóra da Comunidade e evitar a elusión fiscal, suprímese a exención nas importacións de bens de escaso valor aplicable na actualidade até os 22 euros de valor global da mercadoría, de tal forma que as importacións de bens que non se acollan ao réxime especial deberán liquidar o IVE á importación.

Non obstante, dado o crecemento exponencial do comercio electrónico e o conseguinte aumento do número de pequenos envíos cun valor intrínseco que non excede os 150 euros importados na Comunidade, establécese a posibilidade de aplicar unha modalidade especial de declaración, liquidación e pagamento do IVE ante a alfándega destas importacións de bens nos supostos en que non se opte pola utilización do réxime especial de portelo único previsto para as vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros.

Esta modalidade especial vai permitir a declaración, a liquidación e o pagamento do importe total do IVE correspondente ás importacións realizadas durante un mes natural, o que reducirá de forma importante as cargas administrativas dos operadores.

Con independencia do anterior, outro dos aspectos importantes da nova economía dixital é o xurdimento de novos empresarios ou profesionais creados por e para o comercio electrónico que canalizan as decisións de compra de bens e servizos dos consumidores finais. Trátase das interfaces dixitais, como as plataformas, portais e mercados en liña que, ademais da actividade de intermediación, a miúdo prestan servizos loxísticos e de almacenamento para os seus clientes. Estes novos operadores están alcanzando un tamaño, hexemonía e nivel de información tan relevantes no mercado dixital que parece conveniente que colaboren na xestión e na recadación do IVE derivado do comercio electrónico. En particular, cando interveñan no comercio de bens e servizos de provedores non establecidos na Comunidade. Desta forma, para asegurar o ingreso do IVE e reducir as cargas administrativas de provedores, administracións tributarias e dos propios consumidores finais, deberá entenderse que os empresarios ou profesionais titulares dunha interface dixital, cando faciliten a venda a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros en envíos cuxo valor intrínseco non exceda os 150 euros, ou cando faciliten entregas de bens no interior da Comunidade por parte dun provedor non establecido nela a consumidores finais, recibiron e entregaron en nome propio os ditos bens e que a súa expedición ou transporte se encontra vinculado á súa entrega. Esta ficción pode determinar importantes implicacións tributarias e pode supor que os titulares das interfaces dixitais cheguen a ter a consideración de suxeitos pasivos do imposto. Non obstante, para evitar situacións de dobre imposición, a entrega do ben que se entende realizada polo provedor ao titular da interface estará exenta de IVE e non limitará o dereito á dedución do IVE soportado por quen a realiza.

Pola súa parte, o empresario ou profesional titular da interface dixital poderá acollerse aos réximes especiais de portelo único para a declaración-liquidación do IVE derivado destas operacións polas cales teña a condición de suxeito pasivo, incluso cando se trate de entregas interiores realizadas a favor de consumidores finais efectuadas no mesmo

Estado membro onde se almacenan as mercadorías e que, por tanto, non son obxecto de expedición ou transporte entre Estados membros.

A presente norma incorpora as modificacións necesarias da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, para a aplicación das disposicións establecidas na normativa da Unión Europea para a regulación e tributación do comercio electrónico no IVE e para facilitar a súa xestión, recadación e control, o que reducindo notablemente as cargas e custos administrativos dos empresarios e profesionais cunha aposta decidida polos sistemas de portelo único, que pasan de ter unha aplicación limitada, case experimental, a converterse nun elemento fundamental para a xestión do IVE na Unión Europea, dado que os ingresos tributarios que xestionan serán cada vez maiores a medida que o sexa o comercio electrónico.

En particular, inclúense no capítulo XI do título IX da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, tres novos réximes especiais para a declaración e liquidación do IVE devindicado polas entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas a favor de consumidores finais por empresarios e profesionais, xeralmente non establecidos no Estado membro onde quedan suxeitas as operacións, que substitúen e amplían os réximes especiais vixentes na actualidade para os servizos prestados por vía electrónica, de telecomunicacións e de radiodifusión e televisión:

En primeiro lugar, incorpórase un novo réxime especial denominado «Réxime exterior da Unión», que será aquel aplicable aos servizos prestados por empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade a destinatarios que non teñan a condición de empresarios ou profesionais que actúen como tales.

Por outra parte, inclúese un novo réxime especial, denominado «Réxime da Unión», aplicable aos servizos prestados por empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade, pero non no Estado membro de consumo, a destinatarios que non teñan a condición de empresarios ou profesionais que actúen como tales, ás vendas a distancia intracomunitarias de bens e ás entregas interiores de bens imputadas aos titulares de interfaces dixitais que faciliten a entrega destes bens por parte dun provedor non establecido na Comunidade ao consumidor final.

Por último, establécese un novo réxime especial, «Réxime de importación», aplicable ás vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros, ao cal se poderán acoller, directamente ou a través dun intermediario establecido na Comunidade, en determinadas condicións, os empresarios ou profesionais que realicen vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros en envíos cuxo valor intrínseco non exceda os 150 euros, agás os produtos que sexan obxecto de impostos especiais.

Todos estes réximes especiais de portelo van permitir, mediante unha única declaración-liquidación presentada por vía electrónica ante a Administración tributaria do Estado membro polo cal optase ou sexa de aplicación (Estado membro de identificación), que o empresario ou profesional poida ingresar o IVE devindicado por todas as súas operacións efectuadas na Comunidade (Estados membros de consumo) por cada trimestre ou mes natural a que se aplica, en cada caso, o réxime especial.

Cando o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, o empresario ou profesional quedará obrigado a declarar ante a Administración tributaria española o inicio, a modificación ou o cesamento das súas operacións e será identificado mediante un número de identificación individual asignado por ela.

Este número de identificación deberá consignarse na declaración-liquidación en que o empresario ou profesional incluíra, por cada Estado membro de consumo en que se devindicase o IVE, a cantidade global do imposto correspondente, desagregada por tipos impositivos e o importe total, resultante da suma de todas estas, que debe ser ingresado en España na conta bancaria designada pola Administración tributaria, dentro do prazo de presentación da declaración, facendo referencia á declaración específica a que corresponde.

Calquera modificación posterior das cifras contidas nas declaracións-liquidacións presentadas deberá efectuarse, no prazo máximo de tres anos a partir da data en que

debía presentarse a declaración-liquidación inicial, a través dunha declaración-liquidación periódica posterior.

Os empresarios e profesionais que se acollan a estes réximes especiais deberán manter durante dez anos un rexistro das operacións incluídas neles, que estará a disposición tanto do Estado membro de identificación como do de consumo. Tamén quedarán obrigados a expedir e entregar facturas respecto das operacións declaradas conforme os réximes especiais.

Estes empresarios e profesionais non poderán deducir o IVE soportado para a realización das súas operacións nas referidas declaracións-liquidacións. Non obstante, terán dereito á dedución do IVE soportado na adquisición ou importación de bens e servizos que se destinen á realización das operacións acollidas aos réximes especiais. Se se trata de empresarios e profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto, poderán solicitar a devolución das cotas soportadas no dito territorio polo procedemento previsto para a devolución das cotas soportadas por empresarios ou profesionais establecidos noutro Estado membro, ou non establecidos na Comunidade, previstos nos artigos 119 e 119 bis da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, respectivamente. No caso de empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade, para estes efectos, non se exixirá o requisito de reciprocidade de trato a favor dos empresarios ou profesionais establecidos en España.

Para estes efectos, dado que os procedementos específicos previstos nos referidos artigos 119 e 119 bis están harmonizados a nivel comunitario para evitar tratos diferentes que provoquen desviacións no tráfico comercial e distorsións na competencia, debe sinalarse que tales procedementos se axustarán ao establecido na normativa comunitaria, sen que deban engadir trámites que non estean expresamente regulados na dita normativa.

Cando os ditos empresarios ou profesionais non establecidos presenten por outras operacións declaracións-liquidacións ante a Administración tributaria española, deberán deducir nelas as cotas soportadas para a realización de operacións suxeitas aos réximes especiais.

Por outra parte, a Lei do imposto introduce no seu título XI a modalidade especial para a declaración e o pagamento do IVE á importación de bens cando o valor intrínseco do envío non supere os 150 euros, que non sexan obxecto de impostos especiais e cuxo destino final sexa o territorio de aplicación do imposto, cando o empresario ou profesional non optase por acollerse ao réxime especial aplicable ás vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros. Nestes casos, o destinatario dos bens importados será responsable do pagamento do IVE, pero a persoa que presente os bens para o seu despacho ante a alfándega recadará o imposto que recaia sobre a súa importación do destinatario dos bens importados e efectuará o pagamento do IVE recadado a través dunha modalidade especial de declaración correspondente ás importacións realizadas durante o mes natural. Estas importacións quedarán gravadas ao tipo xeral do imposto, pero a declaración a través da modalidade especial será opcional.

A Directiva (UE) 2017/2455, que é obxecto de transposición, inclúe tamén unha medida coherente coa regulación do comercio electrónico no IVE e que, porén, non se incluíu na proposta orixinal presentada pola Comisión Europea.

Por iniciativa da Delegación española engadiuse un novo artigo 242 bis na Directiva 2006/112/CE, que se incorpora á Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e que establece que cando un empresario ou profesional, utilizando unha interface dixital como unha plataforma, un portal, un mercado en liña ou outros medios similares, facilite a entrega de bens ou a prestación de servizos a unha persoa que non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal no interior da Comunidade, cando non deba ou non opte por acollerse aos réximes especiais previstos para o comercio electrónico, terá a obrigaçión de levar un rexistro das ditas operacións. Este rexistro será o suficientemente detallado como para lle permitir á Administración tributaria do Estado membro en que as operacións sexan imoportunas comprobar se o IVE se declarou correctamente, e deberá pór o dito rexistro, por vía electrónica, á disposición dos Estados membros interesados que o soliciten.



O rexistro deberá manterse por un período de dez anos a partir do final do exercicio en que se realizasen as operacións e será exixible con independencia de que o empresario ou profesional titular da interface dixital se acolla aos réximes especiais por outras operacións.

Esta medida, que non vai supor unha carga administrativa desproporcionada para os titulares das interfaces dixitais, dado que o seu negocio se basea tamén no rexistro da información, está chamada a converterse nunha importante ferramenta para o control do comercio electrónico, garantir a recadación das operacións e incentivar a utilización dos réximes especiais de portelo único.

O contido dos rexistros e as condicións que determinan que se poida considerar que o titular da interface dixital facilita o comercio electrónico incluíronse no Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011 para a súa aplicación uniforme en todos os Estados membros.

A implantación das novas regras de tributación o 1 de xullo de 2021 precisa, con carácter previo, que os empresarios e profesionais poidan solicitar con anticipación a opción polos novos réximes especiais de portelo único, polo que a aprobación do texto normativo debe realizarse con anterioridade á dita data. Para estes efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria concluíu o deseño dos trámites necesarios para realizar a dita opción mediante as correspondentes ordes ministeriais que se aprobarán para tal fin.

En calquera caso, debe terse en conta que España abandeirou os debates sobre a urxencia e a necesidade de establecer coa maior brevidade a nova regulación do comercio electrónico no IVE, dada a transcendencia da súa entrada en vigor. En efecto, a nova regulación do comercio electrónico no IVE supón unha importante redución das cargas administrativas dos operadores, facilita a internacionalización das empresas, reforza a cooperación administrativa a nivel comunitario, atalla a fraude fiscal e garante unha distribución xusta dos ingresos. Débese lembrar que a data inicial establecida para a transposición das directivas (UE) 2017/2455 e (UE) 2019/1995 era o 1 de xaneiro de 2021. Aínda que algúns Estados membros solicitaron un atraso na súa entrada en vigor, mesmo de varios anos, a posición española foi sempre de que aquel non fose alén do estritamente necesario para pór en marcha os procedementos administrativos e técnicos para a súa implementación.

Por último, dado que as novas regras de tributación se fundamentan nos novos réximes de portelo único opcionais para calquera operador e os Estados membros asumiron o compromiso, cando sexan o Estado membro de identificación, de xestionar a recadación dos ingresos tributarios doutros Estados membros, un atraso na súa aprobación podería xerar conflitos a nivel comunitario e menoscabar a dilixencia normativa doutros Estados membros, polo que, dada a proximidade da data de entrada en vigor, faise necesaria a aprobación do paquete normativo con carácter urxente xa que, por outra parte, se deu cumprimento aos trámites e á solicitude dos informes preceptivos.

Por conseguinte, de todo o exposto concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a este tipo de norma.

Adicionalmente, amplíase até o 31 de decembro de 2021 a aplicación dun tipo do cero por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas interiores, importacións e adquisicións intracomunitarias de material sanitario para combater a COVID-19, cuxos destinatarios sexan entidades públicas, sen ánimo de lucro e centros hospitalarios cuxa vixencia finalizaba o 30 de abril de 2021, en virtude do establecido no artigo 6 do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria. Desta forma, esténdese o seu prazo de vixencia para garantir a resposta do sistema sanitario no control da pandemia.

Con base na Decisión (UE) 2020/491 da Comisión, do 3 de abril de 2020, relativa á concesión dunha franquía de dereitos de importación e dunha exención do IVE respecto da importación das mercadorías necesarias para combater os efectos do gromo da COVID-19 durante o ano 2020, o artigo 8 do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, ante a

necesidade de combater a pandemia ocasionada pola COVID-19 e facilitar de forma prioritaria que o fornecemento de material sanitario se realizase de forma rápida e efectiva, estableceu até o 31 de xullo de 2020 a aplicación dun tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do cero por cento ás entregas interiores, importacións e adquisicións intracomunitarias deste tipo de bens cuxos destinatarios sexan entidades públicas, sen ánimo de lucro e centros hospitalarios.

Posteriormente, ao aprobarse a Decisión (UE) 2020/1101 da Comisión, do 23 de xullo de 2020, pola que se modifica a Decisión (UE) 2020/491, relativa á concesión dunha franquía de dereitos de importación e dunha exención do IVE respecto da importación das mercadorías necesarias para combater os efectos do gromo de COVID-19 durante o ano 2020, prorrogando a aplicación do dito tipo impositivo até o 31 de outubro, mediante o Real decreto lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia, estendeuse até a citada data a aplicación da medida. Máis tarde, a aprobación da Decisión (UE) 2020/1573 da Comisión, do 28 de outubro de 2020, pola que se modifica a Decisión (UE) 2020/491, relativa á concesión dunha franquía de dereitos de importación e dunha exención do IVE respecto da importación das mercadorías necesarias para combater os efectos do gromo de COVID-19 durante o ano 2020, supuxo, mediante o artigo 6 do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético e en materia tributaria, a ampliación temporal dos efectos da dita medida até o 30 de abril de 2021.

Tendo en conta que a Comisión Europea aprobou unha nova decisión, a Decisión (UE) 2021/660 da Comisión, do 19 de abril de 2021, pola que se modifica a Decisión (UE) 2020/491, relativa á concesión dunha franquía de dereitos de importación e dunha exención do IVE respecto da importación das mercadorías necesarias para combater os efectos do gromo de COVID-19 durante o ano 2020, con efectos até o 31 de decembro de 2021, dado que se constatou a eficacia da medida, considérase conveniente, ao abeiro da disposición comunitaria, estender a aplicación da medida coa mesma vixencia.

A relación de bens a que, con efectos desde o 1 de maio de 2021, lles é de aplicación esta medida contense no anexo que se achega coa presente norma.

## VII

O título VI, que comprende os artigos décimo primeiro a décimo cuarto, contén as modificacións derivadas da transposición da Directiva (UE) 2018/957 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xuño de 2018, que modifica a Directiva 96/71/CE sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos, cuxo prazo de transposición concluíu o pasado 30 de xullo de 2020.

A nova Directiva (UE) 2018/957 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xuño de 2018, responde á necesidade de garantir que a Directiva 96/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1996, sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos, máis de 20 anos despois da súa adopción siga logrando o equilibrio adecuado entre a necesidade de fomentar a libre prestación de servizos e garantir condicións de competencia equitativas, por un lado, e a necesidade de protexer os dereitos das persoas traballadoras desprazadas, por outro.

Tal e como se comunicou á Comisión Europea o pasado 9 de decembro de 2020, esta directiva está trasposta parcialmente á lexislación española a través da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional. Esta lei xa cumpre coas disposicións da directiva relativas á aplicación aos traballadores desprazados de todos os elementos constitutivos da remuneración obrigatorios e das condicións básicas de traballo previstas nos convenios colectivos sectoriais do Estado de acollida (neste caso, España) en todos os sectores, ou a aplicación do principio de igualdade de remuneración e outras condicións esenciais de traballo entre os traballadores cedidos por empresas de traballo temporal doutro Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo e os traballadores das usuarias españolas.

Porén, co fin de completar a transposición da directiva, este real decreto lei debe adaptar, no que resulte necesario, a Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, así como outras normas de rango legal como a Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal; o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto; e a Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do sistema de inspección de traballo e seguridade social.

Por tanto, cómpre revisar a lexislación española para incluír, entre outras, as seguintes medidas obrigadas pola directiva:

A aplicación da maior parte da lexislación laboral española aos desprazamentos superiores a 12 meses (ou 18 en caso de notificación motivada da prórroga).

A regulación das consecuencias do desprazamento chamado informalmente «en cadea» de persoas traballadoras cedidas por empresas de traballo temporal a empresas usuarias do mesmo ou outro Estado membro da Unión Europea («UE») ou do Espazo Económico Europeo («EEE») para realizar un traballo temporal en España.

A ampliación das materias sobre as cales se debe garantir a aplicación da lexislación española ás condicións de aloxamento e aos complementos ou reembolso de gastos de viaxe, aloxamento e manutención previstos para as persoas traballadoras que están fóra do seu domicilio por motivos profesionais durante a súa estadía en España.

A exigencia de transparencia en canto á natureza salarial ou extrasalarial do complemento que se aboe polo desprazamento, de maneira que, na falta desta, se presume que ten natureza extrasalarial, o que impide que sexa descontado da remuneración prevista na lexislación española.

A mellora da cooperación interadministrativa para previr a fraude e os abusos.

A tipificación das infraccións que derivan de tales incumprimentos legais.

Respecto do presuposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade establecido no artigo 86.1 da Constitución española, concorre a situación de urxencia polas razóns que se indican a continuación.

En primeiro lugar, porque o prazo de transposición da Directiva (UE) 2018/957 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xuño de 2018, rematou o 30 de xullo de 2020, o que provocou que a Comisión Europea, en outubro de 2020, abrise un procedemento de infracción. Tras a comunicación á Comisión Europea da transposición parcial da directiva, a falta de incorporación ao dereito español das cuestións pendentes, previsiblemente, vai dar lugar á continuación do procedemento de infracción, o que pode derivar na imposición de sancións económicas.

Pero, ademais, existen razóns materiais derivadas da necesidade de evitar a competencia desleal e o *dumping* social respecto a empresas e traballadores españois, así como de mellorar as condicións de vida e traballo dos traballadores desprazados a España, en particular, en sectores especialmente afectados pola transmisión da COVID-19 como o agroalimentario, o que require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Tal e como puxeron de manifesto tanto o Parlamento Europeo (Resolución do Parlamento Europeo, do 19 de xuño de 2020, sobre a protección europea dos traballadores transfronteirizos e temporeiros no contexto da crise da COVID-19) como a Comisión Europea (Comunicación da Comisión «Directrices relativas aos traballadores de tempada na UE no contexto da pandemia da COVID-19» (2020/C 235 I/01), publicadas o 17 de xullo de 2020), dada a natureza temporal e as particulares circunstancias en que traballan os traballadores transfronteirizos e temporeiros -en que se inclúen os traballadores desprazados cando son desprazados dun Estado membro do EEE a outro, poden ser máis vulnerables a sufrir condicións de traballo e de vida precarias. A pandemia da COVID-19 fixo máis visibles esas condicións e, nalgúns casos, agravounas. Ademais, demostrou que en ocasións eses problemas poden dar lugar a unha maior propagación das enfermidades infecciosas e aumentar o risco de grupos de gromos da COVID-19. Por iso, o Parlamento Europeo pediulles aos Estados membros que garantan un aloxamento de calidade para os

traballadores fronteirizos e temporeiros, desvinculado da súa remuneración e que traspoñan a Directiva revisada sobre o desprazamento de traballadores de maneira correcta, oportuna e ambiciosa.

## VIII

O título VII, que comprende o artigo décimo quinto, contén as modificacións necesarias para levar a cabo a correcta transposición da Directiva (UE) 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental en relación coa prevención e reparación de danos ambientais, e que foi trasposta pola Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Con data do 7 de xullo de 2020, na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental recibíuse a carta de emprazamento 2020/2119, en que se considera que se produciu un incumprimento da Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental en relación coa prevención e reparación de danos ambientais.

Na carta de emprazamento infórmase de que a Comisión Europea avaliou a transposición do artigo 12, punto 1, da Directiva 2004/35, á luz da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 1 de xuño de 2017, no asunto C-529/15, que interpreta as obrigacións que incumpren os Estados membros en virtude do artigo 12, punto 1, da directiva.

A Comisión Europea considera que a transposición do artigo 12, punto 1, da directiva por parte do Reino de España non é correcta, xa que o artigo 42, punto 1, da Lei 26/2007, do 23 de outubro, en conxunción co artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non traspón o artigo 12, punto 1, parágrafo primeiro, letra a), da directiva, debido a que esta disposición non menciona persoas físicas ou xurídicas que se vexan ou poidan verse afectadas por un dano ambiental.

Por iso, a Comisión considera que o alcance das persoas físicas ou xurídicas que poden solicitar unha intervención e, posteriormente, unha revisión dunha decisión é máis restritivo que o que establece o artigo 12, punto 1, parágrafo primeiro, letra a), da directiva.

En agosto de 2020 remitiuse unha resposta a esta carta de emprazamento en que se alegaba que a transposición do artigo 12.1 da Directiva 2004/35/CE si fora correcta, xa que coa remisión á «condición de interesado», regulada no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, xa se entendía que quedaban englobadas as persoas (físicas ou xurídicas) que se vexan ou poidan verse afectadas por un dano ambiental. Porén, a Comisión Europea non aceptou a xustificación remitida.

Por iso, a modificación da Lei 26/2007, do 23 de outubro, ten por obxecto dar resposta ao procedemento de infracción n.º 2020/2119, aberto pola Comisión Europea por incorrecta transposición da Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental en relación coa prevención e reparación de danos ambientais.

A extraordinaria e urxente necesidade de resolver esta infracción no prazo máis breve posible é o motivo da nova redacción da alínea a) do artigo 42.1 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, que modifica a condición de interesado nos procedementos de exixencia de responsabilidade ambiental, procurando unha transcripción o máis fiel posible do disposto na directiva.

## IX

O título VIII, que comprende o artigo décimo sexto, contén as modificacións necesarias para levar a cabo a correcta transposición de dúas directivas da Unión Europea que afectan o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro (en diante, TRLXDCU).

As referidas directivas son a Directiva (UE) 2019/770 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, relativa a determinados aspectos dos contratos de subministración de contidos e servizos dixitais (en diante, a Directiva (UE) 2019/770 ou Directiva de servizos dixitais), e a Directiva (UE) 2019/771 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, relativa a determinados aspectos dos contratos de compravenda de bens, pola que se modifican o Regulamento (CE) número 2017/2394 e a Directiva 2009/22/CE e se derroga a Directiva 1999/44/CE (en diante, a Directiva (UE) 2019/771 ou Directiva sobre compravenda de bens).

O TRLXDCU refundiu nun único texto a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e as normas de transposición das directivas comunitarias ditadas en materia de protección dos consumidores e usuarios que incidían nos aspectos regulados na dita lei, en cumprimento da previsión recollida na disposición derradeira quinta da Lei 44/2006, do 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios.

Con posterioridade á aprobación do dito texto, leváronse a cabo sucesivas modificacións do TRLXDCU, principalmente, de cara a incorporar ao noso ordenamento os novos desenvolvementos lexislativos da Unión Europea. Neste sentido, modificáronse os artigos 21, 49.1 e 60.2, mediante a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; os artigos 8, 18, 19, 20, 47.3, 49.1 e 123, mediante a Lei 29/2009, do 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios; e engadíronse determinados preceptos; suprimiuse o título IV e renumerouse o V, mediante a Lei 3/2014, do 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro. Posteriormente, modificáronse os artigos 19.2, 141.a) e 163 pola Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria; os artigos 66 bis.3 e 107.1, polo Real decreto lei 9/2017, do 26 de maio, polo que se traspoñen directivas da Unión Europea nos ámbitos financeiro, mercantil e sanitario, e sobre o desprazamento de traballadores; o artigo 21.3 e 4, mediante a Lei 7/2017, do 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo; o artigo 93.g) e o libro cuarto, enumerouse o anexo como I, e engadíronse os anexos II e III, mediante o Real decreto lei 23/2018, do 21 de decembro, de transposición de directivas en materia de marcas, transporte ferroviario e viaxes combinadas e servizos de viaxe vinculados. Máis recentemente, tamén se modificou o artigo 83, mediante a Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario; os artigos 21.2 e 49.1, mediante o Real decreto lei 37/2020, do 22 de decembro, de medidas urxentes para facer fronte ás situacións de vulnerabilidade social e económica no ámbito da vivenda e en materia de transportes; e os artigos 3, 8, 17 a 20, 43 e 60 e a disposición derradeira primeira, mediante o Real decreto lei 1/2021, do 19 de xaneiro, de protección dos consumidores e usuarios fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica.

En 2019 publicáronse no *Diario Oficial de la Unión Europea* as directivas (UE) 2019/770 e 2019/771 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, que afectan o contido do TRLXDCU e que requiren a súa modificación para seren incorporadas ao dereito español.

Estas directivas, partindo da base dun alto nivel de protección das persoas consumidoras, comparten como obxectivo harmonizar determinados aspectos relativos aos contratos de compravenda de bens e de subministración de contidos ou servizos dixitais, en prol de lograr un auténtico mercado único dixital, reforzar a seguridade xurídica e reducir os custos das transaccións, en particular, para as pequenas e medianas empresas.

Coinciden tamén ambas as directivas nas circunstancias que motivan a súa adopción, que é o feito de que a evolución tecnolóxica dese lugar a un incremento do mercado de bens que incorporan contidos ou servizos dixitais ou están interconectados con eles.

Debido ao número cada vez maior de tales dispositivos e ao rápido aumento da súa utilización polas persoas consumidoras, precísase unha actuación a escala da Unión para garantir un alto nivel de protección e aumentar a seguridade xurídica para os contratos de compravenda de tales produtos, pois un aumento da seguridade xurídica contribuiría a reforzar a confianza tanto das persoas consumidoras como das empresas.

Neste sentido, cómpre ter en conta que o potencial de crecemento do comercio electrónico na Unión non está aínda plenamente explotado. A Estratexia para un mercado único dixital aborda os principais obstáculos deste crecemento e sinala que o feito de lles garantir ás persoas consumidoras un mellor acceso aos contidos e servizos dixitais, e facilitar que as empresas subministren contidos e servizos dixitais, pode contribuir a impulsar a economía dixital da Unión e a estimular o crecemento económico xeral.

Así mesmo, o seu contido é tributario en gran medida da regulación establecida na Directiva 1999/44/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de maio de 1999, sobre determinados aspectos da venda e garantías dos bens de consumo, que agora se derroga, que pola súa vez ten como antecedente a Convención das Nacións Unidas sobre os contratos de compravenda internacional, feita en Viena o 11 de abril de 1980 (Instrumento de adhesión de España, BOE n.º 26, do 30.01.1991).

Dadas esas características comúns que fan compartir a ambas as regulacións previsións coincidentes, unicamente diferenciadas cando a natureza do servizo ou contido dixital así o requira, optouse por integralas no presente texto de transposición, o que permite evitar reiteracións, ademais de incrementar a seguridade xurídica na súa aplicación, ao manter os mesmos conceptos e previsións normativas que se aplicarán indistintamente a todas as situacións que non requiran esa diferenciación pola natureza da prestación acordada. Este enfoque facilita que os supostos mixtos, cada vez máis frecuentes, en que o ben e o servizo ou contido dixital formen un conxunto funcionalmente inseparable, teñan unha regulación clara e unificada, sen pasar dunha disposición a outra segundo o modo en que se ofrezan no mercado.

Ambas as directivas establecen unha harmonización plena e, por iso, os Estados membros non poderán manter ou introducir, no seu dereito nacional, disposicións que se afasten das establecidas nelas, en particular disposicións máis ou menos estritas para garantir un diferente nivel de protección das persoas consumidoras, salvo que se dispoña doutro modo na normativa comunitaria aplicable.

O contido harmonizado baséase na entrega do ben, servizo ou contido dixital non conforme co contrato como causa da responsabilidade do vendedor. Este concepto absorbe as tradicionais categorías de vicios ocultos e entrega de cousa diversa, do noso Código civil, segundo declarou o Tribunal Supremo, Sentenza 18/2008, do 17 de xaneiro, con referencia á Convención de Viena.

A conformidade co contrato determínase agora mediante o cumprimento duns requisitos obxectivos e subxectivos, incluída a instalación, e a persoa consumidora poderá exixir a súa posta en conformidade mediante a súa reparación ou substitución, no caso dos bens, e se estes remedios non son efectivos, procederá a redución do prezo ou a resolución do contrato.

Entre as opcións de modulación que a Directiva sobre compravenda de bens admite aos Estados membros resulta de grande interese a determinación do prazo en que se manifesta a falta de conformidade que debe asumir o vendedor, así como o período en que se presume que calquera falta de conformidade que se manifeste xa existía no momento da entrega, salvo que o vendedor demostre o contrario ou que esa presunción sexa incompatible coa natureza dos bens ou coa índole da falta de conformidade.

En virtude desta norma, establécese un prazo de tres anos para que se poida manifestar a falta de conformidade e de dous anos para a presunción de que toda falta de conformidade que se manifeste existía no momento da entrega do ben. Sen dúbida, esta ampliación dos prazos mínimos previstos na directiva, de dous anos e un ano respectivamente, reforza a posición das persoas consumidoras ao positivizar a necesidade de subministrar bens coa calidade, seguridade e durabilidade que se pode razoablemente esperar deles.

Como se indica no considerando 32 da Directiva (UE) 2019/771 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, garantir unha maior durabilidade dos bens é importante para lograr patróns de consumo máis sustentables e unha economía circular. A durabilidade debe referirse á capacidade dos bens de manter as súas funcións e rendemento obrigatorios en condicións normais de utilización. Para que os bens sexan conformes deben posuír a durabilidade que sexa habitual en bens do mesmo tipo e que se poida razoablemente esperar tendo en conta a natureza dos bens específicos, incluída a posible necesidade dun mantemento razoable dos bens. Na medida en que a información específica sobre a durabilidade se indique en calquera declaración precontractual que forme parte dos contratos de compravenda, a persoa consumidora debe poder confiar nela como parte dos criterios subxectivos de conformidade.

Para coaduxar á durabilidade dos bens postos no mercado, esta norma mantén e reforza as previsións da nosa lexislación garantindo a existencia dun adecuado servizo técnico, así como dos recambios necesarios, durante un prazo mínimo de dez anos a partir da data en que o ben deixe de fabricarse. Con isto contribúe ao dereito á reparación reclamado polo Parlamento Europeo na súa Resolución do 25 de novembro de 2020, sobre o tema «Cara a un mercado único máis sustentable para as empresas e os consumidores».

Estas medidas intégranse na nova Estratexia española de economía circular 2030, que trata de pasar do actual modelo lineal da nosa economía, que se apoia na produción de bens e servizos baixo as pautas de «usar-consumir-tirar», o que supón un uso intensivo de recursos naturais e unha elevada xeración de residuos, a un modelo en que o valor dos bens se mantéña durante o maior tempo posible, o que incide no aumento do seu valor económico e na redución dos residuos que se xeren. Este cambio a un consumo máis responsable require a participación activa e informada das persoas consumidoras.

Respecto da regulación dos servizos e contidos dixitais, ademais da súa novidade na normativa europea, cabe destacar que a Directiva (UE) 2019/770 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, inclúe no seu ámbito de aplicación os contratos en que o empresario subministra ou se compromete a subministrar contidos ou servizos dixitais ao consumidor a cambio de que este facilite ou se comprometa a facilitar os seus datos persoais. Esta modalidade, cada vez máis habitual no mercado dixital, debe ter en conta que a protección de datos persoais é un dereito fundamental, polo que os datos persoais non poden considerarse mercadoría e o seu tratamento debe cumprir as obrigacións aplicables de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

As directivas (UE) 770/2019 e 771/2019 supoñen unha evolución da normativa de consumo nos aspectos relacionados coa compravenda de bens e, en especial, contratos de subministración de contidos e servizos dixitais. Estes contratos cobraron gran relevancia nos últimos anos, sen que a normativa de consumo se adaptase ás súas particularidades. Neste contexto, cómpre ter en conta que os contidos ou servizos dixitais se subministran tamén cando o consumidor non paga un prezo como tal, pero facilita datos persoais ao empresario. Estes contratos non contan na actualidade con regulación específica, pois a consideración tradicional de contrato non recollía estes supostos. É por iso urxente e necesario cubrir este baleiro, tanto pola necesidade de ter un marco xurídico estable e harmonizado a nivel da Unión Europea ao respecto, como pola necesidade de ofrecer aos consumidores ou usuarios unha protección integral nas súas distintas formas de contratación.

A necesidade de regular este baleiro viuse acrecentada pola actual crise sanitaria pois, como se indica na Nova axenda europea do consumidor, publicada en novembro de 2020, as medidas de confinamento destacaron «o papel fundamental das tecnoloxías dixitais na vida das persoas, ao permitir comprar bens esenciais que, doutra maneira, non serían accesibles e acceder a servizos a pesar das restricións». Parece claro que os españois están entre os europeos que máis incrementaron as súas compras en liña, especialmente en produtos esenciais como alimentación ou electrónica (como medio de levar a cabo o

teletraballo), o que determinou que, en moitos casos, as persoas consumidoras tivesen que descubrir novas ferramentas e servizos dixitais para a súa vida cotiá. Mesmo as persoas consumidoras máis reticentes a este tipo de comercio se viron obrigadas a superar os temores asociados a este tipo de compras e nun número relevante fixérono por primeira vez. Paralelamente, o distanciamento social fixo crecer os negocios en liña xa existentes, especialmente os xigantes, e propiciou a apertura ou creación doutros.

É dicir, nun momento en que aumentou de forma exponencial o comercio electrónico e en que as formas de contratación para o efecto sufriron unha importante evolución, é urxente que a subministración de contidos e servizos dixitais conte cunha regulación específica que garanta os dereitos dos consumidores ou usuarios neste ámbito. É urxente, por tanto, a actualización da normativa de consumo no actual contexto de crise sanitaria para abranguer estas novas formas de contratación disruptivas que non contan até a data con apoio normativo.

X

Este real decreto lei é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Do exposto nos parágrafos anterioresponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia. O real decreto lei é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados e, igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica. En canto ao principio de transparencia, non se realizou o trámite de consulta pública nin o trámite de audiencia e información públicas, tal e como exceptúa o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por todo iso, pola súa finalidade e polo contexto de exixencia temporal en que se dita, concorren no presente real decreto lei as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas no artigo 86 da Constitución española.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Traballo e Economía Social, da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, da ministra de Facenda, e do ministro de Consumo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de abril de 2021,

DISPOÑO:

TÍTULO I

### **Transposición de directivas da Unión Europea en materia de defensa da competencia**

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.*

Modifícase a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 18, que queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Colaboración da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia con autoridades nacionais de competencia doutros Estados membros e coa Comisión Europea.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, co obxecto de aplicar os artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e no



exercicio da súa facultade de colaboración con autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros e coa Comisión Europea, poderá:

a) Intercambiar coa Comisión Europea e coas autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros e utilizar como medio de proba todo elemento de feito ou de dereito, incluída a información confidencial, nos termos previstos na normativa europea. En particular, en relación coas declaracións de clemencia, estas poderanse intercambiar co consentimento do solicitante ou cando o dito solicitante presentase a súa solicitude ante as citadas autoridades de Competencia, sempre e cando na data de transmisión da declaración de clemencia o solicitante de clemencia non poida retirar a información facilitada á autoridade de Competencia que reciba a declaración de clemencia.

b) Exercer, por requirimento da Comisión Europea ou das autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros, as facultades previstas nos artigos 39, 39 bis e 40 desta lei, de conformidade co previsto nos artigos 20 a 22 do Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado e no artigo 24 da Directiva (UE) 2019/1 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, encamiñada a dotar as autoridades de Competencia dos Estados membros de medios para aplicar máis eficazmente as normas sobre competencia e garantir o correcto funcionamento do mercado interior.

c) Autorizar con carácter excepcional persoal das autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros para que, baixo a supervisión do persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, poidan asistir e axudar activamente a esta no exercicio das facultades previstas nos artigos 39 bis e 40, de conformidade co previsto no artigo 24.1 da Directiva (UE) 2019/1, do 11 de decembro de 2018.

d) Notificar, en nome e representación das autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros, os pregos de concreción de feitos, as resolucións en que se acredite a existencia de prácticas prohibidas ou a imposición de multas ou multas coercitivas e calquera outra decisión, acto ou documento en relación coa aplicación dos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, de conformidade co previsto no artigo 25 da Directiva (UE) 2019/1, do 11 de decembro de 2018.

e) Tramitar a execución de resolucións firmes en aplicación dos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea polas que se impoñen multas ou multas coercitivas, en nome e representación das autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros, de conformidade co previsto no artigo 26 da Directiva (UE) 2019/1, do 11 de decembro de 2018, cando a empresa ou asociación de empresas sancionada non estea establecida ou non teña suficientes activos para facer fronte á multa no Estado membro que impón a multa.

f) Solicitar a outra autoridade nacional de Competencia da Unión Europea que realice unha inspección, unha entrevista ou un requirimento de información en nome e por conta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e designar, de ser o caso, o persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para asistir e axudar activamente na dita inspección ou entrevista, en aplicación do artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 1/2003, do 16 de decembro de 2002, e do artigo 24.1 da Directiva (UE) 2019/1, do 11 de decembro de 2018.

g) Actuar como autoridade requirente para efectos da aplicación dos artigos 25 a 28 da Directiva (UE) 2019/1, do 11 de decembro de 2018.

As notificacións e actuacións realizadas pola Dirección de Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en virtude deste punto rexeranse pola lexislación española aplicable aos actos da propia Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no exercicio das súas funcións de control de concentracións en operacións que fosen notificadas noutros Estados membros ou ante a Comisión Europea ou sexan susceptible de selo, e logo de autorización expresa das partes, poderá intercambiar coa Comisión Europea e coas autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros e utilizar como medio de proba todo elemento de feito ou de dereito, incluída a información confidencial.»

Dous. Modifícase o artigo 39, que queda redactado como segue:

«Artigo 39. *Deberes de colaboración e información.*

1. Toda persoa física ou xurídica e os órganos e organismos de calquera Administración pública quedan suxeitos ao deber de colaboración coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e están obrigados a proporcionar, por requirimento desta e en prazo, toda clase de datos e informacións de que dispoñan e que poidan resultar necesarios para a aplicación desta lei.

Este prazo será de 10 días, salvo que pola natureza do solicitado ou polas circunstancias do caso se fixe de forma motivada un prazo diferente.

Tales requirimentos de información serán proporcionados e non obrigarán os destinatarios deles a admitir a comisión dunha infracción da normativa de competencia. A obrigaçión de facilitar toda a información necesaria referirase á información que sexa accesible para os suxeitos obrigados, con independencia do soporte en que se almacene a información, tales como ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, outros dispositivos móbiles ou almacenamento na nube.

2. A colaboración, por instancia propia ou por instancia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, non implicará a condición de interesado no correspondente procedemento.»

Tres. Engádese un novo artigo 39 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 39 bis. *Entrevistas.*

1. O deber de colaboración coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia inclúe a facultade desta de realizar entrevistas a calquera representante dunha empresa ou asociación de empresas, a calquera representante doutras persoas xurídicas e a calquera persoa física, cando poidan estar en posesión de datos e informacións que poidan resultar necesarios para a aplicación do previsto na presente lei.

2. A realización de entrevistas que se realicen logo de convocatoria motivarase no acto polo cal, de ser o caso, se convoque o entrevistado.

3. As entrevistas non poderán obrigar os destinatarios delas a declarar contra si mesmos nin a admitir a comisión dunha infracción da normativa de competencia. Os entrevistados poderán contar coa presenza de asistencia letrada da súa elección para que asista durante a realización da entrevista.

4. As entrevistas realizaraas nas dependencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o seu persoal e, de ser o caso, persoal doutras autoridades designado por esta. Así mesmo, por proposta da Dirección de Competencia, as entrevistas poderán realizarse na sede dunha empresa ou entidade logo de consentimento desta ou a través de sistemas dixitais que, mediante a videoconferencia ou outro sistema similar, permitan a comunicación bidireccional e simultánea de imaxe e son, a interacción visual, auditiva e verbal entre o entrevistado e o persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

5. Cando a natureza da actuación o requira, as entrevistas poderán ser gravadas e transcritas utilizando os medios materiais propios da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sen que se permita a súa gravación polo entrevistado. Así mesmo, o persoal encargado da entrevista poderá redactar acta

desta en que quede constancia do seu contido. O entrevistado poderá, de ser o caso, solicitar unha copia da acta, gravación ou transcripción da entrevista.

As gravacións, transcripcións e actas redactadas terán natureza de documentos públicos e serán proba dos feitos que motiven a súa formalización, sen prexuízo do disposto no artigo 42 en relación co tratamento da información confidencial.»

Catro. Modifícase o artigo 40, que queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Facultades de inspección.*

1. O exercicio das facultades de inspección da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no ámbito das funcións que ten atribuídas por esta lei, rexeráse polo disposto neste artigo e no seu desenvolvemento regulamentario. Todo iso sen prexuízo das facultades de inspección reguladas no artigo 27 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para as inspeccións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no ámbito das funcións que ten atribuídas por outras leis.

2. A Dirección de Competencia poderá realizar todas as inspeccións necesarias, sen aviso previo, ás empresas e asociacións de empresas, ao domicilio particular dos empresarios, administradores e outros membros do persoal das empresas que poidan estar en posesión de información que sexa relevante, para a aplicación desta lei.

Estas inspeccións poderanse realizar ante a noticia da posible existencia dunha infracción nun determinado mercado conforme o establecido nesta lei, e poderá ser inspeccionada calquera entidade ou suxeito presente no dito mercado co obxecto de verificar a súa posible participación en tales condutas.

Para estes efectos, a persoa titular da Dirección de Competencia ditará unha orde de inspección que indicará os suxeitos investigados, o obxecto e a finalidade da inspección, a data en que dará comezo e fará referencia ás sancións previstas nesta lei, para o caso de que as entidades ou suxeitos obrigados non se sometan ás inspeccións ou obstrúan por calquera medio o labor de inspección, así como ao dereito a recorrer contra ela.

3. As actuacións de inspección levadas a cabo pola Dirección de Competencia poderán desenvolverse:

- a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da entidade inspeccionada.
- b) No domicilio particular dos empresarios, administradores e outros membros do persoal das empresas e en calquera outro despacho, oficina, dependencia ou lugar, cando exista unha sospeita razoable de que poidan existir neles probas ou documentación relevante para os feitos obxecto de inspección.
- c) Nos propios locais da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cando os elementos sobre os cales se deban realizar as actuacións poidan ser examinados neles ou para analizar e realizar buscas e seleccionar copias ou extractos de documentos obtidos no curso dunha inspección domiciliaria.

4. O persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia debidamente autorizado pola persoa titular da Dirección de Competencia ten, no exercicio das súas funcións inspectoras, a consideración de axente da autoridade e deberá acreditar a súa condición, se é requirido para iso, fóra das oficinas públicas.

As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario ao persoal inspector da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o exercicio das funcións de inspección, incluso como medida preventiva, para superar unha posible oposición por parte daqueles sometidos á inspección.

A persoa titular da Dirección de Competencia poderá designar acompañantes autorizados co obxecto de que presten apoio e asistencia ao persoal inspector para a práctica da actuación inspectora.

5. O persoal encargado da inspección redactará acta das súas actuacións. As actas redactadas terán natureza de documentos públicos e serán proba dos feitos que motiven a súa formalización.

6. O persoal inspector da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia autorizado pola persoa titular da Dirección de Competencia, así como o persoal designado para prestar apoio e asistencia para a práctica da actuación inspectora, terá as seguintes facultades de inspección:

a) Acceder a calquera local, instalación, terreo e medio de transporte das entidades e suxeitos inspeccionados.

b) Precintar os locais, libros ou documentación, sistemas informáticos ou dispositivos electrónicos e demais bens da entidade inspeccionada durante o tempo e na medida en que sexa necesario para a inspección.

c) Examinar os libros e calquera outra documentación a que teña acceso a entidade ou suxeito inspeccionado, con independencia do lugar e soporte en que se almacenen. Esta facultade incluirá, en particular:

i. A inspección de toda a documentación en soporte papel, incluídos os arquivos físicos, documentos contractuais ou a correspondencia comercial.

ii. A inspección de toda a documentación e información en soporte informático ou electrónico, e todas as formas de correspondencia utilizadas polo suxeito ou entidade inspeccionada e o persoal ao servizo dela, independentemente de se aparecen como non lidos ou foron eliminados.

Tal documentación e información incluirá tanto a que se encontre almacenada nos sistemas informáticos e dispositivos electrónicos da entidade inspeccionada e do persoal ao servizo dela como a que se encontre aloxada en sistemas, servizos informáticos ou dispositivos proporcionados por terceiros, sistemas e servizos de almacenamento na nube e toda aquela outra a que teña acceso a entidade inspeccionada.

d) Facer ou obter copias ou extractos, en calquera formato, dos libros ou documentos mencionados na letra c).

e) Reter, por un prazo máximo de dez días, os libros ou documentos mencionados na letra c) e facer ou obter copias ou extractos, en calquera formato, deses libros ou documentos nos locais da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou en calquera outro local que se designe.

f) Solicitar a calquera representante ou membro do persoal da entidade inspeccionada explicacións sobre feitos ou documentos relevantes para a inspección e gardar constancia das súas respostas.

g) Os inspectores poderán requirir a comparecencia física do persoal das entidades inspeccionadas ou das persoas investigadas, así como a achega de calquera documentación que figure en poder deles ou de calquera dispositivo electrónico utilizado polo dito persoal.

7. As entidades están obrigadas a someterse ás inspeccións que ordenase a persoa titular da Dirección de Competencia. Esta obriga comprenderá matrices, filiais ou empresas que formen parte do mesmo grupo empresarial das empresas inspeccionadas, no sentido do artigo 42 do Código de comercio, na medida en que exista unha conexión directa entre estas e os feitos investigados. A negativa da entidade inspeccionada a someterse á inspección unha vez notificada a correspondente orde de inspección dará lugar á incoación dun expediente sancionador como infracción independente, segundo o previsto no artigo 62, sen prexuízo de que sexa considerada unha circunstancia agravante para fixar o importe da sanción que se lle poida impor en aplicación do artigo 64.

Os suxeitos e as entidades inspeccionadas e o seu persoal, incluídos os directivos, empregados e persoal externo que preste servizos nelas, deberán prestar a súa colaboración para a práctica da inspección, en particular, facilitando ao persoal

inspector, no exercicio das súas funcións, o acceso aos seus locais, instalacións, terreos e medios de transporte, así como a toda a documentación e información que lles sexa solicitada, con independencia do soporte e do lugar en que se encontre, e responder de forma veraz as preguntas no marco da alínea f) do punto 5 que lles sexan formuladas polo persoal inspector. Así mesmo, deberán facilitar os medios técnicos e humanos pertinentes para facilitar a práctica da inspección, en particular para garantir o acceso efectivo á información en soporte electrónico.

8. O exercicio das facultades sinaladas nas alíneas a) e b) do punto 6, cando implique restrición do dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio ou o acceso a dependencias, terreos ou medios de transporte distintos dos propios das empresas ou asociacións de empresas investigadas, requirirá autorización xudicial. Neste caso, a Dirección de Competencia poderá, con carácter previo á práctica da inspección, solicitar a citada autorización ao órgano xudicial competente, que resolverá no prazo máximo de 48 horas.

Así mesmo, poderanse exercer tales facultades logo de consentimento expreso das entidades ou suxeitos inspeccionados, unha vez informados sobre o obxecto da inspección recollido na orde de inspección, as facultades de inspección previstas na presente lei, o dereito a oporse á práctica da inspección e as consecuencias da dita oposición.

9. Os datos e informacións obtidos só poderán ser utilizados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para as finalidades previstas nesta lei.»

Cinco. Modifícase o artigo 42, que queda redactado como segue:

«Artigo 42. *Tratamento da información confidencial.*

1. En calquera momento do procedemento poderase ordenar, de oficio ou por instancia de parte, que se manteñan secretos os datos ou documentos que se consideren confidenciais, formando con eles peza separada, sen prexuízo do establecido no artigo 18 e no Regulamento (CE) n.º 1/2003, do 16 de decembro de 2002.

2. En todo caso, formarase peza separada especial de carácter confidencial coa información remitida pola Comisión Europea en resposta á remisión do borrador de resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia previsto no artigo 11.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2003, do 16 de decembro de 2002.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia formará peza separada especial de confidencialidade coas solicitudes de clemencia e as declaracións que poidan presentarse no ámbito desta. As partes incoadas poderán ter acceso á dita documentación para contestar a imputación formulada pola Dirección de Competencia. En todo caso, as partes incoadas non poderán obter copias das declaracións das persoas físicas ou xurídicas no marco de solicitudes de clemencia nin de calquera declaración adicional posterior que fose realizada polos solicitantes de clemencia de forma específica para a súa presentación no ámbito das ditas solicitudes. Isto é sen prexuízo de que as partes incoadas poidan acceder e obter copia da documentación complementaria que achegue o solicitante de clemencia como proba da existencia da infracción e que non constitúe propiamente unha declaración. Ademais de para a contestación á imputación formulada pola Dirección de Competencia, as partes incoadas que tivesen acceso á dita documentación só poderán utilizar a información extraída das solicitudes de clemencia cando sexa necesario para o exercicio dos seus dereitos de defensa ante órganos xurisdicionais nacionais en asuntos que estean directamente relacionados co asunto en que se concedese o acceso, e unicamente cando a revisión xurisdicional se refira:

a) Á distribución entre os participantes nun cártel dunha multa imposta solidariamente pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia,

b) A unha resolución do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia pola que se constatase unha infracción dos artigos 1 ou 2 desta lei ou dos artigos 101 ou 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.»

Seis. Engádesse un novo artigo 45 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 45 bis. *Adecuación do procedemento aos dereitos fundamentais garantidos pola normativa europea.*

Nos procedementos regulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento garantirase en todo momento o cumprimento dos principios xerais do dereito da Unión, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea e a lexislación nacional que sexa de aplicación.»

Sete. Modifícase o artigo 49, que queda redactado como segue:

«Artigo 49. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento iníciase de oficio a Dirección de Competencia, xa sexa por iniciativa propia ou do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou ben por denuncia. Calquera persoa física ou xurídica, interesada ou non, poderá formular denuncia das condutas prohibidas por esta lei, co contido que se determinará regulamentariamente. A Dirección de Competencia incoará expediente cando se observen indicios racionais da existencia de condutas prohibidas e notificaralles aos interesados o acordo de incoación, excepto no suposto previsto no punto 4 deste artigo.

2. Ante a noticia da posible existencia dunha infracción, a Dirección de Competencia poderá realizar unha información reservada, incluso con investigación domiciliaria das empresas implicadas, co fin de determinar con carácter preliminar se concorren as circunstancias que xustifiquen a incoación do expediente sancionador.

3. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, por proposta da Dirección de Competencia, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas por esta lei ou polos artigos 101 ou 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e o arquivamento das actuacións cando considere que non hai indicios de infracción.

De conformidade co previsto no artigo 10.2 da Directiva (UE) 2019/1, do 11 de decembro de 2018, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará a Comisión Europea do arquivamento das actuacións cando informase esta do inicio dunha investigación con base nos artigos 101 ou 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

4. En caso de denuncia, a Dirección de Competencia poderá acordar non iniciar actuacións por considerar que a investigación dos feitos que se recollen nela non constitúe unha prioridade. Con este fin, comunicaralle ao Consello a súa intención de non iniciar procedemento. Se no prazo de 15 días o Consello non motivou a súa oposición ao respecto, a Dirección de Competencia porao en coñecemento do denunciante.

Poderase considerar que non son prioritarias, entre outras, aquelas denuncias que:

a) Proporcionan escasos elementos de proba ou indicios débiles, e é reducida a probabilidade de que a Dirección de Competencia, dedicando recursos a iso, poida probar a conduta ilícita.

b) Se refiren a condutas ilícitas cuxo alcance potencial é limitado ou o dano potencial que poden supor para o consumidor ou para a competitividade dos mercados de factores produtivos, bens ou servizos é escaso.

c) Se refiren a condutas cuxa prevención ou erradicación é factible a través doutros instrumentos legais para preservar e promover a competencia, facendo un uso máis eficiente dos recursos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Todo iso sen prexuízo das prioridades que para a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia marque o seu Consello de acordo co previsto no artigo 20.16 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e das facultades de dirección da política xeral do Goberno previstas no artigo 3.2 desa mesma lei.»

Oito. Modifícase o artigo 53, que queda redactado como segue:

«Artigo 53. *Resolucións do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. As resolucións do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán declarar:

- a) A existencia de condutas prohibidas pola presente lei ou polos artigos 101 ou 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.
- b) A existencia de condutas que, pola súa escasa importancia, non sexan capaces de afectar de maneira significativa a competencia.
- c) Que non resulta acreditada a existencia de prácticas prohibidas.

2. As resolucións do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán conter:

- a) A orde de cesación das condutas prohibidas nun prazo determinado.
- b) A imposición de condicións ou obrigacións determinadas, xa sexan estruturais ou de comportamento. Na elección entre condicións estruturais ou de comportamento de eficacia equivalente optarase pola que resulte menos gravosa para a empresa en cuestión.
- c) A orde de remoción dos efectos das prácticas prohibidas contrarias ao interese público.
- d) A imposición de multas.
- e) O arquivamento das actuacións nos supostos previstos na presente lei.
- f) E calquera outra medida para cuxa adopción autorice esta lei.

3. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá, por proposta da Dirección de Competencia, que actuará de oficio ou por instancia de parte, revisar as condicións e as obrigacións impostas nas súas resolucións cando se acredite unha modificación substancial e permanente das circunstancias tidas en conta ao ditalas.

4. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá, de oficio ou por instancia de parte, aclarar conceptos escuros ou suplir calquera omisión que conteñan as súas resolucións.

As aclaracións ou adicións poderán facerse dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da notificación da resolución ou, de ser o caso, á petición de aclaración ou adición, que deberá presentarse dentro do prazo improrrogable de tres días seguintes ao da notificación.

Os erros materiais e os aritméticos poderán ser rectificadas en calquera momento.»

Nove. Modifícase o artigo 54, que queda redactado como segue:

«Artigo 54. *Adopción de medidas cautelares.*

1. Unha vez incoado o expediente, o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, por proposta ou logo de informe da Dirección de Competencia, as medidas cautelares necesarias tendentes a asegurar a eficacia da resolución que no seu momento se dite.

2. As medidas cautelares estarán motivadas, serán proporcionadas, limitadas temporalmente e dirixidas a asegurar a eficacia da resolución que no seu momento

se dite, sen que se poidan adoptar aquelas que poidan producir un prexuízo de difícil ou imposible reparación. No caso de procedementos referidos á aplicación dos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará a Rede Europea de Competencia da imposición das ditas medidas cautelares.»

Dez. Modifícase o artigo 61, que queda redactado como segue:

«Artigo 61. *Suxeitos infractores.*

1. Serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nesta lei ou, no caso de empresas, os seus sucesores legais ou económicos.

2. Para os efectos da aplicación desta lei, a actuación dunha empresa é tamén imputable ás empresas ou persoas que a controlan, excepto cando o seu comportamento económico non veña determinado por algunha delas.

3. Cando se impoña unha multa a unha asociación, unión ou agrupación de empresas e esta non sexa solvente, a asociación estará obrigada a recadar as contribucións dos seus membros até cubrir o importe da multa.

En caso de que non se acheguen esas contribucións á asociación dentro do prazo fixado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, poderáselle exixir o pagamento da multa a calquera das empresas cuxos representantes sexan membros dos órganos de goberno da asociación de que se trate.

Unha vez que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia requirise o pagamento consonte o disposto no parágrafo anterior, poderá exixir o pagamento do saldo a calquera membro da asociación que operase no mercado en que se produciu a infracción cando sexa necesario para garantir o pagamento íntegro da multa.

Non obstante, non se exixirá o pagamento recollido nos parágrafos segundo e terceiro ás empresas que demostraren que non aplicaron a decisión ou recomendación da asociación constitutiva de infracción e que ou ben ignoraban a súa existencia ou ben se distanciaron activamente dela antes de que se iniciase a investigación do caso.

A responsabilidade financeira de cada empresa con respecto ao pagamento da multa non poderá ser superior ao 10 por cento do seu volume de negocios total no exercicio inmediatamente anterior.»

Once. Modifícase o artigo 62, que queda redactado como segue:

«Artigo 62. *Infraccións.*

1. As infraccións establecidas na presente lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Son infraccións leves:

a) Ter presentado á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a notificación da concentración económica fóra dos prazos previstos nos artigos 9.3.a) e 9.5.

b) Non ter notificado unha concentración requirida de oficio pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia segundo o previsto no artigo 9.5.

3. Son infraccións graves:

a) O falseamento da libre competencia por actos desleais nos termos establecidos no artigo 3.

b) A execución dunha concentración suxeita a control de acordo co previsto nesta lei antes de ter sido notificada á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou antes de que se ditase e sexa executiva resolución expresa ou tácita que a autorice sen que se acordase o levantamento da suspensión.



c) A obstrución por calquera medio do labor da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no marco dun requirimento de información, unha entrevista ou unha inspección, contravindo as obrigacións establecidas respectivamente nos artigos 39, 39 bis e 40. Entre outras, constitúen obstrución ao labor da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia as seguintes condutas:

1.º Non presentar ou facelo de forma incompleta, incorrecta, enganosa ou falsa, os libros, documentos ou calquera outra información solicitada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no marco dun requirimento de información ou dunha inspección.

2.º Non comparecer, non someterse a unha entrevista ou responder as preguntas formuladas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de forma incompleta, inexacta ou enganosa.

3.º Non responder as preguntas formuladas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no marco do previsto no artigo 40.5.f) desta lei, ou facelo de forma incompleta, inexacta ou enganosa.

4.º Romper os precintos colocados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no marco dunha inspección.

4. Son infraccións moi graves:

a) O desenvolvemento de condutas tipificadas no artigo 1 desta lei e no artigo 101 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

b) O abuso de posición de dominio tipificado no artigo 2 desta lei e no artigo 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

c) Incumprir ou contravir o establecido nunha resolución, acordo ou compromiso adoptado en aplicación da presente lei, tanto en materia de condutas restritivas como de control de concentracións.»

Doce. Modifícase o artigo 63, que queda redactado como segue:

«Artigo 63. *Sancións.*

1. Os órganos competentes poderán impor aos axentes económicos, empresas, asociacións, unións ou agrupacións daquelas que, deliberadamente ou por negligencia, infrinxan o disposto na presente lei as seguintes sancións, para cada unha das infraccións declaradas:

a) As infraccións leves con multa de até o 1 por cento do volume de negocios total mundial da empresa infractora no exercicio inmediatamente anterior ao da imposición da multa.

b) As infraccións graves con multa de até o 5 por cento do volume de negocios total mundial da empresa infractora no exercicio inmediatamente anterior ao da imposición da multa.

c) As infraccións moi graves con multa de até o 10 por cento do volume de negocios total mundial da empresa infractora no exercicio inmediatamente anterior ao de imposición da multa.

O volume de negocios total das asociacións, unións ou agrupacións de empresas determinarase tomando en consideración o volume de negocios total mundial dos seus membros, salvo cando no mesmo expediente se sancionen tanto as empresas asociadas como a asociación a que pertencen. Neste caso, para determinar o volume de negocios total das asociacións, unións ou agrupacións de empresas non se computará o volume de negocios total mundial das empresas asociadas que fosen sancionadas no mesmo expediente.

2. Ademais da sanción prevista no punto anterior, cando o infractor sexa unha persoa xurídica, poderase impor unha multa de até 60.000 euros a cada un dos

seus representantes legais ou ás persoas que integran os órganos directivos que interviñesen na conduta.

Quedan excluídas da sanción aquelas persoas que, formando parte dos órganos colexiados de administración, non asistisen ás reunións ou votasen en contra ou salvarsen o seu voto.

3. En caso de que non sexa posible delimitar o volume de negocios a que se refire o punto 1, as infraccións tipificadas na presente lei serán sancionadas nos termos seguintes:

- a) As infraccións leves, con multa de 100.000 a 500.000 euros.
- b) As infraccións graves, con multa de 500.001 até 10 millóns de euros.
- c) As infraccións moi graves, con multa de máis de 10 millóns de euros.»

Trece. Modifícase o artigo 65, que queda redactado como segue:

«Artigo 65. *Exención do pagamento da multa.*

1. Sen prexuízo do establecido nos artigos anteriores, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia eximirá unha empresa ou unha persoa física do pagamento da multa que lle puider ter imposto cando:

a) sexa a primeira en achegar elementos de proba que, a xuízo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, lle permitan ordenar o desenvolvemento dunha inspección nos termos establecidos no artigo 40 en relación cun cártel, sempre e cando, no momento de se achegaren aqueles, non se dispoña de elementos suficientes para ordenala, ou

b) sexa a primeira en achegar elementos de proba que, a xuízo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, lle permitan comprobar unha infracción do artigo 1 en relación cun cártel, sempre e cando, no momento de se achegaren os elementos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia non dispoña de elementos de proba suficiente para establecer a existencia da infracción e non se concedese unha exención a unha empresa ou persoa física en virtude do establecido na letra a).

2. Para que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia conceda a exención prevista no punto anterior, a empresa ou, de ser o caso, a persoa física que presentase a correspondente solicitude deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Cooperar plena, continua e diligentemente coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nos termos en que se establezan regulamentariamente, ao longo de todo o procedemento administrativo de investigación.

b) Pór fin á súa participación na presunta infracción no momento en que facilite os elementos de proba a que fai referencia este artigo, excepto naqueles supostos en que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia xulgue necesario que a dita participación continúe co fin de preservar a eficacia dunha inspección.

c) Non ter destruído elementos de proba relacionados coa solicitude de exención nin ter revelado, directa ou indirectamente, a terceiros distintos da Comisión Europea ou doutras autoridades de Competencia, a súa intención de presentar esta solicitude ou o seu contido.

d) Non ter adoptado medidas para obrigar outras empresas a participar na infracción.

3. A exención do pagamento da multa concedida a unha empresa beneficiará igualmente os seus representantes legais, ou as persoas integrantes dos órganos directivos e que interviñesen no acordo ou decisión, sempre e cando colaborasen coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

4. A exención prevista no punto 1 comprenderá tamén a da prohibición de contratar prevista no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

5. A empresa ou a persoa física que vaia presentar unha solicitude de exención do pagamento da multa poderá solicitar un indicador que reserve o posto para dar tempo ao solicitante a presentar os elementos de proba necesarios para aplicar o punto 1 deste artigo.»

Catorce. Modifícase o artigo 66, que queda redactado como segue:

«Artigo 66. *Redución do importe da multa.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá reducir o importe da multa correspondente en relación con aquelas empresas ou persoas físicas que, sen reuniren os requisitos establecidos no punto 1 do artigo anterior:

a) faciliten elementos de proba da presunta infracción que acheguen un valor engadido significativo con respecto a aqueles dos que xa dispoña a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e

b) cumpran os requisitos establecidos nas letras a), b) e c) do punto 2 do artigo anterior.

2. O nivel de redución do importe da multa calcularase atendendo á seguinte regra:

a) A primeira empresa ou persoa física que cumpra o establecido no punto anterior poderá beneficiarse dunha redución de entre o 30 e o 50 por cento.

b) A segunda empresa ou persoa física poderá beneficiarse dunha redución de entre o 20 e o 30 por cento.

c) As sucesivas empresas ou persoas físicas poderán beneficiarse dunha redución de até o 20 por cento do importe da multa.

3. En caso de que unha empresa ou persoa física achegue elementos de proba que permitan establecer feitos adicionais con repercusión directa no importe da multa, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia non terá en conta eses feitos adicionais ao determinar o importe da multa correspondente á dita empresa ou persoa física.

4. A redución do importe da multa correspondente a unha empresa será aplicable, na mesma porcentaxe, á multa que se lles poida impor aos seus representantes ou ás persoas que integran os órganos directivos que interviñesen no acordo ou decisión, sempre que colaborasen coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

5. A redución do importe da multa prevista neste artigo poderá comprender a exclusión da prohibición de contratar prevista no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.»

Quince. Modifícase o artigo 67, que queda redactado como segue:

«Artigo 67. *Multas coercitivas.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, independentemente das multas sancionadoras e sen prexuízo da adopción doutras medidas de execución forzosa previstas no ordenamento, poderá impor, logo de requirimento do cumprimento ás empresas, asociacións, unións ou agrupacións destas, e axentes económicos en xeral, multas coercitivas de até un 5 por cento do volume de negocios total mundial medio diario durante o exercicio social anterior por cada día de atraso contado a partir da data fixada no requirimento previo, co fin de obrígalas:

a) A cesar nunha conduta que fose declarada prohibida conforme o disposto na lei.

b) A desfacer unha operación de concentración que fose declarada prohibida conforme o disposto na lei.

c) Á remoción dos efectos provocados por unha conduta restritiva da competencia.

d) Ao cumprimento dos compromisos ou condicións adoptados nas resolucións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou nos acordos de Consello de Ministros segundo o previsto na presente lei.

e) Ao cumprimento do ordenado nunha resolución, requirimento ou acordo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou do Consello de Ministros.

f) Ao cumprimento do deber de colaboración establecido no artigo 39.

g) Ao cumprimento do deber de acudir ás entrevistas do artigo 39 bis. En particular, imporáselle multa coercitiva á entidade á cal preste servizos ou á cal represente a persoa física convocada ás entrevistas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para a recompilación de información en relación co obxecto dunha investigación. No caso de que a relación de representación ou de prestación de servizos coa entidade xa non estea vixente no momento de aplicación da multa coercitiva, esta imporáselle á persoa física convocada á entrevista e será de até 5.000 euros ao día.

h) Ao cumprimento das medidas cautelares.

i) A non obstruír a inspección e a presentar os libros e calquera outra documentación requirida, de conformidade co previsto no artigo 40.

Non se imporán multas coercitivas e interromperanse a prescrición e a exhibibilidade das multas coercitivas xa impostas, durante a tramitación do procedemento sancionador ante as autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros ou ante a Comisión Europea con respecto a uns mesmos feitos que constitúan unha infracción prohibida polos artigos 101 ou 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.»

Dezaseis. Modifícase o punto 3 do artigo 68 e engádesse un novo punto 4 ao artigo 68:

«3. A prescrición interrómtese por calquera acto da Administración tendente ao cumprimento da lei e polos actos realizados polos interesados co obxecto de asegurar, cumprir ou executar as resolucións correspondentes.

4. A prescrición para a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia interrómtese durante a tramitación do procedemento sancionador ante as autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros ou ante a Comisión Europea con respecto a uns mesmos feitos que constitúan unha infracción prohibida por esta lei ou polos artigos 101 ou 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

A interrupción da prescrición comezará no momento da notificación da primeira medida de investigación formal por parte da autoridade nacional de Competencia doutro Estado membro ou da Comisión Europea, e producirse para todos os suxeitos que participasen na infracción, desde o momento en que ao menos un deles teña coñecemento formal do acto que motiva a interrupción; esta circunstancia deberase notificar ao resto de suxeitos.

A interrupción da prescrición manterase mentres a resolución sancionadora sexa obxecto de revisión nun proceso xurisdiccional.

O disposto neste punto aplicarase tamén ás multas coercitivas reguladas no artigo 67.»

Dezasete. Modifícase o artigo 70, que queda redactado como segue:

«Artigo 70. *Normativa aplicable e órganos competentes.*

1. Coa excepción das infraccións previstas no artigo 62 correspondentes aos artigos 1, 2 e 3, o procedemento para a imposición das sancións previstas neste título rexeráse polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. A Dirección de Competencia será o órgano competente para a iniciación e instrución do procedemento sancionador e o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para a súa resolución.

3. A recadación das multas, incluídas aquelas a que se refire o artigo 18.1.e), corresponderá á Administración xeral do Estado en período voluntario e á Axencia Estatal de Administración Tributaria en período executivo, conforme o establecido no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.»

Dezaoito. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Da xurisdición contencioso-administrativa e dos xulgados do mercantil.*

1. De acordo co disposto no artigo 86 ter 2., letra f, da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, os xulgados do mercantil coñecerán de cantas cuestións sexan da competencia da orde xurisdicional civil respecto dos procedementos de aplicación dos artigos 1 e 2 desta lei e dos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

2. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia actúe como autoridade requirente para os efectos do previsto no artigo 18.1 g), os litixios serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa e rexeranse pola Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, cando se refiran:

a) á legalidade dos pregos de concreción de feitos, ás resolucións en que se acredite a existencia de prácticas prohibidas ou a imposición de multas ou multas coercitivas e calquera outra decisión, acto ou documento en relación coa aplicación dos artigos 101 e 102 ou das resolucións firmes en aplicación dos artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea polas que se impoñen multas ou multas coercitivas, e

b) á legalidade do instrumento uniforme que permite a execución no Estado membro da autoridade requirida.

3. Cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia actúe como autoridade requirida, serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa e rexeranse pola Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, os litixios referentes ás medidas de execución adoptadas en España ou referentes á validez dunha notificación efectuada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.»

**Artigo segundo.** *Modificación da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

Modifícase a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra g) do artigo 5.1, que queda redactada como segue:

«g) Adoptar medidas e decisións para aplicar os mecanismos de cooperación, asistencia mutua e asignación de expedientes coa Comisión Europea e outras autoridades nacionais de Competencia dos Estados membros previstos na normativa europea e, en particular, no Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea (actuais artigos 101 e 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea); no Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas e as súas normas de desenvolvemento, e na Directiva (UE) 2019/1 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, encamiñada a dotar as autoridades de Competencia dos Estados membros de medios para aplicar máis eficazmente as normas sobre competencia e garantir o correcto funcionamento do mercado interior.»

Dous. Modifícase a letra d) do punto 1 do artigo do artigo 37, que queda redactado como segue:

«d) A memoria anual de actividades que inclúa as contas anuais e a súa comparación coas contas anuais dos dous anos anteriores, a situación organizativa e a información relativa ao persoal, a composición do Consello indicando os cambios que se poidan ter producido respecto ao ano anterior, e as actividades realizadas pola Comisión, cos obxectivos perseguidos e os resultados alcanzados, que se lles enviará á Comisión correspondente do Congreso dos Deputados e á persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional décimo novena, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo novena.

O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, por proposta da persoa titular da súa Presidencia, aprobará un código de conduta do persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que será publicado no *Boletín Oficial del Estado* e que, sen prexuízo da aplicación das normas ao respecto, poderá incluír disposicións concretas en relación cos conflitos de intereses do persoal do organismo.»

## TÍTULO II

### **Transposición de directivas da Unión Europea en materia de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo**

**Artigo terceiro.** *Modificación da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.*

Modifícase a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, nos seguintes termos:

Un. Engádense os novos puntos 5, 6 e 7 ao artigo 1, coa seguinte redacción:

«5. Entenderase por moeda virtual aquela representación dixital de valor non emitida nin garantida por un banco central ou autoridade pública, non necesariamente asociada a unha moeda legalmente establecida e que non posúe estatuto xurídico de moeda ou diñeiro, pero que é aceptada como medio de cambio e pode ser transferida, almacenada ou negociada electronicamente.

6. Entenderase por cambio de moeda virtual por moeda fiduciaria a compra e venda de moedas virtuais mediante a entrega ou recepción de euros ou calquera outra moeda estranxeira de curso legal ou diñeiro electrónico aceptado como medio de pagamento no país en que fose emitido.

7. Entenderase por provedores de servizos de custodia de moedeiros electrónicos aquelas persoas físicas ou entidades que prestan servizos de salvagarda ou custodia de claves criptográficas privadas en nome dos seus clientes para a tenza, o almacenamento e a transferencia de moedas virtuais.»

Dous. Modifícanse as letras b), h), k), l), m) e r), engádesse a letra z) no punto 1 e modifícase o punto 4 do artigo 2, que quedan redactados do seguinte modo:

«b) As entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo de vida ou outros seguros relacionados con investimentos e os corredores de seguros cando actúen en relación con seguros de vida ou outros servizos relacionados con investimentos, coas excepcións que se establezan regulamentariamente.»

«h) As entidades de diñeiro electrónico, as entidades de pagamento e as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 14 e 15 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.»

«k) As persoas dedicadas profesionalmente á intermediación na concesión de préstamos ou créditos, así como aquelas que, sen ter obtido a autorización como establecementos financeiros de crédito, desenvolven profesionalmente algunha actividade prevista no artigo 6.1 da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, ou desenvolven actividades de concesión de préstamos previstas na Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario, así como as persoas dedicadas profesionalmente á intermediación na concesión de préstamos ou créditos.»

l) Os promotores inmobiliarios e aqueles que exerzan profesionalmente actividades de axencia, comisión ou intermediación na compravenda de bens inmobles ou en arrendamentos de bens inmobles que impliquen unha transacción por unha renda total anual igual ou superior a 120.000 euros ou unha renda mensual igual ou superior a 10.000 euros.

m) Os auditores de contas, contables externos, asesores fiscais e calquera outra persoa que se comprometa a prestar, de maneira directa ou a través doutras persoas relacionadas, axuda material, asistencia ou asesoramento en cuestións fiscais como actividade empresarial ou profesional principal.»

«r) As persoas que comercien profesionalmente con obxectos de arte ou antigüidades ou actúen como intermediarios no comercio de obxectos de arte ou antigüidades, e as persoas que almacenen ou comercien con obxectos de arte ou antigüidades ou actúen como intermediarios no comercio de obxectos de arte ou antigüidades cando o leven a cabo en portos francos.»

«z) Os provedores de servizos de cambio de moeda virtual por moeda fiduciaria e de custodia de moedeiros electrónicos.»

«4. Para os efectos desta lei, consideraranse entidades financeiras os suxeitos obrigados mencionados nas letras a) á i) e na letra z) do punto 1 deste artigo.»

Tres. Modifícase o punto 1 do artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Os suxeitos obrigados identificarán cantas persoas físicas ou xurídicas pretendan establecer relacións de negocio ou intervir en calquera operación.

En ningún caso os suxeitos obrigados manterán relacións de negocio ou realizarán operacións con persoas físicas ou xurídicas que non fosen debidamente identificadas. Queda prohibida, en particular, a apertura, contratación ou mantemento de contas, libretas de aforro, caixas de seguridade, activos ou instrumentos numerados, cifrados, anónimos ou con nomes ficticios.»

Catro. Engádesse un punto b bis) ao artigo 4.2 e modifícanse os ordinais 1.º e 3.º do artigo 4.2.c), que quedan redactados do seguinte modo:

«b bis) Cando non exista unha persoa física que posúa ou controle, directa ou indirectamente, unha porcentaxe superior ao 25 por cento do capital ou dos dereitos de voto da persoa xurídica, ou que por outros medios exerza o control, directo ou indirecto, da persoa xurídica, considerárase que o dito control é exercido polo administrador ou polos administradores. Cando o administrador designado sexa unha persoa xurídica, entenderase que o control é exercido pola persoa física nomeada polo administrador persoa xurídica. Os suxeitos obrigados verificarán a súa identidade e consignarán as medidas tomadas e as dificultades encontradas durante o proceso de verificación.»

«1.º o fideicomitente ou fideicomitentes.»

«3.º o protector ou protectores, se os houber»

Cinco. Engádesse un novo artigo 4 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 4 bis. *Información de titularidade real de persoas xurídicas.*

1. Sen prexuízo das obrigacións que lles sexan exixibles pola súa normativa reguladora, as sociedades mercantís, fundacións, asociacións e cantas persoas xurídicas estean suxeitas á obrigación de declarar a súa titularidade real, constituídas conforme a lexislación española ou con domicilio social ou sucursal en España, están obrigadas a obter, conservar e actualizar a información do titular ou dos titulares reais desa persoa xurídica, de conformidade cos criterios establecidos no artigo 4. A información dos titulares reais conservarase durante un prazo de 10 anos, contado desde o cesamento da súa condición de titular real nos termos establecidos regulamentariamente.

2. Cando establezan relacións de negocio ou realicen operacións ocasionais, as entidades previstas no punto 1 terán á disposición dos suxeitos obrigados a información a que se refire este artigo, co fin de que se poida dar cumprimento ás obrigacións en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

3. A información actualizada sobre a titularidade real será mantida:

- a) Polo administrador único ou polos administradores mancomunados ou solidarios.
- b) Polo Consello de Administración, así como, en particular, polo secretario do Consello de Administración, sexa ou non conselleiro.
- c) Polo padroado e polo secretario.
- d) Polo órgano de representación da asociación e polo secretario.

4. Todas as persoas físicas que teñan a condición de titulares reais conforme o disposto no artigo 4 terán a obrigación de subministrar de forma inmediata ás persoas relacionadas no punto 3, desde o momento en que teñan coñecemento dese feito, a súa condición de titulares reais, con inclusión dos seguintes datos de identificación:

- a) Nome e apelidos.
- b) Data de nacemento.
- c) Tipo e número de documento identificativo (no caso de nacionais españois ou residentes en España incluírase sempre o documento expedido en España).
- d) País de expedición do documento identificativo, en caso de non utilizarse o documento nacional de identidade ou a tarxeta de residente en España.
- e) País de residencia.
- f) Nacionalidade.
- g) Criterio que cualifica esa persoa como titular real.
- h) En caso de titularidades reais por propiedade directa ou indirecta de accións ou dereitos de voto, porcentaxe de participación, con inclusión, no caso de propiedade indirecta, da información sobre as persoas xurídicas interpostas e a súa participación en cada unha delas.
- i) Aqueloutros que, mediante norma regulamentaria, poidan determinarse.»

Seis. Engádesse un novo artigo 4 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 4 ter. *Información de titularidade real de fideicomisos como o trust e outros instrumentos xurídicos análogos.*

1. As persoas físicas ou xurídicas residentes ou con establecemento en España que actúen como fiduciarios, xestionando ou administrando fideicomisos como o *trust* anglosaxón e outros tipos de instrumentos xurídicos análogos con actividades en España, están obrigadas a obter, conservar e actualizar a información dos titulares reais, de conformidade co establecido no artigo 4.2.c) e d). A



información dos titulares reais conservarase durante un prazo de 10 anos, contado desde o cesamento da súa condición de titular real.

2. Cando establezan relacións de negocio ou realicen operacións ocasionais, os fiduciarios ou persoas que ocupen posición equivalente deberán informar da condición en que actúan aos suxeitos obrigados, e terán á súa disposición a información a que se refire este artigo.

3. As persoas físicas que teñan a condición de titulares reais de conformidade co establecido no artigo 4.2c) e d) terán a obrigaçión de subministrar de forma inmediata aos fiduciarios ou persoas que ocupen posición equivalente, desde o momento en que teñan coñecemento dese feito, a súa condición de titulares reais, con inclusión dos seguintes datos de identificación:

- a) Nome e apelidos.
- b) Data de nacemento.
- c) Tipo e número de documento identificativo (no caso de nacionais españois ou residentes en España incluírse sempre o documento expedido en España).
- d) País de expedición do documento identificativo, en caso de non utilizarse o documento nacional de identidade ou a tarxeta de residente en España.
- e) País de residencia.
- f) Nacionalidade.
- g) Criterio que cualifica esa persoa como titular real.
- h) Aqueloutros que, mediante norma regulamentaria, poidan determinarse.»

Sete. Modifícanse os puntos 2 e 4, e engádeselle un novo punto 8 ao artigo 7, coa seguinte redacción:

«2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 3.1, os suxeitos obrigados non só aplicarán as medidas de dilixencia debida previstas neste capítulo a todos os novos clientes senón, así mesmo, aos clientes existentes, en función dunha análise do risco.

En todo caso, os suxeitos obrigados aplicarán aos clientes existentes as medidas de dilixencia debidas en función do risco cando se contraten novos produtos, cando cambien as circunstancias do cliente ou cando se produza unha operación significativa polo seu volume ou complexidade e, en todo caso, cando o suxeito obrigado teña obrigaçión, no curso do ano natural correspondente, de pórse en contacto co cliente para revisar a información pertinente relativa ao titular ou titulares reais.

O disposto neste punto entenderase sen prexuízo da responsabilidade exixible polo incumprimento de obrigaçións vixentes con anterioridade á entrada en vigor desta lei.»

«4. Os suxeitos obrigados aplicarán as medidas de dilixencia debidas establecidas neste capítulo aos fideicomisos como o *trust* anglosaxón, a fiducia, o *treuhand* da lexislación alemá ou outros instrumentos xurídicos análogos ou masas patrimoniais que, carecendo de personalidade xurídica, poidan actuar no tráfico económico.»

«8. As entidades financeiras que actúen como adquirentes só aceptarán pagamentos efectuados con tarxetas prepagamento anónimas emitidas en países fóra de España cando esas tarxetas cumpran cos limiares e requisitos establecidos no artigo 12 da Directiva (UE) 2015/849.»

Oito. Modifícase a letra a) do punto 1 do artigo 12, que queda redactada do seguinte modo:

«a) A identidade do cliente quede acreditada mediante a sinatura electrónica cualificada regulada no Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e pola

que se derroga a Directiva 1999/93/CE. Neste caso non será necesaria a obtención da copia do documento, ben que será preceptiva a conservación dos datos de identificación que xustifiquen a validez do procedemento.»

Nove. Modifícanse as letras b) e c) e engádesse unha nova letra e) no punto 3 do artigo 14, coa seguinte redacción:

«b) As persoas que desempeñen ou desempeñasen funcións públicas importantes no ámbito autonómico español, como os presidentes e os conselleiros e demais membros dos consellos de goberno, así como as persoas que desempeñen cargos equivalentes aos relacionados na letra a), e os deputados autonómicos e os cargos de alta dirección de partidos políticos con representación autonómica.

c) No ámbito local español, os alcaldes, concelleiros e as persoas que desempeñen cargos equivalentes ás relacionadas na letra a) dos municipios capitais de provincia, ou de comunidade autónoma e das entidades locais de máis de 50.000 habitantes, así como os cargos de alta dirección de partidos políticos con representación nas ditas circunscricións.»

«e) As persoas que desempeñen funcións públicas importantes nas organizacións internacionais acreditadas en España. Estas organizacións deberán elaborar e manter actualizada unha lista desas funcións públicas de conformidade co sinalado no punto 2.»

Dez. Modifícanse os puntos 3 e 4 do artigo 15, que quedan redactados do seguinte modo:

«3. O tratamento e cesión dos datos a que se refiren os dous puntos anteriores quedarán suxeitos ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, en diante, Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Non obstante, non será preciso informar os afectados acerca da inclusión dos seus datos nos ficheiros a que se refire este artigo.»

«4. Os suxeitos obrigados e os terceiros a que se refire o punto 2 deberán establecer procedementos que permitan a actualización continua dos datos contidos nos ficheiros relativos ás persoas con responsabilidade pública. En todo caso, deberán aplicarse as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco.»

Once. Modifícase o segundo parágrafo do punto 1 do artigo 18, que queda redactado do seguinte modo:

«En particular, considéranse operacións por indicio e comunicaránselle ao Servizo Executivo da Comisión os casos que, tras o exame especial, o suxeito obrigado coñeza, sospeite ou teña motivos razoables para sospeitar que teñan relación co branqueo de capitais, ou cos seus delitos precedentes ou co financiamento do terrorismo, incluídos aqueles casos que mostren unha falta de correspondencia ostensible coa natureza, volume de actividade ou antecedentes operativos dos clientes, sempre que no exame especial non se aprecie xustificación económica, profesional ou de negocio para a realización das operacións.»

Doce. Modifícase a letra a) do punto 2 do artigo 24, que queda redactada do seguinte modo:

«a) A comunicación de información entre suxeitos obrigados que pertencen ao mesmo grupo. Para estes efectos, observarase a definición de grupo establecida no artigo 42 do Código de comercio. Esta excepción é aplicable á comunicación de

información con suxeitos obrigados domiciliados en terceiros países, sempre que se apliquen neles políticas e procedementos de grupo que cumpran cos requisitos establecidos nesta lei.»

Trece. Engádesse un novo punto 3 ao artigo 25, coa seguinte redacción:

«3. No caso da identificación realizada de conformidade co disposto no Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior, a obrigaición de conservación estenderase aos datos e información que acrediten a identificación por eses medios.»

Catorce. Modifícase o punto 2 e engádesse un punto 3 ao artigo 31, coa seguinte redacción:

«2. Cando o dereito do terceiro país non permita a aplicación de medidas equivalentes ás establecidas polo dereito da Unión Europea, os suxeitos obrigados adoptarán, respecto das súas sucursais e filiais con participación maioritaria, medidas adicionais para facer fronte eficazmente ao risco de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo. As entidades financeiras deberán aplicar medidas de conformidade co disposto no Regulamento delegado (UE) 2019/758 da Comisión, do 31 de xaneiro de 2019, polo que se completa a Directiva (UE) 2015/849 no que respecta ás normas técnicas de regulación sobre as medidas mínimas e o tipo de medidas adicionais que deben adoptar as entidades de crédito e financeiras para atenuar o risco de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo en determinados terceiros países.

Así mesmo, os suxeitos obrigados informarán o Servizo Executivo da Comisión desta circunstancia no prazo máximo de sete días despois de identificar o terceiro país, que poderá propor ao Comité Permanente da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias a formulación de requirimentos para a adopción de medidas de obrigado cumprimento.

3. En todo caso, o Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias informará a Autoridade Bancaria Europea daqueles casos en que o dereito do terceiro país non permita a aplicación de medidas equivalentes e nos cales se poida actuar no marco dun procedemento acordado para achar unha solución.»

Quince. Engádesse un artigo 32 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 32 bis. *Protección de datos no cumprimento das obrigacións de dilixencia debida.*

1. O tratamento de datos persoais que resulte necesario para o cumprimento das obrigacións establecidas no capítulo II desta lei está amparado polo disposto no artigo 8.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e no artigo 6.1 c) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e non precisa do consentimento do interesado.

2. Os datos recollidos polos suxeitos obrigados para o cumprimento das obrigacións de dilixencia debida non poderán ser utilizados para fins distintos dos relacionados coa prevención do branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo sen o consentimento do interesado, salvo que o tratamento de tales datos sexa necesario para a xestión ordinaria da relación de negocios.

3. Con carácter previo ao establecemento da relación de negocios ou a realización dunha transacción ocasional, os suxeitos obrigados deberán facilitar aos novos clientes a información requirida nos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e no

artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro. Esta información conterá, en particular, un aviso xeral sobre as obrigacións legais dos suxeitos obrigados con respecto ao tratamento de datos persoais para efectos de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

4. Os suxeitos obrigados deberán realizar unha avaliación de impacto na protección de datos dos tratamentos a que se refire este artigo co fin de adoptar medidas técnicas e organizativas reforzadas para garantir a integridade, confidencialidade e dispoñibilidade dos datos persoais. Estas medidas deberán en todo caso garantir a rastrexabilidade dos accesos e comunicacións dos datos.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 34, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 34. *Obrigación de declarar.*

1. Deberán presentar declaración previa nos termos establecidos no presente capítulo as persoas físicas que, actuando por conta propia ou de terceiro, realicen os seguintes movementos:

- a) Saída ou entrada en territorio nacional de medios de pagamento por importe igual ou superior a 10.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
- b) Movementos por territorio nacional de medios de pagamento por importe igual ou superior a 100.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

Para estes efectos, entenderase por movemento calquera cambio de lugar ou posición que se verifique no exterior do domicilio do portador dos medios de pagamento.

Exceptúanse da obrigación de declaración establecida no presente artigo as persoas físicas que actúen por conta de empresas que, debidamente autorizadas e inscritas polo Ministerio do Interior, exerzan actividades de transporte profesional de fondos ou medios de pagamento, excepto cando se trate de movementos de entrada e saída da Unión Europea.

2. Cando se produza a entrada ou saída do territorio nacional de medios de pagamento non acompañados por persoa física que formen parte dun envío sen portador, tales como envíos postais, envíos por mensaxaría, equipaxe non acompañado ou carga en contedores, por importe igual ou superior a 10.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira, deberá presentarse declaración dentro do prazo de 30 días anteriores ao movemento non acompañado. A obrigación de declaración do movemento será responsabilidade do remitente ou do seu representante legal no caso de movementos de saída de medios de pagamento. Nos casos de entrada de medios de pagamento procedentes dun terceiro país, será responsable da declaración o destinatario do efectivo ou o seu representante legal.

3. Para os efectos desta lei, entenderase por medios de pagamento:

- a) O papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros.
- b) Os efectos negociables ou medios de pagamento ao portador. Son aqueles instrumentos que, logo de presentación, dan aos seus titulares o dereito a reclamar un importe financeiro sen necesidade de acreditar a súa identidade ou o seu dereito a ese importe. Inclúense aquí os cheques de viaxe, os cheques, notas promisorias ou ordes de pagamento, xa sexan expedidos ao portador, asinados pero con omisión do nome do beneficiario, endosados sen restrición, expedidos á orde dun beneficiario ficticio ou noutra forma en virtude da cal a súa titularidade se transmita á entrega e os instrumentos incompletos.
- c) As tarxetas prepago, entendendo por tales aquelas tarxetas non nominativas que almacenen ou brinden acceso a valores monetarios ou fondos que poidan utilizarse para efectuar pagamentos, adquirir bens ou servizos, ou para a obtención de diñeiro en metálico, cando as ditas tarxetas non estean vinculadas a unha conta bancaria.

d) As materias primas utilizadas como depósitos de valor de gran liquidez, como o ouro.

Na interpretación das definicións dos medios de pagamento descritos observarase o disposto no Regulamento (UE) 2018/1672 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2018, relativo aos controis da entrada ou saída de efectivo da Unión e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1889/2005.

4. A declaración establecida no presente artigo axustarase ao modelo aprobado e deberá conter datos veraces relativos ao portador, propietario, destinatario, remitente, importe, natureza, procedencia, uso previsto, itinerario e modo de transporte dos medios de pagamento. A obrigaçión de declarar entenderase incumprida cando a información consignada sexa incorrecta ou incompleta.

O modelo de declaración, unha vez integramente cuberto, será asinado e presentado pola persoa que transporte os medios de pagamento no caso dos movementos relacionados no punto 1. Durante todo o movemento os medios de pagamento deberán ir acompañados da oportuna declaración debidamente dilixenciada e ser transportados pola persoa consignada como portador.

Nos movementos de medios de pagamento descritos no punto 2, a declaración será presentada polo remitente ou o destinatario, segundo corresponda.

Os modelos de declaración establecida no presente artigo serán:

a) No suposto de entradas e saídas a que se refiren os puntos 1 e 2 procedentes ou con destino a un país que non forma parte da Unión Europea, o aprobado pola Comisión Europea no correspondente regulamento de execución.

b) No resto de supostos, o aprobado por orde do titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

O lugar e a forma de presentación de ambas as declaracións fixaranse mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

5. Cando os medios de pagamento sexan transportados por menores de idade non acompañados, será responsable do cumprimento da obrigaçión de declaración a persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela. En caso de que o menor viaxe acompañado, a contía dos medios de pagamento transportada polo menor entenderase, para os efectos do previsto neste artigo, portada pola persoa maior de idade que acompañe o menor.»

Dezasete. Modifícase o artigo 35, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 35. *Control e intervención dos medios de pagamento.*

1. Co fin de comprobar o cumprimento da obrigaçión de declaración establecida no artigo 34.1, os funcionarios alfandegueiros e policiais estarán facultados para controlar e inspeccionar as persoas físicas, as súas equipaxes e os seus medios de transporte.

Para os efectos de comprobar o cumprimento da obrigaçión de declarar medios de pagamento non acompañados prevista no artigo 34.2, e sen prexuízo da lexislación alfandegueira, os funcionarios alfandegueiros e policiais estarán facultados para controlar e inspeccionar as mercadorías que poidan conter medios de pagamento non acompañados, envíos postais, envíos por mensaxaría, equipaxe non acompañada, carga en contedores e calquera sistema de envío e de transporte que poida conter medios de pagamento non acompañados.

2. Procederá a intervención provisional da totalidade dos medios de pagamento obxecto do movemento por parte dos funcionarios alfandegueiros ou policiais actuantes, salvo o mínimo de supervivencia que se poida determinar mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, nos casos seguintes:

a) Non presentación da declaración previa a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 34 cando esta sexa preceptiva.

b) Non presentación en prazo da declaración previa a que se refire o punto 2 do artigo 34 cando esta sexa preceptiva.

c) Presentación da declaración previa a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 34 con información incorrecta ou incompleta. Para estes efectos, e sen prexuízo da súa aplicación noutros supostos, considerarase en todo caso información incorrecta ou incompleta a falta de veracidade total ou parcial dos datos relativos ao portador, propietario, remitente, destinatario, procedencia ou uso previsto dos medios de pagamento, así como a variación por exceso ou defecto do importe declarado respecto do real en máis dun 10 por cento ou de 3.000 euros.

d) Cando os medios de pagamento non se poñan á disposición das autoridades para o seu control nos termos previstos na normativa, cando o movemento estea sometido á obrigaón de declaración.

e) Cando, malia se ter declarado ou ser o importe do efectivo inferior ao limiar que determina a obrigaón da súa declaración, existan, ao menos, indicios de que os medios de pagamento están vinculados a unha actividade delituosa.

Esta intervención provisional terá unha duración de trinta días, que poderá ser ampliada, de ser o caso, até un máximo de noventa días por razóns motivadas, sen prexuízo do previsto no artigo 61.2 para o caso en que se acorde a iniciación dun procedemento administrativo sancionador por infracción do previsto nos artigos 34 desta lei.

3. Os medios de pagamento intervidos ingresaranse, directamente ou por transferencia, nas contas abertas a nome da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias. Os funcionarios policiais ou alfanegueiros actuantes poderán identificarse no momento do ingreso mediante a presentación do seu número de identificación profesional.

4. Os medios de pagamento obxecto de intervención que, como consecuencia do transcurso dos prazos establecidos ou das actuacións administrativas correspondentes, deban ser obxecto de devolución, de maneira total ou parcial, poranse á disposición da persoa á cal lle foron intervidos eses medios de pagamento nos casos do artigo 34.1 ou das persoas obrigadas ou responsables da declaración dos movementos de medios de pagamento non acompañados previstos no artigo 34.2, sen prexuízo da acreditación dun apoderamento expreso nun terceiro de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Cando a intervención realizada afecte divisas para as cales a Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias non dispoña de conta no Banco de España, a entidade bancaria procederá á súa conversión ao euro con carácter previo á súa transferencia ás contas abertas a nome da Comisión no Banco de España, salvo que a divisa intervida non estea cotizada en mercado oficial ou concorran outras circunstancias que aconsellen o depósito en efectivo dos fondos, caso en que se depositarán no Banco de España para a súa custodia. Cando, como consecuencia do transcurso dos prazos establecidos ou das actuacións administrativas correspondentes deba devolverse todo ou parte da cantidade intervida obxecto de conversión a euros, a contía da devolución determinarase tomando como referencia a cantidade en euros que foi obxecto de conversión inmediatamente tras a intervención da divisa.

5. A acta de intervención, da cal se dará traslado inmediato ao Servizo Executivo da Comisión para a súa investigación e á Secretaría da Comisión para a incoación, de ser o caso, do correspondente procedemento sancionador, deberá indicar expresamente se os medios de pagamento intervidos se atoparon, de ser o caso, en lugar ou situación que mostrase unha clara intención de ocultalos. A acta de intervención terá valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos seus dereitos ou intereses poidan achegar os interesados.

Contra a intervención provisional dos medios de pagamento ás persoas físicas, os interesados poderán formular reclamación ante a persoa titular da Secretaría da

Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias no prazo de 15 días hábiles, contado desde a notificación da intervención, que será resolta nos termos do artigo 61.2.

6. Cando no curso dun procedemento xudicial se aprecie incumprimento da obrigaón de declaración establecida no artigo precedente, o xulgado ou tribunal comunicarllo á Secretaría da Comisión e porá á súa disposición os medios de pagamento intervidos non suxeitos a responsabilidades penais, e procederase segundo o establecido neste artigo.»

Dezaoito. Modifícase o artigo 43, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 43. *Ficheiro de titularidades financeiras.*

1. Coa finalidade de previr e impedir o branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo, as entidades de crédito, as entidades de diñeiro electrónico e as entidades de pagamento (en diante, as entidades declarantes) deberán declarar ao Servizo Executivo da Comisión, coa periodicidade que regulamentariamente se determine, a apertura ou cancelación de contas correntes, contas de aforro, depósitos e de calquera outro tipo de contas de pagamento, así como os contratos de alugamento de caixas de seguridade e o seu período de arrendamento, con independencia da súa denominación comercial.

As declaracións non incluírán as caixas de seguridade, contas e depósitos das sucursais ou filiais das entidades declarantes españolas no estranxeiro.

A declaración conterá, en todo caso, os datos identificativos dos titulares e dos seus titulares reais e os datos identificativos dos representantes ou autorizados e calquera outra persoa con poderes de disposición. A información dos produtos que haxa que declarar incluírá en todo caso a numeración que os identifique, o tipo de produto declarado e as datas de apertura e de cancelación. No caso das caixas de seguridade incluírase a duración do período de arrendamento. Poderanse determinar regulamentariamente outros datos de identificación que deban ser declarados.

2. Os datos declarados serán incluídos nun ficheiro de titularidade pública, denominado Ficheiro de titularidades financeiras, do cal será responsable a Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa.

O Servizo Executivo da Comisión, como encargado do tratamento, determinará, consonte o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, as características técnicas do ficheiro, para o cal poderá aprobar as instrucións pertinentes.

O tratamento dos datos persoais contidos no Ficheiro de titularidades financeiras polo Servizo Executivo da Comisión rexeráse polo establecido no artigo 28.3 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016. O Servizo Executivo da Comisión poderá utilizar a información que figura nel para o exercicio das súas competencias.

3. Con ocasión da investigación de delitos relacionados co branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, poderán acceder ao Ficheiro de titularidades financeiras os órganos xurisdicionais con competencias na investigación destes delitos e o Ministerio Fiscal. Logo de autorización xudicial ou do Ministerio Fiscal, poderán acceder aos datos declarados no Ficheiro de titularidades financeiras:

a) As forzas e corpos de seguridade do Estado e as policía autónomas con competencias estatutariamente asumidas para a investigación dos delitos de branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.

b) A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos cando lle fose encomendada a localización de activos polos órganos xudiciais ou fiscalías, así como na realización das súas funcións de intercambio de información con outras oficinas análogas da

Unión Europea ou institucións de terceiros Estados cuxo fin sexa o embargo ou comiso no marco dun procedemento penal e se trate de delitos relacionados co branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo.

c) A Secretaría da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo no marco das competencias que ten atribuídas en materia de bloqueo dos saldos, contas e posicións, incluídos os bens depositados en caixas de seguridade abertas por persoas ou entidades vinculadas a organizacións terroristas, en virtude dos artigos 1 e 2 da Lei 12/2003, do 21 de maio, de prevención e bloqueo do financiamento do terrorismo, e do Real decreto 413/2015, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo.

d) O Centro Nacional de Intelixencia para o cumprimento das funcións que ten asignadas na súa normativa reguladora.

e) A Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá acceder ao Fichero de titularidades financeiras para o exercicio das súas competencias en materia de prevención e loita contra a fraude, nos termos previstos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no artigo 7.3 bis do Regulamento (UE, Euratom) n.º 883/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de setembro de 2013, relativo ás investigacións efectuadas pola Oficina Europea de Loita contra a Fraude.

Toda petición de acceso aos datos do Fichero de titularidades financeiras deberá ser adecuadamente motivada polo órgano requirente, que será responsable da regularidade do requirimento. En ningún caso se poderá requirir o acceso ao Fichero para finalidades distintas das previstas neste artigo.

4. Sen prexuízo das competencias que correspondan á Axencia Española de Protección de Datos e ao Consello Xeral do Poder Xudicial en relación cos tratamentos con fins xurisdicionais realizados polos órganos xudiciais, un membro do Ministerio Fiscal designado polo fiscal xeral do Estado, de conformidade cos trámites previstos no Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, e que durante o exercicio desta actividade non se encontre desenvolvendo a súa función nalgún dos órganos do Ministerio Fiscal encargados da persecución dos delitos de branqueo de capitais ou financiamento do terrorismo, velará polo uso adecuado do fichero, para cuxos efectos poderá requirir xustificación completa dos motivos de calquera acceso.»

Dezanove. Modifícase a letra n) e inclúense as novas letras ñ) e o) no artigo 44.2, coa seguinte redacción:

«n) Elaborar, publicar e comunicar á Comisión Europea as estatísticas anuais sobre branqueo de capitais e financiamento do terrorismo nos termos e cos contidos establecidos polas institucións europeas. Para tal efecto, deberán prestarlle a súa colaboración todos os órganos con competencias na materia, en particular, a Comisión Nacional de Estatística Xudicial facilitará os datos estatísticos sobre procesos xudiciais que teñan por obxecto delitos de branqueo de capitais ou de financiamento do terrorismo.

ñ) Adoptar e actualizar a análise nacional de riscos de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo nos termos que establezan as autoridades europeas, tendo en consideración a avaliación supranacional de riscos da Unión Europea e a Estratexia de Seguridade Nacional.

o) As demais funcións que lle atribúan as disposicións legais vixentes.»

Vinte. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 46, que queda redactado do seguinte modo:

«1. O Servizo Executivo da Comisión analizará a información recibida dos suxeitos obrigados ou doutras fontes e remitirá, en tempo oportuno, se aprecia a existencia de indicios ou certeza de branqueo de capitais, delitos subxacentes



conexos ou de financiamento do terrorismo, ou por petición das autoridades competentes, o correspondente informe de intelixencia financeira ao Ministerio Fiscal ou aos órganos xudiciais, policiais ou administrativos competentes. En exercicio das súas funcións de intelixencia financeira, será independente e autónomo no plano operativo, con autoridade e capacidade para desempeñar as súas funcións libremente e poderá decidir de forma autónoma analizar, pedir e transmitir información específica.»

Vinte e un. Modifícase o punto 4 do artigo 48, que queda redactado do seguinte modo:

«4. Cando exerza as súas funcións en relación con entidades financeiras sometidas a lexislación especial, o Servizo Executivo da Comisión poderá solicitar do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, segundo corresponda, toda a información e colaboración precisas para levalas a cabo. Igualmente, o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderán solicitar información de que dispoña o Servizo Executivo da Comisión nas súas funcións de autoridade supervisora.»

Vinte e dous. Modifícase o punto 1 do artigo 48 bis, que queda redactado do seguinte modo:

«1. A Secretaría da Comisión, o Servizo Executivo da Comisión ou, en caso de convenio, o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cooperarán por propia iniciativa ou logo de solicitude, en tempo oportuno e gratuitamente, con outras autoridades competentes da Unión Europea, sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas nesta lei, para o cal farán uso de todas as facultades que esta lles atribúe e sen impor condicións indebidamente restritivas. No marco desta cooperación facilitaráselle á Autoridade Bancaria Europea a información necesaria para permitirlle levar a cabo as súas obrigacións en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. Este intercambio de información estará sometido ao deber de segredo profesional previsto no artigo 49.1 da lei.»

Vinte e tres. Modifícanse as letras b), m) e v) do punto 1 do artigo 52, que quedan redactadas do seguinte modo:

«b) O incumprimento das obrigacións de identificación e información do titular real, nos termos dos artigos 4, 4 bis e 4 ter.»

«m) O incumprimento da obrigaón de aprobar por escrito e aplicar políticas e procedementos adecuados de control interno nos termos dos artigos 26 e 26 bis, incluída a aprobación por escrito e aplicación dunha política expresa de admisión de clientes.»

«v) O incumprimento da obrigaón establecida no artigo 43 de declarar a apertura, modificación ou cancelación de contas correntes, contas de aforro, depósitos, contas de pagamento e contratos de alugamento de caixas de seguridade, así como de declarar e manter actualizados os datos dos intervinientes.»

Vinte e catro. Modifícase o punto 2 do artigo 61, que queda redactado do seguinte modo:

«2. A instrución dos procedementos sancionadores que procedan pola comisión de infraccións previstas nesta lei corresponderá á Secretaría da Comisión.

O órgano competente para a incoación do procedemento sancionador poderá acordar, ao tempo de iniciarse o procedemento ou durante a súa tramitación, a

constitución de garantía suficiente para facer fronte ás responsabilidades que procedan. No caso dos procedementos por incumprimento da obriga de declaración establecida no artigo 34, de conformidade co artigo 35.2, entenderase constituída en garantía e, durante a instrución do procedemento sancionador, o secretario da Comisión poderá acordar a ampliación ou redución da referida garantía.

No caso de que o interesado interpuxese reclamación contra a intervención provisional de medios de pagamento nos termos previstos no artigo 35.5, a persoa titular da Secretaría da Comisión resolverá a dita reclamación, de ser o caso, no acordo de iniciación do procedemento sancionador, e o interesado poderá formular as alegacións que considere oportunas, que serán resoltas na resolución pola que se acorde a terminación do procedemento administrativo sancionador.

O procedemento sancionador aplicable ao incumprimento das obrigacións previstas nesta lei será o previsto, con carácter xeral, para o exercicio da potestade sancionadora polas administracións públicas.»

Vinte e cinco. Engádesse un punto 5 ao artigo 65 da lei, coa seguinte redacción:

«5. As persoas expostas a ameazas, accións hostís ou medidas laborais adversas por comunicar por vía interna ou ao Servizo Executivo da Comisión comunicacións sobre actividades relacionadas co branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo poderán presentar unha reclamación ante o Servizo Executivo da Comisión. Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital aprobaranse o modelo de comunicación e o sistema de recepción de comunicacións para garantir a súa confidencialidade e seguridade.»

Vinte e seis. A disposición adicional única convértese en disposición adicional primeira, co seguinte título:

«Disposición adicional primeira. *Rexistro de prestadores de servizos a sociedades e fideicomisos.*»

Vinte e sete. A nova disposición adicional segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional segunda. *Rexistro de provedores de servizos de cambio de moeda virtual por moeda fiduciaria e de custodia de moedeiros electrónicos.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que, calquera que sexa a súa nacionalidade, ofrezan ou provexan en España servizos dos descritos nos puntos 6 e 7 do artigo 1 da lei, deberán estar inscritas no rexistro constituído para o efecto no Banco de España.

2. Inscribíranse, así mesmo, no rexistro:

a) As persoas físicas que presten estes servizos, cando a base, a dirección ou a xestión destas actividades radique en España, con independencia da localización dos destinatarios do servizo.

b) As persoas xurídicas establecidas en España que presten estes servizos, con independencia da localización dos destinatarios.

3. A inscrición no rexistro estará condicionada á existencia de procedementos e órganos adecuados de prevención previstos nesta lei e ao cumprimento dos requisitos de honorabilidade comercial e profesional, nos termos do artigo 30 do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito. O

incumprimento dos requisitos de honorabilidade determinará a perda da inscrición no rexistro.

4. O Banco de España será competente para supervisar o cumprimento da obrigaición de rexistro e das condicións de honorabilidade exixidas para o acceso e o mantemento da inscrición.

5. A prestación dos servizos descritos no punto 1 sen contar co preceptivo rexistro terá a consideración de infracción moi grave; poderá ser considerada como grave se a actividade se desenvolvese de forma meramente ocasional ou illada, e será sancionado polo Banco de España de conformidade co disposto nas normas en materia de sancións, de procedemento e as relativas ao réxime de publicidade que forman parte do título IV da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito».

Vinte e oito. Engádesse unha nova disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Rexistro de Titularidades Reais.*

1. Mediante real decreto creárase no Ministerio de Xustiza o Rexistro de Titularidades Reais, rexistro central e único en todo o territorio nacional, que conterá a información a que se refiren os artigos 4, 4 bis e 4 ter, relativa a todas as persoas xurídicas españolas e ás entidades ou estruturas sen personalidade xurídica que teñan a sede da súa dirección efectiva ou a súa principal actividade en España, ou que estean administradas ou xestionadas por persoas físicas ou xurídicas residentes ou establecidas en España. As persoas físicas cuxos datos persoais se conserven no rexistro en calidade de titularidades reais deben ser informadas ao respecto de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

2. No rexistro incluíranse tamén os datos das entidades ou estruturas sen personalidade xurídica que, non estando xestionadas ou administradas desde España ou outro Estado da Unión Europea, e non estando rexistradas por outro Estado da Unión Europea, pretendan establecer relacións de negocio, realizar operacións ocasionais ou adquirir bens inmoables en España.

3. A información conservarase e actualízase durante a vida das persoas xurídicas ou entidades ou estruturas sen personalidade xurídica, e manterase por un período de 10 anos tras a súa extinción. Nos casos previstos no punto 2, a información conservarase e actualízase durante o tempo en que se prolongue a relación de negocios ou a propiedade dos inmoables, e manterase por un período de 10 anos tras a finalización da relación de negocios, a venda do inmoable ou a terminación da operación ocasional.

4. O Rexistro de Titularidades Reais será xestionado polo Ministerio de Xustiza que, ademais dos datos obtidos de maneira directa, centralizará a información de titularidade real dispoñible nos rexistros de fundacións, asociacións, mercantil e outros rexistros que poidan recoller a información das entidades inscritas, así como a obtida polo Consello Xeral do Notariado.

5. As fundacións, asociacións e, en xeral, todas as persoas xurídicas, os fideicomisos tipo *trust* e entidades ou estruturas sen personalidade xurídica que non declaren a súa titularidade real a través do Rexistro Mercantil, ou os rexistros de fundacións, asociacións ou outros onde estean inscritas, por non estar regulada a dita vía de declaración, deberán declarar ao Rexistro de Titularidades Reais a información relacionada nos artigos 4 bis e 4 ter e actualizar os datos cando se produzan cambios na titularidade real. En todo caso, realizarase unha declaración anual e, no suposto de que non se producisen cambios na titularidade real, realizarase unha declaración que confirme este aspecto.

6. Establecerase regulamentariamente o tratamento que se dará á información subministrada por varias das indicadas fontes, cando sexa discrepante, de acordo co principio de preferencia do dato que sexa máis relevante, pola súa data ou pola

fiabilidade da forma en que se obtivo este, sempre tendo presente a natureza electrónica do Rexistro e a súa finalidade.»

Vinte e nove. Engádesse unha nova disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Acceso ao Rexistro de Titularidades Reais.*

1. Corresponderalle ao Ministerio de Xustiza garantir e controlar o acceso á información contida no Rexistro de Titularidades Reais nas condicións establecidas na lei e as que regulamentariamente se determinen. Esta información será accesible, de forma gratuíta e sen restrición, ás autoridades con competencias na prevención e represión dos delitos de financiamento do terrorismo, branqueo de capitais e os seus delitos precedentes: a Fiscalía, os órganos do Poder Xudicial, os corpos e forzas de seguridade, o Centro Nacional de Intelixencia, a Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias e os seus órganos de apoio, os órganos supervisores en caso de convenio, a Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, o Protectorado de Fundacións e aquelas autoridades que regulamentariamente se determinen. Todas estas autoridades, así como os notarios e rexistradores, poderán acceder non só ao dato vixente sobre a titularidade real da persoa ou entidade, senón tamén aos datos históricos que quedasen rexistrados.

2. Os suxeitos obrigados da Lei 10/2010, do 28 de abril, terán acceso á información vixente contida no Rexistro e solicitarán proba do rexistro ou un extracto deste para o cumprimento das súas obrigacións en materia de identificación do titular real. Para tal efecto, nos casos de relacións de negocios ou clientes de risco superior á media, os suxeitos obrigados non se basearán unicamente na información contida no rexistro e deberán realizar comprobacións adicionais.

3. Os terceiros non incluídos nos puntos anteriores poderán acceder exclusivamente aos datos consistentes no nome e apelidos, mes e ano de nacemento, país de residencia e de nacionalidade dos titulares reais vixentes dunha persoa xurídica ou entidade ou estrutura sen personalidade xurídica, así como á natureza desa titularidade real, en particular, ao dato de se esta se debe ao control da propiedade ou ao do órgano de xestión daquela.

4. O acceso á información dispoñible no Rexistro requirirá a identificación previa do solicitante, a acreditación da condición en que se solicita o acceso e, no caso de información sobre fideicomisos tipo *trust*, a demostración dun interese lexítimo polos particulares no seu coñecemento, nos termos que se establezan regulamentariamente. Así mesmo, será obrigatorio o pagamento previo dunha taxa que cubra o custo do Rexistro e, de ser o caso, o das fontes dos datos incluídos nel, polo sistema que se estableza regulamentariamente. Non será exixible o pagamento de taxas nos accesos realizados por autoridades públicas, notarios e rexistradores.

5. Cando o acceso á información poida expor o titular real a un risco desproporcionado, ou a un risco de fraude, secuestro, extorsión, acoso, violencia ou intimidación, ou outros de análoga gravidade, ou se o titular real é un menor de idade ou persoa coa capacidade limitada ou suxeita a especiais medidas de protección, o Rexistro de Titularidades Reais poderá denegar o acceso á información. Non se poderá denegar o acceso por estas causas ás autoridades e suxeitos relacionados no punto 1, nin aos suxeitos obrigados que soliciten o acceso para o cumprimento das súas obrigacións de identificación do titular real.

A persoa titular da Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública será a encargada do Rexistro. Contra as resolucións da persoa encargada do Rexistro de Titularidades Reais polas que se denegue o acceso poderase recorrer en alzada ante o órgano superior xerárquico de que dependa, cuxas resolucións porán fin á vía administrativa.

6. O Ministerio de Xustiza garantirá a interconexión coa plataforma central europea conforme as especificacións e procedementos técnicos que se determinen de acordo co punto 9 do artigo 31 da Directiva (UE) 2015/849 na súa redacción dada pola Directiva (UE) 2018/843.»

Trinta. Engádesse unha nova disposición adicional quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Forma e prazo para a declaración no Fichero de titularidades financeiras.*

No prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei, o Servizo Executivo da Comisión establecerá a forma e o prazo para realizar a declaración inicial das contas de pagamento e caixas de seguridade a que se refire o artigo 43 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, que se encontren activas na data que se indique.»

Trinta e un. Engádesse unha nova disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Prazo para a creación do Rexistro de Titularidades Reais.*

No prazo de seis meses, o Goberno, por proposta do ministro de Xustiza, aprobará o regulamento polo que se creará no Ministerio de Xustiza o Rexistro de Titularidades Reais, rexistro central e único en todo o territorio nacional, de conformidade coa disposición adicional terceira da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.»

### TÍTULO III

#### **Transposición de directivas da Unión Europea en materia de sociedades financeiras, entidades de crédito e empresas de servizos de investimento**

**Artigo cuarto.** *Modificación da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.*

Dáse nova redacción ao artigo 2.c) da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«c) Os participantes nun sistema e os contratantes das operacións a que se refire a letra b).

Para estes efectos, entenderase por:

1.º «Participantes»: toda entidade, contraparte central, axente de liquidación, cámara de compensación, operador dun sistema ou membro compensador dunha entidade de contrapartida central autorizada de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, que sexan aceptados como membros do sistema, de acordo coas súas normas reguladoras e sexan responsables fronte a el de asumir obrigacións financeiras derivadas do seu funcionamento.

Tamén poderán ser participantes dun sistema o Banco Central Europeo, o Banco de España e os demais bancos centrais dos Estados membros da Unión Europea, así como as organizacións financeiras internacionais de que España sexa membro.

Terá a condición de participante indirecto aquela entidade, contraparte central, axente de liquidación, cámara de compensación ou xestor de sistema que teña unha relación contractual cun participante en virtude da cal o primeiro poida cursar ordes de transferencia a través do sistema, sempre e cando o xestor do sistema coñeza o participante indirecto. A existencia dun participante indirecto non limitará a

responsabilidade do participante a través do cal aquel transmite as ordes de transferencia ao sistema.

2.º «Entidade»: as entidades de crédito e as empresas de investimento referidas no artigo 2 (b) da Directiva 98/26/CE autorizadas para operar no Espazo Económico Europeo, o Tesouro público e os órganos equivalentes das comunidades autónomas, e os entes pertencentes ao sector público enumerados no artigo 3 do Regulamento (CE) núm. 3603/93, do 13 de decembro, polo que se establecen definicións para a aplicación das prohibicións a que se refiren o artigo 104 e o punto 1 do artigo 104 B do Tratado, así como calquera empresa cuxa administración principal se encontre fóra da Unión Europea e cuxas funcións correspondan ás das entidades de crédito ou empresas de investimento da Unión Europea.

3.º «Xestor dun sistema»: a entidade ou entidades legalmente responsables da explotación deste. O xestor dun sistema poderá actuar, así mesmo, en calidade de axente de liquidación, contraparte central ou cámara de compensación, segundo resultan estes definidos a continuación.

4.º «Axente de liquidación»: un banco central ou outro organismo ou entidade que lles facilite aos participantes no sistema contas nas cales se liquiden as ordes de transferencia aceptadas polo dito sistema ou que este utilice para o depósito de fondos de valores e que, de ser o caso, conceda crédito a tales entidades ou contrapartes centrais para efectos da liquidación.

5.º «Entidade de contrapartida central ou contraparte central»: unha entidade de contrapartida central tal como se define no artigo 2.1, do Regulamento (UE) n.º 648/2012.

6.º «Cámara de compensación»: unha organización encargada de calcular as posicións netas dos participantes nun sistema.»

**Artigo quinto.** *Modificación do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.*

O Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, queda modificado como segue:

Un. Modifícanse os puntos 1 e 4 do artigo 348 bis, que pasan a ter o seguinte teor literal:

«1. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo primeira, salvo disposición contraria dos estatutos, transcorrido o quinto exercicio contado desde a inscrición no Rexistro Mercantil da sociedade, o socio ou a socia que fixese constar na acta a súa protesta pola insuficiencia dos dividendos recoñecidos terá dereito de separación no caso de que a xunta xeral non acordase a distribución como dividendo de, ao menos, o vinte e cinco por cento dos beneficios obtidos durante o exercicio anterior que sexan legalmente distribuíbles, sempre que se obtivesen beneficios durante os tres exercicios anteriores. Porén, mesmo cando se produza a anterior circunstancia, o dereito de separación non xurdirá se o total dos dividendos distribuídos durante os últimos cinco anos equivale, polo menos, ao vinte e cinco por cento dos beneficios legalmente distribuíbles rexistrados no dito período.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do exercicio das accións de impugnación de acordos sociais e de responsabilidade que poidan corresponder.»

«4. Cando a sociedade estea obrigada a formular contas consolidadas, deberá recoñecerse, salvo disposición contraria nos estatutos, o mesmo dereito de separación ao socio ou socia da dominante, aínda que non se dea o requisito establecido no punto primeiro, se a xunta xeral da citada sociedade non acordase a distribución como dividendo de, ao menos, o vinte e cinco por cento dos resultados positivos consolidados atribuídos á sociedade dominante do exercicio anterior, sempre que sexan legalmente distribuíbles e, ademais, se obtivesen resultados positivos consolidados atribuídos á sociedade dominante durante os tres exercicios anteriores.»

Dous. Modifícase a disposición adicional décimo primeira, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«Disposición adicional décimo primeira. *Dereito de separación en institucións financeiras.*

Non resultará de aplicación o disposto no artigo 348 bis desta lei ás seguintes entidades:

- a) Entidades de crédito.
- b) Establecementos financeiros de crédito.
- c) Empresas de servizos de investimento.
- d) Entidades de pagamento.
- e) Entidades de diñeiro electrónico.
- f) Sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira definidas de conformidade cos artigos 4.1.20) e 4.1.21) do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.
- g) As sociedades financeiras de carteira definidas no artigo 34 do Real decreto 309/2020, do 11 de febreiro, sobre o réxime xurídico dos establecementos financeiros de crédito e polo que se modifica o Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, e o Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.
- h) As sociedades mixtas de carteira previstas no artigo 4.1.22 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.»

**Artigo sexto.** *Modificación da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.*

A Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, queda modificada como segue:

Un. Introdúcese un novo artigo 1 bis, co seguinte contido:

«Artigo 1 bis. *Salvagardas da aplicación dos requisitos e facultades de supervisión en base consolidada ou subconsolidada.*

Para os exclusivos efectos de garantir que os requisitos ou facultades de supervisión establecidos nesta lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, se aplican de forma adecuada en base consolidada ou subconsolidada, entenderase que os termos «entidade», «entidade matriz dun Estado membro», «entidade matriz da UE» e «empresa matriz» tamén incluírán:

- a) As sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira ás cales se lles concedese a aprobación de conformidade co artigo 15 bis.
- b) As entidades designadas segundo o previsto no artigo 15 ter.1.c), controladas por unha sociedade financeira de carteira matriz da UE, unha sociedade financeira mixta de carteira matriz da UE, unha sociedade financeira de carteira matriz dun Estado membro ou unha sociedade financeira mixta de carteira matriz dun Estado membro cando a matriz correspondente non estea suxeita a aprobación de conformidade co artigo 15 ter.
- c) As sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira ou entidades designadas consonte o artigo 15 sexies.2.d).»

Dous. Introdúcese unha nova letra a bis) no artigo 4.2, co seguinte contido:

«a bis) Aprobar as sociedades financeiras de carteira e as sociedades financeiras mixtas de carteira de acordo co previsto no capítulo II bis.»

Tres. A letra b) do artigo 6.3 queda redactada do seguinte modo:

«b) Que a entidade de crédito vaia estar controlada pola empresa matriz dunha entidade de crédito, dunha empresa de servizos de investimento ou dunha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada nese Estado.»

Catro. A letra a) do artigo 7.1 queda redactada do seguinte modo:

«a) Cando esta careza do capital mínimo requirido, dunha estrutura organizativa adecuada, dunha boa organización administrativa e contable, de procedementos de control interno adecuados e, en xeral, de sistemas de goberno corporativo que aseguren unha xestión sa e prudente da entidade.»

Cinco. A letra d) do artigo 8.1 queda redactada do seguinte modo:

«d) Se deixa de cumprir os requisitos prudenciais que se establecen nas partes terceira, cuarta e sexta do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, excepto polo establecido nos seus artigos 92 bis e 92 ter, ou impostos en virtude dos artigos 42 e 68.2.a) desta lei, ou comprometa a capacidade de reembolso dos activos que lle confiaron os depositantes ou non ofrezga garantía de poder cumprir as súas obrigacións con acredores.»

Seis. O artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Apertura de sucursais e prestación de servizos sen sucursal en España por entidades de crédito con sede nun Estado non membro da Unión Europea.*

1. O establecemento en España de sucursais de entidades de crédito autorizadas en Estados que non sexan membros da Unión Europea requirirá autorización do Banco de España na forma que regulamentariamente se determine. A falta de resolución no prazo establecido suporá denegación da solicitude.

2. O Banco de España notificaralle á Autoridade Bancaria Europea:

a) Todas as autorizacións de sucursais concedidas ás entidades de crédito con sede nun Estado non membro da Unión Europea e todos os cambios posteriores das ditas autorizacións.

b) O total dos activos e pasivos das sucursais autorizadas de entidades de crédito con sede nun Estado non membro da Unión Europea, segundo se comuniquen de forma periódica.

c) O nome do grupo dun terceiro país a que pertenza a sucursal autorizada.

Para os efectos desta lei e da súa normativa de desenvolvemento, un grupo dun terceiro país será aquel grupo que, definido de conformidade co Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, teña a súa empresa matriz establecida nun Estado non membro da Unión Europea.

3. Así mesmo, as sucursais de entidades de crédito autorizadas deberán comunicar ao Banco de España, ao menos anualmente, a información que se determine regulamentariamente.»

Sete. A letra a) do artigo 15.4 queda redactada do seguinte modo:

«a) O Rexistro de sociedades financeiras de carteira ou sociedades financeiras mixtas de carteira, cando tales sociedades sexan as sociedades financeiras de



carteira ou sociedades financeiras mixtas de carteira a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 15 bis, mesmo cando puideren resultar exentas de aprobación por cumprir as condicións recollidas no artigo 15 ter, sempre que estean suxeitas a supervisión en base consolidada por parte do Banco de España.»

Oito. Introdúcese un novo capítulo II bis no título I, co seguinte contido:

## «CAPÍTULO II bis

### **Réxime de aprobación das sociedades financeiras de carteira e das sociedades financeiras mixtas de carteira**

Artigo 15 bis. *Aprobación das sociedades financeiras de carteira e das sociedades financeiras mixtas de carteira.*

1. Deberán solicitar a aprobación do Banco de España as sociedades enumeradas a seguir, cando estean establecidas en España e pertencen a un grupo consolidable cuxa supervisión en base consolidada, de acordo co disposto no artigo 57, corresponda ao Banco de España:

a) As sociedades financeiras de carteira matrices dun Estado membro e as sociedades financeiras mixtas de carteira matrices dun Estado membro.

b) As sociedades financeiras de carteira matrices da UE e as sociedades financeiras mixtas de carteira matrices da UE.

c) Outras sociedades financeiras de carteira ou sociedades financeiras mixtas de carteira que, en base subconsolidada, estean suxeitas a esta lei ou ao Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

2. As sociedades a que se refire o punto 1, sempre que estean establecidas noutro Estado membro e que pertencen a un grupo consolidable cuxa supervisión en base consolidada corresponda ao Banco de España de conformidade co artigo 57, deberán presentar a solicitude de aprobación ante o Banco de España, o cal a tramitará mediante o procedemento de decisión conxunta coa autoridade competente do Estado membro en que estean establecidas, conforme o artigo 65.

Pola súa parte, as sociedades a que se refire o punto 1, sempre que estean establecidas en España e pertencen a un grupo consolidable cuxa supervisión en base consolidada non corresponda ao Banco de España de acordo co previsto no artigo 57, deberán presentar a solicitude de aprobación ante o Banco de España, que a tramitará mediante o procedemento de decisión conxunta co supervisor en base consolidada, que corresponda ao artigo 65.

3. O Banco de España, tendo en conta, de ser o caso, o previsto no artigo 65, só concederá a aprobación a que se refire o punto 1 cando se cumpran todas as seguintes condicións:

a) Que os procedementos internos e a asignación de funcións dentro do grupo sexan adecuados para cumprir os requisitos impostos por esta lei e polo Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, en base consolidada ou subconsolidada e, en particular, sexan eficaces para:

1.º Coordinar todas as filiais da sociedade financeira de carteira ou da sociedade financeira mixta de carteira, incluíndo, en particular e cando sexa necesario, unha asignación adecuada de funcións entre as entidades filiais.

2.º Evitar ou xestionar os conflitos internos do grupo.

3.º Aplicar as políticas establecidas no nivel de grupo pola sociedade financeira de carteira matriz ou a sociedade financeira mixta de carteira matriz no conxunto do grupo.

b) Que a organización estrutural do grupo de que forma parte a sociedade financeira de carteira ou a sociedade financeira mixta de carteira non obstaculice nin impida doutro modo a supervisión efectiva das entidades filiais ou das entidades matrices en relación coas obrigacións individuais, consolidadas e, cando proceda, coas obrigacións subconsolidadas a que estean suxeitas. A avaliación dese criterio terá en conta, en particular:

1.º A posición da sociedade financeira de carteira ou da sociedade financeira mixta de carteira nun grupo de varios niveis.

2.º A estrutura accionarial.

3.º A función da sociedade financeira de carteira ou da sociedade financeira mixta de carteira dentro do grupo.

c) Que se cumpran os criterios e os requisitos establecidos no artigo 7 en relación cos accionistas e socios ou socias e aqueles establecidos no artigo 24 e no artigo 26, agás o disposto no seu punto 5 en relación cos membros do consello de administración ou órgano equivalente.

Artigo 15 ter. *Exención da aprobación.*

1. As sociedades a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 15 bis estarán exentas de solicitar a aprobación do Banco de España cando se cumpran todas as seguintes condicións:

a) Que a actividade principal da sociedade financeira de carteira sexa a adquisición de participacións en filiais ou, no caso dunha sociedade financeira mixta de carteira, que a súa actividade principal con respecto ás entidades ou entidades financeiras sexa a adquisición de participacións en filiais.

b) Que a sociedade financeira de carteira ou a sociedade financeira mixta de carteira non fose designada entidade de resolución en ningún dos grupos de resolución do grupo de conformidade coa estratexia de resolución establecida pola autoridade de resolución pertinente, de conformidade coa Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e o Regulamento (UE) n.º 806/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2014, polo que se establecen normas uniformes e un procedemento uniforme para a resolución de entidades de crédito e de determinadas empresas de servizos de investimento no marco dun mecanismo único de resolución e un fondo único de resolución, e se modifica o Regulamento (UE) n.º 1093/2010.

c) Que unha entidade de crédito filial sexa designada como responsable de garantir o cumprimento por parte do grupo dos requisitos prudenciais en base consolidada e reciba todos os medios necesarios e as facultades legais para cumprir as ditas obrigacións de maneira eficaz.

d) Que a sociedade financeira de carteira ou a sociedade financeira mixta de carteira non participe na toma de decisións financeiras, operativas ou de xestión que afecten o grupo ou as filiais do grupo que sexan entidades ou entidades financeiras.

e) Que non exista ningún impedimento á supervisión efectiva do grupo en base consolidada.

2. As sociedades financeiras de carteira ou as sociedades financeiras mixtas de carteira que estean exentas non estarán excluídas do perímetro de consolidación establecido nesta lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

3. Cando o Banco de España, en canto supervisor en base consolidada, determine que se deixou de cumprir calquera das condicións establecidas no punto 1, a sociedade financeira de carteira ou sociedade financeira mixta de carteira deberá solicitar a aprobación de conformidade co establecido no artigo 15 bis.

Artigo 15 quater. *Prazo máximo para resolver do procedemento de aprobación.*

1. A solicitude de aprobación a que se refire o artigo 15 bis deberá ser resolta dentro dos catro meses seguintes á súa recepción, ou ao momento en que se complete a documentación exixible e, en todo caso, dentro dos seis meses seguintes á recepción da solicitude. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anterior, entenderase desestimada.

2. Cando corresponda ao Banco de España a supervisión en base consolidada, comunicarlle ao solicitante a decisión, que deberá estar adecuadamente motivada.

A denegación da aprobación poderá acompañarse de calquera das medidas de supervisión establecidas de conformidade co previsto no artigo 15 sexies.

Artigo 15 quinquies. *Deberes de información.*

1. Para os efectos de valorar o cumprimento das condicións establecidas nos artigos 15 bis.3 e 15 ter.1, as sociedades financeiras de carteira e as sociedades financeiras mixtas de carteira a que se fai referencia nos puntos 1 e 2 do artigo 15 bis deberán facilitar ao Banco de España e, cando proceda, ao supervisor en base consolidada ou á autoridade competente da xurisdición onde estean establecidas a información que se determine regulamentariamente.

2. As sociedades financeiras de carteira e as sociedades financeiras mixtas de carteira proporcionarán ao Banco de España, cando lle corresponda a supervisión en base consolidada, a información requirida para supervisar de forma continuada a organización estrutural do grupo e o cumprimento das condicións previstas nos artigos 15 bis.3 e 15 ter.1. Esta información deberá ser actualizada de forma permanente por parte das entidades.

O Banco de España compartirá a dita información coa autoridade competente do Estado membro en que estea establecida a sociedade financeira de carteira ou a sociedade financeira mixta de carteira.

Artigo 15 sexies. *Medidas de supervisión.*

1. Cando o Banco de España sexa o supervisor en base consolidada, supervisará de forma permanente o cumprimento das condicións dos artigos 15 bis.3 e 15 ter.1.

Cando o Banco de España determine que as condicións para a aprobación previstas no artigo 15 bis.3 non se cumpren ou deixaron de cumprirse, as sociedades financeiras de carteira ou as sociedades financeiras mixta de carteira quedarán suxeitas ás medidas de supervisión que o Banco de España decida adoptar, de ser o caso, mediante decisión conxunta e de conformidade co artigo 65, coa finalidade de garantir ou restablecer, de ser o caso, a continuidade e a integridade da supervisión consolidada, e velar polo cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, en base consolidada.

2. As medidas de supervisión que, de conformidade co punto anterior, adopte o Banco de España poderán incluír:

a) Suspende o exercicio dos dereitos de voto correspondentes ás participacións nas entidades filiais que pertencen á sociedade financeira de carteira ou á sociedade financeira mixta de carteira.

b) Emitir requirimentos ou impor sancións á sociedade financeira de carteira, á sociedade financeira mixta de carteira ou aos membros do consello de administración ou órgano equivalente e directivos, coa reserva do disposto no título IV.

c) Dar instrucións ou indicacións á sociedade financeira de carteira ou á sociedade financeira mixta de carteira para transferir ás súas accionistas as participacións nas súas entidades filiais.

d) Designar de forma temporal outra sociedade financeira de carteira, unha sociedade financeira mixta de carteira ou unha entidade dentro do grupo para que actúe como responsable de velar polo cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, e no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, en base consolidada.

e) Restringir ou prohibir a distribución de dividendos ou os pagamentos de xuros a accionistas;

f) Exixir ás sociedades financeiras de carteira ou ás sociedades financeiras mixtas de carteira que desinvistan en entidades ou noutros entes do sector financeiro ou reduzan as participacións neles.

g) Exixir ás sociedades financeiras de carteira ou ás sociedades financeiras mixtas de carteira que presenten, sen demora, un plan de retorno ao cumprimento.

No caso das sociedades financeiras mixtas de carteira, as medidas de supervisión terán en conta, en particular, os efectos no conglomerado financeiro.»

Nove. Introdúcese un novo capítulo II ter dentro do título I, co seguinte contido:

#### «CAPÍTULO II ter

#### **Empresas matrices intermedias da UE**

Artigo 15 septies. *Empresa matriz intermedia da UE.*

1. Os grupos dun terceiro país que teñan como filiais na Unión Europea dúas ou máis entidades de crédito, ou ao menos unha entidade de crédito e unha empresa de servizos de investimento, contarán cunha única empresa matriz intermedia da UE establecida na Unión Europea.

2. As empresas matrices intermedias da UE deberán ser:

- a) entidades de crédito ou
- b) sociedades financeiras de carteira ou sociedades financeiras mixtas de carteira ás cales se lles concedese a aprobación de conformidade co capítulo II bis.

3. O Banco de España poderá permitir que as entidades de crédito e empresas de servizos de investimento recollidas no punto 1 teñan dúas empresas matrices intermedias da UE cando determine que:

a) o establecemento dunha única empresa matriz da UE sería incompatible co requisito obrigatorio de separación de actividades imposto pola normativa ou polas autoridades de supervisión do Estado non membro da Unión Europea en que a empresa matriz última do grupo dun terceiro país teña a súa sede ou

b) o establecemento dunha única empresa matriz da UE afectaría negativamente a resolubilidade en comparación co establecemento de dúas empresas matrices intermedias da UE, segundo unha avaliación realizada para tal efecto pola autoridade de resolución preventiva competente da empresa matriz intermedia da UE.

Para os efectos das alíneas a) e b), como excepción ao establecido no punto 2, a segunda empresa matriz intermedia da UE poderá ser unha empresa de servizos de investimento autorizada de conformidade co artigo 149 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

4. A obrigaición de establecer unha empresa matriz intermedia da UE non será de aplicación aos grupos dun terceiro país cun valor total de activos na Unión Europea inferior a 40 000 millóns de euros.

Para estes efectos, o valor total dos activos na Unión Europea dun grupo dun terceiro país será a suma do seguinte:

a) o valor total dos activos de cada entidade de crédito ou empresa de servizos de investimento na Unión Europea do grupo dun terceiro país, segundo se desprenda do seu balance consolidado ou, de ser o caso, do seu balance individual e

b) o valor total dos activos de cada sucursal do grupo dun terceiro país que estea autorizada a operar na Unión Europea de conformidade con esta lei, co texto refundido da Lei do mercado de valores ou co Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo aos mercados de instrumentos financeiros e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

5. O Banco de España, tendo en conta o marco de colaboración estreita previsto no artigo 61.1 bis notificaralle á Autoridade Bancaria Europea a seguinte información con respecto a cada grupo dun terceiro país que opere en España:

a) Os nomes e o valor total dos activos das entidades de crédito e dos grupos consolidables de entidades de crédito sometidos á supervisión do Banco de España e que pertencen a un grupo dun terceiro país.

b) Os nomes e o importe do valor total dos activos correspondentes ás sucursais autorizadas en España consonte o artigo 13, o texto refundido da Lei do mercado de valores ou o Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e o tipo de actividades que están autorizadas a exercer.

c) O nome e o tipo das empresas matrices intermedias da UE establecidas en España, indicadas no punto 2 e no último parágrafo do punto 3, así como o nome do grupo dun terceiro país a que pertencen.

6. O Banco de España velará por que cada entidade de crédito baixo a súa xurisdición que forme parte dun grupo dun terceiro país cumpra unha das seguintes condicións:

- a) teña unha empresa matriz intermedia da UE;
- b) sexa unha empresa matriz intermedia da UE;
- c) sexa a única entidade de crédito na Unión do grupo dun terceiro país; ou
- d) forme parte dun grupo dun terceiro país cun valor total de activos na Unión inferior a 40 000 millóns de euros.»

Dez. O artigo 24 queda redactado como segue:

«1. As entidades de crédito, as sociedades financeiras de carteira e as sociedades financeiras mixtas de carteira terán a responsabilidade de garantir que o consello de administración estea formado por persoas que reúnan os requisitos de idoneidade necesarios para o exercicio do seu cargo. En particular, deberán posuír recoñecida honorabilidade comercial e profesional, ter coñecementos e experiencia adecuados para exercer as súas funcións e estar en disposición de exercer un bo goberno da entidade.

A composición xeral do consello de administración no seu conxunto deberá reunir coñecementos, competencias e experiencia suficientes no goberno de entidades de crédito para comprender adecuadamente as actividades da entidade, incluídos os seus principais riscos e asegurar a capacidade efectiva do consello de administración para tomar decisións de forma independente e autónoma en beneficio da entidade. En todo caso, deberá velar por que os procedementos de selección dos seus membros favorezan a diversidade de experiencias e de coñecementos, faciliten a selección de conselleiras e, en xeral, non posúan nesgos implícitos que poidan implicar discriminación.

2. Os requisitos de honorabilidade, coñecemento e experiencia anteriores deberán concorrer igualmente nos directores xerais ou asimilados, así como nos responsables das funcións de control interno e noutros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade financeira da entidade de crédito. Estes

requisitos serán tamén exixibles ás persoas físicas que representen no consello de administración os conselleiros que sexan persoas xurídicas. Tamén serán de aplicación ás persoas que determinen de modo efectivo a orientación das sucursais de entidades de crédito non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea.

3. Para os efectos do previsto nos puntos anteriores:

a) Concorre honorabilidade naqueles que teñan mostrado unha conduta persoal, comercial e profesional que non suscite dúbidas sobre a súa capacidade para desempeñar unha xestión sa e prudente da entidade. Para valorar a concorrencia de honorabilidade deberá considerarse toda a información dispoñible, de acordo cos parámetros que se determinen regulamentariamente. Para valorar a concorrencia de honorabilidade deberase considerar toda a información dispoñible, incluída a condena pola comisión de delitos ou faltas e a sanción pola comisión de infraccións administrativas, tendo en conta:

1.º O carácter doloso ou imprudente do delito, falta ou infracción administrativa.

2.º Se a condena ou sanción é ou non firme.

3.º A gravidade da condena ou sanción impostas.

4.º A tipificación dos feitos que motivaron a condena ou sanción, especialmente se se trata de delitos contra o patrimonio, branqueo de capitais, contra a orde socioeconómica e contra a Facenda pública e a Seguridade Social, ou supuxesen infracción das normas reguladoras do exercicio da actividade bancaria, de seguros ou do mercado de valores, ou de protección dos consumidores.

5.º Se os feitos que motivaron a condena ou sanción se realizaron en proveito propio ou en prexuízo dos intereses de terceiros cuxa administración ou xestión de negocios lle fose confiada e, de ser o caso, a relevancia dos feitos polos cales se produciu a condena ou sanción en relación coas funcións que teña asignadas ou vaian asignarse ao cargo en cuestión na entidade de crédito.

6.º A prescrición dos feitos ilícitos de natureza penal ou administrativa ou a posible extinción da responsabilidade penal.

7.º A existencia de circunstancias atenuantes e a conduta posterior desde a comisión do delito ou infracción.

8.º A reiteración de condenas ou sancións por delitos, faltas ou infraccións.

Para os efectos de valorar o previsto nesta letra, a entidade remitiralle ao Banco de España un certificado de antecedentes penais da persoa obxecto de valoración. Así mesmo, o Banco de España consultará as bases de datos da Autoridade Bancaria Europea, da Autoridade Europea de Valores e Mercados e da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación sobre sancións administrativas e poderá establecer un comité de expertos independentes co obxecto de emitir informe sobre os expedientes de valoración nos cales concorra condena por delitos ou faltas.

b) Posúen coñecementos e experiencia adecuados para exercer as súas funcións nas entidades de crédito aqueles que contén con formación do nivel e perfil adecuados, en particular nas áreas de banca e servizos financeiros, e experiencia práctica derivada das súas anteriores ocupacións durante períodos de tempo suficiente.

c) Para valorar a capacidade dos membros do consello de administración de exercer un bo goberno da entidade, teranse en conta a existencia de potenciais conflitos de interese e a capacidade de dedicar o tempo suficiente para levar a cabo as correspondentes funcións.»

Once. O parágrafo primeiro do artigo 25.3 queda redactado como segue:

«3. As entidades de crédito, as sociedades financeiras de carteira e as sociedades financeiras mixtas de carteira deberán velar en todo momento polo cumprimento dos requisitos de idoneidade previstos neste capítulo. Para estes efectos, o Banco de España requirirá a suspensión temporal ou o cesamento

definitivo nos cargos previstos no artigo anterior ou a emenda das deficiencias identificadas en caso de falta de honorabilidade, coñecementos ou experiencia adecuados ou de capacidade para exercer un bo goberno.»

Doce. O parágrafo primeiro do artigo 29.1 modifícase e introdúcese un novo punto 7 no artigo 29, o cal queda redactado como segue:

«1. As entidades e os grupos consolidables de entidades de crédito dotaranse de sólidos procedementos de goberno corporativo, que incluírán:

- a) unha estrutura organizativa clara con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes;
- b) procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estean expostas ou poidan estarlo;
- c) mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables correctos;
- d) políticas e prácticas de remuneración que sexan:

- 1.º non discriminatorias en canto ao xénero e
- 2.º compatibles cunha xestión adecuada e eficaz de riscos e que a promovan.»

«7. Igualmente, como parte dos procedementos de goberno e estrutura organizativa, as entidades de crédito e grupos consolidables de entidades de crédito deberán documentar de maneira adecuada e pór á disposición e, de ser o caso, remitirle ao Banco de España a información relativa aos préstamos outorgados a membros do consello de administración e ás súas partes vinculadas na forma en que este o determine mediante circular. Para estes efectos, entenderase por parte vinculada dun membro do consello de administración:

- a) O seu cónxuxe, parella de feito e descendente e ascendente en primeiro grao por consanguinidade ou adopción.
- b) Toda entidade mercantil en que o membro do consello de administración, ou unha das persoas indicadas na letra a), teña unha participación significativa superior ou igual ao 10 por cento no seu capital ou nos seus dereitos de voto, ou na cal poidan exercer unha influencia notable, ou na cal ocupen postos de alta dirección ou sexan membros do consello de administración.»

Trece. Suprímese o artigo 30.

Catorce. O artigo 32 queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Política de remuneracións.*

1. As entidades de crédito, ao fixar e aplicar a política de remuneración global, incluídos os salarios e os beneficios discrecionais de pensión, das categorías de persoal cuxas actividades profesionais incidan de maneira significativa no perfil de risco da entidade, ateranse aos requisitos establecidos no artigo 33 de maneira acorde co seu tamaño, coa súa organización interna e coa natureza, alcance e complexidade das súas actividades. Como mínimo, consideraranse incluídas dentro das categorías de persoal cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no perfil de risco da entidade as seguintes:

- a) todos os membros do consello de administración ou órgano equivalente e o persoal de alta dirección;
- b) todo o persoal con responsabilidade de dirección con respecto ás funcións de control ou as unidades de negocio importantes da entidade;
- c) o persoal que recibise unha remuneración significativa no exercicio anterior, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

1.º A remuneración do membro do persoal é igual ou superior a 500 000 euros e igual ou superior á remuneración media concedida aos membros do consello de

administración ou órgano equivalente e ao persoal da alta dirección da entidade a que se fai referencia na letra a).

2.º Que o membro do persoal desempeñe a súa actividade profesional nunha unidade de negocio importante e, pola súa natureza, esa actividade incida de maneira significativa no perfil de risco da unidade de negocio onde a desempeña. Entenderase por unidade de negocio importante o que determine a Autoridade Bancaria Europea na norma técnica de regulación aprobada ao abeiro do artigo 94.2 da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño.

2. As entidades de crédito presentarán ao Banco de España canta información este lles requira para comprobar o cumprimento desta obrigaición e, en particular, unha lista en que se indiquen as categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de maneira significativa no seu perfil de risco. Esta lista deberase presentar anualmente e, en todo caso, cando se producisen alteracións significativas. O Banco de España determinará a forma de presentación da dita lista.

3. Sen prexuízo das obrigaicións contidas no artigo 450 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, as entidades de crédito farán pública a remuneración total devindicada en cada exercicio económico de cada un dos membros do seu consello de administración ou órgano equivalente.

4. O disposto neste artigo, así como o disposto nos artigos 33, 34, e 36, non se aplicará en base consolidada a ningunha das seguintes filiais:

a) Filiais establecidas na Unión Europea que estean suxeitas a requisitos de remuneración específicos de conformidade con outros actos xurídicos da Unión Europea.

b) Filiais establecidas nun terceiro país que estarían suxeitas a requisitos de remuneración específicos de conformidade con outros actos xurídicos da Unión Europea se estivesen establecidas dentro desta.

5. Malia o disposto no punto anterior, os requisitos establecidos nos artigos 32, 33, 34 e 36 serán de aplicación ao persoal das filiais non suxeitas a esta lei a nivel individual cando:

a) a filial sexa unha sociedade de xestión de activos definida de conformidade co artigo 4.1.19) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, ou unha empresa de servizos de investimento que preste os servizos e realice as actividades previstas no artigo 140.1.b), c), d), e) e f) do texto refundido da Lei do mercado de valores; e,

b) o dito persoal recibise o mandato de realizar actividades profesionais que teñen unha incidencia significativa directa no perfil de risco ou no negocio das entidades do grupo.»

6. Malia o disposto nos puntos 4 e 5, o Banco de España poderá requirir mediante circular a aplicación dos requisitos previstos neste artigo, así como nos artigos 33, 34 e 36 en base consolidada a un conxunto máis amplo de filiais e ao seu persoal.»

Quince. O artigo 33 queda redactado como segue:

«Artigo 33. *Requisitos xerais da política de remuneracións.*

1. A política de remuneracións das categorías de persoal a que se refire o artigo 32.1 determinarase de conformidade cos seguintes requisitos xerais:

a) Promoverá e será compatible cunha xestión adecuada e eficaz dos riscos, e non ofrecerá incentivos para asumir riscos que excedan o nivel tolerado pola entidade.



b) Será compatible coa estratexia empresarial, obxectivos, valores e intereses a longo prazo da entidade e incluírá medidas para evitar os conflitos de intereses.

c) O persoal que exerza funcións de control dentro da entidade de crédito será independente das unidades de negocio que supervise, contará coa autoridade necesaria para desempeñar o seu labor e será remunerado en función da consecución dos obxectivos relacionados coas súas funcións, con independencia dos resultados das áreas de negocio que controle.

d) A remuneración dos altos directivos encargados da xestión de riscos e con funcións de cumprimento será supervisada directamente polo comité de remuneracións.

e) Distinguirá de forma clara entre os criterios para o establecemento:

1.º da remuneración fixa, que deberá reflectir principalmente a experiencia profesional pertinente e a responsabilidade na organización segundo o estipulado na descrición de funcións como parte das condicións de traballo, e

2.º da remuneración variable, que deberá reflectir un rendemento sustentable e adaptado ao risco, así como un rendemento superior ao requirido para cumprir o estipulado na descrición de funcións como parte das condicións de traballo.

f) Deberá ser unha política de remuneración non discriminatoria en canto ao xénero, entendida como aquela baseada na igualdade de retribución entre traballadores e traballadoras para un mesmo traballo ou para un traballo de igual valor.

2. O consello de administración da entidade adoptará e revisará periodicamente os requisitos xerais da política de remuneración e será responsable da supervisión da súa aplicación.

Adicionalmente, a política de remuneración será obxecto, ao menos unha vez ao ano, dunha avaliación interna central e independente, co obxecto de comprobar se se cumpren as pautas e os procedementos de remuneración adoptados polo consello de administración na súa función de supervisión.

3. A política de remuneracións dos membros do consello de administración das entidades de crédito someterase á aprobación da xunta de accionistas, asemblea xeral ou órgano equivalente, nos mesmos termos que se establezan para as sociedades cotizadas na lexislación mercantil.»

Dezaseis. Modifícase o parágrafo 1.º do artigo 34.1.I), modifícase a letra m) do artigo 34.1 e introdúcese tres novos puntos no artigo 34, os cales quedan redactados como segue:

«1.º Accións ou, en función da forma xurídica da entidade de que se trate, títulos de propiedade equivalentes; ou instrumentos vinculados a accións ou, en función da forma xurídica de que se trate, instrumentos non pecuniarios equivalentes, e»

«m) Unha parte substancial e, en todo caso, ao menos o 40 por cento do elemento de remuneración variable diferirase durante un período non inferior a entre catro e cinco anos e adaptarse correctamente á natureza dos negocios, aos seus riscos e ás actividades do membro do persoal correspondente. No caso dos membros do consello de administración ou órgano equivalente e da alta dirección de entidades importantes por razón do seu tamaño, a súa organización interna e pola natureza, dimensión e complexidade das súas actividades, o período de diferimento non será inferior a cinco anos.»

«2. Non obstante o disposto no punto 1, os requisitos establecidos nas súas letras l) e m) e no segundo parágrafo da letra ñ) non se aplicarán:

a) Ás entidades que non teñan a consideración de «entidade grande» de acordo co artigo 4.1.146) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e cuxo valor de activos sexa, en

media e de forma individual, conforme esta lei e o Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sexa igual ou inferior a 5.000 millóns de euros durante o período de catro anos inmediatamente anterior ao exercicio en curso, ou desde a súa creación se tivese unha antigüidade inferior a catro anos.

b) Ao persoal cuxa remuneración variable anual non exceda os 50.000 euros e non represente máis dun terzo da súa remuneración anual total.»

«3. Malia o disposto no punto 2.a), o Banco de España, mediante circular, poderá reducir o limiar indicado no dito punto cando a natureza, a escala e a complexidade das actividades da entidade, a súa organización interna ou, de ser o caso, as características do grupo a que pertenza así o xustificuen.

4. Malia o disposto no punto 2.b), o Banco de España poderá decidir, mediante circular, que o persoal que teña dereito a unha remuneración anual variable inferior ao limiar e á porcentaxe a que se refire a dita letra non estea suxeito á excepción recollida nela debido ás especificidades do mercado español en termos de prácticas de remuneración ou debido á natureza da responsabilidade e ao perfil profesional do dito persoal.»

Dezasete. Introdúcese un novo punto 2 no artigo 41, co seguinte contido:

«2. Consonte as estratexias e os procedementos a que se refire o punto anterior, as entidades fixarán o seu capital interno a un nivel adecuado de recursos propios que sexa suficiente para cubrir todos os riscos a que estea exposta unha entidade e para garantir que os recursos propios da entidade poidan absorber as perdas potenciais resultantes de escenarios de tensión, incluídos os determinados consonte as probas de resistencia con fins de supervisión a que se refire o artigo 55.5.»

Dezaioito. Suprímese a letra d) do artigo 42.

Dezanove. O artigo 43 queda redactado como segue:

«Artigo 43. *Requisito combinado de colchóns de capital.*

1. As entidades de crédito deberán cumprir en todo momento o requisito combinado de colchóns de capital, entendido como o total do capital de nivel 1 ordinario necesario para cumprir coa obrigaición de dispor dun colchón de conservación de capital e, se procede:

- a) Un colchón de capital anticíclico específico de cada entidade.
- b) Un colchón para as entidades de importancia sistémica mundial.
- c) Un colchón para outras entidades de importancia sistémica.
- d) Un colchón contra riscos sistémicos.

2. O capital de nivel 1 ordinario que as entidades manteñan para satisfacer algún dos elementos que compoñen o seu requisito combinado de colchóns de capital previsto no punto 1 deberá ser distinto e, por tanto, adicional, ao capital de nivel 1 ordinario que manteñan para satisfacer, se procede, calquera outro dos elementos do seu requisito combinado de colchóns de capital.

3. O capital de nivel 1 ordinario que as entidades manteñan para satisfacer o requisito combinado de colchóns de capital previsto no punto 1 deberá ser distinto e, por tanto, adicional, ao capital requirido para cumprir:

a) Cos requisitos de recursos propios previstos nas letras a) a c) do artigo 92.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

b) Cos requisitos de recursos propios adicionais para facer fronte a riscos distintos do risco de aparcamento excesivo segundo o previsto no artigo 69.

c) Coa orientación sobre recursos propios adicionais segundo o previsto no artigo 69 bis para facer fronte a riscos distintos do risco de aparcamento excesivo.

d) Co compoñente baseado en risco dos requisitos de recursos propios e pasivos admisibles previstos nos artigos 92 bis e 92 ter do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

e) Co compoñente baseado en risco do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles e do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución das EISM e as filiais significativas da Unión das EISM de fóra da Unión Europea previstos na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. O cumprimento dos requisitos de colchóns de capital deberá realizarse de maneira individual, consolidada ou subconsolidada, de acordo co que se estableza regulamentariamente, e consonte a parte primeira do título II do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

5. Cando unha entidade ou grupo incumpra a obrigaçión establecida no punto 1, por razóns diferentes á satisfacción das letras d) e e) do punto 3, quedará suxeita ás restricións en materia de distribucións que se establecen no artigo 48 e deberá presentar un plan de conservación de capital conforme o disposto no artigo 49.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da aplicación, cando proceda, do réxime sancionador previsto no título IV e das medidas que puidese adoptar o Banco de España de conformidade co artigo 68.»

Vinte. O artigo 46 queda redactado como segue:

«Artigo 46. *Colchón de capital para entidades de importancia sistémica.*

1. O Banco de España identificará as entidades de crédito autorizadas en España que son:

- a) Entidades de importancia sistémica mundial (EISM), en base consolidada.
- b) As demais entidades de importancia sistémica (OEIS), en base individual, subconsolidada ou consolidada.

2. Establecerase regulamentariamente o método de identificación das EISM, que se baseará nas seguintes categorías:

- a) O tamaño do grupo.
- b) A interconexión do grupo co sistema financeiro.
- c) A posibilidade de substitución dos servizos ou da infraestrutura financeira que presta o grupo.
- d) A complexidade do grupo.
- e) A actividade transfronteiriza do grupo, incluída a actividade transfronteiriza entre Estados membros da Unión Europea e entre un Estado membro e un terceiro país.

Así mesmo, establecerase regulamentariamente un método de clasificación das entidades de crédito identificadas como EISM en varias subcategorías en función da súa importancia sistémica.

2 bis. Determinarase regulamentariamente o método adicional de identificación das EISM, que se baseará nas seguintes categorías:

- a) O tamaño do grupo.
- b) A interconexión do grupo co sistema financeiro.
- c) A posibilidade de substitución dos servizos ou da infraestrutura financeira que presta o grupo.

- d) A complexidade do grupo.
- e) A actividade transfronteiriza do grupo, excluídas as actividades do grupo en todos os Estados membros participantes a que se refire o artigo 4 do Regulamento (UE) n.º 806/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2014, polo que se establecen normas uniformes e un procedemento uniforme para a resolución de entidades de crédito e de determinadas empresas de servizos de investimento no marco dun mecanismo único de resolución e un fondo único de resolución e se modifica o Regulamento (UE) n.º 1093/2010.

3. Determinarase regulamentariamente o método de identificación das OEIS. Para a avaliación da súa importancia sistémica deberá terse en conta ao menos algún dos seguintes criterios:

- a) O tamaño.
- b) A importancia para a economía española ou da Unión Europea.
- c) A importancia das actividades transfronteirizas.
- d) A interconexión da entidade ou grupo co sistema financeiro.

4. Cada EISM manterá, en base consolidada, un colchón para a EISM correspondente á subcategoría en que se clasifique a entidade, que, en todo caso, non poderá ser inferior ao 1 por cento.

5. O Banco de España poderá impor a cada unha das OEIS, en base consolidada, subconsolidada ou individual, segundo sexa o caso, a obrigaición de manter un colchón de até un 3 por cento do importe total de exposición ao risco calculado consonte o artigo 92, punto 3, do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, atendendo aos criterios para a identificación da OEIS, e conforme o procedemento que regulamentariamente se determine.

Coa reserva da autorización da Comisión a que se refire o parágrafo terceiro do artigo 131.5 bis da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño, o Banco de España poderá impor a cada unha das OEIS, en base consolidada ou subconsolidada ou de forma individual, segundo o caso, a obrigaición de manter un colchón para OEIS superior ao 3 por cento do importe total de exposición ao risco calculado consonte o artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

6. O Banco de España notificaralle á Xunta Europea de Risco Sistémico os nomes das EISM e OEIS e as subcategorías en que se clasificaron as primeiras consonte o que se estableza regulamentariamente. Así mesmo, fará pública a subcategoría en que se clasificou cada EISM.

7. Desenvolverase regulamentariamente o réxime de aplicación conxunta dos colchóns para EISM e OEIS, así como o destes co colchón contra riscos sistémicos previsto no artigo 47.»

Vinte e un. Os puntos 1 e 2 do artigo 47 quedan redactados como segue:

«1. O Banco de España poderá exixir, a todas as entidades do sector financeiro ou a un ou máis subconxuntos delas, a constitución dun colchón contra riscos sistémicos de capital de nivel 1 ordinario co fin de previr e paliar os riscos macroprudenciais ou sistémicos que non estean cubertos polo Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, nin polos colchóns previstos nos artigos 45 e 46 desta lei, pero non poderán servir para afrontar os riscos cubertos por estes. Estes riscos entenderanse como aqueles que poderían producir unha perturbación no sistema financeiro con consecuencias negativas graves no dito sistema e na economía real.

2. O colchón contra riscos sistémicos poderá aplicarse a todas as exposicións ou a un subconxunto das exposicións que regulamentariamente se establezan.»

Vinte e dous. O artigo 48 queda redactado como segue:

«Artigo 48. *Restrición das distribucións por incumprimento do requisito combinado de colchón.*

«1. Sen prexuízo do disposto no artigo 48 ter, as entidades de crédito que cumpran o requisito combinado de colchóns de capital poderán realizar distribucións relativas ao capital de nivel 1 ordinario sempre e cando a dita distribución non supoña unha diminución deste até un nivel en que xa non se respecte o requisito combinado, e sempre que o Banco de España non adoptase ningunha das medidas tendentes a reforzar os recursos propios previstas no artigo 68.2.h), ou a limitar ou a prohibir o pagamento de dividendos conforme o artigo 68.2.i).

2. As entidades de crédito que non cumpran o requisito combinado de colchóns de capital deberán calcular o importe máximo distribuible (en diante, IMD), nos termos que regulamentariamente se determinen, e comunicarllo ao Banco de España.

As entidades de crédito non poderán realizar ningunha das seguintes actuacións antes de calcular o IMD e informar inmediatamente o Banco de España do dito importe:

- a) Realizar unha distribución relativa ao capital de nivel 1 ordinario.
- b) Asumir unha obrigaçión de pagar unha remuneración variable ou beneficios discretionais de pensión, ou pagar unha remuneración variable se a obrigaçión de pagamento se asumiu nun momento en que a entidade non cumpría o requisito combinado de colchón.
- c) Realizar pagamentos vinculados a instrumentos de capital de nivel 1 adicional.

As entidades de crédito disporán de mecanismos que garantan a exactitude do cálculo do importe dos beneficios distribuibles e do IMD e deberán poder demostrarllos ao Banco de España cando o solicite.

3. Cando unha entidade non cumpra ou non supere o seu requisito combinado de colchón ou cando o Banco de España adoptase algunha das medidas previstas no artigo 68 tendentes a reforzar os recursos propios ou a limitar ou prohibir o pagamento de dividendos, a dita entidade non poderá distribuír máis do IMD calculado conforme o punto 2 para as finalidades previstas no dito punto.

4. As restricións impostas por este artigo aplicaranse unicamente aos pagamentos que dean lugar a unha redución do capital de nivel 1 ordinario ou a unha redución dos beneficios, e sempre que a suspensión ou cancelación do pagamento non constituía un incumprimento das obrigaçións de pagamento ou outra circunstancia que conduza á apertura do oportuno procedemento concursal.

5. Para os efectos do disposto neste artigo, entenderanse como distribucións relativas ao capital de nivel 1 ordinario:

- a) O pagamento de dividendos en efectivo.
- b) A distribución de accións total ou parcialmente liberadas ou outros instrumentos de capital a que se refire o artigo 26.1.a) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.
- c) O rescate ou a compra por unha entidade de accións propias ou outros instrumentos propios de capital a que se refire o artigo 26.1.a) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.
- d) O reembolso de importes pagados en relación cos instrumentos de capital a que se refire o artigo 26.1.a) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.
- e) A distribución dos elementos a que se refiren as letras b) á e) do artigo 26.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

f) Calquera outro que o Banco de España poida determinar ou considerar que ten un efecto similar aos mencionados nas letras anteriores.

6. Desenvolverase regulamentariamente o previsto neste artigo.»

Vinte e tres. Introdúcese un novo artigo 48 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 48 bis. *Incumprimento do requisito combinado de colchón.*

Para os efectos do previsto no artigo 48, considerarase que unha entidade incumpre o requisito combinado de colchón cando non dispoña de recursos propios cuxo importe e calidade sexan os necesarios para satisfacer ao mesmo tempo o requisito combinado de colchón e cada un dos requisitos establecidos:

a) No artigo 92.1.a) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e, se procede, de ser o caso, o requisito de recursos propios adicionais exixido polo Banco de España, para facer fronte a riscos distintos do risco de apancamento excesivo, consonte o artigo 68.2.a).

b) No artigo 92.1.b) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e, se procede, de ser o caso, o requisito de recursos propios adicionais exixido polo Banco de España, para facer fronte a riscos distintos do risco de apancamento excesivo, consonte o artigo 68.2.a)

c) No artigo 92.1.c) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e, se procede, de ser o caso, o requisito de recursos propios adicionais exixido polo Banco de España, para facer fronte a riscos distintos do risco de apancamento excesivo, consonte o artigo 68.2.a).»

Vinte e catro. Introdúcese un novo artigo 48 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 48 ter. *Restrición das distribucións en caso de incumprimento do requisito de colchón de ratio de apancamento.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 48, as entidades de crédito que cumpran o requisito de colchón de ratio de apancamento poderán realizar distribucións relativas ao capital de nivel 1 sempre e cando a dita distribución non implique unha diminución deste até un nivel en que xa non se respecte o requisito de colchón de ratio de apancamento, e sempre que non fose adoptada polo Banco de España ningunha das medidas tendentes a reforzar os recursos propios previstas no artigo 68.2.h), ou a limitar ou prohibir o pagamento de dividendo ou de xuros de instrumentos de capital de nivel 1 ordinario ou de capital de nivel 1 adicional previstas no artigo 68.2.i).

2. As entidades de crédito que non cumpran o requisito de colchón de ratio de apancamento deberán calcular o importe máximo distribuible relacionado coa ratio de apancamento (en diante, A-IMD), nos termos que regulamentariamente se determinen.

As entidades de crédito non poderán realizar ningunha das seguintes actuacións antes de calcular o A-IMD e informar inmediatamente o Banco de España do dito importe:

a) Realizar unha distribución relativa ao capital de nivel 1 ordinario.

b) Asumir unha obrigaçión de pagar unha remuneración variable ou beneficios discrecionais de pensión, ou pagar unha remuneración variable se a obrigaçión de pagamento se asumiu nun momento en que a entidade non cumpría o requisito de colchón de ratio de apancamento.

c) Realizar pagamentos vinculados a instrumentos de capital de nivel 1 adicional.

As entidades de crédito disporán de mecanismos para garantir que o importe de beneficios distribuibles e o A-IMD se calculen con exactitude, que deberá poder demostrarse ao Banco de España cando se lles solicite.

3. Cando unha entidade non cumpra ou non supere o seu requisito de colchón de ratio de apancamento ou cando o Banco de España adoptase algunha das medidas previstas no artigo 68 tendentes a reforzar os recursos propios ou a limitar ou prohibir o pagamento de dividendos ou de xuros de instrumentos de capital de nivel 1 ordinario ou de capital de nivel 1 adicional, a dita entidade non poderá distribuír máis do A-IMD calculado conforme o punto 2 para as finalidades previstas no dito punto.

4. As restricións impostas por este artigo aplicaranse unicamente aos pagamentos que dean lugar a unha redución do capital de nivel 1 ou a unha redución dos beneficios, e sempre que a suspensión ou cancelación do pagamento non constitúan un incumprimento das obrigacións de pagamento ou outra circunstancia que conduza á apertura do oportuno procedemento concursal.

5. Para os efectos do disposto neste artigo, entenderase como distribución relativa ao capital de nivel 1 calquera das previstas no artigo 48.5 desta lei.

6. Desenvolverase regulamentariamente o previsto neste artigo.»

Vinte e cinco. Introdúcese un novo artigo 48 quáter, coa seguinte redacción:

«Artigo 48 quáter. *Incumprimento do requisito de colchón de ratio de apancamento.*

Considerarase que unha entidade incumpre o requisito de colchón de ratio de apancamento, para os efectos do artigo 48 ter desta lei, cando non dispoña de capital de nivel 1 na cantidade necesaria para satisfacer ao mesmo tempo o requisito establecido no artigo 92.1.d) do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e, de ser o caso, o requisito establecido no artigo 92.1 bis do citado regulamento e na letra a) do artigo 68.2 desta lei, ao facer fronte a un risco de apancamento excesivo que non estea suficientemente cuberto pola letra d) do artigo 92.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.»

Vinte e seis. Os puntos 1 e 2 do artigo 49 quedan redactados como segue:

«1. Cando unha entidade de crédito non cumpra o requisito combinado de colchón ou, de ser o caso, o requisito de colchón de ratio de apancamento a que estea suxeita, elaborará un plan de conservación do capital e presentarllo, nos termos que regulamentariamente se establezan, ao Banco de España.

2. O Banco de España avaliará o plan de conservación do capital e aprobarao se considera que, de executarse, resulta razoablemente previsible a conservación ou a obtención de capital suficiente para que a entidade poida cumprir o requisito combinado de colchóns de capital ou, de ser o caso, o requisito de colchón de ratio de apancamento, no prazo que o Banco de España xulgue adecuado.»

Vinte e sete. Introdúcese un novo punto 5 no artigo 50, coa seguinte redacción:

«5. Toda decisión que tome o Banco de España no exercicio da súa potestade supervisora deberá ser debidamente motivada.»

Vinte e oito. Suprímese a letra b) do artigo 55.1 e a letra c) pasa a ser a letra b).

Vinte e nove. Introdúcese un novo artigo 60 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 60 bis. *Colaboración do Banco de España con outras autoridades.*

1. Cando o Banco de España, como supervisor en base consolidada de conformidade co artigo 57, sexa diferente do coordinador determinado de conformidade co artigo 5 da Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro, deberá colaborar estreitamente co coordinador para efectos de asegurar a correcta aplicación desta lei e do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, en base consolidada.

Con vistas a facilitar e establecer unha cooperación eficaz, o Banco de España alcanzará acordos escritos de coordinación e cooperación co coordinador.

2. O Banco de España, a unidade de intelixencia financeira e as autoridades en que recaia a función pública de supervisión da normativa de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo cooperarán estreitamente entre si e coas autoridades que desempeñen as funcións equivalentes noutros Estados membros, no marco das súas respectivas competencias, facilitando a información pertinente para a execución das súas tarefas respectivas en virtude desta lei, da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, e do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sempre que a cooperación e o intercambio de información non afecten unha indagación, unha investigación ou un procedemento en curso, de conformidade co dereito administrativo ou penal do Estado membro en que se encontren a autoridade competente, a unidade de intelixencia financeira ou a autoridade na cal recaia a función pública de supervisión das entidades financeiras.»

Trinta. Introdúcese un novo punto 1 bis no artigo 61, coa seguinte redacción:

«1 bis. O Banco de España, tanto na súa función de supervisor de sucursais de entidades de crédito con sede nun Estado non membro da Unión Europea como na súa función de supervisor de entidades de crédito que pertencen a un grupo dun terceiro país, colaborará estreitamente con todas aquelas autoridades competentes da Unión Europea que sexan responsables da supervisión das entidades de crédito, as empresas de servizos de investimento ou as sucursais establecidas na Unión Europea por entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento con sede nun terceiro país, que formen parte dun mesmo grupo dun terceiro país.

Esta colaboración estreita perseguirá as seguintes finalidades:

- a) Garantir que todas as actividades que o dito grupo dun terceiro país realice na Unión Europea sexan obxecto dunha supervisión exhaustiva.
- b) Impedir que se eludan os requisitos aplicables aos grupos dun terceiro país previstos nesta lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.
- c) Evitar todo efecto prexudicial para a estabilidade financeira da Unión Europea.»

Trinta e un. Introdúcese un novo parágrafo ao final da letra e) do artigo 62.1, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, cando unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira estea establecida noutro Estado membro, ou cando, estando establecida a sociedade financeira de carteira ou sociedade financeira mixta de carteira en España, non lle corresponda ao Banco de España a supervisión en base consolidada do grupo, o Banco de España alcanzará acordos de coordinación e cooperación coa autoridade competente do Estado membro onde a dita sociedade estea establecida ou co supervisor en base consolidada da sociedade financeira de carteira ou sociedade financeira mixta de carteira, segundo corresponda en cada caso.»

Trinta e dous. O artigo 65 queda redactado como segue:

«Artigo 65. *Decisións conxuntas.*

1. No marco da colaboración prevista no artigo 62, e de conformidade cos termos que se prevexan regulamentariamente, o Banco de España, como supervisor en base consolidada dun grupo ou como autoridade competente responsable da supervisión das filiais establecidas en España dunha entidade de crédito matriz da



UE, dunha sociedade financeira de carteira matriz da UE ou dunha sociedade financeira mixta de carteira matriz da UE, procurará con todos os seus medios alcanzar unha decisión consensuada coas demais autoridades supervisoras da Unión Europea sobre:

a) A aplicación do disposto nos artigos 41, 51, 52 e 53 para determinar a adecuación do nivel consolidado de recursos propios que posúa o grupo en relación coa súa situación financeira e perfil de risco e o nivel de recursos propios necesario para a aplicación do artigo 68.2.a) a cada unha das entidades do grupo e en base consolidada.

b) As medidas para solucionar calquera cuestión significativa e constatación importante relacionada coa supervisión da liquidez, en particular no que respecta á adecuación da organización e ao tratamento dos riscos conforme o artigo 29 e no que respecta á necesidade de aplicar requisitos de liquidez específicos en función da entidade, de conformidade co artigo 42.

c) Calquera orientación en materia de recursos propios adicionais a que se fai referencia no artigo 69 bis.

2. Do mesmo modo, o Banco de España, como supervisor en base consolidada ou como autoridade competente do Estado membro onde estea establecida unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira pertencentes a un grupo consolidable de entidades de crédito non suxeito á súa supervisión en base consolidada, procurará alcanzar unha decisión consensuada coas demais autoridades supervisoras da Unión Europea respecto ás decisións sobre a aprobación, a exención da aprobación e as medidas de supervisión a que se refiren os artigos 15 bis, 15 ter e 15 sexies. En todo caso, o Banco de España traballará en estreita consulta co supervisor en base consolidada ou coa autoridade competente do Estado membro da Unión onde estea establecida a sociedade financeira de carteira ou a sociedade financeira mixta de carteira, segundo sexa o caso.

No caso das sociedades financeiras mixtas de carteira, cando o supervisor en base consolidada ou a autoridade competente do Estado membro en que estea establecida a sociedade financeira mixta de carteira sexa diferente do coordinador establecido de conformidade co artigo 5 da Lei 5/2005, do 22 de abril, precisarase o acordo do coordinador para adoptar as decisións ou as decisións conxuntas a que se refiren os artigos 15 bis, 15 ter e 15 sexies desta lei, segundo proceda.»

Trinta e tres. Introdúcese un novo punto 1 bis dentro do artigo 66 coa seguinte redacción:

«1 bis. Cando corresponda ao Banco de España a supervisión en base consolidada, designará colexios de supervisores, co obxecto de facilitar o exercicio das tarefas a que se refiren as letras a) á e) do artigo 62.1 e o artigo 81, cando todas as filiais transfronteirizas dunha entidade matriz da UE, dunha sociedade financeira de carteira matriz da UE ou dunha sociedade financeira mixta de carteira matriz da UE teñan a súa sede en terceiros países, sempre e cando as autoridades de supervisión deses terceiros países estean sometidas a requisitos de confidencialidade equivalentes de conformidade coa lexislación aplicable.»

Trinta e catro. Introdúcese un novo artigo 67 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 67 bis. *Obrigación de notificación do requisito de recursos propios adicionais e a orientación sobre recursos propios adicionais.*»

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, o Banco de España notificaralles ás autoridades de resolución competentes o establecemento de requisitos de recursos propios adicionais e calquera orientación sobre recursos propios adicionais comunicada ás entidades de conformidade cos artigos 69 e 69 bis, respectivamente.»

Trinta e cinco. Modifícase o punto 2 e introdúcese un novo punto 2 bis no artigo 68, os cales quedan redactados como segue:

«2. Nas circunstancias previstas no punto anterior, o Banco de España poderá adoptar, de entre as seguintes, as medidas que considere máis oportunas atendendo á situación da entidade ou grupo:

a) Exixirlles ás entidades de crédito que manteñan recursos propios superiores aos establecidos no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, nas condicións establecidas no artigo 69.

b) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos que reforcen os procedementos, mecanismos e estratexias establecidos co fin de cumprir o disposto nos artigos 29 e 41.

c) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos que presenten un plan para retornar ao cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e que fixen un prazo para a súa execución, así como que introduzan no plan as melloras necesarias en canto ao seu alcance e prazo de execución.

d) Exixir que as entidades de crédito e os seus grupos apliquen unha política específica de dotación de provisións ou un determinado tratamento dos activos en termos de requisitos de recursos propios.

e) Restringir ou limitar as actividades, as operacións ou a rede das entidades ou solicitar o abandono de actividades que presenten riscos excesivos para a solidez dunha entidade.

f) Exixir a redución do risco inherente ás actividades, produtos e sistemas das entidades, incluída a delegación da prestación de servizos ou do exercicio de funcións das entidades de crédito nun terceiro.

g) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos que limiten a remuneración variable como porcentaxe dos ingresos netos, cando resulte incompatible co mantemento dunha base sólida de capital.

h) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos que utilicen os beneficios netos para reforzar os seus recursos propios.

i) Prohibir ou restringir a distribución por parte da entidade de dividendos ou xuros a accionistas, socios ou socias ou titulares de instrumentos de capital adicional de nivel 1, sempre e cando a prohibición non constitúa un suposto de incumprimento das obrigacións de pagamento da entidade.

j) Impor obrigacións de información adicionais ou máis frecuentes, incluída información sobre recursos propios, liquidez e aparcamento.

k) Impor a obrigación de dispor dunha cantidade mínima de activos líquidos que permitan facer fronte ás potenciais saídas de fondos derivadas de pasivos e compromisos, mesmo no caso de eventos graves que poidan afectar a liquidez, e a de manter unha estrutura adecuada de fontes de financiamento e de vencementos nos seus activos, pasivos e compromisos co fin de evitar potenciais desequilibrios ou tensións de liquidez que poidan danar ou pór en risco a situación financeira da entidade.

l) Exixir a divulgación de información adicional.»

«2 bis. Para os efectos do punto 2, letra j), as obrigacións de información adicionais ou máis frecuentes poderanse impor sempre e cando sexan adecuadas e proporcionadas respecto ao obxectivo para o cal se requira a información e a información solicitada non sexa repetitiva.

Para os efectos da revisión e avaliación supervisora, prevista nos artigos 51, 52 e 53, e dos supostos de adopción de medidas de supervisión, previstos no punto 1, a información adicional considerarase repetitiva cando información igual ou substancialmente igual xa se remitiu ao Banco de España ou pode ser elaborada polo Banco de España a partir da información de que xa dispón.

O Banco de España non lles exixirá ás entidades que remitan información adicional cando xa dispoña dela en distinto formato ou cun desagregamento de detalle diferente, sempre que estas circunstancias non lle impidan ao Banco de España producir información coa mesma calidade e fiabilidade que a que derivase da información adicional que a entidade poida remitir por petición do Banco de España.»

Trinta e seis. Introdúcese un novo artigo 68 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 68 bis. *Medidas de supervisión prudencial en materia de risco de tipos de xuro derivado de actividades alleas á carteira de negociación.*

1. O Banco de España adoptará medidas de supervisión prudencial, como mínimo, nos seguintes casos:

a) Cando o valor económico do patrimonio neto da entidade diminúa nunha cifra superior ao 15 por cento do seu capital de nivel 1 como consecuencia dunha variación súbita e inesperada dos tipos de xuro segundo algún dos seis escenarios supervisores de perturbación aplicados aos tipos de xuro.

b) Cando os ingresos netos por xuros da entidade sufran unha diminución significativa como consecuencia dunha variación súbita e inesperada dos tipos de xuro segundo algún dos dous escenarios supervisores de perturbación aplicados aos tipos de xuro.

2. Malia o disposto no punto 1, o Banco de España non estará obrigado a adoptar medidas de supervisión cando, baseándose na revisión e avaliación supervisora prevista nos artigos 51, 52 e 53, considere que a xestión por parte da entidade do risco de tipo de xuro derivado das actividades alleas á carteira de negociación é adecuada e que a entidade non está excesivamente exposta ao risco de tipo de xuro derivado das actividades alleas á carteira de negociación.

3. De conformidade cos puntos 1 e 2, o Banco de España poderá adoptar, de entre as seguintes, as medidas que considere máis oportunas atendendo á situación da entidade ou grupo:

a) Especificar hipóteses de modelización e asuncións paramétricas distintas das previstas na normativa europea aplicable e exixir que as entidades as utilicen nos cálculos do valor económico do seu patrimonio neto.

b) Exixir calquera das medidas de supervisión previstas no artigo 68.2.»

Trinta e sete. O artigo 69 queda redactado como segue:

«Artigo 69. *Requisitos sobre recursos propios adicionais.*

1. O Banco de España exixiralles ás entidades de crédito o mantemento de recursos propios superiores aos establecidos de acordo co previsto no artigo 68.2.a) cando, como resultado da revisión e avaliación supervisora a que se refiren os artigos 51, 52 e 53 e da revisión permanente da autorización de utilizar métodos internos, constate, en relación cunha determinada entidade, calquera das seguintes situacións:

a) Que estea exposta a riscos ou elementos de risco non cubertos ou non suficientemente cubertos polos requisitos de recursos propios establecidos nas partes terceira, cuarta e sétima do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013. Os elementos que regulan o marco de imposición de recursos propios adicionais por este motivo desenvolveranse regulamentariamente.

b) Que non cumpra os requisitos establecidos nos artigos 29 e 41.1 desta lei ou no artigo 393 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, e non sexa probable que outras medidas de

supervisión sexan suficientes para garantir o cumprimento dos ditos requisitos nun prazo adecuado.

c) Que os axustes de valoración con respecto a posicións ou carteiras específicas dentro da carteira de negociación, de acordo co establecido no artigo 105 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, non sexan suficientes para permitir que a entidade venda ou cubra as súas posicións nun curto período de tempo sen incorrer en perdas importantes en condicións de mercado normais.

d) Que o incumprimento dos requisitos exixidos para a aplicación dun método de cálculo dos requisitos de recursos propios que require autorización previa de conformidade coa parte terceira do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, poida dar lugar a uns requisitos de recursos propios insuficientes.

e) Que, de forma reiterada, o nivel de recursos propios da entidade sexa inferior ao nivel de recursos propios adecuado de conformidade coa orientación sobre recursos propios adicionais comunicada de conformidade co artigo 69 bis.

f) Outras situacións específicas que o Banco de España considere que poidan suscitar problemas importantes de supervisión.»

2. O requisito de recursos propios adicionais a que se refire o artigo 68.2.a) só se poderá exixir para cubrir os riscos en que incorran entidades concretas debido ás súas actividades, incluídos aqueles que reflectan o impacto de determinadas evolucións económicas ou do mercado en relación co perfil de risco dunha entidade concreta.»

Trinta e oito. Renuméranse os artigos 69 bis e 69 ter como 69 ter e 69 quáter e introdúcese un novo artigo 69 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 69 bis. *Orientación sobre recursos propios adicionais.*

1. O Banco de España comunicaralles ás entidades a súa orientación sobre recursos propios adicionais coas condicións que regulamentariamente se establezan.

2. A comunicación relativa á orientación sobre recursos propios adicionais realizarase tomando en consideración o nivel global de recursos propios que o Banco de España considere apropiado para cada entidade. Este nivel global determinarase sobre a base das revisións periódicas que, de acordo cos artigos 51, 52 e 53, o Banco de España realice sobre o nivel de capital interno que cada entidade fixase de conformidade co artigo 41.2, da revisión permanente da autorización de utilizar métodos internos e dos resultados das probas de resistencia a que se refire o artigo 55.5.

3. A orientación sobre recursos propios adicionais terá carácter específico para cada entidade e ascenderá á cantidade de recursos propios que cumpra cos dous requisitos seguintes:

a) Supere a cantidade de recursos propios requirida consonte as seguintes normas:

1.º As partes terceira, cuarta e sétima do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

2.º Os requisitos de recursos propios adicionais previstos no artigo 68.2.a) e 69.

3.º O requisito combinado de colchóns de capital establecido no artigo 43 ou, segundo proceda, a cantidade de recursos propios requirida polo requisito de colchón da ratio de aparcamento previsto no artigo 92.1 bis do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

b) Sexa necesaria para alcanzar o nivel global de recursos propios que o Banco de España considere apropiado conforme o punto 2 do presente artigo.

4. A incapacidade para manter a orientación de recursos propios adicionais non activará as restricións en materia de distribución a que se refiren os artigos 48 e 48 ter cando a entidade cumpra:

a) cos requisitos de recursos propios aplicables establecidos nas partes terceira, cuarta e sétima do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013;

b) co requisito de recursos propios adicionais previsto nos artigos 68.2.a) e 69, e

c) co requisito combinado de colchóns de capital establecido no artigo 43 ou co requisito de colchón de ratio de aparcamento previsto no artigo 92.1 bis do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, segundo proceda.»

Trinta e nove. A letra a) do artigo 80.1 queda redactada do seguinte modo:

«a) Os criterios e os métodos xerais empregados para a revisión e avaliación dos mecanismos de cumprimento normativo, de supervisión de riscos e de goberno corporativo e políticas remuneratorias, en particular, os criterios para a aplicación do principio de proporcionalidade.»

Corenta. Modifícase a letra j) e introdúcese unha nova letra p) no artigo 82.3, as cales quedan redactadas como segue:

«j) As informacións que o Banco de España lles teña que facilitar ás autoridades nas cales recaia a función pública de supervisión da normativa de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo polo que respecta ao cumprimento da dita normativa e ás unidades de intelixencia financeira, así como as comunicacións que, de modo excepcional, poidan realizarse en virtude do disposto na sección 3.ª do capítulo I do título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, logo de autorización da persoa titular do Ministerio de Facenda. Para estes efectos, deberanse ter en conta os acordos de colaboración asinados polo Banco de España con autoridades supervisoras doutros países.»

«p) As informacións que o Banco de España lles teña que facilitar ás autoridades competentes ou organismos responsables da aplicación das normas relativas á separación estrutural dentro dun grupo bancario.»

Corenta e un. Introdúcese un novo artigo 82 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 82 bis. *Transmisión de información a organismos internacionais.*

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, o Banco de España poderá transmitir ou compartir determinada información, sempre que se cumpran os requisitos previstos no punto 2, cos seguintes organismos internacionais:

a) O Fondo Monetario Internacional e o Banco Mundial, para os efectos do Programa de avaliación do sector financeiro.

b) O Banco de Pagamentos Internacionais, para os efectos dos estudos de impacto cuantitativo.

c) A Xunta de Estabilidade Financeira, para os efectos da súa función de supervisión.

2. A información de carácter confidencial só se poderá compartir por solicitude expresa do organismo pertinente e sempre que se reúnan as seguintes condicións:

a) Que a solicitude estea debidamente xustificada por razón das funcións concretas que desempeña o organismo solicitante de conformidade co seu mandato estatutario.

b) Que a solicitude describa coa precisión suficiente a natureza, o alcance e o formato da información solicitada, así como a forma de facilitala ou transmitila.

c) Que a información solicitada sexa estritamente necesaria para o desempeño de funcións concretas do organismo solicitante e que non exceda as competencias estatutarias outorgadas ao dito organismo.

d) Que a información se transmita ou facilite exclusivamente ás persoas que participan directamente no desempeño da función de que se trate.

e) Que as persoas que teñan acceso á información estean suxeitas a requisitos de segredo profesional ao menos equivalentes aos previstos no artigo 82.

Cando a solicitude proceda dalgún dos organismos internacionais mencionados no punto 1, o Banco de España só poderá transmitir información agregada ou anonimizada e unicamente poderá compartir outra información nas súas dependencias.

Así mesmo, cando facilitar a información implique o tratamento de datos persoais, todo tratamento de datos persoais por parte do organismo solicitante cumprirá os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.»

Corenta e dous. Introdúcese un novo parágrafo ao final do artigo 90.1, coa seguinte redacción:

«Toda decisión que tome o Banco de España no exercicio da súa potestade sancionadora deberá ser debidamente motivada e seralle de aplicación supletoria a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

Corenta e tres. Introdúcense dúas novas letras ac) e ad) no artigo 92, as cales quedan redactadas do seguinte modo:

«ac) O incumprimento, por parte dunha entidade matriz, dunha sociedade financeira de carteira matriz ou dunha sociedade financeira mixta de carteira matriz, do deber de garantir o cumprimento, en base consolidada ou subconsolidada:

1.º dos requisitos prudenciais recollidos nas partes terceira, cuarta, sexta ou sétima do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013;

2.º dos requisitos prudenciais exixidos en virtude do artigo 68.2.a); ou

3.º dos requisitos específicos de liquidez exixidos en virtude do artigo 42.

ad) Non solicitar a aprobación de conformidade co artigo 15 bis, así como o incumprimento dos requisitos de información relativos á aprobación ou á exención da aprobación de conformidade co artigo 15 quinquies.1.»

Corenta e catro. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Facultade do Banco de España para exixir a substitución das persoas encargadas da auditoría legal das contas anuais e consolidadas.*

O Banco de España poderá exixir ás entidades baixo a súa supervisión a substitución dos auditores de contas cando actúen incumprindo as obrigacións que lles incumben, de conformidade co establecido no artigo 38 e na disposición adicional sétima da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas.»

Corenta e cinco. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Tratamento de datos persoais.*

1. O tratamento de datos persoais das persoas físicas para os fins do disposto nesta lei levarase a cabo de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

En particular, as transferencias de datos persoais a terceiros países ou organizacións internacionais ateranse ao disposto no capítulo V do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

2. As entidades de crédito levarán a cabo o tratamento de datos persoais das persoas físicas de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.»

**Artigo sétimo.** *Modificación da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.*

A Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, queda modificada como segue:

Un. Engádense novas letras p) á z) ao punto 1 do artigo 2, que quedan redactadas como segue:

«p) Filial: unha filial tal como se define no artigo 4.1.16 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. Para os efectos da aplicación aos grupos de resolución a que se refire o ordinal 2.º da letra v) do presente punto dos plans de resolución de grupo, competencias para reducir ou eliminar obstáculos á resolubidade (tratamento individual ou de grupo), requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles, amortización ou conversión dos instrumentos de capital e pasivos admisibles, resolución de grupos con implicación ou non de filiais, a definición inclúe, cando proceda, as entidades de crédito afiliadas de forma permanente a un organismo central, o propio organismo central e as súas respectivas filiais, tendo en conta a maneira en que estes grupos de resolución cumpren o disposto en relación co requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución.

q) Filial significativa: unha filial significativa tal como se define no artigo 4.1.135 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.

r) Pasivos susceptibles de recapitalización interna: pasivos e instrumentos de capital non cualificados como instrumentos de capital ordinario de nivel 1, do capital adicional de nivel 1 ou de capital de nivel 2 dunha entidade ou sociedade a que se refire o artigo 1.2.b), c) ou d), e que non están excluídos do ámbito de aplicación do instrumento de recapitalización interna en virtude do artigo 42.

s) Pasivos admisibles: pasivos susceptibles de recapitalización interna que cumpren, segundo proceda, as condicións establecidas no artigo 44 bis sobre pasivos admisibles para entidades de resolución, no seu desenvolvemento regulamentario e no que se prevexa regulamentariamente en relación cos pasivos admisibles para entidades que non sexan entidades de resolución, e instrumentos de capital de nivel 2 que cumpren as condicións establecidas no artigo 72 bis.1.b) do Regulamento (UE) n.º 575/2013.

t) Instrumentos admisibles subordinados: os instrumentos que cumpren todas as condicións enunciadas no artigo 72 bis do Regulamento (UE) n.º 575/2013 que non sexan os puntos 3 a 5 do artigo 72 ter do dito regulamento.

u) Entidade de resolución:

1.º unha persoa xurídica establecida na Unión, para a cal o plan de resolución de conformidade co artigo 14 prevé unha medida de resolución; ou

2.º unha entidade que non forma parte dun grupo suxeito a unha supervisión consolidada consonte os artigos 57, 58 e 62 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, para a cal o plan de resolución elaborado conforme o disposto no artigo 13 da presente lei prevé unha medida de resolución.

v) Grupo de resolución:

1.º unha entidade de resolución e as súas filiais que non sexan:

i) elas mesmas entidades de resolución;

ii) filiais doutras entidades de resolución; ou

iii) entidades establecidas nun terceiro país que non estean incluídas no grupo de resolución de conformidade co plan de resolución, e as súas filiais; ou

2.º as entidades de crédito afiliadas permanentemente a un organismo central e o propio organismo central cando ao menos unha desas entidades de crédito ou o organismo central sexa unha entidade de resolución, así como as súas respectivas filiais.

w) Entidade de importancia sistémica mundial ou EISM: unha EISM segundo se define no artigo 4.1.133 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.

x) Requisitos combinados de colchón: os requisitos combinados de colchón definidos no artigo 43 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

y) Bono garantido: un bono garantido tal como se define no artigo 3, punto 1, da Directiva (UE) 2019/2162 do Parlamento Europeo e do Consello ou, no caso dun instrumento emitido antes do 8 de xullo de 2022, unha obrigaón tal como se recolle no artigo 52, punto 4, da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

z) Capital de nivel 1 ordinario: capital de nivel 1 ordinario calculado de conformidade co artigo 50 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.»

Dous. Modifícase a redacción da letra d) do punto 3 do artigo 6, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«d) modificar a estratexia de financiamento para mellorar a solidez das áreas principais de actividade e das funcións críticas, ou»

Tres. Dáse nova redacción ao punto 3 do artigo 13, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«3. Os plans de resolución actualizaranse de conformidade co procedemento previsto no punto 2, ao menos anualmente, e nos seguintes casos:

a) sempre que un cambio na estrutura xurídica ou organizativa da entidade, nas súas actividades ou na súa situación financeira puiden afectar significativamente a eficacia do plan ou requirir cambios deste, ou

b) tras a aplicación das medidas de resolución ou o exercicio da amortización ou conversión de instrumentos de capital e pasivos admisibles conforme o previsto no artigo 38, ou

c) sempre que a autoridade de resolución preventiva, por iniciativa propia ou do FROB, o considere conveniente.»



Catro. Dáse nova redacción ao artigo 14, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«Artigo 14. *Plans de resolución de grupo.*

1. A autoridade de resolución preventiva competente a nivel de grupo, actuando conxuntamente coas autoridades de resolución das filiais en colexios de autoridades de resolución e tras consultar os supervisores competentes que corresponda, o FROB e as autoridades de resolución das xurisdicións en que se encontren establecidas sucursais significativas, respecto ás cuestións que afecten estas últimas, aprobará e manterá actualizados os plans de resolución dos grupos cuxa supervisión en base consolidada corresponda a un supervisor competente dos previstos no artigo 2.1.b).

A adopción do plan de resolución plasmarase nunha decisión conxunta da autoridade de resolución preventiva coas autoridades de resolución das filiais do grupo. Cando un grupo estea composto por máis dun grupo de resolución, as medidas de resolución para as entidades de resolución de cada grupo de resolución incluíranse no plan de resolución de grupo adoptado mediante unha decisión conxunta segundo o disposto neste parágrafo.

Cando, en virtude do artigo 17, se aprecien obstáculos á resolubilidade dunha entidade, quedará en suspenso a obrigaición de elaborar o plan de resolución de grupo até que se adopten as medidas oportunas para eliminar tales obstáculos.

2. Para os efectos do punto anterior, a autoridade de resolución preventiva, xunto co FROB, asistirá o colexio de autoridades de resolución e contribuirá á elaboración e aprobación do plan de conformidade co procedemento previsto no artigo anterior.

3. Determinaranse regulamentariamente o procedemento de elaboración e o contido específico dos plans de resolución de grupo, así como a información que lles poderá ser requirida ás entidades e que deberá ser facilitada pola autoridade de resolución preventiva a outras autoridades de resolución, aos supervisores competentes e á Autoridade Bancaria Europea, para a súa elaboración e actualización. En todo caso, os plans de resolución de grupo deberán identificar as medidas que deben tomarse con respecto:

- a) Á empresa matriz.
- b) Ás filiais do grupo con domicilio social na Unión Europea.
- c) Ás sociedades financeiras de carteira, ás sociedades financeiras mixtas de carteira e ás sociedades mixtas de carteira con domicilio social na Unión Europea.
- d) Ás filiais do grupo con domicilio social fóra da Unión Europea, no marco do establecido no capítulo VII sobre resolución transfronteiriza.
- e) Ás sociedades financeiras de carteira matrices dun Estado membro, ás sociedades financeiras de carteira matrices da Unión, ás sociedades financeiras mixtas de carteira matrices dun Estado membro e ás sociedades financeiras mixtas de carteira matrices da Unión.

De conformidade coas medidas a que se refire o parágrafo primeiro, o plan de resolución deberá determinar para cada grupo as entidades de resolución e os grupos de resolución.

4. Non obstante o previsto no punto anterior, as entidades que estean suxeitas á supervisión directa do Banco Central Europeo en virtude do artigo 6.4 do Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito, ou que constitúan unha parte considerable do sistema financeiro español, serán tamén obxecto de plans de resolución individuais conforme o previsto no artigo anterior.

5. A autoridade de resolución preventiva competente, ao actuar como autoridade de resolución dunha entidade filial autorizada en España cuxa matriz estea situada noutro Estado membro da Unión Europea e cuxa supervisión en base

consolidada non corresponda a algún dos supervisores competentes mencionados no artigo 2.1.b), cooperará coa autoridade de resolución no nivel de grupo na elaboración, actualización e aprobación do plan de resolución de grupo nos termos que regulamentariamente se determinen.»

Cinco. Modifícase a redacción da letra b) do punto 1 e o punto 3 do artigo 15, que pasan a ter o seguinte teor literal:

«b) Se garanta a continuidade das funcións críticas desenvolvidas pola entidade.»

«3. Adicionalmente, o supervisor competente e o FROB poderanlle solicitar á autoridade de resolución preventiva competente que leve a cabo a avaliación prevista no punto anterior, sempre que considere que poden existir obstáculos substantivos para a resolución dunha entidade.»

Seis. Dáse nova redacción ao artigo 16, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«Artigo 16. *Avaliación da resolubilidade de grupos.*

1. A autoridade de resolución preventiva competente, cando sexa a autoridade de resolución a nivel de grupo, determinará, en función da avaliación a que se refire o punto seguinte, que o grupo é resoluble se, no caso de que cumprise as condicións para a resolución, se puidese proceder á liquidación ou á resolución das entidades dese grupo conforme o establecido no punto 1 do artigo anterior.

2. Ao elaborar o plan de resolución de grupo, a autoridade de resolución preventiva, logo de informe do supervisor competente e do FROB, xunto coas autoridades de resolución das filiais e logo de consulta aos supervisores competentes destas e ás autoridades de resolución das xurisdicións en que estean establecidas as sucursais significativas, avaliará en que medida un grupo pode ser obxecto de resolución sen a intervención de apoio público, tal e como prevé o artigo 13.2.

Cando un grupo estea formado por máis dun grupo de resolución, a autoridade de resolución preventiva competente realizará a avaliación da resolubilidade do grupo no seu conxunto, así como a resolubilidade de cada grupo de resolución conforme o disposto no presente artigo, no marco do proceso decisorio establecido no artigo 14.

3. Se a autoridade de resolución preventiva competente conclúe que o grupo non reúne as condicións para resolverse, notificarallo sen demoras indebidas á Autoridade Bancaria Europea.»

Sete. Introdúcese un novo artigo 16 bis co seguinte teor literal:

«Artigo 16 bis. *Facultade de prohibir determinadas distribucións.*

1. Cando unha entidade estea en condicións de cumprir os requisitos combinados de colchón de capital avaliados en conxunción con cada un dos requisitos recollidos no artigo 48 bis, letras a), b) e c) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, pero non cumpra os ditos requisitos combinados de colchón de capital avaliados en conxunción co requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles calculado de conformidade co artigo 44.2.a), a autoridade de resolución preventiva terá a facultade de prohibir que a entidade distribúa máis do importe máximo distribuíble relacionado co requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles, mediante unha das seguintes medidas:

a) realizar unha distribución en conexión co capital ordinario de nivel 1 ou pagamentos vinculados a instrumentos de capital adicional de nivel 1; ou

b) asumir unha obrigaçión de pagar unha remuneración variable ou beneficios discrecionais de pensión, ou pagar unha remuneración variable se a obrigaçión de

pagamento se asumiu nun momento en que a entidade non cumpría cos requisitos combinados de colchón de capital;

En caso de que unha entidade se encontre na situación a que se refire este punto, deberallo comunicar de inmediato á autoridade de resolución preventiva.

2. Na situación recollida no punto 1, a autoridade de resolución preventiva da entidade, tras consultar o supervisor competente, deberá avaliar, sen demoras indebidas, se exerce a facultade a que se refire o punto 1, tendo en conta todos os elementos seguintes:

a) O motivo, a duración e a magnitude do incumprimento e as súas consecuencias para a resolubilidade.

b) A evolución da situación financeira da entidade e a probabilidade de que, nun futuro próximo, cumpra a condición a que se refire o artigo 19.1.a).

c) A perspectiva de que a entidade poida garantir o cumprimento dos requisitos a que se refire o punto 1 nun prazo razoable.

d) Se a entidade é incapaz de substituír os pasivos que xa non cumpren os criterios de admisibilidade ou vencemento establecidos nos artigos 72 ter e 72 quáter do Regulamento (UE) n.º 575/2013, ou no artigo 44 bis da presente lei, a súa normativa de desenvolvemento ou os criterios de admisibilidade que se desenvolven regulamentariamente para as entidades que non sexan entidades de resolución, se a dita incapacidade é de natureza intrínseca ou se debe a perturbacións xerais do mercado.

e) Se o exercicio da facultade a que se refire o punto 1 é o medio máis adecuado e proporcionado para abordar a situación da entidade, tendo en conta o seu impacto potencial sobre as condicións de financiamento e resolubilidade da entidade en cuestión.

A autoridade de resolución preventiva repetirá a súa avaliación acerca da conveniencia de exercer a facultade a que se refire o punto 1 ao menos cada mes mentres a entidade siga estando na situación a que se refire o punto 1.

3. Se a autoridade de resolución preventiva constata que a entidade está aínda na situación descrita no punto 1 nove meses despois de que a entidade informase desta situación, a autoridade de resolución preventiva, tras consultar o supervisor competente, exercerá a facultade a que se refire o punto 1, excepto no caso de que o supervisor competente constatare que se cumpren ao menos dúas das condicións seguintes:

a) Que o incumprimento se debe a unha perturbación grave do funcionamento dos mercados financeiros que os conduce a unhas tensións de amplo alcance en varios segmentos destes.

b) Que a perturbación a que se refire a letra a) non só dá lugar a un aumento da volatilidade dos prezos dos instrumentos de fondos propios e instrumentos de pasivos admisibles da entidade ou a un incremento dos custos para a entidade, senón que tamén conduce a un peche total ou parcial dos mercados que lle impide á entidade emitir instrumentos de fondos propios e instrumentos de pasivos admisibles nos mercados.

c) Que o peche de mercado a que se refire a letra b) se observa non só para a entidade en cuestión, senón para outras varias entidades.

d) Que a perturbación a que se refire a letra a) lle impide á entidade en cuestión emitir instrumentos de fondos propios e instrumentos de pasivos admisibles suficientes para emendar o incumprimento.

e) Que o exercicio da facultade a que se refire o punto 1 provocaría efectos colaterais negativos para unha parte do sector bancario, prexudicando potencialmente a estabilidade financeira.

4. Cando se aplique a excepción a que se refire o punto 3, a autoridade de resolución preventiva informará o supervisor competente da súa decisión e explicará por escrito a súa avaliación.

Cada mes, a autoridade de resolución preventiva repetirá a súa avaliación para determinar se a excepción referida no parágrafo anterior se aplica.

5. Desenvolverase regulamentariamente o método de cálculo do importe máximo distribuible relacionado co requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.»

Oito. Dáse nova redacción ao artigo 17, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«Artigo 17. *Obstáculos á resolubidade de entidades.*

1. A autoridade de resolución preventiva competente, tras examinar a avaliación levada a cabo en virtude do artigo 15, notificaralles ao supervisor competente, á entidade e ás autoridades de resolución en cuxa xurisdición estean situadas as sucursais significativas a concorrencia de obstáculos substantivos para a resolución da entidade. O resultado deste exame será presentado ao FROB.

2. No prazo de catro meses desde a recepción da notificación, a entidade proporalle á autoridade de resolución preventiva competente medidas adecuadas para reducir ou eliminar os obstáculos substantivos identificados.

Nun prazo de dúas semanas a partir da data de recepción dunha notificación realizada en virtude do punto anterior, a entidade deberalle propor á autoridade de resolución preventiva posibles medidas e o calendario para a súa aplicación, para garantir que a entidade cumpre tanto o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para entidades de resolución e entidades que non sexan de resolución coma os requisitos combinados de colchón de capital, cando un obstáculo substantivo á resolubidade se deba a calquera das situacións seguintes:

a) que a entidade cumpre os requisitos combinados de colchón avaliados en conxunción con cada un dos requisitos recollidos no artigo 48 bis, letras a), b) e c), da Lei 10/2014, do 26 de xuño, pero non cumpre os ditos requisitos combinados de colchón, avaliados en conxunción cos requisitos a que se refire o artigo 44 ter e a súa normativa de desenvolvemento e os requisitos de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución das EISM e as filiais significativas da Unión das EISM de fóra da Unión Europea, calculados de conformidade co artigo 44.2.a); ou

b) que a entidade non cumpre os requisitos a que se refiren os artigos 92 bis e 494 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 ou os requisitos a que se refire o artigo 44 ter e a súa normativa de desenvolvemento, e os requisitos de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución das EISM e as filiais significativas da Unión das EISM de fóra da Unión Europea.

O calendario para a aplicación das medidas propostas no parágrafo segundo deste punto terá en conta as causas do obstáculo substantivo identificado.

A autoridade de resolución preventiva competente comunicaralles sen demora ao supervisor competente e ao FROB, para o seu informe, as medidas propostas en virtude dos parágrafos anteriores.

2 bis. En caso de que a autoridade de resolución preventiva competente, logo de informe do supervisor competente e do FROB, non considere tales medidas suficientes para reducir ou eliminar os obstáculos identificados, deberá solicitarlle de forma motivada á entidade que adopte medidas alternativas para reducir ou eliminar os obstáculos e deberalle notificar esas medidas por escrito á entidade. Tales medidas poderán consistir en:

a) Exixirle á entidade a revisión dos mecanismos de financiamento intragrupo ou a elaboración de acordos para garantir o desenvolvemento das súas funcións críticas.

- b) Establecer límites aos riscos individuais e globais da entidade.
  - c) Impor requisitos adicionais de información relevante para levar a cabo a resolución.
  - d) Exixirlle á entidade que se desfaga de activos específicos.
  - e) Exixirlle á entidade que limite ou cese determinadas actividades.
  - f) Restringir ou impedir o desenvolvemento de certas ramas de actividade ou a venda de certos produtos.
  - g) Impor cambios na estrutura xurídica ou operativa da entidade ou de calquera entidade do grupo que se encontre directa ou indirectamente baixo o seu control, co fin de reducir a súa complexidade e garantir que as funcións críticas poidan separarse xurídica e operativamente doutras funcións mediante a aplicación de instrumentos de resolución.
  - h) Exixirlle a unha entidade ou a unha empresa matriz a constitución dunha sociedade financeira de carteira matriz en España ou matriz na Unión Europea.
  - i) Exixirlle á entidade que presente un plan para restablecer o cumprimento do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución e para as entidades que non sexan de resolución, expresado como unha porcentaxe do importe total da exposición ao risco calculado de conformidade co artigo 92, punto 3, do Regulamento (UE) n. 575/2013 e, de ser o caso, os requisitos combinados de colchón, e os requirimentos mínimos de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución e para as entidades que non sexan de resolución expresados como porcentaxe da medida da exposición total a que se refiren os artigos 429 e 429 bis do Regulamento n.º 575/2013.
  - j) Exixirlle a unha entidade a emisión de pasivos admisibles para dar cumprimento aos requirimentos mínimos de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución e para as entidades que non sexan de resolución.
  - k) Exixirlle a unha entidade que adopte outras medidas para cumprir o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución e para as entidades que non sexan de resolución. En particular, a autoridade de resolución preventiva poderalle exixir á entidade que renegocie calquera pasivo admisible ou instrumento de capital adicional de nivel 1 ou nivel 2 emitido, para garantir que as decisións de amortización ou conversión que adopte o FROB se apliquen consonte a lexislación que rexa o pasivo ou instrumento.
  - l) Para os efectos de asegurar de maneira continua o cumprimento dos requirimentos mínimos de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución e para as entidades que non sexan de resolución, exixirlle a unha entidade que modifique o seu calendario de vencementos:
    - 1.º dos instrumentos de fondos propios, tras obter o acordo do supervisor competente, e
    - 2.º dos pasivos admisibles a que se refire o artigo 44 bis para entidades de resolución e no que se prevexa regulamentariamente en relación cos pasivos admisibles para entidades que non sexan entidades de resolución.
  - m) Cando unha entidade sexa filial dunha sociedade mixta de carteira, exixirlle á sociedade mixta de carteira que constituía unha sociedade financeira de carteira separada para controlar a entidade, se iso for necesario para facilitar a resolución da entidade e evitar que a aplicación dos instrumentos e o exercicio das facultades de resolución teñan efectos adversos na parte non financeira do grupo.
3. No prazo dun mes desde a recepción da notificación das medidas alternativas impostas pola autoridade de resolución preventiva competente en virtude do punto anterior, a entidade deberá presentar un plan de implementación desas medidas.
4. Para os efectos do previsto neste artigo, as autoridades de resolución competentes deberán considerar, entre outros factores, o risco para a estabilidade

financeira que supoñen os obstáculos identificados, así como o efecto potencial das medidas alternativas propostas sobre a actividade e estabilidade da entidade, a súa capacidade de contribución á economía, o mercado interior de servizos financeiros e sobre a estabilidade financeira tanto en España coma noutros Estados membros da Unión Europea e na Unión Europea no seu conxunto. Para realizar esta avaliación, deberán solicitar a opinión da autoridade macroprudencial Consello de Estabilidade Financeira sobre tales aspectos.

Así mesmo, as autoridades de resolución competentes, ao determinar medidas alternativas ás propostas pola entidade para eliminar os obstáculos á resolubidade, deberán demostrar por que as medidas propostas pola entidade non conseguirían eliminar tales obstáculos e como as medidas alternativas poden resultar proporcionais para eliminalos.»

Nove. Dáse nova redacción ao artigo 18, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«Artigo 18. *Obstáculos á resolubidade de grupos.*

1. A autoridade de resolución preventiva, cando sexa a autoridade de resolución no nivel de grupo, de conformidade coa avaliación prevista no artigo 16, procurará alcanzar unha decisión conxunta co resto de autoridades de resolución competentes sobre as medidas oportunas para emendar os obstáculos á resolubidade, en relación con todas as entidades de resolución e as súas filiais que sexan entidades mencionadas no artigo 1, punto 2, e formen parte do grupo.

Para tales efectos, a autoridade de resolución preventiva, en cooperación co supervisor competente en base consolidada, co FROB e coa Autoridade Bancaria Europea, remitiralles un informe á empresa matriz e ás autoridades de resolución das filiais e das xurisdicións en que estean establecidas sucursais significativas. Este informe analizará os obstáculos substantivos á aplicación efectiva dos instrumentos de resolución e ao exercicio das facultades de resolución en relación co grupo e tamén en relación cos grupos de resolución cando un grupo estea formado por máis dun grupo de resolución. O informe tamén examinará o impacto no modelo empresarial do grupo e recomendará calquera medida proporcionada específica que, desde o punto de vista da autoridade de resolución no nivel de grupo, sexa necesaria ou apropiada para eliminar tales obstáculos. Cando un obstáculo á resolubidade do grupo se deba a que unha entidade do grupo se encontra nunha situación das mencionadas no parágrafo segundo do artigo 17.2, a autoridade de resolución preventiva comunicarlle a avaliación do dito obstáculo á empresa matriz na Unión Europea, logo de consulta á autoridade de resolución da entidade de resolución e ás autoridades de resolución das súas entidades filiais.

2. No prazo de catro meses desde a recepción do informe, a empresa matriz do grupo poderá remitir observacións e proporlle á autoridade de resolución preventiva medidas alternativas para eliminar os obstáculos identificados para a súa resolución. A autoridade de resolución preventiva comunicarlles tales medidas, sen demora, ao supervisor competente en base consolidada, ao FROB, á ABE, ás autoridades de resolución das filiais e ás autoridades de resolución das xurisdicións en que estean situadas sucursais significativas respecto das cuestións que afecten as ditas sucursais.

Cando os obstáculos constatados no informe se deban a que unha sociedade do grupo se encontra nunha das situacións recollidas no parágrafo segundo do artigo 17.2, a empresa matriz na Unión Europea, no prazo de dúas semanas a partir da recepción dunha notificación realizada en virtude do último parágrafo do punto anterior, proporalle á autoridade de resolución preventiva a nivel de grupo posibles medidas e o calendario da súa aplicación para garantir que o grupo cumpra:

a) os requirimentos mínimos de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución e as entidades que non sexan entidades de resolución expresados como porcentaxe do importe total da exposición ao risco calculado de

conformidade co artigo 92, punto 3, do Regulamento (UE) n.º 575/2013 e, de ser o caso,

b) os requisitos combinados de colchón e os requirimentos mínimos de fondos propios e pasivos admisibles para as entidades de resolución e as entidades que non sexan entidades de resolución expresados como porcentaxe da medida da exposición total a que se refiren os artigos 429 e 429 bis do Regulamento (UE) n.º 575/2013.

Este calendario terá en conta as razóns que xeraron o obstáculo substantivo. A autoridade de resolución preventiva, tras consultar o supervisor competente e o FROB, avaliará se as ditas medidas van reducir ou eliminar de forma efectiva o obstáculo substantivo.

3. A autoridade de resolución preventiva e as autoridades de resolución das filiais, logo de consulta ao FROB, aos supervisores competentes e ás autoridades de resolución das xurisdicións en que estean situadas sucursais significativas, procurarán alcanzar no colexio de autoridades de resolución unha decisión conxunta sobre os obstáculos á resolución, a avaliación das medidas propostas pola empresa matriz e as medidas que se exixirán para eliminar tales obstáculos, atendendo ás posibles repercusións destas nos Estados membros da Unión Europea en que opere o grupo.

4. A autoridade de resolución preventiva, cando actúe como autoridade de resolución dunha entidade filial autorizada en España cuxa matriz estea situada noutro Estado membro da Unión Europea e cuxa supervisión en base consolidada non corresponda a algún dos supervisores competentes recollidos no artigo 2.1 letra b), procurará, en cooperación co FROB, alcanzar unha decisión conxunta co resto de autoridades de resolución competentes sobre as medidas oportunas para emendar os obstáculos á resolubilidade nos termos que regulamentariamente se establezan.»

Dez. Dáse nova redacción ao artigo 19 co seguinte teor literal:

«Artigo 19. *Condicións para a resolución.*

1. Procederá a resolución dunha entidade cando concorran, asemade, as circunstancias seguintes:

a) A entidade é inviable ou é razoablemente previsible que o vaia ser nun futuro próximo.

b) Non existen perspectivas razoables de que medidas procedentes do sector privado como, entre outras, as medidas aplicadas polos sistemas institucionais de protección; ou acción de supervisión como, entre outras, as medidas de actuación temperá; ou a amortización ou conversión de instrumentos de capital e dos pasivos admisibles pertinentes de conformidade coa sección 2.ª do capítulo VI, poidan impedir a inviabilidade da entidade nun prazo de tempo razoable.

c) Por razóns de interese público, resulta necesario ou conveniente acometer a resolución da entidade para alcanzar algún dos obxectivos mencionados no artigo 3, por canto a liquidación da entidade no marco dun procedemento concursal non permitiría razoablemente alcanzar tales obxectivos na mesma medida.

2. Procederá a resolución dunha entidade financeira prevista no artigo 1.2.b) cando as condicións de resolución se dean tanto na entidade financeira como na entidade matriz suxeita a supervisión consolidada.

3. Procederá a resolución dunha sociedade prevista no artigo 1.2.c) ou 1.2.d) cando a dita entidade cumpra as condicións establecidas no punto 1.

4. Cando as entidades filiais dunha sociedade mixta de carteira estean directa ou indirectamente en poder dunha sociedade financeira de carteira intermedia, o plan de resolución disporá que a sociedade financeira de carteira intermedia se identifique como unha entidade de resolución e que toda medida de resolución para

efectos de resolución de grupo se adoptará en relación coa sociedade financeira de carteira intermedia. O FROB non adoptará medidas de resolución para os efectos de resolución de grupo en relación coa sociedade mixta de carteira.

5. Conforme o previsto no punto 4 anterior, aínda que unha sociedade das previstas no artigo 1.2.c) ou 1.2.d) non cumpra as condicións de resolución, o FROB poderalle aplicar unha medida de resolución, cando se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) que a entidade sexa unha entidade de resolución;
- b) que unha ou varias das filiais da entidade que sexan entidades, pero non entidades de resolución, cumpran as condicións establecidas no artigo 19.1;
- c) que debido á natureza dos activos e pasivos das filiais a que se refire a letra b), a inviabilidade das ditas filiais supoña unha ameaza para o grupo no seu conxunto e que a medida de resolución respecto da entidade sexa necesaria para a resolución desas filiais que sexan entidades ou para a resolución do grupo de resolución pertinente no seu conxunto.

6. O FROB poderá adoptar unha medida de resolución en relación cun organismo central e todas as entidades de crédito afiliadas de forma permanente que formen parte do mesmo grupo de resolución, cando o dito grupo de resolución se axuste no seu conxunto ás condicións establecidas no punto 1 deste artigo.»

Once. Introdúcese un novo artigo 19 bis, co seguinte contido:

«Artigo 19 bis. *Procedementos de insolvencia en relación con entidades e sociedades que non sexan sometidas a un proceso de resolución.*

Cando se determine que nunha entidade ou sociedade das previstas no artigo 1.2.b), c) ou d) se cumpren as condicións previstas no artigo 19.1.a) e b), pero que a medida de resolución non redunda no interese público de conformidade co artigo 19.1.c), esta será liquidada de forma ordenada consonte o procedemento previsto no título VIII do libro primeiro do texto refundido da Lei concursal, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio.»

Doce. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 24, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«2. O FROB publicará igualmente o acto polo que se acordan as medidas de resolución ou unha comunicación resumida dos efectos destas medidas, en particular, sobre os clientes retallistas e, se procede, as modalidades e a duración da suspensión ou restrición a que se refiren os artigos 70 a 70 quáter, ambos incluídos.»

Trece. Modifícase o punto 2 do artigo 35, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«2. Sempre que o FROB adopte medidas de resolución das cales derive a asunción de perdas por parte dos acredores, de maneira previa ou con carácter simultáneo, deberá proceder á amortización ou conversión dos instrumentos de capital e pasivos admisibles, nos termos previstos nesta lei.»

Catorce. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 36, que pasan a ter o seguinte teor literal:

«2. Para os efectos do previsto no punto anterior, o FROB calculará, tendo en conta a avaliación realizada de acordo co punto 1, a suma agregada:

- a) do importe polo cal deben amortizarse os pasivos susceptibles de recapitalización interna para garantir que o valor activo neto da entidade en resolución é igual a cero, e



b) do importe polo cal deben converterse os pasivos susceptibles de recapitalización interna en accións ou outros instrumentos de capital para restablecer o coeficiente de capital ordinario de nivel 1 da entidade obxecto de resolución ou da entidade ponte.»

«3. O cálculo previsto no punto anterior determinará o importe polo cal os pasivos susceptibles de recapitalización interna deben ser amortizados ou convertidos para restablecer o coeficiente de capital ordinario de nivel 1 da entidade obxecto de resolución ou, de ser o caso, da entidade ponte, e para manter a confianza suficiente do mercado nelas, así como para permitir que estas poidan cumprir, durante ao menos un ano, as condicións para a súa autorización e proseguir as actividades para as cales están autorizadas.»

Quince. Dáse nova redacción á sección 2.<sup>a</sup> do capítulo VI e aos artigos que a integran, que pasa a ter o seguinte teor literal:

*«Sección 2.<sup>a</sup> Amortización e conversión de instrumentos de capital e pasivos admisibles pertinentes*

*Artigo 38. Amortización e conversión de instrumentos de capital e pasivos admisibles pertinentes.*

1. O FROB, logo de consulta ao supervisor competente, poderá realizar a amortización ou conversión dos instrumentos de capital e pasivos admisibles pertinentes dunha entidade:

a) Independentemente de calquera medida de resolución, incluída a recapitalización interna.

b) Conxuntamente con calquera medida de resolución, cando se dean as circunstancias previstas no artigo 19.

Cando a entidade de resolución adquirise instrumentos de capital e pasivos admisibles pertinentes indirectamente a través doutras entidades do mesmo grupo de resolución, a facultade de amortización ou conversión deses instrumentos de capital e pasivos admisibles pertinentes exercerase conxuntamente co exercicio da mesma facultade a nivel da empresa matriz da entidade de que se trate ou a nivel doutras empresas matrices que non sexan entidades de resolución, de modo que se produza unha transmisión efectiva das perdas e a entidade de que se trate sexa recapitalizada pola entidade de resolución.

Unha vez exercida a facultade para amortizar ou converter os instrumentos de capital e os pasivos admisibles pertinentes con independencia da medida de resolución, efectuarase a valoración da diferenza no trato prevista no artigo 5.3 e o seu desenvolvemento regulamentario.

1 bis. A facultade para amortizar ou converter os pasivos admisibles independentemente da medida de resolución só se poderá exercer en relación cos pasivos admisibles que cumpran as condicións para entidades que non son entidades de resolución que se determinasen regulamentariamente, salvo a condición relativa ao prazo de vencemento residual dos pasivos, establecida no artigo 72 quater.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. Cando o FROB exerza a dita facultade, a amortización ou conversión realizarase de conformidade co principio previsto no artigo 4.1.d).

1 ter. Cando se adopte unha medida de resolución en relación cunha entidade de resolución ou, en circunstancias excepcionais, desviándose do plan de resolución, en relación cunha entidade que non sexa unha entidade de resolución, o importe que se reduza, amortice ou converta de conformidade co artigo 39.1, no ámbito da dita entidade, computará para o cumprimento dos limiares establecidos no artigo 50.2.a) ou no artigo 50.3.a) aplicables á entidade de que se trate.

2. O FROB, logo de consulta ao supervisor competente, procederá sen demora á amortización ou conversión de instrumentos de capital e pasivos admisibles a que se refire o punto 1 bis, cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que a entidade cumpra as condicións de resolución previstas no artigo 19.
- b) Que, a non ser que se exerza esta competencia, a entidade se volverá inviable. Cando se trate de filiais españolas pertencentes a grupos consolidables, a apreciación desta circunstancia deberá realizarse de forma conxunta coa autoridade apropiada do Estado membro do supervisor en base consolidada, de acordo co procedemento que se fixe regulamentariamente.
- c) Que a entidade necesite axuda financeira pública extraordinaria, excepto cando esta adopte a forma prevista no artigo 20.2.c).
- d) No caso dos instrumentos de capital emitidos por unha filial española e se eses instrumentos de capital se recoñecen para os efectos de cumprimento dos requirimentos de fondos propios en base individual e consolidada, que a autoridade apropiada do Estado membro do supervisor en base consolidada e o FROB, por iniciativa propia ou do supervisor ou autoridade de resolución preventiva competentes, efectúen, logo de cumprimento dos requisitos de información e consulta establecidos nesta lei, a apreciación conxunta de que, a non ser que se exerza a facultade de amortización ou conversión en relación cos ditos instrumentos, o grupo se volvería inviable.
- e) No caso dos instrumentos de capital emitidos por unha matriz española e se eses instrumentos se recoñecen para os efectos de cumprimento dos requirimentos de fondos propios con carácter individual no ámbito da empresa matriz ou en base consolidada, que o FROB, por iniciativa propia ou do supervisor ou autoridade de resolución preventiva competentes, aprecie que, a non ser que se exerza a facultade de amortización ou conversión en relación cos ditos instrumentos, o grupo se volvería inviable.

3. Para os efectos do disposto neste artigo, entenderase que unha entidade é inviable se se encontra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 20 e, ademais, se cumpre a condición prevista no artigo 19.1.b).

No caso de grupos de entidades, entenderase que se cumpre o previsto no artigo 20 se o grupo infrinxe, ou existen elementos obxectivos que fagan probable que infrinxa no futuro próximo, os seus requirimentos de solvencia a nivel consolidado de tal maneira que xustifique a adopción de accións por parte do supervisor competente, mesmo no caso de que o grupo incorrese en perdas que esgoten a totalidade ou unha parte significativa dos seus recursos propios.

4. Os instrumentos de capital emitidos por unha filial non serán amortizados ou convertidos en maior grao ou en termos máis desfavorables, no suposto previsto no punto 2.d), que outros instrumentos de capital, de igual rango emitidos pola matriz.

5. As autoridades supervisoras e de resolución competentes, a nivel individual ou consolidado, cooperarán e levarán a cabo as notificacións oportunas para proceder á determinación de que se cumpren as circunstancias e condicións previstas neste artigo.

6. A amortización e conversión de instrumentos de capital, e de pasivos admisibles a que se refire o punto 1 bis, deberá estar precedida da oportuna valoración, nos termos previstos no artigo 5 e no seu desenvolvemento regulamentario, que servirá tamén de base para aplicar os coeficientes de amortización e conversión.

#### Artigo 39. *Regras sobre a amortización ou conversión dos instrumentos de capital e pasivos admisibles pertinentes.*

1. O FROB exercerá a facultade de amortización ou de conversión dos instrumentos de capital e dos pasivos admisibles pertinentes nos termos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, de acordo coa

prelación dos créditos aplicable ao procedemento concursal, de forma que se produzan os resultados seguintes:

a) En primeiro lugar, amortizaranse os elementos do capital ordinario de nivel 1 de forma proporcional ás perdas e até onde for posible, adoptándose algunha ou ambas das medidas previstas no artigo 47.1.

b) Se o importe anterior non for suficiente para a recapitalización, amortizarase o importe principal dos instrumentos de capital adicional de nivel 1 ou converterase en instrumentos de capital ordinario de nivel 1, ou ambas as cousas, na medida en que sexa necesario para alcanzar os obxectivos de resolución ou, se o importe é inferior, até onde sexa posible.

c) Se os importes anteriores non resultan suficientes para a recapitalización, amortizarase o importe principal dos instrumentos de capital de nivel 2 ou converterase en instrumentos de capital ordinario de nivel 1, ou ambas as cousas, na medida en que sexa necesario para alcanzar os obxectivos de resolución ou, se o importe é inferior, até onde sexa posible.

d) Se os importes anteriores non resultan suficientes para a recapitalización, amortizarase o importe principal dos pasivos admisibles recollidos no artigo 38.1 bis, ou converterase en instrumentos de capital ordinario de nivel 1, ou ambas as cousas, na medida necesaria para alcanzar os obxectivos de resolución ou, se o importe é inferior, até onde sexa posible.

O FROB non converterá en instrumentos de capital ordinario de nivel 1 ou amortizará unha clase de instrumentos de capital e dos pasivos admisibles recollidos no artigo 38.1 bis mentres outra clase máis subordinada non fose convertida en instrumentos de capital ordinario de nivel 1 ou amortizada na súa totalidade.

2. Cando se leve a cabo a amortización ou conversión do principal dos instrumentos de capital, ou dos pasivos admisibles a que se refire o artigo 38.1 bis:

a) A redución do principal será permanente, sen prexuízo do mecanismo para compensar os acredores previsto no artigo 36.5.

b) Non subsistirá ningunha obrigaón fronte aos titulares dos instrumentos de capital e dos pasivos admisibles do artigo 38.1 bis, respecto ao importe amortizado, excepto as obrigacións xa devindicadas ou a responsabilidade que derive como resultado dun recurso presentado contra a legalidade do exercicio da facultade de amortización.

c) Non se lle pagará ningunha indemnización ao titular dos instrumentos de capital ou dos citados pasivos admisibles, sen prexuízo do previsto no punto 3.

3. Co fin de efectuar a conversión dos instrumentos de capital e dos pasivos admisibles do artigo 38.1 bis consonte as letras b), c) e d) do punto 1 deste artigo, o FROB, nas condicións que se fixen regulamentariamente, poderalles exixir ás entidades afectadas que emitan instrumentos de capital ordinario de nivel 1 para os titulares dos instrumentos de capital adicional de nivel 1, capital de nivel 2 e os citados pasivos admisibles. Para estes efectos, o FROB poderalles exixir ás ditas entidades que manteñan en todo momento a autorización previa que se requira para a emisión.»

Dezaseis. Modifícase o título da sección 4.<sup>a</sup> do capítulo VI, que pasa a ter o seguinte teor literal:

*«Sección 4.<sup>a</sup> Pasivos susceptibles de recapitalización interna»*

Dezasete. Modifícase o artigo 41, que pasa a ter o seguinte teor literal:

*«Artigo 41. Pasivos susceptibles de recapitalización interna.*

1. Todos os pasivos que non estean expresamente excluídos ou que non se exclúsen por decisión do FROB, de acordo co previsto nesta lei, serán susceptibles

de amortización ou conversión en capital para a recapitalización interna da entidade afectada. Determinaranse regulamentariamente os criterios de admisibilidade dos pasivos, tomándose en consideración, en particular, o prazo de vencemento do instrumento, a súa natureza, o seu nivel de prelación, as garantías con que poida contar, e sempre que se trate dun instrumento emitido que estea plenamente desembolsado.

2. A autoridade de resolución preventiva, logo de informe do FROB, poderá limitar a posesión, por parte doutras entidades, de pasivos susceptibles de recapitalización interna dunha entidade, excepto se ambas as entidades forman parte do mesmo grupo e sen prexuízo das normas sobre grandes exposicións que resulten aplicables.»

Dezaoito. Dáse nova redacción á letra f) do punto 1 do artigo 42, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«f) Pasivos que teñan un prazo de vencemento restante inferior a sete días, respecto de sistemas ou operadores de sistemas designados de conformidade coa Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, ou dos seus participantes, e resultantes da participación nun destes sistemas, ou respecto de entidades de contrapartida central autorizadas na Unión Europea en virtude do artigo 14 do Regulamento (UE) n° 648/2012, e de entidades de contrapartida central de terceiros países recoñecidas pola Autoridade Europea de Valores e Mercados consonte o disposto no artigo 25 do dito regulamento.»

Dezanove. Insírese unha nova letra no punto 1 do artigo 42, tras a letra g), co seguinte teor literal:

«h) Pasivos emitidos a entidades que formen parte do mesmo grupo de resolución sen seren elas mesmas entidades de resolución, independentemente dos seus vencementos. Non obstante, non quedarán excluídos estes pasivos cando se clasifiquen por debaixo dos pasivos non garantidos ordinarios na orde de xerarquía concursal aplicable. Nos casos en que se aplique esta excepción, a autoridade de resolución preventiva da filial pertinente que non sexa unha entidade de resolución deberá avaliar se o importe dos elementos que cumpren co requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para a dita filial é suficiente para apoiar a aplicación da estratexia de resolución preferida conforme o previsto no correspondente plan de resolución.»

Vinte. Modifícanse o punto 1 e o punto 3, e insírese un novo punto 1 bis no artigo 43 co seguinte teor literal:

«1. En circunstancias excepcionais, e logo de comunicación á Comisión Europea, o FROB, nos termos e coas condicións previstas nesta lei e de acordo co procedemento que regulamentariamente se determine, poderá excluír da recapitalización interna, total ou parcialmente, certos pasivos ou categorías de pasivos susceptibles de recapitalización interna cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Non sexa posible amortizar ou converter os ditos pasivos dentro dun prazo razoable.

b) A exclusión sexa estritamente necesaria e proporcionada para:

1.º Garantir a continuidade das funcións críticas e as ramas de actividade principais de maneira tal que se manteña a capacidade da entidade obxecto de resolución de continuar as operacións, os servizos e as transaccións principais, ou

2.º Evitar que se orixine un contaxio estendido, en particular respecto dos depósitos admisibles en poder de persoas físicas, microempresas e pequenas e medianas empresas, que perturbe gravemente o funcionamento dos mercados

financeiros, incluídas as súas infraestruturas, de modo tal que se poida causar un trastorno grave á economía dun Estado membro ou á da Unión Europea.

c) Cando a aplicación do instrumento de recapitalización interna aos ditos pasivos orixinaría unha destrución do valor tal que as perdas sufridas por outros acredores serían máis elevadas que se eses pasivos se excluísen da recapitalización interna.»

«1 bis. As autoridades de resolución valorarán atentamente se os pasivos de entidades que formen parte do mesmo grupo de resolución sen seren elas mesmas entidades de resolución, e que non estean excluídos da aplicación das facultades de amortización ou de conversión en virtude do artigo 42.1.h), deben quedar excluídos total ou parcialmente, en virtude das letras a) á c) do punto anterior, para garantir a execución efectiva da estratexia de resolución.»

«3. Cando o FROB decida excluír total ou parcialmente un pasivo susceptible de recapitalización interna ou unha categoría dos ditos pasivos de conformidade con este artigo, o nivel da amortización ou conversión aplicada a outros pasivos susceptibles de recapitalización interna poderá aumentarse para ter en conta as ditas exclusións, sempre que o nivel de amortización e conversión aplicada a outros pasivos susceptibles de recapitalización interna respecte o principio establecido no artigo 4.1.d).»

Vinte e un. Insírese unha nova sección no capítulo VI, na cal se inclúen os seguintes artigos:

*«Sección 4.<sup>a</sup> bis. Requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles*

*Artigo 44. Determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.*

1. A autoridade de resolución preventiva, logo de informe do FROB e do supervisor competente, fixará o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles exixibles a cada entidade de acordo co previsto nesta sección e na súa normativa de desenvolvemento.

Desenvolveranse regulamentariamente os criterios de fixación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para cada entidade, incluído o modo de cálculo, os pasivos que poden ser incluídos para cumprir co requirimento, así como os prazos e períodos transitorios de cumprimento.

As entidades deberán cumprir en todo momento o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles nos casos requiridos.

2. Este requirimento calcularase como o importe de fondos propios e pasivos admisibles e expresaranse como porcentaxe:

a) do importe total da exposición ao risco da entidade, calculado de acordo co artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013; e

b) da medida da exposición total da entidade, calculada de acordo cos artigos 429 e 429 bis do Regulamento (UE) n.º 575/2013, que regulan o cálculo da ratio de apañamento.

*Artigo 44 bis. Pasivos admisibles para as entidades de resolución.*

1. Para seren incluídos no importe de fondos propios e pasivos admisibles das entidades de resolución, os pasivos deben cumprir os requisitos previstos nos seguintes artigos do Regulamento (UE) n.º 575/2013:

- a) o artigo 72 bis;
- b) o artigo 72 ter, coa excepción do punto 2, letra d); e
- c) o artigo 72 quáter.

2. Non obstante, cando se faga referencia aos requirimentos de fondos propios e pasivos admisibles aplicables ás EISM, recollidos nos artigos 92 bis e 92 ter do Regulamento (UE) n.º 575/2013, entenderase por pasivos admisibles aqueles definidos no seu artigo 72 duodecimos e determinados de conformidade coa parte segunda, título I, capítulo 5 bis, do dito regulamento.

3. Os pasivos correspondentes a instrumentos de débeda con derivados implícitos, como os bonos estruturados, así como os pasivos emitidos por unha filial a aqueles accionistas que non formen parte do mesmo grupo de resolución, incluíranse no importe de fondos propios e pasivos admisibles suxeitos ás condicións que se establezan regulamentariamente.

4. A autoridade de resolución preventiva, no proceso de fixación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles exigible a cada entidade de resolución na forma que regulamentariamente se desenvolva, determinará o requisito de subordinación, entendido como a proporción mínima do dito requirimento que deberá cumprirse con fondos propios, con instrumentos admisibles subordinados, ou cos pasivos emitidos por unha filial establecida na Unión a un dos seus accionistas que non forme parte do mesmo grupo de resolución, de acordo cos limiares, categorías de entidades e demais condicións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 44 ter. *Criterios para a fixación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.*

1. A autoridade de resolución preventiva, logo de informe do FROB e do supervisor competente, fixará o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles previsto no artigo 44 sobre a base dos seguintes criterios:

a) A necesidade de garantir a resolución do grupo de resolución mediante a aplicación dos instrumentos de resolución á entidade de resolución, incluído, cando proceda, o instrumento de recapitalización interna, de forma que se cumpran os obxectivos de resolución.

b) A necesidade de garantir, cando proceda, que tanto a entidade de resolución como as súas filiais que, non sendo entidades de resolución, sexan entidades ou sociedades previstas no artigo 1.2.b), c) e d) teñan un nivel suficiente de fondos propios e de pasivos admisibles para garantir que, se se lles aplicase o instrumento de recapitalización interna ou as facultades de amortización ou de conversión, respectivamente, poderían absorber as perdas e recapitalizar as entidades correspondentes.

c) A necesidade de garantir que, se o plan de resolución prevé que determinadas categorías de pasivos admisibles poderían quedar excluídos da recapitalización interna de acordo co artigo 43, ou poderían ser transferidos a un receptor na súa totalidade en virtude dunha transferencia parcial, a entidade de resolución dispoña dun nivel suficiente de fondos propios e pasivos admisibles para absorber as perdas e recapitalizarse.

d) O tamaño, modelo empresarial, modelo de financiamento e perfil de risco da entidade. En relación co perfil de risco, terase especialmente en conta a pertenza da entidade a un sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) 575/2013, do 26 de xuño, que constituíse un fondo *ex ante* que garanta que o sistema institucional de protección ten fondos directamente á súa disposición para medidas de apoio á liquidez e solvencia, ou a un sistema institucional de protección dos previstos na disposición adicional 5.ª da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades de crédito.

e) En que medida a inviabilidade da entidade tería un efecto adverso na estabilidade financeira debido, entre outras cousas, ao contaxio a outras entidades ou sociedades como consecuencia da interconexión da entidade con outras entidades ou sociedades ou co resto do sistema financeiro.

2. Para os efectos das letras b) e c) do punto anterior, entenderase por recapitalización o restablecemento da ratio de capital total ou, de ser o caso, da ratio de aparcamento das entidades de que se trate, a un nivel necesario para permitirles seguir cumprindo as condicións de autorización e proseguir as actividades para as cales foron autorizadas en virtude da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou do Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro;

3. Se o plan de resolución prevé que se deben adoptar medidas de resolución ou se deben exercer as facultades de amortización e conversión dos instrumentos de capital e pasivos admisibles pertinentes conforme o artigo 38, de conformidade co correspondente escenario que poida desencadear a inviabilidade previsto no propio plan de resolución, o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles a que se refire o artigo 44 será igual a un importe suficiente para garantir que:

a) As perdas en que se espera que incorra a entidade sexan absorbidas na súa totalidade.

b) A entidade de resolución e as súas filiais que non son entidades de resolución sexan recapitalizadas ao nivel necesario para permitirles seguir cumprindo as condicións de autorización e proseguir as actividades a que se refire o punto 2 durante un período apropiado non superior a un ano.

4. Se o plan de resolución prevé que a entidade sexa liquidada conforme o procedemento concursal, a autoridade de resolución preventiva avaliará se está xustificado limitar o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles para esta entidade de forma que non supere un importe suficiente para absorber as perdas conforme o previsto na letra a) do punto anterior.

Nesta avaliación terá en conta, en particular, calquera posible impacto sobre a estabilidade financeira e sobre o risco de contaxio ao sistema financeiro.

Artigo 44 quáter. *Exención do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.*

Non obstante o disposto no artigo 44 ter.1, letra b), as autoridades de resolución dispensarán do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 44.1 as entidades de crédito hipotecario financiadas por bonos ou obrigacións garantidos que non estean autorizadas a recibir depósitos en virtude do dereito nacional, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

a) a liquidación das ditas entidades efectuarase en procedementos nacionais de insolvencia ou noutro tipo de procedementos previstos para tales entidades e aplicados de conformidade cos artigos 26, 27 ou 28; e

b) os procedementos mencionados na letra a) garantirán que os acredores desas entidades, incluídos os titulares de bonos ou obrigacións garantidos, de ser o caso, asuman as perdas de forma que se cumpran os obxectivos de resolución.

Artigo 45. *Eliminación dos obstáculos que impidan a recapitalización interna.*

1. A autoridade de resolución preventiva, logo de informe do FROB e do supervisor competente, e como consecuencia da análise do desenvolvemento e mantemento do plan de resolución, poderá exixir ás entidades que manteñan en todo momento un importe de capital social autorizado suficiente, ou outro instrumento de capital ordinario de nivel 1, para que, no caso de que deban exercer as facultades de recapitalización interna respecto á dita entidade ou calquera das súas filiais, esta poida emitir unha cantidade suficiente de novas accións ou outros instrumentos de capital co fin de garantir que a conversión de pasivo en accións ou outros instrumentos de capital se leve a cabo de forma efectiva.

2. En todo caso, se o plan de resolución prevé unha eventual aplicación do instrumento de recapitalización interna, o capital social autorizado ou outro

instrumento de capital ordinario de nivel 1 deberán ser suficientes para cubrir a suma dos importes a que se refire o artigo 36.2.

En caso de que o importe máximo do capital autorizado previsto no artigo 297.b) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, resulte insuficiente, o dito límite poderá ser excedido por requirimento da autoridade de resolución preventiva efectuado en exercicio das competencias previstas no punto anterior. En exercicio desas competencias, tamén poderá requirir que se exceda o prazo máximo fixado no referido artigo. Tampouco resultará de aplicación o requisito de que as achegas deban ser en diñeiro.

Artigo 46. *Recoñecemento contractual da recapitalización interna.*

1. As entidades deberán incluír, nos contratos que subscriban ou nos instrumentos que emitan, unha cláusula de recoñecemento dos pasivos que con eles se creen ao exercicio da facultade de amortización e conversión do FROB, así como de acatamento, polo acreedor ou a parte do instrumento ou contrato que dea orixe aos pasivos, de calquera redución do importe principal ou debido e calquera conversión ou cancelación, derivadas do dito exercicio, sempre que os pasivos concernidos cumpran con todas as condicións seguintes:

- a) Que non estean excluídos de acordo co artigo 42.
- b) Que non constitúan un depósito dos recollidos na disposición adicional décimo cuarta, punto 1, letra b).
- c) Que estean regulados pola normativa dun Estado non pertencente á Unión Europea.
- d) Que se emitan ou contraten despois da entrada en vigor das normas sobre amortización de instrumentos de capital e recapitalización interna contidas neste capítulo.

A autoridade de resolución preventiva competente poderá requirirle á entidade que lle remita un informe xurídico sobre a executividade e eficacia das cláusulas previstas neste punto.

A autoridade de resolución preventiva poderá decidir que a obrigaón establecida no primeiro parágrafo non se aplique a aquelas entidades respecto das cales o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles previsto no artigo 44.1 sexa igual ao importe para absorción de perdas previsto no artigo 44 ter.3.a), sempre que os pasivos que cumpran as condicións establecidas no parágrafo pero non inclúan a cláusula requirida nel non se computen para os efectos do dito requirimento.

2. A obrigaón prevista no punto anterior non se aplicará cando a autoridade de resolución preventiva determine, logo de informe do FROB, que os pasivos ou instrumentos recollidos nel poden estar suxeitos ás facultades de amortización e conversión polo FROB conforme a lexislación do Estado en cuestión ou dun convenio ou tratado suscrito co dito Estado.

3. Cando unha entidade determine que non é viable, por motivos xurídicos ou doutra índole, incluír entre as disposicións contractuais aplicables a un pasivo determinado a cláusula prevista no punto 1, a dita entidade notificarallo á autoridade de resolución preventiva, incluíndo a designación da categoría do pasivo e a xustificación da dita determinación. A entidade ou sociedade facilitaralle á autoridade de resolución preventiva toda a información que a dita autoridade solicite nun prazo razoable tras a recepción da notificación, para que a autoridade de resolución preventiva avalíe o efecto desa notificación na resolubilidade da dita entidade ou sociedade.

A obrigaón de incluír entre as disposicións contractuais dun pasivo a cláusula prevista no punto 1 quedará automaticamente suspendida desde o momento en que a autoridade de resolución preventiva reciba unha notificación consonte o parágrafo anterior.



No caso de que a autoridade de resolución preventiva conclúa que si é viable, por motivos xurídicos ou doutra índole, incluír entre as disposicións contractuais a cláusula prevista no punto 1, tendo en conta a necesidade de garantir a resolubilidade da entidade ou sociedade, requirirá a inclusión desa cláusula contractual. Este requirimento deberá realizarse nun prazo razoable desde a notificación recollida no primeiro parágrafo do presente punto. A autoridade de resolución preventiva poderá, ademais, exixirle á entidade que modifique as súas prácticas relativas á aplicación da exención do recoñecemento contractual da recapitalización interna.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase por prazo razoable o que determine a Autoridade Bancaria Europea na norma técnica de regulación aprobada ao abeiro do artigo 55.6 da Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio.

4. A entidade non poderá considerar inviable a inclusión entre as disposicións contractuais da cláusula prevista no punto 1, no caso dos instrumentos de capital adicional de nivel 1, instrumentos de capital de nivel 2 ou instrumentos de débeda negociables, cando tales instrumentos sexan pasivos non garantidos.

Ademais, os pasivos a que se refire o parágrafo primeiro do punto anterior deberán ser preferentes na orde de prelación respecto dos créditos ordinarios non preferentes que resulten de instrumentos de débeda que se recollen no punto 2 da disposición adicional décimo cuarta.

5. A autoridade de resolución preventiva avaliará, no contexto da avaliación da resolubilidade dunha entidade ou sociedade, de conformidade cos artigos 15 e 16, ou en calquera outro momento, se dentro dunha categoría de pasivos que inclúa pasivos admisibles o importe dos pasivos que, de conformidade co parágrafo primeiro do punto terceiro do presente artigo, non inclúan a cláusula contractual a que se refire o punto 1, xunto cos pasivos que se exclúan da aplicación das facultades de recapitalización interna de conformidade co artigo 42, ou que é probable que se exclúan de conformidade co artigo 43, ascende a máis do 10 por cento da dita categoría.

En tal caso, a autoridade de resolución preventiva avaliará inmediatamente o seu impacto para a resolubilidade da entidade, incluídas as repercusións sobre a resolubilidade que resulten do risco de vulnerar as salvagardas dos acredores previstas no artigo 4.1.d cando se aplican as facultades para amortizar ou converter os pasivos admisibles.

En caso de concluír que constitúe un obstáculo á resolubilidade, a autoridade de resolución preventiva iniciará o procedemento previsto nos artigos 17 ou 18, segundo proceda, para eliminar o dito obstáculo á resolubilidade.

6. Os pasivos para os cales a entidade ou sociedade non inclúa entre as disposicións contractuais a cláusula requirida polo punto 1 do presente artigo ou para os cales, de conformidade co punto terceiro, non se aplique ese requisito, non se computarán para os efectos do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.

7. O incumprimento da obrigaçión establecida no punto 1 pola entidade non será obstáculo para o exercicio da facultade de amortización e conversión sobre un pasivo determinado.

8. A autoridade de resolución preventiva especificará, cando o considere necesario, as categorías de pasivos para os cales unha entidade poderá chegar á conclusión de que non é viable, por motivos xurídicos ou doutra índole, incluír a cláusula contractual a que se refire o punto 1.»

Vinte e dous. Modifícase o punto 2.º do artigo 47.1.b), que pasa a ter o seguinte teor literal:

«2.º os pasivos susceptibles de recapitalización interna emitidos pola entidade.»

Vinte e tres. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 48, que pasan a ter o seguinte teor literal:

«1. O FROB aplicará o instrumento de recapitalización interna para absorber perdas e cubrir o importe da recapitalización determinado consonte o disposto nesta lei, amortizando ou reducindo o importe das accións, instrumentos de capital ou pasivos susceptibles de recapitalización interna segundo a seguinte secuencia:

- a) Os elementos do capital ordinario de nivel 1 de forma proporcional ás perdas e até onde sexa posible.
- b) O importe principal dos instrumentos de capital adicional de nivel 1 na medida necesaria e até onde sexa posible.
- c) O importe principal dos instrumentos de capital de nivel 2 na medida necesaria e até onde sexa posible.
- d) O importe principal da débeda subordinada que non é capital adicional de nivel 1 ou 2, de acordo coa prelación dos dereitos de crédito prevista no texto refundido da Lei concursal, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio.
- e) O importe principal ou o importe pendente dos pasivos susceptibles de recapitalización interna, de acordo coa prelación dos dereitos de crédito prevista na normativa concursal aplicable.

2. Ao exercer as competencias de amortización ou conversión, o FROB asignará as perdas de forma equitativa entre as accións, outros instrumentos de capital e os pasivos susceptibles de recapitalización interna do mesmo rango, reducindo o importe principal ou o importe pendente de tales accións, outros instrumentos de capital e pasivos susceptibles de recapitalización interna nun grao proporcional ao seu valor, excepto cando se faga uso da facultade prevista no artigo 43.3.

O anterior non é obstáculo para que os pasivos excluídos conforme o disposto nesta lei reciban un trato máis favorable que os pasivos susceptibles de recapitalización interna do mesmo rango no procedemento concursal.»

Vinte e catro. Modifícanse o punto 1 e a letra a) do punto 2 do artigo 50, que pasan a ter o seguinte teor literal:

«1. No suposto recollido no artigo 43.4, o Fondo de Resolución Nacional previsto no artigo 53.1.a) poderá facer unha contribución á entidade obxecto de resolución coa finalidade de:

- a) cubrir calquera perda que non fose absorbida por pasivos susceptibles de recapitalización interna e restaurar o valor neto dos activos da entidade obxecto de resolución igualándoo a cero, ou
- b) adquirir accións ou outros instrumentos de capital da entidade obxecto de resolución, co fin de recapitalizala.»

«a) que, mediante a redución de capital, conversión ou de calquera outro modo, se realizase, por parte dos accionistas e dos tedores doutros instrumentos de capital e doutros pasivos susceptibles de recapitalización interna, unha contribución á absorción de perdas e recapitalización interna por un importe equivalente, ao menos, ao 8 por cento do total do pasivo, incluíndo os fondos propios da entidade determinados no momento da resolución segundo a valoración prevista no artigo 5, e»

Vinte e cinco. Modifícase a letra i) do artigo 64.1, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«i) Aprazar, suspender, eliminar ou modificar determinados dereitos, obrigacións, termos e condicións de todas ou algunha das emisións de instrumentos de débeda e doutros pasivos susceptibles de recapitalización interna emitidos pola entidade obxecto de resolución.»

Vinte e seis. O primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 66 pasa a ter o seguinte teor literal:

«1. A adopción de calquera medida de actuación temperá ou de resolución, incluídas as medidas previstas nos artigos 70, 70 bis e 70 ter, así como calquera feito que estea directamente relacionado coa aplicación de tal medida, non constituirá por si mesma un suposto de incumprimento nin permitirá por si mesma a ningunha contraparte declarar o vencemento, modificación, suspensión ou resolución anticipada das operacións ou contratos realizados coa entidade, instar a execución dunha garantía sobre calquera ben da entidade ou a compensación de calquera dereito ou obrigaón que derive da operación ou do contrato, nin afectalo de calquera outra maneira, e consideraranse como non postas as cláusulas que así o establezan.»

Vinte e sete. Insírese un novo parágrafo no final do punto 2 do artigo 69:

«Igualmente, o FROB informará sen demora a entidade, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, a autoridade de supervisión competente, a autoridade de resolución preventiva competente, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito e, en caso de que se trate dunha entidade con valores cotizados ou participante nalgunha das infraestruturas de mercado, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en caso de exercer a facultade prevista no artigo 70 ter, unha vez que se determinase que a entidade é inviable ou ten probabilidade de selo consonte o artigo 19.1.a.)»

Vinte e oito. Modifícase o artigo 70 e insírese unha nova sección 3.<sup>a</sup> no capítulo VII como segue:

#### «Sección 3.<sup>a</sup> Facultades de suspensión de contratos

Artigo 70. *Facultades de suspensión de obrigaóns de pagamento, contratos e garantías.*

1. O FROB disporá das facultades de suspensión ou restrición en relación con obrigaóns de pagamento ou entrega, execución de garantías ou declaración do vencemento anticipado, nos termos que se desenvolven nesta sección, con carácter de acto administrativo, por un prazo máximo que se inicia coa publicación do exercicio destas facultades a partir da apertura do proceso de resolución até as 24:00 horas do día hábil seguinte, sen prexuízo do previsto no artigo 70 ter.

2. Estas facultades non serán de aplicación:

a) aos sistemas ou operadores de sistemas designados na Lei 41/1999, do 12 de novembro, nin aos designados por outros Estados membros para os efectos do disposto na Directiva 98/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 1998, sobre a firmeza da liquidación nos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores,

b) ás entidades de contrapartida central autorizadas na Unión en virtude do artigo 14 do Regulamento (UE) n.º 648/2012 e ás entidades de contrapartida central de terceiros países recoñecidas pola AEVM consonte o disposto no artigo 25 do dito regulamento, e

c) aos bancos centrais.

Artigo 70 bis. *Facultades de suspensión tras a apertura do proceso de resolución.*

1. O FROB poderá suspender calquera obrigaón de pagamento ou entrega que derive de calquera contrato suscrito pola entidade.

En caso de aplicación das facultades previstas no parágrafo anterior ou no artigo 70 ter, cando unha obrigaón de pagamento ou de entrega se debese ter

executado durante o período de suspensión, o pagamento ou a entrega efectuaranse inmediatamente despois de expirar o dito período.

Cando as obrigacións de pagamento ou entrega que deriven dun contrato suscrito pola entidade se suspendan, as obrigacións de pagamento ou entrega das contrapartes da entidade consonte tal contrato tamén se suspenderán polo mesmo período de tempo.

2. Sen prexuízo do disposto no capítulo VI, o FROB poderá impedir ou limitar a execución de garantías sobre calquera dos activos da entidade.

Cando se aplique o artigo 67, o FROB garantirá que calquera restrición imposta de conformidade coa competencia mencionada no parágrafo anterior se aplique de forma equitativa a todas as entidades de grupo que sexan obxecto dunha determinada medida de resolución.

3. O FROB poderá suspender o dereito dunha parte a declarar o vencemento anticipado, a resolución ou a rescisión dun contrato suscrito cunha entidade en resolución, sempre que sigan exercéndose as obrigacións substantivas consonte o contrato, incluídas as obrigacións de pagamento ou entrega e a concesión de garantías.

O disposto neste punto resultará tamén de aplicación a aqueles contratos suscritos cunha filial da entidade obxecto de resolución cando:

a) As obrigacións creadas por tal contrato estean garantidas ou avaladas pola entidade en resolución.

b) Os dereitos de vencemento anticipado, resolución ou rescisión do dito contrato teñan como único motivo a insolvencia ou a situación financeira da entidade en resolución.

c) No caso de que se exercese ou se poida exercer a potestade de transferir accións ou outros instrumentos de capital, activos ou pasivos, cando os activos e pasivos da filial relativa ao contrato se transferisen ou poidan transferirse a un comprador ou cando o FROB confira de calquera modo protección ás ditas obrigacións.

4. Non obstante o disposto no punto anterior, unha persoa poderá exercer o dereito de declarar o vencemento anticipado, a resolución ou a rescisión do contrato antes de que finalice o período de suspensión, sempre que o FROB lle notifique previamente que os activos e pasivos cubertos polo contrato non serán transmitidos a outra entidade ou sometidos ao instrumento de recapitalización interna.

No caso de que se exerza o dereito de suspensión e non se realice a notificación prevista no parágrafo anterior, poderase exercer o dereito de declarar o vencemento anticipado, a resolución ou a rescisión do contrato:

a) Se os activos e pasivos foron transmitidos a outra entidade, unicamente no caso de que se produza un evento que dea lugar ao vencemento anticipado, á resolución ou á rescisión do contrato por parte da entidade receptora de maneira continuada ou posteriormente.

b) Se a entidade en resolución mantén os activos e pasivos e o FROB non lles aplica o instrumento de recapitalización interna, cando finalice o período de suspensión.

5. Ao exercer as competencias a que se refire o primeiro parágrafo do punto 1 do presente artigo, o FROB terá en conta os efectos que o exercicio de tales competencias poida ter sobre o funcionamento ordenado dos mercados financeiros.

*Artigo 70 ter. Facultades de suspensión con carácter previo á apertura dun proceso de resolución.*

1. O FROB poderá, así mesmo, exercer as facultades previstas no artigo 70 bis.1 en relación con calquera obrigación de pagamento ou entrega derivada de

calquera contrato suscrito por unha entidade ou unha sociedade recollida no artigo 1.2.b), c) e d), logo de consulta ao supervisor competente, que responderá coa maior brevidade posible, cando se cumplan todas as condicións seguintes:

a) Que se determinou que a entidade ou sociedade é inviable ou é razoablemente previsible que o vaia ser nun futuro próximo consonte o artigo 19.1.a).

b) Que non existe ningunha medida do sector privado inmediatamente dispoñible das referidas no artigo 19.1.b) que poida impedir a inviabilidade da entidade ou sociedade.

c) Que o exercicio da facultade de suspensión se considera necesario para evitar unha maior deterioración da situación financeira da entidade ou sociedade.

d) Que o exercicio da facultade de suspensión é:

1.º necesario para determinar a circunstancia prevista no artigo 19.1.c); ou

2.º necesario para elixir as medidas de resolución adecuadas ou para garantir a aplicación eficaz dun ou máis instrumentos de resolución.

2. O período de suspensión previsto no punto 1 será tan curto como sexa posible e non excederá o período mínimo que o FROB considere necesario para os fins indicados no punto 1, letras c) e d), e en ningún caso terá unha duración maior que o período transcorrido desde a publicación dunha notificación de suspensión consonte o punto 2 do artigo 69 até o final do día hábil seguinte ao da súa publicación.

Ao terminar o período de suspensión a que se refire o parágrafo primeiro, a suspensión deixará de ter efecto.

3. Cando exerza as súas facultades consonte o punto 1 do presente artigo, o FROB terá en conta os efectos que o exercicio de tales facultades poida ter sobre o bo funcionamento dos mercados financeiros e tomará en consideración a normativa concursal, os poderes das autoridades de supervisión e as competencias xudiciais para salvagardar os dereitos dos acredores e o trato equitativo dos acredores se a entidade for liquidada no marco dun procedemento concursal. O FROB terá en conta en particular a aplicación potencial da liquidación á entidade ou sociedade no marco dun procedemento concursal como resultado da determinación de interese público do artigo 19.1.c).

4. Cando o FROB exerza a facultade de suspender obrigacións de pagamento ou de entrega consonte o punto 1, durante o período de aplicación da dita suspensión o FROB tamén poderá exercer a facultade de:

a) Restringir os acredores garantidos da dita entidade en relación con calquera dos activos da dita entidade durante o mesmo período, caso en que se aplicará o disposto no artigo 70 bis.2.

b) Suspender os dereitos de rescisión de calquera parte nun contrato coa entidade ou sociedade en cuestión durante o mesmo período, caso en que se aplicarán as disposicións contidas no artigo 70 bis.3.

5. En caso de que, tras determinar que unha entidade é inviable ou ten probabilidade de selo consonte o artigo 19.1.a), o FROB exercese a facultade de suspender as obrigacións de pagamento ou de entrega nas circunstancias previstas nos puntos 1 ou 4 deste artigo, e se con posterioridade se toma unha medida de resolución con respecto á entidade en cuestión, o FROB non exercerá as súas facultades consonte o artigo 70 bis con respecto á entidade.

*Artigo 70 quáter. Ámbito de aplicación das facultades de suspensión das obrigacións de pagamento ou entrega.*

1. O FROB establecerá o ámbito de aplicación da facultade a que se refiren os artigos 70 bis.1 e 70 ter tendo en conta as circunstancias de cada caso. En particular,

o FROB avaliará cuidadosamente a conveniencia de estender a suspensión aos depósitos admisibles de conformidade coa definición do artigo 4 do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito, especialmente a depósitos garantidos en poder de persoas físicas e microempresas e pequenas e medianas empresas.

2. Cando se exerza a facultade de suspender obrigacións de pagamento ou de entrega respecto de depósitos admisibles prevista neste artigo, o FROB permitirá o acceso a un importe diario que este determine en cada caso. Poderá determinarse un único importe diario común ou importes diferenciados en función das categorías de depositantes con depósitos garantidos que se determinen, que poderán ser:

- a) persoas físicas;
- b) fundacións, asociacións e comunidades de bens;
- c) entidades do terceiro sector de acción social definidas de conformidade co artigo 2 da Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social;
- d) pequenas e medianas empresas, definidas de conformidade co anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014, do 17 de xuño de 2014, que non teñan a forma de persoas físicas;
- e) outras persoas xurídicas.

Artigo 70 quinquies. *Recoñecemento contractual das facultades de suspensión da resolución.*

1. Cando as entidades subscriban contratos financeiros que estean suxeitos ao dereito dun Estado non pertencente á Unión Europea, deberán incluír unha cláusula pola cal as partes recoñezan que o dito contrato pode estar suxeito ao exercicio das facultades do FROB de suspender ou restrinxir os dereitos e as obrigacións previstas nos artigos 70, 70 bis e 70 ter, e someterse aos requisitos establecidos no artigo 66.

2. Así mesmo, as empresas matriz aseguraranse de que as súas filiais establecidas nun Estado non pertencente á Unión Europea inclúan nos contratos financeiros mencionados no punto 1 cláusulas polas cales se exclúa que o exercicio da facultade do FROB de suspender ou restrinxir os dereitos e as obrigacións da empresa matriz, de conformidade co punto 1, constitúa un motivo válido para a rescisión, suspensión, modificación, compensación, compensación por saldos netos ou execución de garantías anticipada, sempre que os ditos contratos financeiros conteñan obrigacións cuxo cumprimento estea garantido ou asegurado por unha entidade española pertencente ao grupo de resolución da empresa matriz.

O requisito establecido no parágrafo primeiro aplicarase respecto de filiais establecidas nun Estado non pertencente á Unión Europea que sexan:

- a) entidades de crédito;
- b) empresas de servizos de investimento (ou que o serían se tivesen un domicilio social en España); ou
- c) entidades financeiras.

3. O punto 1 aplicarase a todo contrato financeiro que:

- a) Cree unha nova obrigación ou modifique substancialmente unha obrigación existente despois da entrada en vigor do real decreto lei.
- b) Preveña o exercicio dun ou máis dereitos de vencemento anticipado, resolución ou rescisión ou dereitos de execución de garantías, aos cales serían de aplicación os artigos 66 e 70 a 70 quáter, ambos incluídos, en caso de que o contrato financeiro se rexese pola lexislación dun Estado membro.

4. Cando unha entidade non inclúa a cláusula contractual exixida de conformidade co punto 1 do presente artigo, iso non lle impedirá ao FROB aplicar

as facultades previstas nos artigos 66 e 70 a 70 quáter, ambos incluídos, en relación co dito contrato financeiro.»

Vinte e nove. Modifícase a letra a) do artigo 73.1, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«a) Os accionistas, socios ou socias da entidade emisora dos instrumentos de capital e pasivos susceptibles de recapitalización interna que representen ao menos un 5 por cento do capital social e, de ser o caso, a entidade integramente participada a través da cal se instrumentase a emisión.»

Trinta. Modifícase o artigo 76.1, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«1. A tramitación dos procedementos sancionadores e imposición das sancións que deriven das infraccións tipificadas nesta lei correspóndelles ás seguintes autoridades:

a) Ao FROB cando se trate de infraccións relacionadas coas súas funcións como autoridade de resolución executiva e, en particular, daquelas que supoñan a vulneración das normas previstas nos capítulos IV a VII, excepto as que correspondan ao Banco de España ou á Comisión Nacional do Mercado de Valores conforme o previsto nas letras b) e c).

b) Ao Banco de España cando se trate de infraccións relacionadas coas súas funcións como supervisor competente e como autoridade de resolución preventiva, en particular, daquelas que supoñan a vulneración das normas previstas nos capítulos II e III, así como das previstas na sección 4.<sup>a</sup> bis do capítulo VI e nos artigos 21.4, 26.7.f).3.<sup>o</sup>, 41.2 e 70 quinquies.

c) Á Comisión Nacional do Mercado de Valores cando se trate de infraccións relacionadas coas súas funcións como supervisor competente e como autoridade de resolución preventiva, en particular, das que supoñan a vulneración das normas previstas nos capítulos II e III, así como das previstas na sección 4.<sup>a</sup> bis do capítulo VI e nos artigos 21.4, 26.7.f).3.<sup>o</sup>, 41.2 e 70 quinquies.»

Trinta e un. Engádense dúas novas letras q) e r) ao artigo 79 co seguinte teor literal:

«q) O incumprimento da obrigaón de incluír algunha das cláusulas a que fai referencia o artigo 46 ou o 70 quinquies que non teña carácter ocasional ou illado.

r) Incorrer nunha cobertura insuficiente do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles, cando estes se sitúen por debaixo do 80 por cento do mínimo fixado pola autoridade de resolución preventiva, permanecendo en tal situación por un período de, ao menos, seis meses.»

Trinta e dous. Engádense tres novas letra p), q) e r) ao artigo 80, co seguinte contido:

«p) Realizar algunha das distribucións previstas no artigo 16 bis.1 sen ter realizado previamente a comunicación a que se refire o último parágrafo do dito punto.

q) O incumprimento da obrigaón de incluír algunha das cláusulas a que fai referencia o artigo 46 ou o 70 quinquies, cando teña carácter meramente ocasional ou illado.

r) Incorrer nunha cobertura insuficiente do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles fixado pola autoridade de resolución preventiva, permanecendo en tal situación por un período de, ao menos, seis meses, sempre que iso non supoña a comisión dunha infracción moi grave conforme o disposto no artigo anterior.»

Trinta e tres. Modifícase a disposición adicional novena como segue:

«Disposición adicional novena. *Entidades financeiras e outro tipo de sociedades.*

Esta lei será de aplicación ás entidades e sociedades previstas no artigo 1.2.b), c) e d) na medida necesaria para facer plenamente efectivos os obxectivos e

principios de resolución previstos nos artigos 3 e 4, e dar estrito cumprimento ao previsto na Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio; e, en particular, seralles de aplicación o disposto nos artigos 3, 4, 5, 6.6, 7, 14, 16, 16 bis, 17.2 bis, 18, 21, 24, 25, 38 a 40, 42, 45, 46, 49, 58, 63 a 65, 67, 70 a 70 quinquies e 71, a disposición adicional quinta, a disposición adicional décimo cuarta, puntos 2 e 3, e a disposición adicional décimo quinta, sen prexuízo daqueles outros preceptos da lei cuxa literalidade comprenda ou exixa a súa aplicación a estas entidades e sociedades.»

Trinta e catro. Dáse unha nova redacción á disposición adicional décimo cuarta co seguinte teor literal:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Réxime aplicable en caso de concurso dunha entidade.*

En caso de concurso dunha entidade das previstas no artigo 1.2 desta lei:

1. Serán considerados créditos con privilexio xeral, con posterioridade na orde de prelación aos créditos con privilexio xeral previstos no artigo 280.5.º do texto refundido da Lei concursal, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio:

a) os depósitos garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito e os dereitos en que se subrogase o dito fondo se fíxese efectiva a garantía,

b) a parte dos depósitos das persoas físicas e das microempresas, pequenas e medianas empresas que exceda o nivel garantido previsto no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, e os depósitos das persoas físicas e das microempresas, pequenas e medianas empresas que serían depósitos garantidos se non estivesen constituídos a través de sucursais situadas fóra da Unión Europea de entidades establecidas na Unión Europea.

2. Serán considerados créditos ordinarios non preferentes, posteriores na orde de prelación ao resto dos créditos ordinarios previstos no artigo 269.3 do texto refundido da Lei concursal, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, aqueles que resulten de instrumentos de débeda que cumpran as seguintes condicións:

a) que fosen emitidos ou creados cun prazo de vencemento efectivo igual ou superior a un ano;

b) que non sexan instrumentos financeiros derivados nin teñan instrumentos financeiros derivados implícitos; e

c) que os termos e condicións e, de ser o caso, o folleto relativo á emisión inclúan unha cláusula en que se estableza que teñen unha prelación concursal inferior fronte ao resto de créditos ordinarios e que, por tanto, os créditos derivados destes instrumentos de débeda serán satisfeitos con posterioridade aos restantes créditos ordinarios.

Os créditos ordinarios que reúnan as condicións enumeradas nas letras anteriores terán unha prelación superior aos créditos subordinados incluídos no artigo 281 do texto refundido da Lei concursal e serán satisfeitos con anterioridade a estes.

3. Os créditos subordinados incluídos no ordinal 2.º do artigo 281.1 do texto refundido da Lei concursal terán a seguinte prelación:

1.º O importe principal da débeda subordinada que non sexa capital adicional de nivel 1 ou capital nivel 2.

2.º O importe principal dos instrumentos de capital de nivel 2.



3.º O importe principal dos instrumentos de capital adicional de nivel 1.

Todos os créditos derivados dos instrumentos de capital de nivel 2 e dos instrumentos de capital adicional de nivel 1 recollidos nos ordinais 2.º e 3.º do parágrafo anterior, con independencia de que só estean parcialmente recoñecidos como instrumentos de capital de nivel 2 ou instrumentos de capital adicional de nivel 1, serán posteriores na orde de prelación ao resto de créditos incluídos no artigo 281.1 do texto refundido da Lei concursal e serán satisfeitos con posterioridade a estes.»

**Artigo oitavo.** *Modificación do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.*

O texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, queda modificado como segue:

Dáse nova redacción á disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Comercialización a retallistas de instrumentos financeiros de débeda recollidos na letra a), punto 2.º do anexo desta lei, que, pola súa vez, sexan pasivos admisibles para a recapitalización interna de acordo co establecido na sección 4.ª bis do capítulo VI da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e de instrumentos de débeda subordinada que non teñan esa consideración.*

1. A comercialización ou colocación entre clientes ou investidores retallistas de emisións de instrumentos financeiros de débeda recollidos na letra a), punto 2.º, do anexo desta lei, que, pola súa vez, sexan pasivos susceptibles para a recapitalización interna para as entidades de resolución e as entidades que non son entidades de resolución de acordo co establecido na sección 4.ª bis do capítulo VI da Lei 11/2015, do 18 de xuño; de participacións preferentes, instrumentos de débeda convertibles ou financiamentos subordinados computables como recursos propios conforme a normativa de solvencia de entidades de crédito e de instrumentos de débeda subordinada que non teñan esa consideración, exixirá o cumprimento dos requisitos previstos nos puntos 2 e 3:

Como excepción ao disposto no parágrafo anterior, non estarán suxeitos aos requisitos de comercialización os pasivos admisibles a que se refire o primeiro parágrafo deste punto e que cumpran co disposto no artigo 72 bis, punto 1, letra b), do Regulamento (UE) n.º 575/2013.

2. Os requisitos a que se refire o punto anterior serán os seguintes:

a) A emisión deberá contar cun tramo dirixido exclusivamente a clientes ou investidores profesionais de ao menos o cincuenta por cento do total desta, sen que o número total de tales investidores poida ser inferior a cincuenta, e sen que sexa de aplicación a este suposto o previsto no artigo 206 desta lei.

b) O comercializador ou colocador entre clientes ou investidores retallistas dos instrumentos financeiros a que se refire o presente punto deberá avaliar a idoneidade de tales instrumentos para o cliente conforme o establecido no artigo 213 desta lei.

En caso de que a carteira de instrumentos financeiros do cliente, no momento en que vaia realizar a compra, non exceda os 500.000 euros, para que o comercializador ou colocador poida considerar que o instrumento resulta idóneo, ademais de cumprir co resto dos requisitos previstos na normativa, deberá verificar o cumprimento das seguintes condicións:

1.º Que o investimento total do cliente nos instrumentos financeiros definidos no primeiro parágrafo deste artigo, incluída a compra obxecto de análise, non supera o 10 por cento da súa carteira de instrumentos financeiros. Para estes

efectos, a carteira de instrumentos financeiros do cliente incluírá depósitos de efectivo e instrumentos financeiros, e quedan excluídos aqueles instrumentos financeiros que o cliente achegase en garantía das súas obrigacións.

2.º Que o importe inicial investido nun ou varios dos instrumentos definidos no primeiro parágrafo deste artigo ascende ao menos a 10.000 euros.

3. Os instrumentos financeiros mencionados no punto 1 da presente disposición adicional poderán tamén comercializarse entre investidores retalistas sen suxeición aos requisitos previstos na letra b) do punto 2, sempre que, ademais de cumprirse o establecido na letra a) do dito punto 2, o valor nominal unitario mínimo da emisión deses instrumentos sexa de 100.000 euros.

4. O disposto nos puntos anteriores non resultará de aplicación no ámbito das accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada regulados no capítulo VII desta lei nin aos instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada emitidos co obxecto de trocar outros valores deste tipo emitidos con anterioridade ao 31 de agosto de 2012.

5. Esta disposición ten a consideración de norma de ordenación e disciplina do mercado de valores, e o seu incumprimento constitúe unha infracción moi grave conforme o previsto no título VIII deste texto refundido.

6. A presente disposición non se aplicará aos instrumentos financeiros de débeda emitidos antes do 28 de decembro de 2020 e recollidos na letra a), punto 2.º, do anexo desta lei que, pola súa vez, sexan pasivos susceptibles para a recapitalización interna para as entidades de resolución e as entidades que non son entidades de resolución, de acordo co establecido na sección 4.ª bis do capítulo VI da Lei 11/2015, do 18 de xuño.»

#### TÍTULO IV

### **Transposición dos artigos 49.2 e 50 da Directiva (UE) 2018/1972 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, pola que se establece o Código europeo das comunicacións electrónicas**

#### **Artigo noveno.** *Modificación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.*

Modifícase o artigo 64.2 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, que queda redactado como segue:

«2. Os dereitos de uso privativo con limitación de número terán a duración prevista nos correspondentes procedementos de licitación. Á hora de determinar no procedemento de licitación a duración concreta dos dereitos de uso, teranse en conta, entre outros criterios, a necesidade de garantir a competencia, un uso eficaz e eficiente do dominio público radioeléctrico e de promover a innovación e os investimentos eficientes, mesmo autorizando un período apropiado de amortización dos investimentos, as obrigacións vinculadas aos dereitos de uso, como a cobertura mínima que se impoña, e as bandas de frecuencias cuxos dereitos de uso se outorguen.

Os dereitos de uso privativo con limitación de número terán a duración mínima de vinte anos.

No caso de que resulte necesario para incentivar o investimento eficiente e rendible en infraestruturas, os dereitos de uso privativo con limitación de número poderán ser obxecto dunha prórroga, por unha soa vez, por unha duración mínima de cinco anos e unha duración máxima de vinte anos adicionais. A duración concreta da prórroga determinarase no prego regulador da licitación.

Os criterios concretos para o outorgamento da prórroga determinarase no prego regulador da licitación e basearase nalgún dos seguintes criterios xerais:

- a) O uso eficaz e eficiente do dominio público radioeléctrico de que se trate.

- b) O cumprimento de obxectivos de cobertura territorial e de poboación.
- c) O cumprimento de obxectivos de alta calidade e velocidade.
- d) O cumprimento de obxectivos de cobertura dos grandes corredores de transporte.
- e) O cumprimento de obxectivos de alta calidade e velocidade.
- f) As achegas ao desenvolvemento de novas tecnoloxías e aplicacións sen fíos.
- g) O cumprimento de obxectivos de interese xeral de protección da seguridade da vida humana.
- h) O cumprimento de obxectivos de interese xeral de protección da orde pública, a seguridade pública ou a seguridade nacional.
- i) O cumprimento de calquera compromiso asumido no procedemento de licitación.
- j) A necesidade de garantir unha competencia non falseada.

O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, antes do prazo de dous anos contado desde a data de finalización do período de vixencia inicial do título habilitante, realizará unha avaliación obxectiva dos criterios concretos para o outorgamento da prórroga determinados no prego regulador da licitación. Os interesados disporán dun prazo de 3 meses para presentar alegacións no expediente de prórroga do título habilitante. Partindo da dita avaliación, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, decidirá sobre o outorgamento da prórroga.

Salvo que nos correspondentes procedementos de licitación se prevese que non poden ser obxecto de renovación, os dereitos de uso privativo con limitación de número poderán ser renovados antes do termo da súa duración.»

## TÍTULO V

### **Transposición de directivas da Unión Europea en materia do imposto sobre o valor engadido**

**Artigo décimo.** *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Engádesse un novo punto tres ao artigo 8, que queda redactado da seguinte forma:

«Tres. Para os efectos desta lei, entenderase por:

1.º «Vendas a distancia intracomunitarias de bens»: as entregas de bens que fosen expedidos ou transportados polo vendedor, directa ou indirectamente, ou pola súa conta, a partir dun Estado membro distinto do de chegada da expedición ou do transporte con destino ao cliente, cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que os destinatarios das citadas entregas sexan as persoas cuxas adquisicións intracomunitarias de bens non estean suxeitas ao imposto en virtude do disposto no artigo 14 desta lei, ou no precepto equivalente a este que resulte aplicable no Estado membro de chegada da expedición ou o transporte, ou ben calquera outra persoa que non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal.

b) Que os bens obxecto das ditas entregas sexan bens distintos dos que se indican a continuación:

a') Medios de transporte novos, definidos no artigo 13.2.º desta lei.

b') Bens obxecto de instalación ou montaxe a que se refire o artigo 68.dous.2.º desta lei.

2.º «Vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros»: as entregas de bens que fosen expedidos ou transportados polo vendedor, directa ou indirectamente, ou pola súa conta, a partir dun país ou territorio terceiro con destino a un cliente situado nun Estado membro, cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que os destinatarios das citadas entregas sexan as persoas cuxas adquisicións intracomunitarias de bens non estean suxeitas ao imposto en virtude do disposto no artigo 14 desta lei, ou no precepto equivalente a este que resulte aplicable no Estado membro de chegada da expedición ou do transporte, ou ben calquera outra persoa que non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal.

b) Que os bens obxecto das ditas entregas sexan bens distintos dos que se indican a continuación:

a') Medios de transporte novos, definidos no artigo 13.2.º desta lei.

b') Bens obxecto de instalación ou montaxe a que se refire o artigo 68.dous.2.º desta lei.»

Dous. Engádesse un novo artigo 8 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 8 bis. *Entregas de bens facilitadas a través dunha interface dixital.*

Cando un empresario ou profesional, utilizando unha interface dixital como un mercado en liña, unha plataforma, un portal ou outros medios similares, facilite:

a) a venda a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros en envíos cuxo valor intrínseco non exceda os 150 euros, ou

b) a entrega de bens no interior da Comunidade por parte dun empresario ou profesional non establecido na Comunidade a unha persoa que non teña a condición de empresario ou profesional actuando como tal, considerárase en ambos os supostos que o empresario ou profesional titular da interface dixital recibiu e entregou por si mesmo os correspondentes bens e que a expedición ou o transporte dos bens se encontra vinculado á entrega por el realizada.

Para os efectos do previsto nesta lei, a determinación do valor intrínseco dos bens efectuarase nos termos previstos na lexislación alfandegueira.»

Tres. Modifícase a letra h) do número 3.º do artigo 9, que queda redactada da seguinte forma:

«h) As entregas de gas a través dunha rede de gas natural situada no territorio da Comunidade ou de calquera rede conectada á dita rede, as entregas de electricidade ou as entregas de calor ou de frío a través das redes de calefacción ou de refrixeración, que se considerarían efectuadas noutro Estado membro da Comunidade consonte os criterios establecidos no artigo 68.seis desta lei.»

Catro. Modifícanse as letras d) e g) do número 1.º do artigo 13, que quedan redactadas da seguinte forma:

«d) As adquisicións de bens que se correspondan coas vendas a distancia comprendidas no artigo 68.tres.a) desta lei.»

«g) As adquisicións de bens que se correspondan coas entregas de gas a través dunha rede de gas natural situada no territorio da Comunidade ou de calquera rede conectada á dita rede, as entregas de electricidade ou as entregas de calor ou de frío a través das redes de calefacción ou de refrixeración que se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto de acordo co artigo 68.seis desta lei.»

Cinco. Modifícase o punto dous do artigo 14, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. A non suxeición establecida no punto anterior só se aplicará respecto das adquisicións intracomunitarias de bens, efectuadas polas persoas indicadas, cando o importe total das adquisicións de bens procedentes dos demais Estados membros, excluído o imposto devindicado nos ditos Estados, non acadase no ano natural precedente os 10.000 euros.

A non suxeición aplicarase no ano natural en curso até alcanzar o citado importe.

Na aplicación do límite a que se refire este punto debe considerarse que o importe da contraprestación relativa aos bens adquiridos non poderá fraccionarse para estes efectos.

Para o cálculo do límite indicado neste punto computarase o importe da contraprestación das entregas de bens a que se refire o artigo 8.tres.1.º desta lei cando, por aplicación das regras comprendidas no artigo 68 desta lei, se entendan realizadas fóra do territorio de aplicación do imposto.»

Seis. Engádesse un novo artigo 20 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20 bis. *Exención das entregas de bens facilitadas a través dunha interface dixital.*

Estarán exentas do imposto, no suposto previsto no artigo 8 bis.b) desta lei, as entregas de bens efectuadas a favor do empresario ou profesional que facilite a entrega a través da interface dixital, cando tales entregas se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto.»

Sete. Suprímese o artigo 34.

Oito. Engádeselle un novo número 4.º ao artigo 66, que queda redactado da seguinte forma:

«4.º As importacións de bens, cando o imposto sobre o valor engadido deba declararse en virtude do réxime especial previsto no título IX, capítulo XI, sección 4.ª desta lei, ou da normativa equivalente aplicable no Estado membro de chegada da expedición ou transporte do ben e o vendedor ou o intermediario que actúe pola súa conta achegase á alfándega o número de identificación individual asignado para a aplicación do dito réxime especial, consonte o establecido no artigo 163 septvicies desta lei, ou na normativa aplicable no Estado membro de identificación, como moi tarde no momento de presentar a declaración alfandegueira de importación.»

Nove. Modifícase o artigo 68, que queda redactado da seguinte forma.

«Artigo 68. *Lugar de realización das entregas de bens.*

O lugar de realización das entregas de bens determinarase segundo as regras seguintes:

Un. As entregas de bens que non sexan obxecto de expedición ou transporte entenderanse realizadas no territorio de aplicación do imposto cando os bens se poñan á disposición do adquirente no dito territorio.

Dous. Tamén se entenderán realizadas no territorio de aplicación do imposto:

1.º A) As entregas de bens mobles corporais que deban ser obxecto de expedición ou transporte con destino ao adquirente, distintas das sinaladas nos puntos tres e catro seguintes, cando a expedición ou transporte se inicien no referido territorio.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o lugar de iniciación da expedición ou do transporte dos bens que deban ser obxecto de importación estea situado nun país terceiro, as entregas deles efectuadas polo importador e, de ser o caso, por

sucesivos adquirentes entenderanse realizadas no territorio de aplicación do imposto.

B) Para os efectos do disposto no primeiro parágrafo da letra A) anterior, de se tratar de bens obxecto de entregas sucesivas, enviados ou transportados con destino a outro Estado membro directamente desde o primeiro provedor ao adquirente final da cadea, a expedición ou transporte entenderase vinculada unicamente á entrega de bens efectuada a favor do intermediario.

Non obstante, a expedición ou o transporte entenderase vinculada unicamente á entrega efectuada polo intermediario cando comunicase ao seu provedor un número de identificación fiscal, para efectos do imposto sobre o valor engadido, subministrado polo Reino de España.

Para os efectos dos dous parágrafos anteriores, entenderase por intermediario un empresario ou profesional distinto do primeiro provedor, que expida ou transporte os bens directamente, ou por un terceiro no seu nome e pola súa conta.

O anterior non será de aplicación aos supostos previstos no artigo 8 bis desta lei.

2.º As entregas dos bens que deban ser obxecto de instalación ou montaxe antes da súa posta á disposición, cando a instalación se ultime no referido territorio e sempre que a instalación ou montaxe implique a inmovilización dos bens entregados.

3.º As entregas de bens inmoebles que radiquen no dito territorio.

4.º As entregas de bens aos pasaxeiros que se efectúen a bordo dun buque, dun avión ou dun tren, no curso da parte dun transporte realizada no interior da Comunidade, cuxo lugar de inicio se encontre no ámbito espacial do imposto e o lugar de chegada noutro punto da Comunidade.

Cando se trate dun transporte de ida e volta, o traxecto de volta considerase como un transporte distinto.

Para os efectos deste número, considerase como:

a) A parte dun transporte realizada no interior da Comunidade: a parte dun transporte que, sen escalas en territorios terceiros, discorra entre os lugares de inicio e de chegada situados na Comunidade.

b) Lugar de inicio: o primeiro lugar previsto para o embarque de pasaxeiros no interior da Comunidade, incluso despois da última escala fóra da Comunidade.

c) Lugar de chegada: o último lugar previsto para o desembarque na Comunidade de pasaxeiros embarcados tamén nela, incluso antes doutra escala en territorios terceiros.

Tres. Entenderanse tamén realizadas no territorio de aplicación do imposto:

a) As vendas a distancia intracomunitarias de bens cando o dito territorio sexa o lugar de chegada da expedición ou do transporte con destino ao cliente.

A regra anterior non resultará de aplicación cando se cumpran os seguintes requisitos:

a') que as vendas sexan efectuadas por un empresario ou profesional que actúe como tal establecido unicamente noutro Estado membro por ter nel a sede da súa actividade económica ou o seu único establecemento ou establecementos permanentes na Comunidade ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio permanente ou residencia habitual; e

b') que non se superase o límite previsto no artigo 73 desta lei, nin se exercese a opción de tributación en destino prevista no dito artigo, ou os seus equivalentes na lexislación do Estado membro referido na letra a').

b) As vendas a distancia intracomunitarias de bens efectuadas por un empresario ou profesional que actúe como tal establecido unicamente no territorio

de aplicación do imposto por ter nel sede da súa actividade económica, ou o seu único establecemento ou establecementos permanentes na Comunidade ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio permanente ou residencia habitual, e se cumpran os seguintes requisitos:

a') cando o territorio de aplicación do imposto sexa o lugar de inicio da expedición ou do transporte con destino ao cliente;

b') que non se superase o límite previsto no artigo 73 desta lei nin se exercese a opción de tributación en destino prevista no dito artigo.

c) As vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros nun Estado membro distinto do de chegada da expedición ou do transporte con destino ao cliente, cando o territorio de aplicación do imposto sexa o lugar de chegada da dita expedición ou transporte.

d) As vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros no Estado membro de chegada da expedición ou do transporte con destino ao cliente cando o territorio de aplicación do imposto sexa o lugar de chegada da dita expedición ou transporte, sempre que se declare o imposto sobre o valor engadido das ditas vendas mediante o réxime especial do título IX, capítulo XI, sección 4.<sup>a</sup>, desta lei.

O previsto neste punto non resultará de aplicación aos bens cuxas entregas tributasen conforme o réxime especial de bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección no Estado membro de inicio da expedición ou transporte.

Catro. Non se entenderán realizadas no territorio de aplicación do imposto as entregas de bens cuxa expedición ou transporte se inicie no dito territorio con destino a outro Estado membro de chegada desa expedición ou transporte ao cliente final, cando se trate de vendas a distancia intracomunitarias de bens referidas na letra b) do punto tres anterior, cando non se cumpra, ou desde o momento que deixe de cumprirse, a condición da letra b').

Malia o disposto no parágrafo anterior, as referidas entregas de bens non se entenderán realizadas, en ningún caso, no territorio de aplicación do imposto cando os bens sexan obxecto dos impostos especiais e os seus destinatarios sexan as persoas cuxas adquisicións intracomunitarias de bens non estean suxeitas ao imposto en virtude do disposto no artigo 14 desta lei ou no precepto equivalente a este que resulte aplicable no Estado membro de chegada da expedición ou o transporte.

Cinco. As entregas de bens que sexan obxecto de impostos especiais, efectuadas nas condicións descritas no punto tres, letra a), entenderanse, en todo caso, realizadas no territorio de aplicación do imposto cando o lugar de chegada da expedición ou do transporte se encontre no referido territorio e os destinatarios das citadas entregas sexan as persoas cuxas adquisicións intracomunitarias de bens non estean suxeitas ao imposto en virtude do disposto no artigo 14 desta lei.

O importe das entregas de bens a que se refire este punto non se computará para os efectos de determinar o límite previsto no artigo 73 desta lei.

Seis. As entregas de gas a través dunha rede de gas natural situada no territorio da Comunidade ou de calquera rede conectada á dita rede, as entregas de electricidade ou as entregas de calor ou de frío a través das redes de calefacción ou de refrixeración entenderanse efectuadas no territorio de aplicación do imposto nos supostos que se citan a continuación:

1.º As efectuadas a un empresario ou profesional revendedor, cando este teña a sede da súa actividade económica ou posúa un establecemento permanente ou, na súa falta, o seu domicilio no citado territorio, sempre que esas entregas teñan por destinatarios a dita sede, establecemento permanente ou domicilio.

Para estes efectos, entenderase por empresario ou profesional revendedor aquel cuxa actividade principal respecto das compras de gas, electricidade, calor ou frío consista na súa revenda e o consumo propio destes sexa insignificante.

2.º Calquera outra, cando o adquirente efectúe o uso ou consumo efectivos de tales bens no territorio de aplicación do imposto. Para estes efectos, considerarase que tal uso ou consumo se produce no citado territorio cando nel se encontre o contador en que se efectúe a súa medición.

Cando o adquirente non consuma efectivamente o total ou parte deses bens, os non consumidos consideraranse usados ou consumidos no territorio de aplicación do imposto cando o adquirente teña neste territorio a sede da súa actividade económica ou posúa un establecemento permanente ou, na súa falta, o seu domicilio, sempre que as entregas tivesen por destinatarios a dita sede, establecemento permanente ou domicilio.»

Dez. Modifícanse os ordinais 4.º e 8.º do punto un do artigo 70, que quedan redactados da seguinte forma:

«4.º Os prestados por vía electrónica, de telecomunicacións e de radiodifusión e televisión, cando o destinatario non sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, sempre que este se encontre establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual no territorio de aplicación do imposto, nos seguintes casos:

a) Cando concorran os seguintes requisitos:

a') que sexan efectuados por un empresario ou profesional que actúe como tal establecido unicamente noutro Estado membro por ter nel a sede da súa actividade económica, ou o seu único establecemento ou establecementos permanentes na Comunidade ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio permanente ou residencia habitual; e

b') que se superase o límite previsto no artigo 73 desta lei ou que se exercese a opción de tributación en destino prevista no dito artigo.

b) Que sexan efectuados por un empresario ou profesional que actúe como tal distinto dos referidos na letra a') da alínea a) anterior.»

«8.º Os prestados por vía electrónica, de telecomunicacións e de radiodifusión e televisión que sexan efectuados por un empresario ou profesional que actúe como tal establecido unicamente no territorio de aplicación do imposto por ter nel a sede da súa actividade económica, ou o seu único establecemento ou establecementos permanentes na Comunidade ou, na súa falta, o lugar do seu domicilio permanente ou residencia habitual, e se cumpran os seguintes requisitos:

a) que o destinatario non sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, sempre que este se encontre establecido ou teña a súa residencia ou domicilio habitual noutro Estado membro; e

b) que non se superase o límite previsto no artigo 73 desta lei, nin se exercese a opción de tributación en destino prevista no dito artigo.»

Once. Engádesse un novo capítulo III no título III, e un novo artigo 73, que se inclúe nese capítulo, que quedan redactados da seguinte forma:

### «CAPÍTULO III

#### **Límite cuantitativo aplicable a determinadas vendas a distancia intracomunitarias de bens e prestacións de servizos.»**

«Artigo 73. *Límite cuantitativo aplicable ás vendas a distancia intracomunitarias de bens a que se refire o artigo 68.tres.a) e b) desta lei, e ás prestacións de servizos a que se refire o artigo 70.un.4.º e 8.º desta lei.*

Para os efectos previstos no artigo 68.tres.a) e b) desta lei, e no artigo 70.un.4.º e 8.º desta lei, o límite referido será de 10.000 euros para o importe total, excluído o imposto, das ditas entregas de bens e/ou prestacións de servizos realizadas na Comunidade, durante o ano natural precedente, ou o seu equivalente na súa moeda nacional.



Cando as operacións efectuadas durante o ano en curso superen o límite indicado no parágrafo anterior, será de aplicación o establecido no artigo 68.tres.a) desta lei e no artigo 70.Un.4.º.a) desta lei.

Os empresarios ou profesionais que realicen estas operacións poderán optar, no Estado membro de inicio da expedición ou transporte dos bens con destino ao cliente ou no cal estean establecidos, de se tratar das prestacións de servizos, pola tributación destas como se o límite previsto no parágrafo primeiro excedese os 10.000 euros. Cando se trate de empresarios ou profesionais que estean establecidos no territorio de aplicación do imposto e sexa o dito territorio desde o que presten os servizos ou o de inicio da expedición ou transporte dos bens, a opción realizarase na forma que regulamentariamente se estableza e comprenderá, como mínimo, dous anos naturais.

Para a aplicación do límite a que se refire este artigo debe considerarse que o importe da contraprestación das operacións non poderá fraccionarse para estes efectos.»

Doce. Engádesse un novo punto tres ao artigo 75, que queda redactado da seguinte forma:

«Tres. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, nas entregas de bens realizadas nos termos previstos no artigo 8 bis desta lei, a devindicación do imposto da entrega efectuada a favor do empresario ou profesional que facilite a venda ou a entrega, así como a efectuada por el, producirase coa aceptación do pagamento do cliente.»

Trece. Modifícase o ordinal 4.º do punto un do artigo 84, que queda redactado da seguinte forma:

«4.º Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, os empresarios ou profesionais, así como as persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, que sexan destinatarios de entregas de gas e electricidade ou entregas de calor ou de frío a través das redes de calefacción ou de refrixeración que se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto conforme o disposto no artigo 68.seis desta lei, sempre que a entrega a efectúe un empresario ou profesional non establecido no citado territorio e lle comunicasen o número de identificación que, para efectos do imposto sobre o valor engadido, teñan asignado pola Administración española.»

Catorce. Modifícase a letra c) do ordinal 1.º do punto un do artigo 94, que queda redactada da seguinte forma:

«c) As operacións exentas en virtude do disposto nos artigos 20 bis, 21, 22, 23, 24 e 25 desta lei, así como as demais exportacións definitivas de bens fóra da Comunidade que non se destinen á realización das operacións a que se refire o ordinal 2.º deste punto.»

Quince. Modifícanse os puntos cinco e sete do artigo 119, que quedan redactados da seguinte forma:

«Cinco. As solicitudes de devolución deberán referirse a períodos non superiores ao ano natural nin inferiores a tres meses.

Non obstante, as solicitudes de devolución poderán referirse a un período de tempo inferior a tres meses cando tal período constitúa o saldo dun ano natural.»

«Sete. A Administración tributaria, no procedemento específico derivado da solicitude de devolución, poderalles exixir, aos solicitantes, á Administración tributaria do Estado membro de establecemento ou a terceiros, a achega de información adicional e, de ser o caso, ulterior, así como os xustificantes necesarios para poder apreciar o fundamento das solicitudes de devolución que se presenten

e, en particular, para a correcta determinación do importe da devolución, segundo o previsto neste artigo e no seu desenvolvemento regulamentario.

A tramitación do procedemento de devolución rexeráse polo disposto neste artigo, nas súas disposicións de desenvolvemento e na normativa comunitaria ditada para o efecto, con aplicación exclusiva dos trámites que están expresamente regulados na dita normativa.

Se, con posterioridade ao aboamento dunha devolución, se pon de manifesto a súa improcedencia por non se cumpriren os requisitos e limitacións establecidos por este artigo ou polo seu desenvolvemento regulamentario, ou ben por se ter obtido aquela en virtude de datos falsos, incorrectos ou inexactos, a Administración tributaria procederá directamente a recuperar o seu importe xunto cos xuros de demora devindicados e a sanción que se puider impor, instruído o expediente que corresponda, de acordo co procedemento de recadación regulado no capítulo V do título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo das disposicións sobre asistencia mutua en materia de recadación relativas ao imposto.

A falta de pagamento polo solicitante en período voluntario da cota do imposto, dunha sanción ou dos xuros de demora devindicados permitirá adoptar as medidas cautelares a que se refire o artigo 81 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 119 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 119 bis. *Réxime especial de devolucións a determinados empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto, nin na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla.*

Un. Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto nin na Comunidade, illas Canarias, Ceuta ou Melilla poderán solicitar a devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido que soportasen polas adquisicións ou importacións de bens ou servizos realizadas no dito territorio, cando concorran as condicións e limitacións previstas no artigo 119 desta lei sen máis especialidades que as que se indican a continuación e consonte o procedemento que se estableza regulamentariamente:

1.º Os solicitantes deberán nomear con carácter previo un representante que sexa residente no territorio de aplicación do imposto, que deberá cumprir as obrigacións formais ou de procedemento correspondentes e que responderá solidariamente con aqueles nos casos de devolución improcedente. A Facenda pública poderalle exixir ao dito representante caución suficiente para estes efectos.

2.º Estes solicitantes deberán estar establecidos nun Estado en que exista reciprocidade de trato a favor dos empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto, illas Canarias, Ceuta e Melilla.

O recoñecemento da existencia da reciprocidade de trato a que se refire o parágrafo anterior efectuarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda.

3.º Por excepción ao previsto no número anterior, calquera empresario e profesional non establecido a que se refire este artigo poderá obter a devolución das cotas do imposto soportadas respecto das importacións de bens e as adquisicións de bens e servizos relativas:

– Á subministración de modelos, moldes e equipamentos adquiridos ou importados no territorio de aplicación do imposto polo empresario ou profesional non establecido, para a súa posta á disposición a un empresario ou profesional establecido no dito territorio para seren utilizados na fabricación de bens que sexan expedidos ou transportados fóra da Comunidade con destino ao empresario ou profesional non establecido, sempre que ao terminar a fabricación dos bens sexan expedidos con destino ao empresario ou profesional non establecido ou destruídos.

– Os servizos de acceso, hostalaría, restauración e transporte, vinculados coa asistencia a feiras, congresos e exposicións de carácter comercial ou profesional que se teñan lugar no territorio de aplicación do imposto.

Dous. A tramitación do procedemento de devolución rexerese polo disposto neste artigo, nas súas disposicións de desenvolvemento e na normativa comunitaria ditada para o efecto, con aplicación exclusiva dos trámites que están expresamente regulados na dita normativa.»

Dezasete. Modifícanse o ordinal 7.º do punto un e o punto cinco do artigo 120, que quedan redactados da seguinte forma:

«7.º Réximes especiais aplicables ás vendas a distancia e a determinadas entregas interiores de bens e prestacións de servizos.»

«Cinco. Os réximes especiais aplicables ás vendas a distancia e a determinadas entregas interiores de bens e prestacións de servizos aplicaranse a aqueles empresarios ou profesionais que presentasen as declaracións previstas nos artigos 163 noniesdecies, 163 duovicies e 163 septvicies desta lei.»

Dezaoito. Modifícase o nome do capítulo XI do título IX, que queda redactado da seguinte forma:

#### «CAPÍTULO XI

##### **Réximes especiais aplicables ás vendas a distancia e a determinadas entregas interiores de bens e prestacións de servizos.»**

Dezanove. Modifícase o artigo 163 septiesdecies, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 163 septiesdecies. *Definicións e causas de exclusión.*

Un. Para os efectos do presente capítulo, serán de aplicación as seguintes definicións:

- a) «Declaracións-liquidacións periódicas dos réximes especiais»: as declaracións-liquidacións en que consta a información necesaria para determinar a contía do imposto correspondente en cada Estado membro de consumo.
- b) «Estado membro de consumo»: o definido como tal para cada un dos réximes especiais.
- c) «Estado membro de identificación»: o definido como tal para cada un dos réximes especiais.

Dous. Serán causas de exclusión dos empresarios ou profesionais acollidos a estes réximes especiais calquera das seguintes circunstancias que se relacionan a seguir:

- a) A presentación da declaración de cesamento das operacións comprendidas nos ditos réximes especiais.
- b) A existencia de feitos que permitan presumir que as operacións do empresario ou profesional incluídas nestes réximes especiais concluíron.
- c) O incumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a estes réximes especiais.
- d) O incumprimento reiterado das obrigacións impostas pola normativa destes réximes especiais.
- e) Para os empresarios ou profesionais acollidos ao réxime especial previsto na sección 4.ª deste capítulo que operen a través dun intermediario, tamén será causa de exclusión que o dito intermediario lle notifique á Administración tributaria que deixou de representalos.

A decisión de exclusión será competencia exclusiva do Estado membro de identificación.

Tres. Serán causas de exclusión do intermediario do réxime especial previsto na sección 4.<sup>a</sup> deste capítulo calquera das seguintes circunstancias:

- a) A falta de actuación durante dous trimestres naturais como intermediario por conta dun empresario ou profesional acollido ao citado réxime especial.
- b) O incumprimento dos requisitos necesarios para actuar como intermediario.
- c) O incumprimento reiterado das obrigacións impostas pola normativa do citado réxime especial.

Catro. Sen prexuízo do previsto nos puntos anteriores, o empresario ou profesional, ou o intermediario, poderá darse de baixa voluntaria destes réximes especiais ou de actuar como tal.

Cinco. Estableceranse regulamentariamente as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste capítulo.»

Vinte. Modifícase a sección 2.<sup>a</sup> do capítulo XI do título IX, que queda redactada da seguinte forma:

*«Sección 2.<sup>a</sup> Réxime exterior da Unión. Réxime especial aplicable aos servizos prestados por empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade a destinatarios que non teñan a condición de empresarios ou profesionais actuando como tales*

Artigo 163 octiesdecies. *Ámbito de aplicación.*

Un. Os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que presten servizos a persoas que non teñan a condición de empresario ou profesional, actuando como tales, e que estean establecidas na Comunidade ou que teñan nela o seu domicilio ou residencia habitual, poderán acollerse ao réxime especial previsto nesta sección.

O réxime especial aplicarase a todas as prestacións de servizos que, de acordo co disposto nesta lei, ou os seus equivalentes nas lexislacións doutros Estados membros, deban entenderse efectuadas na Comunidade.

Dous. Para os efectos da presente sección, considerarase:

- a) «Empresario ou profesional non establecido na Comunidade»: todo empresario ou profesional que teña a sede da súa actividade económica fóra da Comunidade e non posúa un establecemento permanente no territorio da Comunidade.
- b) «Estado membro de identificación»: o Estado membro polo cal optase o empresario ou profesional non establecido na Comunidade para declarar o inicio da súa actividade como tal empresario ou profesional no territorio da Comunidade.
- c) «Estado membro de consumo»: o Estado membro en que se considera que ten lugar a prestación dos servizos conforme o disposto nesta lei ou os seus equivalentes nas lexislacións doutros Estados membros.

Artigo 163 noniesdecies. *Obrigacións formais.*

Un. En caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación elixido polo empresario ou profesional non establecido na Comunidade, este quedará obrigado a:

- a) Dispor do número de identificación fiscal a que se refire o artigo 164.un.2.º desta lei.
- b) Declarar a data de inicio, modificación ou cesamento das súas operacións comprendidas neste réxime especial. Esta declaración presentárase por vía electrónica.

A información facilitada polo empresario ou profesional non establecido na Comunidade ao declarar o inicio das súas actividades gravadas incluírá os seguintes datos de identificación: nome, enderezos postais e de correo electrónico, enderezos electrónicos dos sitios da internet a través dos cales opere, de ser o caso, o número mediante o cal estea identificado ante a Administración fiscal do territorio terceiro en que teña a súa sede de actividade e unha declaración en que manifieste que non situou a sede da súa actividade económica no territorio da Comunidade e que non posúe nel un establecemento permanente. Igualmente, o empresario ou profesional non establecido na Comunidade comunicará toda posible modificación da citada información.

No caso de empresarios ou profesionais establecidos nas illas Canarias, Ceuta ou Melilla, a información que se deberá facilitar ao declarar o inicio das súas actividades gravadas incluírá nome, enderezos postais e de correo electrónico e os enderezos electrónicos dos sitios da internet a través dos cales opere e o número de identificación fiscal asignado pola Administración tributaria española.

Para os efectos deste réxime, a Administración tributaria identificará o empresario ou profesional non establecido na Comunidade mediante un número individual.

A Administración tributaria notificaralle por vía electrónica ao empresario ou profesional non establecido na Comunidade o número de identificación que lle asignase.

c) Presentar por vía electrónica unha declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido por cada trimestre natural, independentemente de que subministrase ou non servizos cubertos por este réxime. A declaración-liquidación presentárase durante o mes seguinte ao do período a que esta se refire.

Esta declaración-liquidación deberá incluír o número de identificación individual que lle fose notificado pola Administración tributaria conforme o previsto na letra b) anterior e, por cada Estado membro de consumo en que se devindicase o imposto, o valor total, excluído o imposto sobre o valor engadido que grave a operación, dos servizos cubertos por este réxime durante o período a que se refire a declaración, a cantidade global do imposto correspondente a cada Estado membro desagregado por tipos impositivos e o importe total, resultante da suma de todas estas, que debe ser ingresado en España.

Se o importe da contraprestación das operacións se fixase en moeda distinta do euro, este converterase a euros aplicando o tipo de cambio válido que corresponda ao último día do período de liquidación. O cambio realizarase seguindo os tipos de cambio publicados polo Banco Central Europeo para ese día ou, se non houber publicación correspondente a ese día, do día seguinte.

Calquera modificación posterior das cifras contidas nas declaracións-liquidacións presentadas deberá efectuarse, no prazo máximo de tres anos a partir da data en que debía presentarse a declaración-liquidación inicial, a través dunha declaración-liquidación periódica posterior, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

d) Ingresar o imposto correspondente a cada declaración-liquidación, facendo referencia á declaración-liquidación específica a que corresponde. O importe ingresarase en euros na conta bancaria designada pola Administración tributaria, dentro do prazo de presentación da declaración.

e) Manter un rexistro das operacións incluídas neste réxime especial. Este rexistro deberá levarse coa precisión suficiente para que a Administración tributaria do Estado membro de consumo poida comprobar se a declaración mencionada na letra c) anterior é correcta.

Este rexistro estará á disposición tanto do Estado membro de identificación como do de consumo nos termos previstos no artigo 47 decies do Regulamento (UE) n.º 904/2010 do Consello, do 7 de outubro de 2010, relativo á cooperación administrativa e á loita contra a fraude no ámbito do imposto sobre o valor engadido.

O empresario ou profesional non establecido deberá conservar este rexistro durante un período de dez anos desde o final do ano en que se realizase a operación.

f) Expedir e entregar factura axustada ao que se determine regulamentariamente.

Dous. En caso de que o empresario ou profesional non establecido na Comunidade elixise calquera outro Estado membro distinto de España para presentar a declaración de inicio neste réxime especial, e en relación coas operacións que deban considerarse efectuadas no territorio de aplicación do imposto, o ingreso do imposto correspondente a elas deberá efectuarse ao tempo da presentación no Estado membro de identificación da declaración-liquidación a que se fai referencia no punto anterior.

Ademais, o empresario ou profesional non establecido na Comunidade deberá cumprir o resto de obrigacións contidas no punto un anterior no Estado membro de identificación e, en particular, a establecida na letra e) do dito punto.

Artigo 163 vicies. *Dereito á dedución das cotas soportadas.*

Un. Os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que se acollan a este réxime especial non poderán deducir na declaración-liquidación a que se refire o artigo 163 noniesdecies.un.c) desta lei ningunha cantidade das cotas soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que, conforme as regras que resulten aplicables, se destinen á prestación dos servizos a que se refire este réxime.

Non obstante o anterior, os ditos empresarios ou profesionais acollidos a este réxime especial terán dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que se destinen á prestación dos servizos a que se refire este réxime especial que deban entenderse realizadas no Estado membro de consumo, conforme o procedemento previsto na normativa do Estado membro de consumo, en desenvolvemento do que dispón a Directiva 86/560/CEE, do Consello, do 17 de novembro de 1986, nos termos que prevé o artigo 368 da Directiva 2006/112/CE, do 28 de novembro de 2006. En particular, no caso de empresarios ou profesionais que estean establecidos nas illas Canarias, Ceuta e Melilla, solicitarán a devolución das cotas soportadas, con excepción das realizadas no territorio de aplicación do imposto, a través do procedemento previsto no artigo 117 bis desta lei.

Dous. En caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de consumo, sen prexuízo do disposto no artigo 119.dous.2.º desta lei, os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que se acollan a este réxime especial terán dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que deban entenderse realizadas no territorio de aplicación do imposto, sempre que tales bens e servizos se destinen á prestación dos servizos a que se refire este réxime especial. O procedemento para o exercicio deste dereito será o previsto no artigo 119 bis desta lei.

Para estes efectos, non se exixirá que estea recoñecida a existencia de reciprocidade de trato a favor dos empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto. Os empresarios ou profesionais que se acollan ao disposto neste artigo non estarán obrigados a nomear representante ante a Administración tributaria para estes efectos.

No caso de empresarios ou profesionais establecidos nas illas Canarias, Ceuta ou Melilla, o procedemento para o exercicio do dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido a que se refire este punto será o previsto no artigo 119 desta lei.

Tres. Os empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime especial e realicen no territorio de aplicación do imposto operacións a que se refire este réxime

especial, conxuntamente con outras distintas que determinen a obrigaón de rexistrarse e de presentar declaracións-liquidacións no dito territorio, deberán deducir as cotas soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que se entendan realizadas no dito territorio e sexan utilizados na prestación dos servizos a que se refire este réxime especial a través das declaracións-liquidacións correspondentes que deban presentar no territorio de aplicación do imposto.»

Vinte e un. Modifícase a sección 3.<sup>a</sup> do capítulo XI do título IX, que queda redactada da seguinte forma:

*«Sección 3.<sup>a</sup> Réxime da Unión. Réxime especial aplicable aos servizos prestados por empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade, pero non no Estado membro de consumo, a destinatarios que non teñan a condición de empresarios ou profesionais que actúen como tales, ás vendas a distancia intracomunitarias de bens e ás entregas interiores de bens realizadas nas condicións previstas no artigo 8 bis.b) desta lei*

Artigo 163 unvicies. *Ámbito de aplicación.*

Un. Poderán acollerse ao réxime especial previsto nesta sección os empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade, pero non no Estado membro de consumo, que presten servizos que se consideren prestados neste último a destinatarios que non teñan a condición de empresario ou profesional que actúe como tal, así como os que realicen vendas a distancia intracomunitarias de bens ou entregas interiores de bens nas condicións previstas no artigo 8 bis.b) desta lei.

O réxime especial aplicarase a todas as prestacións de servizos efectuadas polos empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime que, de acordo co disposto nesta lei, ou os seus equivalentes nas lexislacións doutros Estados membros, deban entenderse efectuadas na Comunidade, sempre que se presten nun Estado membro distinto daquel en que o empresario ou profesional acollido a este réxime especial teña establecida a sede da súa actividade económica ou teña un establecemento permanente, así como a todas as entregas de bens a que resulte de aplicación este réxime especial que sexan efectuadas polos empresarios ou profesionais que se acollan a el.

Dous. Para os efectos da presente sección, considerarase:

a) «Empresario ou profesional non establecido no Estado membro de consumo»: todo empresario ou profesional que teña establecida a sede da súa actividade económica no territorio da Comunidade ou que posúa nela un establecemento permanente, pero que non teña establecida a dita sede no territorio do Estado membro de consumo nin posúa nel un establecemento permanente;

b) «Estado membro de identificación»: o Estado membro en que o empresario ou profesional teña establecida a sede da súa actividade económica. Cando o empresario ou profesional non teña establecida a sede da súa actividade económica na Comunidade, atenderase ao único Estado membro en que teña un establecemento permanente ou, en caso de ter establecementos permanentes en varios Estados membros, ao Estado polo cal opte o empresario ou profesional de entre os Estados membros en que dispoña dun establecemento permanente.

Cando o empresario ou profesional non teña establecida a sede da súa actividade económica nin teña establecemento permanente ningún na Comunidade, o Estado membro de identificación será aquel en que se inicie a expedición ou o transporte dos bens. Se houber máis dun Estado membro en que se iniciase a expedición ou o transporte dos bens, o empresario ou profesional deberá optar por un deles.

A opción por un Estado membro vinculará o empresario ou profesional mentres tanto non sexa revogada por el mesmo. A opción pola súa aplicación terá unha

validez mínima de tres anos naturais, incluído o ano natural a que se refire a opción exercida.

c) «Estado membro de consumo»:

a') No caso das prestacións de servizos, o Estado membro en que se considera que ten lugar a prestación de servizos, de conformidade co disposto nesta lei ou nos seus equivalentes nas lexislacións doutros Estados membros.

b') No caso de vendas a distancia intracomunitarias de bens, o Estado membro de chegada da expedición ou o transporte dos bens con destino ao cliente.

c') No caso de entregas de bens por parte dun empresario ou profesional que facilite tales entregas de conformidade co artigo 8 bis.b) desta lei, cando a expedición ou o transporte dos bens entregados comece e acabe no mesmo Estado membro, o dito Estado membro.

Tres. Para os efectos da presente sección considerarase o Reino de España o «Estado membro de identificación» nos seguintes supostos:

a) En todo caso, para os empresarios ou profesionais que teñan a sede da súa actividade económica no territorio de aplicación do imposto e aqueles que non teñan establecida a sede da súa actividade económica no territorio da Comunidade, pero teñan exclusivamente no territorio de aplicación do imposto un ou varios establecementos permanentes.

b) Cando se trate de empresarios ou profesionais que non teñan a sede da súa actividade económica no territorio da Comunidade e que, tendo máis dun establecemento permanente no territorio de aplicación do imposto e nalgún outro Estado membro, elixisen España como Estado membro en que se acollen para a aplicación do presente réxime especial.

c) Cando se trate de empresarios ou profesionais que non teñan a súa sede de actividade nin un establecemento permanente na Comunidade e o inicio da expedición ou transporte dos bens sexa exclusivamente o territorio de aplicación do imposto ou, téndose iniciado a dita expedición ou transporte en varios Estados membros, elixisen España como Estado membro en que se acollen para a aplicación do presente réxime especial.

Artigo 163 duovicies. *Obrigacións formais.*

Un. En caso de que España sexa o Estado membro de identificación, o empresario ou profesional que realice operacións acollidas a este réxime especial quedará obrigado a:

a) Dispor do número de identificación fiscal a que se refire o artigo 164.un.2.º desta lei.

b) Declarar a data de inicio, modificación ou cesamento das súas operacións comprendidas neste réxime especial. Esta declaración presentarase por vía electrónica.

c) Presentar por vía electrónica unha declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido por cada trimestre natural, independentemente de que realizase operacións ás cales se lles aplique o presente réxime especial. A declaración-liquidación presentarase durante o mes seguinte ao do período a que se refire esta.

Esta declaración-liquidación deberá incluír o número de identificación fiscal asignado ao empresario ou profesional pola Administración tributaria previsto na letra a) anterior e, por cada Estado membro de consumo en que se devindicase o imposto, o valor total das operacións gravadas por este réxime, excluído o imposto sobre o valor engadido que grave a operación, durante o período a que esta se refire, a cantidade global do imposto correspondente a cada Estado membro, desagregado por tipos impositivos e o importe total, resultante da suma de todas estas, que debe ser ingresado en España.



Cando os bens se expidan ou transporten desde Estados membros distintos de España, a declaración-liquidación deberá incluír tamén o valor total, excluído o imposto sobre o valor engadido que grave a operación, durante o período a que esta se refire, a cantidade global do imposto correspondente, desagregado por tipos impositivos, e o importe total, resultante da suma de todas estas, para as seguintes entregas ás cales resulte aplicable este réxime, por cada Estado membro desde o cal se expidisen ou transportasen tales bens:

a') As vendas a distancia intracomunitarias de bens distintas das realizadas consonte o artigo 8 bis.b) desta lei ou o seu equivalente na lexislación do dito Estado membro.

b') As vendas a distancia intracomunitarias de bens e as entregas de bens cando a expedición ou transporte deses bens comece e acabe no mesmo Estado membro, efectuadas por un empresario ou profesional de conformidade co disposto no artigo 8 bis.b) desta lei ou o seu equivalente na lexislación do dito Estado membro.

No que respecta ás entregas de bens a que se refire a letra a'), a declaración-liquidación incluírá tamén o número de identificación individual para os efectos do imposto sobre o valor engadido ou o número de identificación fiscal asignado por cada Estado membro desde o cal se expidisen ou transportasen tales bens.

No que respecta ás entregas de bens a que se refire a letra b'), a declaración-liquidación incluírá tamén o número de identificación individual para os efectos do imposto sobre o valor engadido ou o número de identificación fiscal asignado por cada Estado membro desde o cal se expidisen ou transportasen tales bens, cando se dispoña del.

A declaración-liquidación incluírá a información a que se fai referencia nesta letra c), desagregada por Estado membro de consumo.

Cando o empresario ou profesional teña un ou máis establecementos permanentes en Estados membros distintos de España, desde os cales preste os servizos a que se refire este réxime especial, deberá incluír nas súas declaracións-liquidacións o importe total desas prestacións de servizos, por cada Estado membro en que teña un establecemento permanente, xunto co número de identificación individual para os efectos do imposto sobre o valor engadido, ou o número de identificación fiscal do dito establecemento permanente, e desagregado por Estado membro de consumo.

Se o importe da contraprestación das operacións se fixase en moeda distinta do euro, converterase a euros aplicando o tipo de cambio válido que corresponda ao último día do período de liquidación. O cambio realizarase seguindo os tipos de cambio publicados polo Banco Central Europeo para ese día ou, se non houber publicación correspondente a ese día, do día seguinte.

Calquera modificación posterior das cifras contidas nas declaracións-liquidacións presentadas deberá efectuarse, no prazo máximo de tres anos a partir da data en que debía presentarse a declaración-liquidación inicial, a través dunha declaración-liquidación periódica posterior, na forma e co contido que se determinen regulamentariamente.

d) Ingresar o imposto correspondente a cada declaración-liquidación, facendo referencia á declaración específica a que corresponde. O importe ingresarase en euros na conta bancaria designada pola Administración tributaria, dentro do prazo de presentación da declaración.

e) Manter un rexistro das operacións incluídas neste réxime especial. Este rexistro deberá levarse coa precisión suficiente para que a Administración tributaria do Estado membro de consumo poida comprobar se a declaración mencionada na letra c) anterior é correcta.

Este rexistro estará á disposición tanto do Estado membro de identificación como do de consumo nos termos previstos no artigo 47 decies do Regulamento

(UE) n.º 904/2010 do Consello, do 7 de outubro de 2010, relativo á cooperación administrativa e á loita contra a fraude no ámbito do imposto sobre o valor engadido.

O empresario ou profesional deberá conservar este rexistro durante un período de dez anos desde o final do ano en que se realizase a operación.

f) Expedir e entregar factura, axustada ao que se determine regulamentariamente.

Dous. O empresario ou profesional que considere o Reino de España como Estado membro de identificación deberá presentar, exclusivamente en España, as declaracións-liquidacións e ingresar, de ser o caso, o importe do imposto correspondente a todas as operacións a que se refire este réxime especial realizadas en todos os Estados membros de consumo.

Artigo 163 tervicies. *Dereito á dedución das cotas soportadas.*

Un. Os empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime especial non poderán deducir na declaración-liquidación a que se refire o artigo 163 duovicies. Un.c) desta lei ningunha cantidade polas cotas soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que, conforme as regras que resulten aplicables, se destinen á realización das operacións a que se refire este réxime.

Non obstante o anterior, os empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime especial terán dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que se destinen á realización das operacións a que se refire este réxime especial que deban entenderse realizadas no Estado membro de consumo, conforme o procedemento previsto na normativa do Estado membro de consumo en desenvolvemento do que dispón a Directiva 86/560/CEE do Consello, do 17 de novembro de 1986, nos termos que prevé o artigo 368 da Directiva 2006/112/CE, do 28 de novembro de 2006, ou a Directiva 2008/9/CE, do Consello, do 12 de febreiro de 2008, nos termos que prevé o artigo 369 undecies da Directiva 2006/112/CE, do 28 de novembro de 2006. En particular, no caso de empresarios ou profesionais que estean establecidos no territorio de aplicación do imposto, solicitarán a devolución das cotas soportadas, con excepción das realizadas no indicado territorio, a través do procedemento previsto no artigo 117 bis desta lei.

Dous. En caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de consumo, sen prexuízo do disposto no artigo 119.dous.2.º desta lei, os empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime especial terán dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que deban entenderse realizadas no territorio de aplicación do imposto, sempre que tales bens e servizos se destinen á realización das operacións a que se refire este réxime especial.

Para os empresarios ou profesionais que se encontren establecidos noutro Estado membro, o procedemento para o exercicio deste dereito será o previsto no artigo 119 desta lei.

Para os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade, o procedemento para o exercicio deste dereito será o previsto no artigo 119 bis desta lei.

Para estes efectos, non se exixirá que estea recoñecida a existencia de reciprocidade de trato a favor dos empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto. Os empresarios ou profesionais que se acollan ao disposto neste artigo non estarán obrigados a nomear representante ante a Administración tributaria para estes efectos.

No caso de empresarios ou profesionais establecidos nas illas Canarias, Ceuta ou Melilla, o procedemento para o exercicio do dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido a que se refire este punto será o previsto no artigo 119 desta lei.

En caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, os empresarios ou profesionais que estean establecidos no territorio de aplicación do imposto poderán deducir as cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos utilizados na realización das operacións acollidas ao presente réxime conforme o réxime xeral do imposto.

Tres. Os empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime especial e realicen no territorio de aplicación do imposto operacións a que se refire este réxime especial conxuntamente con outras distintas que determinen a obrigação de rexistrarse e de presentar declaracións-liquidacións no dito territorio deberán deducir as cotas soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que se entendan realizadas no dito territorio e sexan utilizados na realización das operacións a que se refire este réxime especial, a través das declaracións-liquidacións correspondentes que deban presentar no territorio de aplicación do imposto.

Artigo 163 quatercivies. *Prestacións de servizos realizadas no territorio de aplicación do imposto por empresarios ou profesionais establecidos nel.*

O réxime especial previsto nesta sección non resultará aplicable ás prestacións de servizos realizadas no territorio de aplicación do imposto por empresarios ou profesionais que teñan a sede da súa actividade económica ou un establecemento permanente nel. Ás ditas prestacións de servizos resultarlles aplicable o réxime xeral do imposto.»

Vinte e dous. Engádese unha nova sección 4.<sup>a</sup> ao capítulo XI do título IX, que queda redactada da seguinte forma:

*«Sección 4.<sup>a</sup> Réxime de importación. Réxime especial aplicable ás vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros.*

Artigo 163 quincivies. *Ámbito de aplicación.*

Un. Poderán acollerse ao réxime especial previsto na presente sección os empresarios ou profesionais que realicen vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros en envíos cuxo valor intrínseco non exceda os 150 euros, con excepción dos produtos que sexan obxecto de impostos especiais, sempre que sexan:

- empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade;
- empresarios ou profesionais, establecidos ou non na Comunidade, que estean representados por un intermediario establecido na Comunidade. Para estes efectos, non será posible designar máis dun intermediario á vez; ou
- empresarios ou profesionais establecidos nun país terceiro con que a Unión Europea subscribise un acordo de asistencia mutua cun ámbito de aplicación similar ao da Directiva 2010/24/UE do Consello e ao do Regulamento (UE) n.º 904/2010, e que realicen vendas a distancia de bens procedentes dese país terceiro.

O presente réxime especial aplicarase a todas as vendas a distancia de bens importados de países ou territorios terceiros efectuadas polo empresario ou profesional.

Dous. Para os efectos da presente sección, considerarase:

a) «Empresario ou profesional non establecido na Comunidade»: todo empresario ou profesional que teña a sede da súa actividade económica fóra da Comunidade e non teña nela un establecemento permanente.

b) «Intermediario»: aquela persoa establecida na Comunidade a quen designa o empresario ou profesional que realiza vendas a distancia de bens importados dun país ou territorio terceiro e que, en nome e por conta deste, queda obrigado ao

cumprimento das obrigacións materiais e formais derivadas do presente réxime especial e é titular das relacións xurídicas-tributarias derivadas del.

Estableceranse regulamentariamente as condicións e os requisitos para actuar como intermediario deste réxime especial.

c) «Estado membro de identificación»:

a') Cando o empresario ou profesional non estea establecido na Comunidade, o Estado membro polo cal opte.

b') Cando o empresario ou profesional non teña establecida a sede da súa actividade económica na Comunidade, pero teña nela varios establecementos permanentes, o Estado membro en que, tendo un establecemento permanente, indique que se acolle ao presente réxime especial. A citada opción por un Estado membro vinculará o empresario ou profesional mentres non sexa revogada por el e terá unha validez mínima do ano natural a que se refire a opción exercida e dos dous seguintes.

c') Cando o empresario ou profesional establece a sede da súa actividade económica nun Estado membro ou teña exclusivamente un ou varios establecementos permanentes nel, o dito Estado membro.

d') Cando o intermediario establece a sede da súa actividade económica nun Estado membro, o dito Estado membro.

e') Cando o intermediario non teña establecida a sede da súa actividade económica na Comunidade, pero teña nela varios establecementos permanentes, o Estado membro en que, tendo un establecemento permanente, indique que se acolle ao presente réxime especial. A citada opción por un Estado membro vinculará o empresario ou profesional mentres non sexa revogada por el e terá unha validez mínima do ano natural a que se refire a opción exercida e dos dous seguintes.

d) «Estado membro de consumo»: o Estado membro de chegada da expedición ou transporte dos bens con destino ao cliente.

Tres. Para os efectos do previsto na presente sección, considerarase o Reino de España o «Estado membro de identificación» nos seguintes supostos:

a) En todo caso, para os empresarios ou profesionais ou os intermediarios que teñan a sede da súa actividade económica no territorio de aplicación do imposto, e aqueles que non teñan establecida a sede da súa actividade económica no territorio da Comunidade, pero teñan exclusivamente no territorio de aplicación do imposto un ou varios establecementos permanentes.

b) Cando se trate de empresarios ou profesionais ou intermediarios que non teñan a sede da súa actividade económica no territorio da Comunidade e que, tendo máis dun establecemento permanente no territorio de aplicación do imposto e nalgún outro Estado membro, elixisen España como Estado membro en que se acollen para a aplicación do presente réxime especial.

c) Cando o empresario ou profesional non teña a súa sede de actividade nin dispoña de establecemento permanente ningún no territorio da Comunidade, cando elixise España como Estado membro en que se acolle para a aplicación do presente réxime especial.

Artigo 163 sexvicies. *Devindicación.*

Nas entregas de bens acollidas a este réxime especial a devindicación do imposto producirase no momento da entrega, que se entenderá producida coa aceptación do pagamento do cliente.

Artigo 163 septvicies. *Obrigacións formais.*

Un. En caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, o empresario ou profesional acollido ao presente réxime especial, ou o intermediario que actúe pola súa conta, quedarán obrigados a:

a) Dispor do número de identificación fiscal a que se refire o artigo 164.un.2.º desta lei.

b) Declarar a data de inicio, modificación ou cesamento das súas operacións comprendidas neste réxime especial. Esta declaración presentarase por vía electrónica.

A información que debe facilitar o empresario ou profesional acollido ao presente réxime especial, que non actúe por medio de intermediario, ao declarar o inicio das súas actividades gravadas incluírá os seguintes datos de identificación: nome, enderezos postais e de correo electrónico, enderezos electrónicos dos sitios da internet a través dos cales opere e o número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido ou o número de identificación fiscal.

A información que debe facilitar o intermediario á Administración tributaria, antes de iniciar a súa actividade de intermediación, incluírá os seguintes datos de identificación: nome, enderezos postais e de correo electrónico, enderezos electrónicos dos sitios da internet a través dos cales opere e o número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido.

Ademais, o intermediario deberá facilitarlle á Administración tributaria, en relación con cada empresario ou profesional por cuxo nome e conta actúa, antes do inicio das actividades gravadas, os seguintes datos de identificación: nome, enderezos postais e de correo electrónico, enderezos electrónicos dos sitios da internet a través dos cales opere, o número de identificación para os efectos do imposto sobre o valor engadido, ou o número de identificación fiscal. Igualmente, aquel deberá facilitar o número de identificación fiscal que lle fose asignado polo Estado membro de identificación para os efectos deste réxime especial.

O empresario ou profesional acollido ao presente réxime especial, ou o seu eventual intermediario, comunicarán toda posible modificación da citada información.

Para os efectos deste réxime, a Administración tributaria identificará o empresario ou profesional que se acolla ao presente réxime especial mediante un número de identificación. En caso de actuar mediante intermediario, asignaráselle a este, ademais, un número de identificación para efectos do réxime en relación con cada empresario ou profesional que o designase como tal.

Estes números de identificación serán de uso exclusivo para os efectos deste réxime especial e deberán achegarse para a aplicación da exención prevista no artigo 66.4.º desta lei.

A Administración tributaria notificaralle por vía electrónica ao empresario ou profesional acollido ao presente réxime especial ou, de ser o caso, ao intermediario os números de identificación que se lle asignasen.

c) Presentar por vía electrónica unha declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido por cada mes natural, independentemente de que se realizasen ou non operacións ás cales se aplique este réxime especial. A declaración-liquidación presentarase durante o mes seguinte ao do período a que este se refire.

Esta declaración-liquidación deberá incluír o número de identificación fiscal que lle fose asignado pola Administración tributaria para os efectos do presente réxime especial e, por cada Estado membro de consumo en que se devindicase o imposto, o valor total das operacións gravadas por este réxime, excluído o imposto sobre o valor engadido que grave a operación, durante o período a que se refire esta, a cantidade global do imposto correspondente a cada Estado membro, desagregado por tipos impositivos, e o importe total, resultante da suma de todas estas, que debe ser ingresado en España.

Se o importe da contraprestación das operacións se fixou en moeda distinta do euro, converterase a euros aplicando o tipo de cambio válido que corresponda ao último día do período de liquidación. O cambio realizarase seguindo os tipos de cambio publicados polo Banco Central Europeo para ese día ou, se non houber publicación correspondente a ese día, do día seguinte.

Calquera modificación posterior das cifras contidas nas declaracións-liquidacións presentadas deberá efectuarse, no prazo máximo de tres anos a partir da data en que debía presentarse a declaración-liquidación inicial, a través dunha declaración-

liquidación periódica posterior, na forma e co contido que se determinen regulamentariamente.

d) Ingresar o imposto correspondente a cada declaración-liquidación, facendo referencia á declaración-liquidación específica a que corresponde. O importe ingresarase en euros na conta bancaria designada pola Administración tributaria, dentro do prazo de presentación da declaración-liquidación.

e) Manter un rexistro das operacións incluídas neste réxime especial. Este rexistro deberá levarse coa precisión suficiente para que a Administración tributaria do Estado membro de consumo poida comprobar se a declaración-liquidación mencionada na letra c) anterior é correcta.

Este rexistro estará á disposición tanto do Estado membro de identificación como do de consumo, nos termos previstos no artigo 47 decies do Regulamento (UE) n.º 904/2010 do Consello, do 7 de outubro de 2010, relativo á cooperación administrativa e á loita contra a fraude no ámbito do imposto sobre o valor engadido.

O empresario ou profesional deberá conservar este rexistro durante un período de dez anos desde o final do ano en que se realizase a operación.

f) Expedir e entregar factura, axustada ao que se determine regulamentariamente.

Dous. O empresario ou profesional que considere o Reino de España como Estado membro de identificación deberá presentar, exclusivamente en España, as declaracións-liquidacións e ingresar, de ser o caso, o importe do imposto correspondente a todas as operacións a que se refire este réxime especial realizadas en todos os Estados membros de consumo.

Artigo 163 octovicies. *Dereito á dedución das cotas soportadas.*

Un. Os empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime especial non poderán deducir na declaración-liquidación a que se refire o artigo 163 septvicies. un.c) desta lei ningunha cantidade polas cotas soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que, conforme as regras que resulten aplicables, se destinen á realización das operacións a que se refire este réxime.

Non obstante o anterior, os empresarios ou profesionais acollidos a este réxime especial terán dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que se destinen á realización das operacións a que se refire este réxime especial que deban entenderse realizadas no Estado membro de consumo, conforme o procedemento previsto na normativa do Estado membro de consumo en desenvolvemento do que dispón a Directiva 86/560/CEE do Consello, do 17 de novembro de 1986, ou da Directiva 2008/9/CE do Consello, do 12 de febreiro de 2008, ambas nos termos que prevé o artigo 369 quatervicies da Directiva 2006/112/CE, do 28 de novembro de 2006. En particular, no caso de empresarios ou profesionais que estean establecidos nas illas Canarias, Ceuta e Melilla, solicitarán a devolución das cotas soportadas, con excepción das realizadas no territorio de aplicación do imposto, a través do procedemento previsto no artigo 117 bis desta lei.

Dous. En caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de consumo, sen prexuízo do disposto no artigo 119.º desta lei, os empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime especial terán dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que deban entenderse realizadas no territorio de aplicación do imposto, sempre que os ditos bens e servizos se destinen á realización das operacións a que se refire este réxime especial.

Para os empresarios ou profesionais que se encontren establecidos noutro Estado membro, o procedemento para o exercicio deste dereito será o previsto no artigo 119 desta lei.

Para os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade, o procedemento para o exercicio deste dereito será o previsto no artigo 119 bis desta lei.

Para estes efectos, non se exixirá que estea recoñecida a existencia de reciprocidade de trato a favor dos empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto. Os empresarios ou profesionais que se acollan ao disposto neste artigo non estarán obrigados a nomear representante ante a Administración tributaria para estes efectos.

No caso de empresarios ou profesionais establecidos nas illas Canarias, Ceuta ou Melilla, o procedemento para o exercicio do dereito á devolución das cotas do imposto sobre o valor engadido a que se refire este punto será o previsto no artigo 119 desta lei.

En caso de que o Reino de España sexa o Estado membro de identificación, os empresarios ou profesionais que estean establecidos no territorio de aplicación do imposto poderán deducir as cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos utilizados na realización das operacións acollidas ao presente réxime conforme o réxime xeral do imposto.

Tres. Os empresarios ou profesionais que se acollan a este réxime especial e realicen no territorio de aplicación do imposto operacións a que se refire este réxime especial, conxuntamente con outras distintas que determinen a obrigaición de rexistrarse e de presentar declaracións-liquidacións no dito territorio, deberán deducir as cotas soportadas na adquisición ou importación de bens e servizos que se entendan realizadas no dito territorio e sexan utilizados na realización das operacións a que se refire este réxime especial a través das declaracións-liquidacións correspondentes que deban presentar no territorio de aplicación do imposto.»

Vinte e tres. Engádesse un novo artigo 166 bis no título X, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 166 bis. *Rexistro de operacións.*

Un. Cando un empresario ou profesional que actúe como tal, utilizando unha interface dixital como un mercado en liña, unha plataforma, un portal ou outros medios similares, lles facilite a entrega de bens ou a prestación de servizos a persoas que non sexan empresarios ou profesionais, actuando como tales, e non teña a condición de suxeito pasivo respecto das ditas entregas de bens ou prestacións de servizos, terá a obrigaición de levar un rexistro destas operacións.

O seu contido axustarase ao disposto no artigo 54, quater.2, do Regulamento (UE) n.º 282/2011 do Consello, do 15 de marzo de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2006/112/CE relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, e deberá estar por vía electrónica, logo de solicitude, á disposición dos Estados membros interesados.

O rexistro manterase por un período de dez anos a partir do final do ano en que se realizase a operación.

Dous. Cando un empresario ou profesional que actúe como tal, utilizando unha interface dixital como un mercado en liña, unha plataforma, un portal ou outros medios similares, facilite a entrega de bens nos termos do artigo 8 bis desta lei ou cando participe nunha prestación de servizos por vía electrónica para a cal se considere que actúa en nome propio, de conformidade co artigo 9 bis do mencionado Regulamento (UE) n.º 282/2011, terá a obrigaición de levar os seguintes rexistros:

a) Os rexistros establecidos no artigo 63 quáter do citado Regulamento (UE) n.º 282/2011, cando tal empresario ou profesional se encontre acollido aos réximes especiais previstos no capítulo XI do título IX desta lei.

b) Os rexistros establecidos no artigo 164.un.4.º desta lei, cando non se encontre acollido aos réximes especiais previstos no capítulo XI do título IX desta lei».

Vinte e catro. Modifícase o punto dous do artigo 167, que queda redactado da seguinte forma:

«Dous. Nas importacións de bens o imposto liquidarase na forma prevista pola lexislación alfandegueira para os dereitos arancelarios ou, de ser o caso, polo artigo 167 bis desta lei.

A recadación e o ingreso das cotas do imposto á importación efectuaranse na forma que se determine regulamentariamente, onde se poderán establecer os requisitos exixibles aos suxeitos pasivos, para que poidan incluír as ditas cotas na declaración-liquidación correspondente ao período en que reciban o documento en que conste a liquidación practicada pola Administración.»

Vinte e cinco. Modifícase o artigo 167 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 167 bis. *Modalidade especial para a declaración e o pagamento do imposto sobre o valor engadido sobre as importacións.*

Un. Cando os empresarios ou profesionais que realicen as operacións a que se refire o título IX, capítulo XI, sección 4.ª, desta lei non opten pola aplicación do réxime especial previsto nesa sección, a persoa que presente os bens na alfándega por conta do importador no territorio de aplicación do imposto poderá optar por unha modalidade especial para a declaración e o pagamento do imposto sobre o valor engadido correspondente á importación dos bens en que concorran os seguintes requisitos:

- a) que o valor intrínseco do envío non supere os 150 euros;
- b) que se trate de bens que non sexan obxecto de impostos especiais; e
- c) que o destino final da expedición ou transporte dos bens sexa o territorio de aplicación do imposto.

Dous. No suposto de que se opte pola modalidade especial de declaración e pagamento, aplicaranse as seguintes disposicións:

- a) O destinatario dos bens importados estará obrigado ao pagamento do imposto sobre o valor engadido.
- b) A persoa que presente os bens para o seu despacho ante a alfándega recadará o imposto sobre o valor engadido que recaia sobre a súa importación do destinatario dos bens importados e efectuará o pagamento do imposto sobre o valor engadido recadado.

Para estes efectos, non será necesaria autorización expresa por parte do destinatario dos bens importados para a utilización da citada modalidade especial de declaración e pagamento.

Tres. Non obstante o disposto no artigo 91 desta lei, será de aplicación o tipo impositivo xeral do imposto ás importacións de bens que se declaren utilizando a modalidade especial de declaración e pagamento prevista neste artigo.

A persoa que presente os bens para o seu despacho ante a Alfándega deberá tomar as medidas necesarias para garantir que o destinatario dos bens importados pague o imposto sobre o valor engadido correspondente á importación.

Catro. Os empresarios ou profesionais que utilicen a modalidade especial de declaración e pagamento deberán presentar por vía electrónica unha declaración mensual co importe total do imposto sobre o valor engadido recadado correspondente ás importacións realizadas durante o dito mes natural ao abeiro delas.



Para estes efectos, presumirase que se recadou o imposto sobre o valor engadido correspondente aos bens importados, salvo nos supostos de reexpedición, destrución ou abandono.

O importe do imposto sobre o valor engadido correspondente a cada declaración mensual poderase pagar até o día 16 do segundo mes seguinte ao mes de importación.

Cinco. Os empresarios ou profesionais deberán levar un rexistro das operacións incluídas na declaración presentada consonte a modalidade especial de declaración e pagamento durante o prazo de 4 anos, nas condicións que se establezan regulamentariamente.»

Vinte e seis. Engádese un novo artigo 167 ter, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 167 ter. *Liquidación provisional.*

Os órganos de xestión tributaria poderán xirar a liquidación provisional que proceda de conformidade co disposto no artigo 101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, incluso nos supostos a que se refire no artigo seguinte.»

Vinte e sete. Modifícase a disposición derradeira segunda, que queda redactada da seguinte forma, pasando a actual disposición derradeira segunda a numerarse como terceira:

«Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habíltanse o Goberno e a persoa titular do Ministerio de Facenda, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido nesta lei.»

## TÍTULO VI

### **Transposición da Directiva (UE) 2018/957 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xuño de 2018, que modifica a Directiva 96/71/CE sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos**

**Artigo décimo primeiro.** *Modificación da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.*

Modifícase a Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, nos seguintes termos.

Un. O artigo 23 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 23. *Disposicións aplicables ás empresas usuarias.*

1. As empresas usuarias establecidas ou que exerzan a súa actividade en España poderán subscribir contratos de posta á disposición coas empresas de traballo temporal a que se refire o artigo 22 cando estas, de conformidade coa lexislación do seu Estado de establecemento, estean validamente constituídas e reúnan os requisitos para pór á disposición de empresas usuarias, con carácter temporal, persoas traballadoras contratadas por elas.

Nos supostos a que se refire o parágrafo anterior, a relación entre a persoa traballadora desprazada a España e a empresa usuaria axustarase ao establecido no capítulo IV da presente lei.

2. As empresas usuarias establecidas ou que exerzan a súa actividade en España que envíen temporalmente as persoas traballadoras que lle sexan cedidas polas empresas de traballo temporal españolas, ou polas referidas no artigo 22, a

outro Estado membro da Unión Europea ou a outro Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo para realizar un traballo no marco dunha prestación de servizos transnacional deberán indicar no contrato de posta á disposición as datas estimadas de inicio e finalización do envío, xa sexa no momento da súa sinatura ou a través dunha addenda a este en caso de necesidade sobrevida de efectuar o envío, así como informar sobre o inicio do envío á empresa de traballo temporal con tempo suficiente antes deste para que a empresa de traballo temporal poida comunicar o desprazamento ao outro Estado a que é enviada a persoa traballadora, dentro do prazo que esoutro Estado prevé para tal efecto.

3. Nos desprazamentos a que se refire o artigo 2.2 da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, as empresas usuarias establecidas noutros Estados da Unión Europea ou signatarias do Acordo do Espazo Económico Europeo que envíen temporalmente as persoas traballadoras que lle sexan cedidas polas empresas de traballo temporal a España para realizar un traballo no marco dunha prestación de servizos transnacional deberán informar a empresa de traballo temporal sobre o inicio do envío con tempo suficiente para que a dita empresa poida comunicar o desprazamento ás autoridades españolas.

Estas empresas usuarias serán tamén responsables ante as autoridades españolas do incumprimento da dita obrigaón unha vez que se producise o desprazamento.

Así mesmo, deberán cumprir co previsto no artigo 3.7 da Lei 45/1999, do 29 de novembro.»

Dous. O punto 2 do artigo 26 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Nos supostos a que se refire o punto anterior, as relacións laborais na empresa de traballo temporal rexeranse polo disposto no capítulo III da presente lei. En todo caso, as empresas de traballo temporal españolas deberán garantir ás súas persoas traballadoras as condicións de traballo previstas no país de desprazamento polas normas nacionais de transposición da Directiva 96/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro, sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos, e queda suxeitas ao establecido na disposición adicional primeira da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, as empresas de traballo temporal cuxas persoas traballadoras sexan enviadas temporalmente polas empresas usuarias establecidas, ou que exerzan a súa actividade en España ou noutros Estados membros da Unión Europea ou en Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, a outro de tales Estados para realizar un traballo no marco dunha prestación de servizos transnacional deberán garantir ás súas persoas traballadoras as condicións de traballo previstas neste último Estado polas normas nacionais de transposición da Directiva 96/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro, sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos e cumprir coas obrigaóns previstas no dito Estado para as empresas que despracen temporalmente as súas persoas traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional.

As obrigaóns das empresas de traballo temporal de acordo co parágrafo anterior deben entenderse sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ás empresas usuarias establecidas ou que exerzan a súa actividade en España de acordo coa lexislación española, ou ás empresas usuarias establecidas ou que exerzan a súa actividade noutros Estados membros da Unión Europea ou en Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo de acordo co previsto nas normas nacionais de transposición da Directiva 2008/104/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, relativa ao traballo

a través de empresas de traballo temporal, e a Directiva do Consello, do 25 de xuño de 1991, pola que se completan as medidas tendentes a promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo dos traballadores cunha relación laboral de duración determinada ou de empresas de traballo temporal (91/383/CEE).»

**Artigo décimo segundo.** *Modificación de Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.*

Modifícase a Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, nos seguintes termos:

Un. O punto 2 do artigo 2 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para os efectos das definicións do punto anterior, enténdese incluída a persoa traballadora dunha empresa de traballo temporal posta á disposición dunha empresa usuaria establecida ou que exerce a súa actividade no mesmo Estado que a empresa de traballo temporal, ou noutro Estado membro da Unión Europea ou signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que é enviada temporalmente por esta a España para realizar un traballo no marco dunha prestación de servizos transnacional en calquera dos seguintes supostos:

a) Por conta e baixo a dirección da empresa usuaria en execución dun contrato suscrito entre esta e o destinatario da prestación de servizos, que estea establecido ou que exerza a súa actividade en España.

b) Nun centro de traballo en España da propia empresa usuaria ou doutra empresa do grupo de que forme parte, de acordo co concepto de grupo de empresas previsto no punto anterior.

Nestes supostos, entenderase que é a empresa de traballo temporal a que despraza temporalmente as súas persoas traballadoras a España, e debe cumprir as obrigacións que a presente lei establece para as empresas que despracen temporalmente as súas persoas traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional, sen prexuízo do establecido no artigo 3.7.

En caso de que, pese á aparencia formal de desprazamento segundo este punto, a persoa traballadora, mentres presta os seus servizos en España, quede sometida ao poder de dirección da empresa establecida ou que exerza a súa actividade en España, será de aplicación o réxime xurídico relativo ao desprazamento previsto no punto 1.1.º.c), sen prexuízo da existencia das responsabilidades oportunas en caso de constituír cesión ilegal de persoas traballadoras.»

Dous. Engádense tres novas letras i), j) e k) no punto 1 do artigo 3, coa seguinte redacción:

«i) As condicións de cesión de persoas traballadoras, incluídas as previstas nos puntos 2 e 7.

j) As condicións de aloxamento das persoas traballadoras, cando o empregador llelo proporcione a persoas traballadoras que se encontren fóra do seu lugar de traballo habitual.

k) As axudas de custo ou os reembolsos para cubrir os gastos de viaxe, aloxamento e manutención en que incorran as persoas traballadoras desprazadas a España cando, durante a súa estadía, deban viaxar a e desde o seu lugar habitual de traballo situado en España a outro lugar fóra da súa residencia temporal en España por motivos profesionais ou cando a súa persoa empregadora os envíe temporalmente desde o dito lugar habitual de traballo a outro lugar de traballo en España ou no estranxeiro.»

Tres. Engádense dos novos puntos 7 e 8 no artigo 3, coa seguinte redacción:

«7. Nos desprazamentos a que se refire o artigo 2.2, as empresas de traballo temporal e as empresas usuarias deberán garantir ás persoas traballadoras desprazadas as condicións de traballo a que se refire o punto 1 deste artigo e, en particular, o artigo 28.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sen prexuízo da aplicación de condicións de traballo máis favorables previstas no punto 5 ou na lexislación laboral do Estado de establecemento ou no que exerce a súa actividade a empresa usuaria que envía a persoa traballadora temporalmente a España.

8. Cando a duración efectiva dun desprazamento sexa superior a doce meses, as empresas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei, ademais de garantir ás súas persoas traballadoras desprazadas, calquera que sexa a lexislación aplicable ao contrato de traballo, as condicións de traballo a que se refire o punto 1 previstas pola lexislación laboral española, deberán garantir o resto de condicións de traballo previstas por esta, con excepción das seguintes materias:

- a) os procedementos, formalidades e condicións de subscrición e de extinción do contrato de traballo, con inclusión das cláusulas de non competencia;
- b) os réximes complementarios de xubilación.

Non obstante, cando a empresa prestadora de servizos considere que a duración efectiva do desprazamento vai ser superior a doce meses, poderalle dirixir á autoridade laboral a que se refire o artigo 5, antes do transcurso do indicado prazo, unha notificación motivada, que ampliará até un máximo de dezaioito meses a aplicación das condicións de traballo previstas na lexislación laboral española segundo o punto 1.

O cómputo da duración efectiva do desprazamento non se interromperá polo disfrute das vacacións anuais retribuídas e no caso doutras interrupcións breves, tales como outros descansos ou os permisos retribuídos previstos na lexislación laboral española nos termos do punto 4, de ser aplicable esta, ou os fundados nas mesmas causas en caso de ser outra a lexislación aplicable por ser máis favorable.

Cando unha empresa incluída no ámbito de aplicación da presente lei substitúa unha persoa traballadora desprazada por outra persoa traballadora desprazada que realice o mesmo traballo no mesmo lugar, a duración do desprazamento será, para os efectos do presente punto, a duración acumulada dos períodos de desprazamento de cada unha das persoas traballadoras desprazadas de que se trate.

O concepto de «mesmo traballo no mesmo lugar» recollido no parágrafo anterior do presente punto determinarase tendo en conta, entre outras cousas, a natureza do servizo obxecto da prestación de servizos transnacional de que se preste, o traballo que se realice e o enderezo ou enderezos do lugar de traballo.»

Catro. Engádense un novo parágrafo segundo no punto 3 do artigo 4, co seguinte contido:

«En caso de que nin o contrato de traballo nin as disposicións aplicables á relación laboral indiquen se os elementos do complemento específico por desprazamento se aboan en concepto de reembolso de gastos efectivamente realizados a causa do desprazamento ou como parte da remuneración nin, de ser o caso, cales son eses elementos, considerarase que a totalidade do complemento se aboa en concepto de reembolso de gastos.»

Cinco. Engádense un novo punto 7 no artigo 5 coa seguinte redacción:

«7. No suposto previsto no artigo 2.2, a empresa de traballo temporal deberá comunicar o desprazamento nos termos establecidos nos puntos anteriores. A comunicación deberá incluír, ademais do disposto no punto 2, o seguinte:

- a) A identificación da empresa usuaria estranxeira que envía a persoa traballadora a España.

b) A determinación da prestación de servizos que as persoas traballadoras desprazadas van desenvolver en España, con indicación do suposto que corresponda dos previstos no artigo 2.2, en lugar do disposto no punto 2.f) deste artigo.»

Seis. Engádesse un novo punto 6 no artigo 8 bis, coa seguinte redacción:

«6. Cando, tras unha avaliación global realizada de conformidade con este artigo, se comprobe que unha empresa está creando, de maneira indebida ou fraudulenta, a impresión de que a situación dunha persoa traballadora entra no ámbito de aplicación da presente lei, a persoa traballadora terá dereito á aplicación da lexislación española de traballo e seguridade social, sen prexuízo das responsabilidades de calquera orde que se lle poidan exixir á empresa.

O anterior non poderá dar lugar a que a persoa traballadora de que se trate se vexa sometida a condicións menos favorables que as aplicables ás persoas traballadoras desprazadas.»

Sete. O punto 2 do artigo 9 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. A cooperación e asistencia consistirán, en particular, en formular e en responder peticións xustificadas de información respecto ao desprazamento de persoas traballadoras no marco de prestacións de servizos transnacionais, incluídos os casos de abuso manifesto e de actividades transnacionais presuntamente ilegais, como os casos transnacionais de traballo non declarado e de traballo autónomo ficticio relacionados co desprazamento de persoas traballadoras.

No caso de que a autoridade receptora competente e a Inspección de Traballo e Seguridade Social reciban unha solicitude de información sobre desprazamentos de persoas traballadoras por empresas establecidas en España por parte da autoridade ou o organismo competente do Estado membro a cuxo territorio se desprazou a persoa traballadora para executar o seu traballo e non a posúa, deberá obtela doutras autoridades ou organismos.

A autoridade laboral, sen prexuízo das funcións que lle correspondan segundo a lexislación española, porá en coñecemento dos órganos competentes das administracións públicas doutros Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo as infraccións administrativas cometidas en España polas empresas establecidas en tales Estados con ocasión do desprazamento das súas persoas traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional.»

Oito. A disposición adicional novena pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Actualización da información.*

O Ministerio de Traballo e Economía Social deberá manter actualizada a páxina web de desprazamento transnacional de persoas traballadoras contida no sitio web do Ministerio Traballo e Economía Social, así como a información proporcionada na ficha de país no sitio web da Comisión Europea».

**Artigo décimo terceiro.** *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Modifícase o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, nos seguintes termos.

Un. Engádesse un parágrafo segundo no punto 1 do artigo 3 nos seguintes termos:

«Os desprazamentos temporais de persoas traballadoras polas empresas establecidas en España ao territorio de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico no marco dunha

prestación de servizos transnacional non poderán dar lugar a que se sancionen as accións ou omisións dos suxeitos responsables que fosen xa sancionadas penal ou administrativamente no país de desprazamento, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.»

Dous. A alínea a) do artigo 10.2 queda redactada do seguinte modo:

«a) A presentación da comunicación de desprazamento con posterioridade ao seu inicio ou sen designar xa sexa o representante da empresa que sirva de enlace coas autoridades competentes españolas e para envío e recepción de documentos ou notificacións, xa sexa unha persoa que poida actuar en España en representación da empresa prestadora de servizos nos procedementos de información e consulta das persoas traballadoras, e negociación, que afecten as persoas traballadoras desprazadas a España, así como dar conta ás autoridades competentes dos motivos da ampliación do desprazamento alegando feitos e circunstancias que se demostre que son falsos ou inexactos.»

Tres. Renúmérase a sección 5.<sup>a</sup> do capítulo II, que pasa a ser a sección 6.<sup>a</sup>, e renúmérase o actual artigo 19 bis, que pasa a ser o artigo 19 quinquies.

Catro. Engádesse unha nova sección 5.<sup>a</sup> no capítulo II coa seguinte redacción:

*«Sección 5.<sup>a</sup> Infraccións das empresas de traballo temporal establecidas noutros Estados membros da Unión Europea ou en Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, así como das empresas usuarias*

*Artigo 19 bis. Infraccións das empresas de traballo temporal establecidas noutros Estados membros da Unión Europea ou en Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

1. Constitúen infraccións graves das empresas de traballo temporal:

- a) Non formalizar por escrito o contrato de posta á disposición.
- b) Formalizar contratos de posta á disposición para supostos distintos dos previstos no artigo 6.2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño.

2. Constitúen infraccións moi graves das empresas de traballo temporal:

- a) Formalizar contratos de posta á disposición sen estar validamente constituídas como empresa de traballo temporal segundo a lexislación do Estado de establecemento ou sen reunir os requisitos exixidos pola citada lexislación para pór á disposición de empresas usuarias, con carácter temporal, persoas traballadoras por ela contratadas.
- b) Formalizar contratos de posta á disposición para a realización de actividades e traballos que, pola súa especial perigosidade para a seguridade ou a saúde, se determinen regulamentariamente.
- c) Ceder persoas traballadoras con contrato temporal a outra empresa de traballo temporal ou a outras empresas para a súa posterior cesión a terceiros.

*Artigo 19 ter. Infraccións das empresas usuarias establecidas ou que exerzan a súa actividade en España.*

1. Constitúe infracción leve non lle facilitar á empresa de traballo temporal os datos relativos á retribución total establecida no convenio colectivo aplicable para o posto de traballo en cuestión, para efectos da súa consignación no contrato de posta á disposición.

2. Infraccións graves:

- a) Non formalizar por escrito o contrato de posta á disposición.

b) Formalizar contratos de posta á disposición para supostos distintos dos previstos no artigo 6.2 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, ou para a cobertura de postos de traballo respecto dos cales non se realizase previamente a preceptiva avaliación de riscos.

c) As accións ou omisións que impidan o exercicio por parte das persoas traballadoras postas á súa disposición dos dereitos establecidos no artigo 17 da Lei 14/1994, do 1 de xuño.

d) A falta de información á persoa traballadora temporal nos termos previstos no artigo 16.1 da Lei 14/1994, do 1 de xuño.

e) Formalizar contratos de posta á disposición para a cobertura de postos ou funcións que, nos doce meses anteriores, fosen obxecto de amortización por despedimento improcedente, despedimento colectivo ou por causas obxectivas, ou para a cobertura de postos que nos dezoito meses anteriores estivesen xa cubertos durante máis de trece meses e medio, de forma continua ou discontinua, por persoas traballadoras postas á disposición por empresas de traballo temporal; enténdese en ambos os casos cometida unha infracción por cada persoa traballadora afectada.

f) Permitir o inicio da prestación de servizos das persoas traballadoras postas á disposición sen ter constancia documental de que recibiron as informacións relativas aos riscos e medidas preventivas, posúen a formación específica necesaria e contan cun estado de saúde compatible co posto de traballo que van desempeñar.

g) A ausencia de información da empresa usuaria á empresa de traballo temporal coa antelación suficiente sobre o inicio dun envío temporal dunha persoa traballadora desprazada a outro Estado membro da Unión Europea ou signatario do Acordo do Espazo Económico Europeo nos termos previstos legalmente.

### 3. Infraccións moi graves:

a) Os actos da empresa lesivos do dereito de folga, consistentes na substitución de persoas traballadoras en folga por outros postos á súa disposición por unha empresa de traballo temporal.

b) A formalización de contratos de posta á disposición para a realización daquelas actividades e traballos que, pola súa especial perigosidade para a seguridade ou a saúde, se determinen regulamentariamente; enténdese cometida unha infracción por cada contrato en tales circunstancias.

c) Formalizar contratos de posta á disposición con empresas de traballo temporal que non estean validamente constituídas como tales segundo a lexislación do Estado de establecemento ou que non reúnan os requisitos exixidos pola citada lexislación para pór á disposición de empresas usuarias, con carácter temporal, persoas traballadoras por elas contratadas.»

*Artigo 19 quáter. Infraccións das empresas usuarias establecidas noutro Estado membro da Unión Europea ou signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

Constitúe infracción grave a ausencia de información da empresa usuaria á empresa de traballo temporal establecida noutro Estado membro da Unión Europea ou signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo sobre o inicio do envío temporal dunha persoa traballadora desprazada a España coa antelación suficiente para que a dita empresa poida comunicar o desprazamento ás autoridades españolas.»

Cinco. Engádesse un novo punto 4 no artigo 41 nos seguintes termos:

«4. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, a reincidencia das empresas de traballo temporal establecidas noutros Estados membros da Unión Europea ou en Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo na comisión de infraccións tipificadas como moi graves no artigo 19 bis.2 da presente lei poderá dar lugar á prohibición durante un ano da posta á disposición de persoas traballadoras a empresas usuarias establecidas ou que exerzan a súa actividade en España ou, se a dita sanción se impón en dúas ocasións, por tempo indefinido.

Cando o expediente sancionador comporte a proposta de prohibición a que se refire o parágrafo anterior, será competente para resolver a persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social ou a autoridade equivalente das comunidades autónomas con competencia de execución da lexislación laboral.»

Seis. Engádese un novo parágrafo segundo na letra a) do artigo 52.1 coa redacción seguinte:

«No suposto de empresas establecidas en España que despracen temporalmente as súas persoas traballadoras ao territorio de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo no marco dunha prestación de servizos transnacional, tamén se poderá iniciar de oficio o procedemento sancionador mediante acta da Inspección de Traballo e Seguridade Social en virtude de actuacións derivadas de comunicación das administracións públicas ás cales corresponda no lugar de desprazamento a vixilancia do cumprimento das condicións de traballo.»

**Artigo décimo cuarto.** *Modificación da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

O punto 2 do artigo 13 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, queda redactado nos seguintes termos:

«2. Facerse acompañar nas visitas de inspección pola empresa ou o seu representante, as persoas traballadoras, os seus representantes e polas persoas peritas e técnicas da empresa ou das súas entidades asesoras que consideren necesario para o mellor desenvolvemento da función inspectora, así como por persoas peritas ou expertas pertencentes á Administración pública española, doutros Estados membros da Unión Europea e Estado signatarios do Acordo do Espazo Económico Europeo, da Autoridade Laboral Europea ou outras persoas habilitadas oficialmente.»

## TÍTULO VII

### **Transposición da Directiva da Unión Europea en materia de prevención e reparación de danos ambientais**

**Artigo décimo quinto.** *Modificación do artigo 42.1, letra a), da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.*

Modifícase a letra a) do punto 1 do artigo 42 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Toda persoa física ou xurídica que se vexa ou poida ver afectada por un dano ambiental, así como aquela en que conorra calquera das circunstancias previstas no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

## TÍTULO VIII

### **Transposición de directivas da Unión Europea en materia de contratos de compravenda de bens e de subministración de contidos ou servizos dixitais**

**Artigo décimo sexto.** *Modificación do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro.*

O texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Suprímese o último parágrafo do artigo 53.



Dous. Engádesse un punto 4 ao artigo 59, coa seguinte redacción:

«4. O ámbito de aplicación deste libro tamén abranguerá os contratos en virtude dos cales o empresario lle subministra ou se compromete a subministrar contidos ou servizos dixitais ao consumidor ou usuario e este facilita ou se compromete a facilitar datos persoais, salvo cando os datos persoais facilitados polo consumidor ou usuario sexan tratados exclusivamente polo empresario co fin de subministrar os contidos ou servizos dixitais obxecto dun contrato de compravenda ou de servizos ou para permitir que o empresario cumpra os requisitos legais a que está suxeito, e o empresario non trate eses datos para ningún outro fin.»

Tres. O artigo 59 bis queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 59 bis. *Definicións.*

1. Para os efectos deste libro, entenderase por:

a) «Bens con elementos dixitais»: todo obxecto mobile tanxible que incorpore contidos ou servizos dixitais ou estea interconectado con eles de tal modo que a ausencia de tales contidos ou servizos dixitais impediría que os bens realizasen as súas funcións.

b) «Bens elaborados conforme as especificacións do consumidor e usuario»: todo ben non prefabricado para cuxa elaboración sexa determinante unha elección ou decisión individual por parte do consumidor e usuario.

c) «Compatibilidade»: a capacidade dos bens de funcionaren cos aparellos (*hardware*) ou programas (*software*) cos cales se utilizan normalmente os bens do mesmo tipo, sen necesidade de converter os bens, aparellos (*hardware*) ou programas (*software*), así como a capacidade dos contidos ou servizos dixitais de funcionaren cos aparellos (*hardware*) ou programas (*software*) cos cales se utilizan normalmente os contidos ou servizos dixitais do mesmo tipo, sen necesidade de converter os contidos ou servizos dixitais.

d) «Contido dixital»: os datos producidos e subministrados en formato dixital.

e) «Contrato complementario»: un contrato polo cal o consumidor e usuario adquire bens ou servizos sobre a base doutro contrato suscrito cun empresario, incluídos os contratos a distancia ou subscritos fóra do establecemento, e eses bens ou servizos son proporcionados polo empresario ou un terceiro sobre a base dun acordo entre o dito terceiro e o empresario.

f) «Contrato de compravenda ou venda»: todo contrato suscrito, no ámbito dunha relación de consumo, en virtude do cal o empresario transmite ou se compromete a transmitir a propiedade de bens ao consumidor ou usuario, e pode levar incluída a prestación de servizos.

g) «Contrato de servizos»: todo contrato, con excepción do contrato de venda ou compravenda, suscrito no ámbito dunha relación de consumo, en virtude do cal o empresario presta ou se compromete a prestar un servizo ao consumidor ou usuario, incluído aquel de carácter dixital.

h) «Datos persoais»: toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable. Considérase así toda persoa cuxa identidade se poida determinar, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador, como por exemplo un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da dita persoa.

i) «Durabilidade»: a capacidade dos bens de manteren as súas funcións e rendemento requiridos en condicións normais de utilización durante o tempo que sexa razoable en función do tipo de ben.

j) «Contorno dixital»: o aparello (*hardware*), programa (*software*) e calquera conexión á rede que o consumidor e usuario utilice para acceder aos contidos ou servizos dixitais ou para facer uso deles.

k) «Establecemento mercantil»: toda instalación inmoble de venda ao retallo en que o empresario exerce a súa actividade de forma permanente, ou toda instalación móbil de venda ao retallo en que o empresario exerce a súa actividade de forma habitual.

l) «Funcionalidade»: a capacidade dos contidos ou servizos dixitais de realizaren as súas funcións tendo en conta a súa finalidade.

m) «Garantía comercial»: todo compromiso asumido por un empresario ou por un produtor (o «garante») fronte ao consumidor ou usuario, ademais das súas obrigacións legais con respecto á garantía de conformidade, de reembolsar o prezo pagado ou de substituír, reparar ou prestar un servizo de mantemento relacionado co ben ou co contido ou servizo dixital, en caso de que non se cumpran as especificacións ou calquera outro requisito non relacionado coa conformidade do ben ou do contido ou servizo dixital co contrato, enunciados na declaración de garantía ou na publicidade, dispoñible no momento ou antes da subscripción do contrato.

n) «Integración»: a conexión e incorporación dos contidos ou servizos dixitais cos compoñentes do contorno dixital do consumidor ou usuario para que os contidos ou servizos dixitais se utilicen consonte os requisitos de conformidade previstos no título IV deste libro.

ñ) «Interoperabilidade»: a capacidade dos bens ou dos contidos ou servizos dixitais de funcionaren con aparellos (*hardware*) ou programas (*software*) distintos daqueles cos cales se utilizan normalmente os bens ou os contidos ou servizos dixitais do mesmo tipo.

o) «Servizo dixital»: un servizo que permite ao consumidor ou usuario crear, tratar, almacenar ou consultar datos en formato dixital, ou un servizo que permite compartir datos en formato dixital cargados ou creados polo consumidor ou por outros usuarios de ese servizo, ou interactuar de calquera outra forma cos ditos datos.

p) «Servizo financeiro»: todo servizo no ámbito bancario, de crédito, de seguros, de pensión privada, de investimento ou de pagamento.

q) «Soporte duradeiro»: todo instrumento que permita ao consumidor ou usuario e ao empresario almacenar información que se lle dirixise persoalmente de forma que no futuro poida consultala durante un período de tempo acorde cos fins da dita información e que permita a súa fiel reprodución. Entre outros, teñen a consideración de soporte duradeiro o papel, as memorias USB, os CD-ROM, os DVD, as tarxetas de memoria ou os discos duros de ordenador, os correos electrónicos, así como as mensaxes SMS.

r) «Poxa pública»: método de venda en que o empresario lles ofrece bens ou servizos aos consumidores ou usuarios, que asisten ou se lles dá a posibilidade de asistir á poxa en persoa, aínda que sexa por medios telemáticos, mediante un procedemento de poxa transparente e competitivo, dirixido por un poxador e no cal o adxudicatario estea obrigado a comprar os bens ou servizos.

2. Para os efectos deste libro, título I, capítulo I, artigos 66 bis e 66 ter, e dos títulos III e IV, considéranse «bens» as cousas mobles corporais. A auga, o gas e a electricidade consideraranse «bens» cando estean envasados para a súa comercialización nun volume delimitado ou en cantidades determinadas.»

Catro. Engádesse un novo punto 5 ao artigo 62, coa seguinte redacción:

«5. En caso de que o usuario incumpra o compromiso de permanencia adquirido coa empresa, a penalización por baixa ou cesamento prematuro da relación contractual será proporcional ao número de días non efectivos do compromiso de permanencia acordado.»

Cinco. O artigo 66 bis queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 66 bis. *Entrega de bens e subministración de contidos ou servizos dixitais que non se presten en soporte material.*

1. Salvo que as partes acorden outra cousa, o empresario entregará os bens mediante a transmisión da súa posesión material ou control ao consumidor ou usuario, sen ningunha demora indebida e nun prazo máximo de 30 días naturais a partir da subscrición do contrato, e subministrará os contidos ou servizos dixitais sen demora indebida tras a subscrición do contrato.

A obrigaón de subministración por parte do empresario entenderase cumprida cando:

a) O contido dixital ou calquera medio adecuado para acceder ao contido dixital ou descargalo sexa posto á disposición do consumidor ou usuario ou sexa accesible para el ou para a instalación física ou virtual elixida polo consumidor e usuario para ese fin.

b) O servizo dixital sexa accesible para o consumidor ou usuario ou para a instalación física ou virtual elixida polo consumidor ou usuario para tal fin.

2. Se o empresario non cumpre a súa obrigaón de entrega, o consumidor ou usuario emprazaráo para que cumpra nun prazo adicional adecuado ás circunstancias.

No caso de que o empresario non cumpra a súa obrigaón de subministración, o consumidor ou usuario poderá solicitar que lle sexan subministrados os contidos ou servizos dixitais sen demora indebida ou nun período de tempo adicional acordado expresamente polas partes.

Se o empresario continúa sen cumprir coa entrega ou subministración, o consumidor ou usuario terá dereito a resolver o contrato.

3. Non obstante o anterior, o consumidor ou usuario terá dereito a resolver o contrato no momento en que se dea algunha das seguintes situacións:

a) Que o empresario rexeitase entregar os bens ou declarase, ou así se desprenda claramente das circunstancias, que non subministrará os contidos ou servizos dixitais.

b) Que as partes acordasen, ou así se desprenda claramente das circunstancias que concorran na subscrición do contrato, que para o consumidor ou usuario é esencial que a entrega ou a subministración se produza nunha data determinada ou anterior a esta. No suposto de tratarse de bens, o dito acordo deberá terse producido antes da subscrición do contrato.

4. Cando o consumidor ou usuario resolva o contrato de subministración de contidos ou servizos dixitais consonte o presente artigo, aplicaranse en consecuencia os artigos 119 ter e 119 quáter.

5. Re caerá no empresario a carga da proba sobre o cumprimento das obrigaóns que lle corresponden en virtude deste artigo.

6. Este artigo non será aplicable aos contratos excluídos do ámbito do título IV deste libro que aparecen relacionados no punto 2 do artigo 114, coa excepción dos sinalados na súa alínea a).»

Seis. Suprímese o punto 4 do artigo 74.

Sete. Modifícase o título IV do libro segundo, que queda redactado nos seguintes termos:

#### «TÍTULO IV

### Garantías e servizos posvenda

#### CAPÍTULO I

### Disposicións xerais sobre garantía

Artigo 114. *Ámbito de aplicación.*

1. Están incluídos no ámbito de aplicación deste título os contratos de compravenda de bens existentes ou de bens que teñan que producirse ou fabricarse e os contratos de subministración de contidos ou servizos dixitais; inclúense como tales todos aqueles que teñan por obxecto a entrega de soportes materiais que sirvan exclusivamente como portadores de contidos dixitais.

O Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos, así como a Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, e a súa normativa de desenvolvemento aplicaranse a calquera dato persoal tratado nas relacións recollidas nos puntos anteriores, e prevalecerán as súas disposicións en caso de conflito co regulado neste título.

2. O previsto neste título non será de aplicación:

- a) Aos animais vivos.
- b) Aos bens de segunda man adquiridos en poxa administrativa a que os consumidores e usuarios poidan asistir persoalmente.
- c) Á prestación de servizos distintos dos servizos dixitais, independentemente de que o empresario utilizase formas ou medios dixitais para obter o resultado do servizo ou para entregalo ou transmitilo ao consumidor ou usuario.
- d) Aos servizos de comunicacións electrónicas prestados polo xeral a cambio dunha remuneración a través de redes de comunicacións electrónicas, coa excepción dos servizos que subministren contidos transmitidos mediante redes e servizos de comunicacións electrónicas ou exerzan control editorial sobre eles, e que inclúen:

1.º O servizo de acceso á internet, entendido segundo a definición do punto 2) do parágrafo segundo do artigo 2 do Regulamento (UE) 2015/2120 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, polo que se establecen medidas en relación co acceso a unha internet aberta.

2.º O servizo de comunicacións interpersoais, excepto os servizos de comunicacións interpersoais independentes da numeración.

3.º Os servizos consistentes, na súa totalidade ou principalmente, no transporte de sinais, como son os servizos de transmisión utilizados para a prestación de servizos máquina a máquina e para a radiodifusión.

e) Os contidos ou servizos dixitais relacionados coa saúde prescritos ou subministrados por un profesional sanitario a pacientes para avaliar, manter ou restablecer o seu estado de saúde, incluídos a receita, a dispensación e a provisión de medicamentos e produtos sanitarios.

f) Os servizos de xogo que impliquen apostas de valor pecuniario en xogos de azar, incluídos aqueles cun elemento de destreza, como as lotarías, os xogos de casino, os xogos de póquer e as apostas, por medios electrónicos ou calquera outra tecnoloxía destinada a facilitar a comunicación e por petición individual do receptor de tales servizos.

g) Os servizos financeiros.

h) O programa (*software*) ofrecido polo empresario baixo unha licenza libre e de código aberto, cando o consumidor ou usuario non pague ningún prezo e os datos persoais facilitados polo consumidor ou usuario sexan tratados exclusivamente polo empresario co fin de mellorar a seguridade, compatibilidade ou interoperabilidade dese programa (*software*) concreto.

i) A subministración dos contidos dixitais cando estes se poñan á disposición do público en xeral por un medio distinto da transmisión de sinais como parte dunha actuación ou acontecemento, como as proxeccións cinematográficas dixitais.

j) O contido dixital proporcionado de conformidade coa Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector por organismos do sector público de calquera Estado membro da Unión Europea.

No caso a que se refire a letra b), os consumidores ou usuarios poderán acceder facilmente a información clara e comprensible de que non se aplican os dereitos derivados do presente título.

3. Os artigos 126 e 126 bis non se aplicarán cando un paquete, no sentido do Código europeo das comunicacións electrónicas, inclúa elementos dun servizo de acceso á internet, tal como se define no artigo 2.2) do Regulamento (UE) 2015/2120, ou un servizo de comunicacións interpersoais baseado en numeración, segundo a definición do citado código.

#### Artigo 115. *Conformidade dos bens e dos contidos ou servizos dixitais.*

Os bens, os contidos ou servizos dixitais que o empresario entregue ou subministre ao consumidor ou usuario consideraranse conformes co contrato cando cumpran os requisitos subxectivos e obxectivos establecidos que sexan de aplicación sempre que, cando corresponda, fosen instalados ou integrados correctamente, todo iso sen prexuízo dos dereitos de terceiros a que se refire o segundo parágrafo do artigo 117.

#### Artigo 115 bis. *Requisitos subxectivos para a conformidade.*

Para ser conformes co contrato, os bens e os contidos ou servizos dixitais deberán cumprir, en particular e cando sexan de aplicación, os seguintes requisitos:

a) Axustarse á descrición, tipo de ben, cantidade e calidade e posuír a funcionalidade, compatibilidade, interoperabilidade e demais características que se establezan no contrato.

b) Ser aptos para os fins específicos para os cales o consumidor ou usuario os necesite e que este puxese en coñecemento do empresario como moi tarde no momento da subscripción do contrato, e respecto dos cales o empresario expresase a súa aceptación.

c) Ser entregados ou subministrados xunto con todos os accesorios, instrucións, tamén en materia de instalación ou integración, e asistencia ao consumidor ou usuario en caso de contidos dixitais, segundo dispoña o contrato.

d) Ser subministrados con actualizacións, no caso dos bens, ou ser actualizados, no caso de contidos ou servizos dixitais, segundo se estableza no contrato en ambos os casos.

#### Artigo 115 ter. *Requisitos obxectivos para a conformidade.*

1. Ademais de cumprir calquera requisito subxectivo para a conformidade, os bens e os contidos ou servizos dixitais deberán cumprir todos os seguintes requisitos:

a) Ser aptos para os fins aos cales normalmente se destinen bens ou contidos ou servizos dixitais do mesmo tipo, tendo en conta, cando sexa de aplicación, toda

norma vixente, toda norma técnica existente ou, na falta da dita norma técnica, todo código de conduta específico da industria do sector.

b) Cando sexa de aplicación, posuír a calidade e corresponder coa descrición da mostra ou modelo do ben ou ser conformes coa versión de proba ou vista previa do contido ou servizo dixital que o empresario puxese á disposición do consumidor ou usuario antes da subscrición do contrato.

c) Cando sexa de aplicación, entregarse ou subministrarse xunto cos accesorios, en particular a embalaxe, e as instrucións que o consumidor e usuario poida razoablemente esperar recibir.

d) Presentar a cantidade e posuír as calidades e outras características, en particular respecto da durabilidade do ben, a accesibilidade e continuidade do contido ou servizo dixital e a funcionalidade, compatibilidade e seguridade que presentan normalmente os bens e os contidos ou servizos dixitais do mesmo tipo e que o consumidor ou usuario poida razoablemente esperar, dada a súa natureza e tendo en conta calquera declaración pública realizada polo empresario, ou no seu nome, ou por outras persoas en fases previas da cadea de transaccións, incluído o produtor, especialmente na publicidade ou na etiquetaxe. O empresario non quedará obrigado por tales declaracións públicas se demostra algún dos seguintes feitos:

1.º Que descoñecía e non cabía razoablemente esperar que coñecese a declaración en cuestión.

2.º Que, no momento da subscrición do contrato, a declaración pública fora corrixida do mesmo ou similar modo en que fora realizada.

3.º Que a declaración pública non puido influír na decisión de adquirir o ben ou o contido ou servizo dixital.

2. No caso de contratos de compravenda de bens con elementos dixitais ou de subministración de contidos ou servizos dixitais, o empresario velará por que se lle comuniquen e se lle subministren ao consumidor ou usuario as actualizacións, incluídas as relativas á seguridade, que sexan necesarias para manter a conformidade, durante calquera dos seguintes períodos:

a) Aquel que o consumidor ou usuario poida razoablemente esperar tendo en conta o tipo e a finalidade dos bens con elementos dixitais ou dos contidos ou servizos dixitais, e tendo en conta as circunstancias e a natureza do contrato, cando o contrato estableza un único acto de subministración ou unha serie de actos de subministración separados, de ser o caso.

b) Aquel en que deba subministrarse o contido ou servizo dixital consonte o contrato de compravenda de bens con elementos dixitais ou o contrato de subministración, cando este prevexa un prazo de subministración continuo durante un período de tempo. Non obstante, cando o contrato de compravenda de bens con elementos dixitais prevexa un prazo de subministración continuo igual ou inferior a tres anos, o período de responsabilidade será de tres anos a partir do momento da entrega do ben.

3. En caso de que o consumidor ou usuario non instale nun prazo razoable as actualizacións proporcionadas de conformidade co punto anterior, o empresario non será responsable de ningunha falta de conformidade causada unicamente pola ausencia da correspondente actualización, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) que o empresario informase o consumidor ou usuario acerca da dispoñibilidade da actualización e das consecuencias da súa non instalación; e

b) que o feito de que o consumidor ou usuario non instalase a actualización ou non o fixese correctamente non se debese a deficiencias nas instrucións facilitadas.

4. Cando o contrato prevexa a subministración continua de contidos ou servizos dixitais ao longo dun período, estes serán conformes durante todo ese período.

5. Non procederá responsabilidade por faltas de conformidade no sentido do disposto nos puntos 1 ou 2 cando, no momento da subscrición do contrato, o consumidor ou usuario fose informado de maneira específica de que unha determinada característica dos bens ou dos contidos ou servizos dixitais se afastaba dos requisitos obxectivos de conformidade establecidos nos puntos 1 ou 2 e o consumidor ou usuario aceptase de forma expresa e por separado a dita diverxencia.

6. Salvo que as partes o acordasen doutro modo, os contidos ou servizos dixitais subministraranse de conformidade coa versión máis recente dispoñible no momento da subscrición do contrato.

Artigo 115 quáter. *Instalación incorrecta dos bens e integración incorrecta dos contidos ou servizos dixitais.*

A falta de conformidade que resulte dunha instalación incorrecta do ben ou integración incorrecta dos contidos ou servizos dixitais no contorno dixital do consumidor ou usuario equipararase á falta de conformidade, cando se dea algunha das seguintes condicións:

a) Que a instalación ou integración incorrecta fose realizada polo empresario ou baixo a súa responsabilidade e, no suposto de tratarse dunha compravenda de bens, a súa instalación estea incluída no contrato.

b) Que no contrato estea previsto que a instalación ou a integración a realice o consumidor ou usuario, fose realizada por este e a instalación ou a integración incorrecta se deba a deficiencias nas instrucións de instalación ou integración proporcionadas polo empresario ou, no caso de bens con elementos dixitais, proporcionadas polo empresario.

Artigo 116. *Incompatibilidade de accións.*

O exercicio das accións que recolle neste título será incompatible co exercicio das accións derivadas do saneamento previstas no Código civil.

En todo caso, o consumidor ou usuario terá dereito, de acordo coa lexislación civil e mercantil, a ser indemnizado polos danos e perdas derivados da falta de conformidade.

## CAPÍTULO II

### **Responsabilidade do empresario e dereitos do consumidor e usuario**

Artigo 117. *Responsabilidade do empresario e dereitos do consumidor e usuario en caso de falta de conformidade dos bens, contidos ou servizos dixitais. Dereitos de terceiros.*

1. O empresario responderá ante o consumidor ou usuario de calquera falta de conformidade que exista no momento da entrega do ben, contido ou servizo dixital, e o consumidor ou usuario poderá, mediante unha simple declaración, exixirlle ao empresario a corrección da dita falta de conformidade, a redución do prezo ou a resolución do contrato. En calquera destes supostos, o consumidor ou usuario poderá exixir, ademais, a indemnización de danos e perdas, se procede.

O consumidor ou usuario terá dereito a suspender o pagamento de calquera parte pendente do prezo do ben ou do contido ou servizo dixital adquirido até que o empresario cumpra coas obrigacións establecidas no presente título.

2. Cando, como consecuencia dunha vulneración de dereitos de terceiros, en particular dos dereitos de propiedade intelectual, se impida ou limite a utilización dos bens ou dos contidos ou servizos dixitais, o consumidor ou usuario poderá exixir

igualmente, no suposto da súa falta de conformidade, as medidas correctoras previstas no punto anterior, salvo que unha lei estableza neses casos a rescisión ou nulidade do contrato.

Artigo 118. *Réxime xurídico da posta en conformidade.*

1. Se o ben non for conforme co contrato, para o pór en conformidade, o consumidor ou usuario terá dereito a elixir entre a reparación ou a substitución, salvo que unha destas dos opcións resulte imposible ou que, en comparación coa outra medida correctora, supoña custos desproporcionados para o empresario, tendo en conta todas as circunstancias e, entre elas, as recollidas no punto 3 deste artigo, así como se a medida correctora alternativa se podería proporcionar sen maiores inconvenientes para o consumidor ou usuario.

2. Se os contidos ou servizos dixitais non foren conformes co contrato, o consumidor ou usuario terá dereito a exixir que sexan postos en conformidade.

3. O empresario poderá negarse a pór os bens ou os contidos ou servizos dixitais en conformidade cando resulte imposible ou supoña custos desproporcionados, tendo en conta todas as circunstancias, e entre elas:

a) O valor que terían os bens ou os contidos ou servizos dixitais se non existise falta de conformidade.

b) A relevancia da falta de conformidade.

4. As medidas correctoras para a posta en conformidade axustaranse ás seguintes regras:

a) Serán gratuítas para o consumidor ou usuario. Esta gratuidade comprenderá os gastos necesarios en que se incorra para que os bens sexan postos en conformidade, especialmente os gastos de envío, transporte, man de obra ou materiais.

b) Deberanse levar a cabo nun prazo razoable a partir do momento en que o empresario fose informado polo consumidor ou usuario da falta de conformidade.

c) Deberán realizarse sen maiores inconvenientes para o consumidor ou usuario, tendo en conta a natureza dos bens ou dos contidos ou servizos dixitais e da finalidade que tivesen para o consumidor ou usuario.

5. Cando proceda a reparación ou a substitución do ben, o consumidor ou usuario porao á disposición do empresario e este, de ser o caso, recuperará o ben substituído ás súas expensas da forma que menos inconvenientes xere para o consumidor ou usuario dependendo do tipo de ben.

6. Cando unha reparación requira a retirada de bens que fosen instalados de forma coherente coa súa natureza e finalidade antes de manifestarse a falta de conformidade ou, cando se substitúan, a obrigaçión de reparalos ou substituílos incluírá a retirada dos non conformes e a instalación dos bens substituídos ou reparados, ou a asunción dos custos da dita retirada e instalación por conta do empresario.

7. O consumidor ou usuario non será responsable de ningún pagamento polo uso normal dos bens substituídos durante o período previo á súa substitución.

Artigo 119. *Réxime xurídico da redución do prezo e resolución do contrato.*

O consumidor ou usuario poderá exixir unha redución proporcionada do prezo ou a resolución do contrato en calquera dos seguintes supostos:

a) En relación con bens e cos contidos ou servizos dixitais, cando a medida correctora consistente en poñelos en conformidade resulte imposible ou desproporcionada no sentido do punto 3 do artigo 118.



b) Cando o empresario non levase a cabo a reparación ou a substitución dos bens ou non realizase isto de acordo co disposto nos puntos 5 e 6 do artigo 118 ou non o fixese nun prazo razoable, sempre que o consumidor ou usuario solicitase a redución do prezo ou a resolución do contrato.

c) Cando o empresario non puxese os contidos ou servizos dixitais en conformidade de acordo coas regras recollidas no punto 4 do artigo 118.

d) Cando apareza calquera falta de conformidade despois do intento do empresario de pór os bens ou os contidos ou servizos dixitais en conformidade.

e) Cando a falta de conformidade sexa de tal gravidade que se xustifique a redución inmediata do prezo ou a resolución do contrato.

f) Cando o empresario declarase, ou así se desprenda claramente das circunstancias, que non porá os bens ou os contidos ou servizos dixitais en conformidade nun prazo razoable ou sen maiores inconvenientes para o consumidor ou usuario.

Artigo 119 bis. *A redución do prezo.*

1. A redución do prezo será proporcional á diferenza existente entre o valor que o ben ou o contido ou servizo dixital tivese no momento da entrega ou subministración de ter sido conforme co contrato e o valor que o ben ou o contido ou servizo dixital efectivamente entregado ou subministrado teña no momento de tal entrega ou subministración.

2. Cando o contrato estipule que os contidos ou servizos dixitais se subministren durante un período de tempo a cambio do pagamento dun prezo, a redución en prezo aplicarase ao período de tempo durante o cal os contidos ou servizos dixitais non fosen conformes.

Artigo 119 ter. *A resolución do contrato.*

1. O consumidor ou usuario exercerá o dereito a resolver o contrato mediante unha declaración expresa ao empresario en que indique a súa vontade de resolver o contrato.

2. A resolución non procederá cando a falta de conformidade sexa de escasa importancia, salvo nos supostos en que o consumidor ou usuario facilítase datos persoais como contraprestación, e a carga da proba corresponderalle ao empresario.

3. Cando a falta de conformidade se refira só a algúns dos bens entregados en virtude do mesmo contrato e haxa motivos para a súa resolución, o consumidor ou usuario poderá resolver o contrato só respecto de tales bens e, en relación con calquera dos outros bens, poderá resolvelo tamén se non se pode razoablemente esperar que o consumidor ou usuario acepte conservar unicamente os bens conformes.

4. As obrigacións das partes en caso de resolución do contrato de compravenda de bens serán as seguintes:

a) O empresario reembolsará ao consumidor ou usuario o prezo pagado polos bens tras a recepción destes ou, de ser o caso, dunha proba achegada polo consumidor ou usuario de que os devolveu.

b) O consumidor ou usuario restituirá ao empresario, a expensas deste último, os bens.

5. As obrigacións e dereitos do empresario en caso de resolución do contrato de subministración de contidos ou servizos dixitais serán os seguintes:

a) O empresario reembolsará ao consumidor ou usuario todos os importes pagados consonte o contrato.

Non obstante, nos casos en que o contrato estableza a subministración dos contidos ou servizos dixitais a cambio do pagamento dun prezo e durante un período

de tempo determinado, e os contidos ou servizos dixitais fosen conformes durante un período anterior á resolución do contrato, o empresario reembolsaralle ao consumidor ou usuario unicamente a parte proporcional do prezo pagado correspondente ao período de tempo durante o cal os contidos ou servizos dixitais non fosen conformes, así como toda parte do prezo pagado polo consumidor ou usuario como pagamento á conta de calquera período restante do contrato no caso de que este non fose resolto.

b) No que respecta aos datos persoais do consumidor ou usuario, o empresario cumprirá as obrigacións aplicables consonte o Regulamento (UE) 2016/679 xeral de protección de datos, así como a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

c) O empresario absterase de utilizar calquera contido, distinto dos datos persoais, proporcionado ou creado polo consumidor ou usuario ao utilizar os contidos ou servizos dixitais subministrados polo empresario, excepto cando o dito contido cumpra algunha das condicións recollidas no artigo 107.5.

d) Salvo nas situacións a que se refire o artigo 107.5, letras a), b) ou c), o empresario porá á disposición do consumidor ou usuario, por petición deste, calquera contido distinto dos datos persoais que o consumidor ou usuario proporcionase ou crease ao utilizar os contidos ou servizos dixitais subministrados polo empresario.

e) O consumidor ou usuario terá dereito a recuperar os contidos dixitais que crease ao utilizar os contidos ou servizos dixitais sen cargo ningún, sen impedimentos por parte do empresario, nun prazo razoable e nun formato utilizado habitualmente e lexible electronicamente.

f) O empresario poderá impedir ao consumidor ou usuario calquera uso posterior dos contidos ou servizos dixitais, en particular, facendo que estes non sexan accesibles para o consumidor ou usuario ou inhabilitándolle a conta de usuario, sen prexuízo do disposto na letra d).

6. As obrigacións do consumidor ou usuario en caso de resolución do contrato de subministración de contidos ou servizos dixitais serán as seguintes:

a) Tras a resolución do contrato, o consumidor ou usuario absterase de utilizar os contidos ou servizos dixitais e de poñelos á disposición de terceiros.

b) Cando os contidos dixitais se subministrasen nun soporte material, o consumidor ou usuario, por solicitude e a expensas do empresario, devolveralle o soporte material a este último sen demora indebida. Se o empresario decide solicitar a devolución do soporte material, esta solicitude realizarase no prazo de catorce días a partir da data en que fose informado o empresario da decisión do consumidor ou usuario de resolver o contrato.

c) Ao consumidor ou usuario non se lle poderá reclamar ningún pagamento por calquera uso realizado dos contidos ou servizos dixitais durante o período previo á resolución do contrato durante o cal os contidos ou servizos dixitais non fosen conformes.

7. O exercicio polo consumidor ou usuario do seu dereito a retirar o seu consentimento ou oporse ao tratamento de datos persoais permitirá que o empresario resolva o contrato sempre e cando a subministración dos contidos ou servizos dixitais sexa continua ou consista nunha serie de actos individuais e se encontre pendente de executar en todo ou en parte. En ningún caso o exercicio destes dereitos polo consumidor suporá o pagamento de penalización ningunha ao seu cargo.

Artigo 119 quáter. *Prazos e modalidades de reembolso por parte do empresario en caso de redución do prezo ou resolución do contrato.*

1. Todo reembolso que o empresario deba realizar ao consumidor ou usuario debido á redución do prezo ou á resolución do contrato se executará sen demora

indebida e, en calquera caso, nun prazo de catorce días a partir da data en que o empresario foi informado da decisión do consumidor ou usuario de reclamar o seu correspondente dereito.

Non obstante o anterior, no caso de que se trate da resolución dun contrato de compravenda de bens, o prazo para o reembolso no parágrafo anterior empezará a contar a partir de que se dese cumprimento ao previsto no 119 ter 4.a).

2. O empresario efectuará o reembolso indicado no punto anterior utilizando o mesmo medio de pagamento empregado polo consumidor ou usuario para a adquisición do ben ou dos contidos ou servizos dixitais, salvo que se acordase expresamente entre as partes outro modo, e sempre que non supoña un custo adicional para o consumidor ou usuario.

3. O empresario non lle poderá impor ao consumidor ou usuario ningún cargo polo reembolso.

### CAPÍTULO III

#### Exercicio de dereitos polo consumidor e usuario

Artigo 120. *Prazo para a manifestación da falta de conformidade.*

1. No caso de contrato de compravenda de bens ou de subministración de contidos ou servizos dixitais subministrados nun acto único ou nunha serie de actos individuais, o empresario será responsable das faltas de conformidade que existan no momento da entrega ou da subministración e se manifesten nun prazo de tres anos desde a entrega, no caso de bens, ou de dous anos, no caso de contidos ou servizos dixitais, sen prexuízo do disposto no artigo 115 ter, punto 2, letras a) e b).

Nos bens de segunda man, o empresario e o consumidor ou usuario poderán pactar un prazo menor ao indicado no parágrafo anterior, que non poderá ser inferior a un ano desde a entrega.

2. No caso de contidos ou servizos dixitais ou de bens con elementos dixitais, cando o contrato prevexa a subministración continua de contidos ou servizos dixitais durante un período de tempo determinado, o empresario será responsable de calquera falta de conformidade dos contidos ou servizos dixitais que se produza ou se manifeste dentro do prazo durante o cal deben subministrarse os contidos ou servizos dixitais de acordo co contrato. Non obstante, se o contrato de compravenda de bens con elementos dixitais establece a subministración continua dos contidos ou servizos dixitais durante un período inferior a tres anos, o prazo de responsabilidade será de tres anos a partir do momento da entrega.

Artigo 121. *Carga da proba.*

1. Salvo proba en contrario, presumirase que as faltas de conformidade que se manifesten nos dous anos seguintes á entrega do ben, ou no ano seguinte ao da subministración do contido ou servizo dixital subministrado nun acto único ou nunha serie de actos individuais, xa existían cando o ben se entregou ou o contido ou servizo dixital se subministrou, excepto cando para os bens esta presunción sexa incompatible coa súa natureza ou a índole da falta de conformidade.

Nos bens de segunda man, o empresario e o consumidor e usuario poderán pactar un prazo de presunción menor ao indicado no parágrafo anterior, que non poderá ser inferior ao período de responsabilidade pactado pola falta de conformidade, de acordo co previsto no artigo 120.1.

2. No caso dos contidos ou servizos dixitais ou de bens con elementos dixitais, cando o contrato prevexa a subministración continua de contidos ou servizos dixitais durante un período de tempo determinado, a carga da proba respecto de se os contidos ou servizos dixitais eran conformes durante o período indicado no punto 2 do artigo 120 recaerá sobre o empresario cando a falta de conformidade se manifeste no dito período de tempo.

3. Os puntos 1 e 2 non se aplicarán cando o empresario demostre que o contorno dixital do consumidor ou usuario non é compatible cos requisitos técnicos dos contidos ou servizos dixitais obxecto do contrato, e cando o empresario informase o consumidor ou usuario sobre os ditos requisitos técnicos de forma clara e comprensible con anterioridade á subscripción do contrato.

4. O consumidor ou usuario cooperará co empresario na medida do razoablemente posible e necesario para establecer se a causa da falta de conformidade dos contidos ou servizos dixitais no momento indicado no artigo 120, puntos 1 ou 2, segundo sexa de aplicación, radica no contorno dixital do consumidor ou usuario. A obrigaón de cooperación limitarase aos medios técnicos dispoñibles que sexan menos intrusivos para o consumidor ou usuario. Cando o consumidor ou usuario se negue a cooperar, e sempre que o empresario informase o consumidor ou usuario do dito requisito de forma clara e comprensible con anterioridade á subscripción do contrato, a carga da proba sobre se a falta de conformidade existía ou non no momento indicado no artigo 120, puntos 1 ou 2, segundo sexa de aplicación, recaerá sobre o consumidor ou usuario.

5. Os puntos 3 e 4 do presente artigo non serán de aplicación aos bens con elementos dixitais.

#### Artigo 122. *Suspensión do cómputo de prazos.*

1. As medidas correctoras para pór o ben ou o contido ou servizo dixital en conformidade suspenden o cómputo dos prazos a que se refiren os artigos 120 e 121.

2. O período de suspensión comezará no momento en que o consumidor ou usuario poña o ben ou o contido ou servizo dixital á disposición do empresario e concluírá no momento en que se produza a entrega do ben ou a subministración do contido ou servizo dixital, xa conforme, ao consumidor ou usuario.

3. Durante o ano posterior á entrega do ben ou a subministración do contido ou servizo dixital xa conforme, o empresario responderá das faltas de conformidade que motivaron a posta en conformidade, e presumirase que se trata da mesma falta de conformidade cando se reproduzan os defectos da mesma orixe que os inicialmente manifestados.

#### Artigo 123. *Documentación xustificativa.*

1. Salvo proba en contrario, a entrega ou a subministración enténdense feitas no día que figure na factura ou tícket de compra, ou no albará de entrega correspondente se este for posterior.

2. O empresario deberalle entregar ao consumidor ou usuario que exerza o seu dereito a pór o ben ou o contido ou servizo dixital en conformidade xustificación documental sobre a posta á disposición do ben ou do contido ou servizo dixital por parte do consumidor e usuario en que conste a data de entrega e a falta de conformidade que orixina o exercicio do dereito, así como xustificación documental da entrega ao consumidor ou usuario do ben ou da subministración do contido ou servizo dixital xa conforme, en que conste a data desta entrega e a descrición da medida correctora efectuada.

#### Artigo 124. *Prescripción da acción.*

A acción para reclamar o cumprimento do previsto no capítulo II deste título prescribirá aos cinco anos desde a manifestación da falta de conformidade.

#### Artigo 125. *Acción contra o produtor e de repetición.*

1. Cando ao consumidor ou usuario lle resulte imposible ou lle supoña unha carga excesiva dirixirse ao empresario pola falta de conformidade, poderalle reclamar directamente ao produtor co fin de conseguir que o ben ou o contido ou servizo dixital sexa posto en conformidade.

Con carácter xeral, e sen prexuízo de que cese a responsabilidade do produtor, para os efectos deste título, nos mesmos prazos e condicións que os establecidos para o empresario, o produtor responderá pola falta de conformidade cando esta se refira á orixe, identidade ou idoneidade dos bens ou dos contidos ou servizos dixitais, de acordo coa súa natureza e finalidade e coas normas que os regulan.

2. Quen respondese fronte ao consumidor ou usuario disporá do prazo dun ano para repetir fronte ao responsable da falta de conformidade. Este prazo computarase a partir do momento en que se executou a medida correctora.

#### CAPÍTULO IV

##### **Modificación dos contidos ou servizos dixitais**

Artigo 126. *Modificación dos contidos ou servizos dixitais.*

Cando o contrato estableza que a subministración dos contidos ou servizos dixitais, ou o acceso a estes por parte do consumidor ou usuario, se teña que garantir durante un período de tempo, o empresario poderá modificar os contidos ou servizos dixitais máis alá do necesario para manter a conformidade dos contidos ou servizos dixitais consonte os artigos 115 bis e 115 ter, se se cumpren, de forma acumulativa, os seguintes requisitos:

- a) Que o contrato permite tal modificación e proporciona unha razón válida para realizala.
- b) Que a modificación se realiza sen custos adicionais para o consumidor ou usuario.
- c) Que o consumidor ou usuario é informado de forma clara e comprensible acerca da modificación.
- d) Que, en caso de que o consumidor ou usuario teña dereito a resolver o contrato de acordo co establecido no artigo 126 bis, o consumidor ou usuario sexa informado, cunha antelación razoable e nun soporte duradeiro, das características e do momento da modificación e do seu dereito a resolver o contrato, ou sobre a posibilidade de manter os contidos ou servizos dixitais sen tal modificación, consonte o punto 4 do dito artigo.

Artigo 126 bis. *Resolución do contrato por modificación dos contidos ou servizos dixitais.*

1. O consumidor ou usuario terá dereito a resolver o contrato se a modificación afecta negativamente o seu acceso aos contidos ou servizos dixitais ou o seu uso, salvo se o dito efecto negativo é de menor importancia.
2. No suposto recollido no punto anterior, o consumidor ou usuario terá dereito a resolver o contrato sen cargo ningún nun prazo de trinta días naturais a partir da recepción da información ou a partir do momento en que o empresario modifique os contidos ou servizos dixitais, se isto ocorre de forma posterior.
3. No caso de que o consumidor ou usuario resolva o contrato de conformidade cos puntos anteriores, aplicaranse os artigos 119 ter e 119 quáter.
4. Este artigo non será de aplicación se o empresario lle deu ao consumidor e usuario a posibilidade de manter, sen custos adicionais, os contidos ou servizos dixitais sen a modificación e estes seguen sendo conformes.

#### CAPÍTULO V

##### **Garantías comerciais e servizos posvenda**

Artigo 127. *Garantías comerciais.*

1. Toda garantía comercial será vinculante para o garante nas condicións establecidas na declaración de garantía comercial e na publicidade asociada

dispoñible no momento da subscrición do contrato ou antes da dita subscrición. O produtor que lle ofrezca ao consumidor ou usuario unha garantía comercial de durabilidade con respecto a determinados bens por un período de tempo determinado será responsable directamente fronte ao consumidor ou usuario, durante todo o período da garantía comercial de durabilidade, da reparación ou substitución. O produtor poderalle ofrecer ao consumidor ou usuario condicións máis favorables na declaración de garantía comercial de durabilidade.

Se as condicións establecidas no documento de garantía comercial son menos favorables para o consumidor ou usuario que as enunciadas na publicidade asociada, a garantía comercial será vinculante segundo as condicións enunciadas na publicidade relativa á garantía comercial, a menos que antes da subscrición do contrato a publicidade asociada se corrixisse do mesmo modo ou de modo comparable a aquela.

2. A declaración de garantía comercial entregáraselle ao consumidor ou usuario nun soporte duradeiro como máis tarde no momento de entrega dos bens e estará redactada, ao menos, en castelán, de maneira clara e comprensible.

3. A declaración de garantía comercial incluirá, polo menos, o seguinte:

a) Unha declaración precisa de que o consumidor ou usuario ten dereito a medidas correctoras por parte do empresario, de forma gratuíta, en caso de falta de conformidade dos bens e de que a garantía comercial non afectará as ditas medidas. Esta gratuidade comprenderá os gastos necesarios en que se incorre para que os bens ou os contidos ou servizos dixitais sexan postos en conformidade, especialmente os gastos de envío, transporte, man de obra ou materiais.

b) O nome e o enderezo do garante.

c) O procedemento que debe seguir o consumidor ou usuario para conseguir a aplicación da garantía comercial.

d) A designación dos bens ou dos contidos ou servizos dixitais a que se aplica a garantía comercial.

e) As condicións da garantía comercial, entre outras, o seu prazo de duración e alcance territorial.

O incumprimento deste punto non afectará o carácter vinculante da garantía comercial para o garante.

#### Artigo 127 bis. *Reparación e servizos posvenda.*

1. O produtor garantirá, en todo caso, a existencia dun adecuado servizo técnico, así como de recambios durante o prazo mínimo de dez anos a partir da data en que o ben deixe de fabricarse.

2. Queda prohibido incrementar os prezos dos recambios ao aplicalos nas reparacións. A lista de prezos dos recambios deberá estar á disposición do público así como a do resto de servizos que vaian unidos, e deberanse diferenciar na factura os diferentes conceptos.

3. A acción ou dereito de recuperación dos bens entregados polo consumidor ou usuario ao empresario para a súa reparación prescribirá un ano despois do momento da entrega. Estableceranse regulamentariamente os datos que deberá facer constar o empresario no momento en que se lle entrega un ben para a súa reparación e as formas en que poderá acreditarse a mencionada entrega.»

Oito. O artigo 153.1.a).8.º queda redactado da seguinte maneira:

«8.º Se a viaxe ou vacación é en termos xerais apta para persoas con mobilidade reducida e, por petición do viaxeiro, información precisa sobre a idoneidade da viaxe ou vacación en función das súas necesidades.»

**Disposición adicional primeira.** *Tipo impositivo aplicable do imposto sobre o valor engadido ás entregas, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens necesarios para combater os efectos da COVID-19.*

Con efectos desde o 1 de maio de 2021 e vixencia até o 31 de decembro de 2021, aplicarase o tipo do 0 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas de bens, importacións e adquisicións intracomunitarias de bens referidos no anexo deste real decreto lei cuxos destinatarios sexan entidades de dereito público, clínicas ou centros hospitalarios, ou entidades privadas de carácter social a que se refire o punto tres do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Estas operacións documentaranse en factura como operacións exentas.

**Disposición adicional segunda.** *Non incremento de gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dispoñibilidades orzamentarias actualmente existentes e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

**Disposición transitoria primeira.** *Procedementos iniciados formalmente en materia de defensa da competencia.*

1. Aos procedementos xa iniciados antes da entrada en vigor dos artigos primeiro, segundo e disposicións derradeiras primeira e segunda deste real decreto lei non lles será de aplicación este e rexeranse pola normativa anterior.

2. Os actos e resolucións ditados con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei rexeranse, en canto ao réxime de recursos, polas súas disposicións.

3. Os actos e resolucións pendentes de execución na entrada en vigor dos artigos primeiro, segundo e disposicións derradeiras primeira e segunda deste real decreto lei rexeranse para a súa execución pola normativa vixente cando se ditaron.

**Disposición transitoria segunda.** *Prazo para inscribirse no Rexistro de provedores de servizos de cambio de moeda virtual por moeda fiduciaria e de custodia de moedeiros electrónicos.*

O Rexistro de provedores de servizos de cambio de moeda virtual por moeda fiduciaria e de custodia de moedeiros electrónicos previsto na disposición adicional segunda da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, estará en funcionamento no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

As persoas físicas ou xurídicas que estean prestando a residentes en España algún dos servizos descritos nos puntos 6 e 7 do artigo 1 da Lei 10/2010, do 28 de abril, deberán inscribirse no Rexistro do Banco de España no prazo máximo de nove meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

**Disposición transitoria terceira.** *Aprobación de sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira.*

1. As sociedades financeiras de carteira e as sociedades financeiras mixtas de carteira que existisen con carácter previo á entrada en vigor deste real decreto lei deberán solicitar a aprobación do Banco de España, de conformidade co artigo 15 bis da Lei 10/2014, do 26 de xuño, no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Se nesta data non se solicitase a aprobación, o Banco de España poderá tomar as medidas de supervisión que considere oportunas de conformidade co artigo 15 sexies da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

2. Durante o período transitorio a que se refire o punto 1, o Banco de España disporá de todas as facultades de supervisión necesarias que se lle atribúe en virtude da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento con respecto ás

sociedades financeiras de carteira ou ás sociedades financeiras mixtas de carteira sometidas a aprobación, de conformidade co artigo 15 bis da Lei 10/2014, do 26 de xuño, para os efectos de supervisión consolidada.

**Disposición transitoria cuarta.** *Empresa matriz intermedia da UE.*

Malia o disposto no artigo 15 septies da Lei 10/2014, do 26 de xuño, os grupos dun terceiro país que operen na Unión Europea a través de dúas ou máis entidades de crédito ou ao menos unha entidade de crédito e unha empresa de servizos de investimento e que o 27 de xuño de 2019 teñan un valor total de activos na Unión Europea, calculado conforme o artigo 15 septies.4 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, igual ou superior a 40 000 millóns de euros, deberán cumprir coa obrigaición de contar cunha empresa matriz intermedia da UE a que se refire o artigo 15 septies.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou, de ser o caso, coa obrigaición de contar con dúas empresas matrices intermedias da UE prevista no punto 3 do mesmo artigo, como máis tarde o 30 de decembro de 2023.

**Disposición transitoria quinta.** *Normas transitorias sobre o límite temporal do desprazamento.*

As normas sobre o límite temporal dos desprazamentos que se establecen no artigo 3.8 da Lei 45/1999, do 29 de novembro, na redacción dada polo artigo décimo segundo. tres da presente norma, serán aplicables ás persoas traballadoras que sexan desprazadas a España despois da entrada en vigor do presente real decreto lei.

Para as persoas traballadoras que xa se encontrasen desprazadas en España no momento da súa entrada en vigor, este prazo máximo será de aplicación unha vez transcorridos seis meses desde ela, comezando o cómputo do prazo máximo do desprazamento desde a data en que este tivo lugar.

**Disposición transitoria sexta.** *Réxime transitorio aplicable ao sector do transporte por estrada en materia de desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.*

As modificacións de textos legais en materia laboral, contidas nos artigos décimo primeiro a décimo cuarto deste real decreto lei, non se aplicarán ao sector do transporte por estrada entendido segundo a definición prevista no artigo 4.a) do Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 3821/85 e (CE) n.º 2135/98 do Consello e se derroga o Regulamento (CEE) n.º 3820/85 do Consello, até a entrada en vigor e nos termos previstos na normativa española de transposición da Directiva (UE) 2020/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e pola que se modifican a Directiva 2006/22/CE no que respecta aos requisitos de control do cumprimento e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012.

Até a entrada en vigor da normativa española a que se refire o parágrafo anterior, o sector do transporte por estrada seguirá a rexerse pola normativa en materia de desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, na redacción vixente na data de entrada en vigor deste real decreto lei.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.
2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:
  - a) Os artigos 24, 25 e 27 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.



b) O punto 4 da disposición adicional primeira da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Regulamento de defensa da competencia, aprobado polo Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro.*

O Regulamento de defensa da competencia, aprobado polo Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 13, que queda redactado como segue:

«Artigo 13. *Facultades de inspección.*

1. Para os efectos do artigo 40 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o persoal da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá ir acompañado de expertos ou peritos nas materias sobre as cales verse a inspección, así como de expertos en tecnoloxías da información e outros acompañantes, incluídos os designados en virtude do artigo 18.1, letra c), da Lei 15/2007, do 3 de xullo, para prestar apoio e asistencia para a práctica da actuación inspectora, todos eles debidamente autorizados polo director de Competencia.

2. Para os efectos do establecido no artigo 40 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, o persoal autorizado pola persoa titular da Dirección de Competencia poderá realizar inspeccións nos domicilios particulares dos empresarios, administradores e outros membros do persoal das empresas, cando poidan estar en posesión de información que sexa relevante para a aplicación da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

O exercicio das facultades sinaladas nas alíneas a) e b) do artigo 40.6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, cando implique restrición do dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio ou o acceso a dependencias, terreos ou medios de transporte distintos dos propios das empresas ou asociacións de empresas investigadas, requirirá autorización xudicial. Neste caso a Dirección de Competencia poderá, con carácter previo á práctica da inspección, solicitar a citada autorización ao órgano xudicial competente, que resolverá no prazo máximo de 48 horas. Así mesmo, poderán exercerse as ditas facultades logo de consentimento expreso das entidades ou suxeitos inspeccionados, unha vez informados sobre o obxecto da inspección recollido na orde de inspección, as facultades de inspección previstas na presente lei, o dereito a oporse á práctica da inspección e as consecuencias da dita oposición.

3. O persoal autorizado para realizar unha inspección exercerá os seus poderes logo de presentación dunha autorización escrita da persoa titular da Dirección de Competencia que indique o obxecto e a finalidade da inspección, os suxeitos investigados, os datos, documentos, operacións, informacións e outros elementos que deban ser obxecto da inspección, a data en que a inspección se vaia practicar e o seu alcance. A autorización escrita incluírá, así mesmo, as sancións previstas na Lei 15/2007, do 3 de xullo, para o caso de que as empresas non se sometan ás inspeccións ou obstrúan por calquera medio o labor de inspección da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como o dereito a recorrer contra ela.

O exercicio das facultades sinaladas nas alíneas a) e b) do artigo 40.6 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, cando implique restrición do dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio ou o acceso a dependencias, terreos ou medios de transporte distintos dos propios das empresas ou asociacións de empresas investigadas, requirirá autorización xudicial. Neste caso, a Dirección de Competencia poderá, con carácter previo á práctica da inspección, solicitar a citada autorización ao órgano xudicial competente, que resolverá no prazo máximo de 48 horas. Así mesmo, poderán exercerse as ditas facultades logo de consentimento expreso das entidades ou suxeitos inspeccionados, unha vez informados sobre o obxecto da

inspección recollido na orde de inspección, as facultades de inspección previstas na presente lei, o dereito a oporse á práctica da inspección e as consecuencias da dita oposición.

4. De todas as entradas e inspeccións realizadas en locais, terreos, instalacións, medios de transporte e domicilios redactarase unha acta asinada polo funcionario autorizado e pola persoa ante a cal se realizase a inspección ou, en caso de que esta non se encontre presente no momento da sinatura, pola persoa a quen autorice para iso. A negativa destas persoas a asinar a acta non impedirá que esta, unha vez asinada por dous funcionarios autorizados, teña valor probatorio. Á acta xuntaráselle a relación dos documentos dos cales se obtivese copia, así como un exemplar dela e, de ser o caso, a relación daqueles documentos que fosen retidos e trasladados temporalmente á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia polo persoal inspector, calquera que sexa o seu soporte material.

5. O persoal inspector expediralles aos afectados unha copia da acta e dos demais documentos anexos a ela.»

Dous. Modifícase o artigo 15, que queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Colaboración coa Comisión Europea e con outras autoridades nacionais de Competencia en materia de poderes de investigación.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia é a autoridade competente para colaborar nas inspeccións e noutros poderes de investigación coa Comisión Europea e con outras autoridades nacionais de Competencia, nos termos establecidos no Regulamento (CE) n.º 1/2003, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado; no Regulamento (CE) 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das concentracións entre empresas, e na da Directiva (UE) 2019/1 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, encamiñada a dotar as autoridades de Competencia dos Estados membros de medios para aplicar máis eficazmente as normas sobre competencia e garantir o correcto funcionamento do mercado interior.»

Tres. Modifícase o artigo 21, que queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Imposición de multas coercitivas.*

1. Para os efectos do establecido no artigo 67 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, son competentes para impor multas coercitivas:

a) A Dirección de Competencia, respecto das obrigacións establecidas nos seus acordos e actos, no suposto de incumprimento dos deberes establecidos nos artigos 39 e 39 bis da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

b) O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de oficio ou por proposta da Dirección de Competencia, respecto das obrigacións establecidas nas súas resolucións, requirimentos e acordos e, de ser o caso, respecto das establecidas nos acordos de Consello de Ministros.

2. O acordo ou resolución que declare o incumprimento dunha obrigación imporá, de ser o caso, a multa coercitiva correspondente, fixará a súa contía total en función do volume de negocios total mundial medio diario e do número de días de atraso no cumprimento e concederá un novo prazo para o cumprimento da obrigación.

3. Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior sen que a obrigación se cumprise, os órganos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán impor unha nova multa coercitiva polo tempo transcorrido e reiterar a súa imposición tantas veces como sexa necesario até o cumprimento da obrigación.

4. A imposición de multas coercitivas entenderase sen prexuízo da apertura, nos casos en que proceda de acordo co establecido no artigo 62 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, do correspondente procedemento sancionador, que se tramitará segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Catro. Modifícase o artigo 25, que queda redactado como segue:

«Artigo 25. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento sancionador iníciase sempre de oficio a Dirección de Competencia:

a) Por propia iniciativa, tras ter coñecemento directo ou indirecto das condutas susceptibles de constituíren infracción.

b) Por iniciativa do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

c) Por denuncia, co contido indicado no punto seguinte.

2. A denuncia dirixida á Dirección de Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá conter, como mínimo, a seguinte información e poderá o denunciante achegar os datos e a información adicionais recollidos no anexo I do presente regulamento:

a) Nome ou razón social, domicilio, teléfono e número de fax do denunciante ou denunciados e, no caso de que este/s actúen por medio de representante, acreditación da representación e domicilio para os efectos de notificacións.

b) Nome ou razón social, domicilio e, de ser o caso, número de teléfono e de fax ou calquera outro medio electrónico pertinente dos denunciados.

c) Feitos de que deriva a existencia dunha infracción e probas, de ser o caso, deles, así como definición e estrutura do mercado relevante.

d) De ser o caso, xustificación dos intereses lexítimos de acordo co artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para ser considerado interesado no eventual expediente sancionador.

3. Se a denuncia non reúne os requisitos establecidos no punto 2, requirírase ao denunciante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue a documentación requirida, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da denuncia.

4. A desistencia do denunciante non lle impedirá á Dirección de Competencia realizar de oficio todas aquelas actuacións que considerase necesarias.

5. A formulación en forma dunha denuncia non vincula a Dirección de Competencia para iniciar o procedemento sancionador. A Dirección de Competencia comunicarlle ao denunciante a non iniciación do procedemento cando se trate dunha denuncia que non constituía unha prioridade de acordo co disposto no artigo 49.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. No resto dos casos, o acordo de non iniciación do procedemento do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, por proposta da Dirección de Competencia, deberá comunicárselle ao denunciante, con indicación dos motivos polos cales non procede a iniciación do procedemento, de acordo co disposto no artigo 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.»

Cinco. Modifícase o artigo 27, que queda redactado como segue:

«Artigo 27. *Acordo de non incoación e arquivamento da denuncia.*

1. Co fin de que o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poida acordar non incoar procedemento e arquivar as actuacións nos

termos establecidos nos artigos 44 e 49.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Competencia daralle traslado da denuncia recibida, das actuacións previas practicadas, de ser o caso, e dunha proposta de arquivamento.

2. Cando o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, á vista da proposta de arquivamento, considere que pode haber indicios de infracción da normativa de defensa da competencia, instará da Dirección de Competencia a incoación do correspondente expediente.

3. O acordo de desestimación da denuncia deberá comunicárselle ao denunciante, con indicación dos motivos polos cales non procede a iniciación do procedemento de acordo co disposto no artigo 49.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.»

Seis. Modifícase o artigo 39, que queda redactado como segue:

«Artigo 39. *Terminación convencional dos procedementos sancionadores.*

1. De conformidade co artigo 52 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, en calquera momento do procedemento previo á elevación do informe proposta previsto no artigo 50.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, a Dirección de Competencia poderá acordar, por proposta dos presuntos autores das condutas prohibidas, o inicio das actuacións tendentes á terminación convencional dun procedemento sancionador en materia de acordos e prácticas prohibidas. Este acordo de inicio da terminación convencional seralles notificado aos interesados, e indicárase se queda suspendido o cómputo do prazo máximo do procedemento até a conclusión da terminación convencional.

2. Os presuntos infractores presentarán a súa proposta de compromisos ante a Dirección de Competencia no prazo que esta fixe no acordo de iniciación da terminación convencional, que non poderá ser superior a tres meses. Esta proposta será trasladada ao Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o seu coñecemento.

3. Se os presuntos infractores non presentan os compromisos no prazo sinalado pola Dirección de Competencia, considerarase que desisten da súa petición de terminación convencional e continuará a tramitación do procedemento sancionador. Así mesmo, entenderase que os presuntos infractores desisten da súa petición se, unha vez presentados os compromisos ante a Dirección de Competencia e tendo considerado esta que aqueles non resolven adecuadamente os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente ou non garanten suficientemente o interese público, os presuntos infractores non presentan, no prazo establecido para tal efecto pola Dirección de Competencia, novos compromisos que, a xuízo desta, resolvan os problemas detectados.

4. A proposta de compromisos seralles remitida pola Dirección de Competencia aos demais interesados co fin de que poidan aducir, no prazo que se sinale, cantas alegacións crean convenientes.

5. A Dirección de Competencia elevará ao Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a proposta de terminación convencional para a súa adopción e incorporación á resolución que poña fin ao procedemento. Recibida a proposta de terminación convencional e, de ser o caso, informada a Comisión Europea de acordo co previsto no artigo 11.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2003, do 16 de decembro de 2002, o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá:

a) Resolver o expediente sancionador por terminación convencional, considerando adecuados os compromisos presentados.

b) Resolver que os compromisos presentados non resolven adecuadamente os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente ou non garanten suficientemente o interese público; neste caso, poderá conceder un prazo para que os presuntos infractores presenten ante o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia novos compromisos que resolvan os

problemas detectados. Se, transcorrido este prazo, os presuntos infractores non presentaron novos compromisos, considerarase que desisten da súa petición e o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia instará á Dirección de Competencia a continuación do procedemento sancionador.

6. A resolución que poña fin ao procedemento mediante a terminación convencional establecerá, como contido mínimo:

- a) A identificación das partes que resulten obrigadas polos compromisos.
- b) O ámbito persoal, territorial e temporal dos compromisos.
- c) O obxecto dos compromisos e o seu alcance.
- d) O réxime de vixilancia do cumprimento dos compromisos.

7. Poderase abrir un novo procedemento sancionador por infracción dos artigos 1, 2 ou 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, ou por infracción dos artigos 101 ou 102 do Tratado de funcionamento da Unión Europea cando se producisen cambios substanciais en calquera dos feitos en que se basease a resolución de terminación convencional, cando as partes obrigadas actúen de forma contraria aos compromisos asumidos ou cando a resolución se basease en información incompleta, incorrecta, enganosa ou falsa facilitada polas partes.

A apertura do novo procedemento sancionador será compatible coa incoación doutros procedementos sancionadores polas infraccións previstas nos artigos 62.4.c) ou 62.3.c) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, así como coa imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 67 da mesma lei».

Sete. Modifícase o artigo 46, que queda redactado como segue:

«Artigo 46. *Presentación das solicitudes de exención do pagamento da multa.*

1. O procedemento de exención do pagamento da multa iniciarase por instancia da empresa ou da persoa física solicitante que participase no cártel. O solicitante deberá presentar ante a Dirección de Competencia unha solicitude formal de exención xunto con toda a información e elementos de proba de que dispoña tendo en conta, segundo proceda, o establecido nas letras a) ou b) do artigo 65.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, e no punto terceiro deste artigo.

A solicitude poderase presentar na lingua oficial doutro Estado membro da Unión Europea, sempre que exista un acordo ao respecto entre o solicitante e a Dirección de Competencia.

2. Por petición do solicitante, a Dirección de Competencia poderá aceptar que a solicitude se presente verbalmente. Esta declaración, que irá acompañada da información e dos elementos de proba a que se fai referencia no punto seguinte, será gravada nas dependencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e rexistrarse a súa transcripción.

3. O solicitante da exención do pagamento da multa, ao abeiro do establecido no artigo 65.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, deberá facilitarlle á Dirección de Competencia a seguinte información e elementos de proba:

- a) O nome ou razón social e o enderezo do solicitante.
- b) O nome ou razón social, o enderezo das empresas e os datos profesionais de todas as persoas físicas que participen ou participasen no cártel.
- c) Unha descrición detallada do cártel que inclúa:

Os seus obxectivos, actividades e funcionamento.

Os produtos, servizos e o territorio afectados.

A duración estimada e a natureza do cártel.

d) Probas do cártel que estean en posesión do solicitante ou das cales este poida dispor no momento de presentar a súa solicitude, en particular, probas contemporáneas deste, que permitan verificar a súa existencia.

e) Relación das solicitudes de exención ou de redución do importe da multa que o solicitante, de ser o caso, presentase ou vaia presentar ante outras autoridades de competencia en relación co mesmo cártel.

4. A orde de recepción das solicitudes de exención fixarase atendendo á súa data e hora de entrada no rexistro do órgano de Competencia a que se dirixan para a súa tramitación, con independencia do rexistro en que fosen presentadas. O solicitante poderá requirirle ao órgano de Competencia a expedición dun recibo da presentación desta solicitude, en que deberá constar a data e a hora de entrada no rexistro do dito órgano.

5. A Dirección de Competencia poderá conceder, logo de petición motivada do solicitante, un indicador do posto que ocupa este nunha solicitude de exención do pagamento da multa mentres presenta a información e as probas necesarias para cumprir cos requisitos do artigo 65.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. O solicitante deberá presentar ante a Dirección de Competencia a información sinalada nas letras a), b), c) e e) do punto 3 deste artigo na medida en que estea dispoñible. O indicador do posto que ocupa o solicitante será válido durante o prazo que a Dirección de Competencia determine. A Dirección de Competencia terá a facultade de valorar se a información e as probas achegadas son suficientes para outorgar o indicador do posto regulado neste punto. Unha vez completada a solicitude de clemencia, entenderase que a data de presentación da solicitude de exención é a data da solicitude do indicador do posto. A solicitude dun indicador para a reserva de posto poderase presentar na lingua oficial doutro Estado membro da Unión Europea, sempre que exista un acordo ao respecto entre o solicitante e a Dirección de Competencia.»

Oito. Modifícase o artigo 48, que queda redactado como segue:

«Artigo 48. *Solicitudes abreviadas de exención.*

1. Nos casos en que a empresa presentase ou vaia presentar unha solicitude de exención do pagamento da multa ante a Comisión Europea por ser esta a autoridade de Competencia particularmente ben situada para coñecer do cártel, poderase presentar ante a Dirección de Competencia unha solicitude abreviada de exención.

2. A solicitude abreviada presentarase por escrito ante a Dirección de Competencia; a Dirección de Competencia poderá tamén aceptar que a solicitude se presente verbalmente logo de petición do solicitante.

3. Entenderase que a Comisión Europea é a autoridade de Competencia particularmente ben situada para coñecer do cártel cando este teña efectos sobre a competencia en máis de tres Estados membros.

4. As solicitudes abreviadas deberán conter, ao menos, a seguinte información:

- a) Nome ou razón social e enderezo da empresa solicitante.
- b) Nome ou razón social das empresas participantes no cártel.
- c) Produtos e territorios afectados polo cártel.
- d) Duración estimada e natureza do cártel.
- e) Estados membros en cuxo territorio se poidan encontrar elementos probatorios do cártel.

f) Información sobre as solicitudes de exención ou de redución do pagamento da multa que o solicitante presentase ou teña intención de presentar ante outras autoridades de Competencia en relación co mesmo cártel.

A Dirección de Competencia só lle poderá requirir ao solicitante a presentación de aclaracións en relación coa información enumerada neste punto, para o cal establecerá un prazo.

A solicitude poderase presentar na lingua oficial doutro Estado membro da Unión Europea, sempre que exista un acordo ao respecto entre o solicitante e a Dirección de Competencia.

5. A orde de recepción das solicitudes abreviadas fixarase atendendo á súa data e hora de entrada no rexistro da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, con independencia do rexistro en que fosen presentadas. O solicitante poderá requirirlle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a expedición dun recibo da presentación desta solicitude, en que deberá constar a data e hora de entrada no Rexistro da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

6. A Dirección de Competencia examinará a solicitude abreviada e informará o solicitante se se recibiu previamente algunha solicitude abreviada ou completa en relación co mesmo cártel e sobre se a solicitude abreviada contén todos os elementos establecidos no punto 4.

7. Con carácter excepcional, a Dirección de Competencia poderá requirirlle ao solicitante que complete a solicitude abreviada coa información e elementos de proba pertinentes se resulta necesario para decidir a que autoridade de Competencia se lle asignará o caso.

8. No suposto de que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sexa finalmente a autoridade de Competencia que coñeza total ou parcialmente do cártel, a empresa deberá completar a solicitude abreviada coa información e elementos de proba pertinentes, para o cal disporá dun prazo de dez días contado desde a data en que a Comisión Europea notifique a asignación do caso a favor da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Neste suposto, entenderase que a data e a hora de recepción da solicitude é a da presentación da solicitude abreviada se a duración, produtos e territorios afectados polo cártel coinciden coa solicitude presentada ante a Comisión Europea.»

Novo. Modifícase o artigo 50, que queda redactado como segue:

«Artigo 50. *Presentación e tramitación das solicitudes de redución do importe da multa e solicitudes abreviadas de redución do importe da multa.*

1. O procedemento de redución do importe da multa iniciarase por instancia da empresa ou persoa física que participase no cártel, e esta deberá presentar para tal efecto, ante a Dirección de Competencia, unha solicitude formal xunto cos correspondentes elementos de proba, de acordo co previsto no artigo 46.3 deste regulamento. A solicitude poderase presentar na lingua oficial doutro Estado membro da Unión Europea, sempre que exista un acordo ao respecto entre o solicitante e a Dirección de Competencia. Por petición do solicitante, a Dirección de Competencia poderá aceptar que a solicitude sexa presentada verbalmente, acompañada da correspondente información e elementos de proba, caso en que será gravada nas dependencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e rexistrada a súa transcripción.

2. A orde de recepción das solicitudes de redución do importe da multa fixarase atendendo á súa data e hora de entrada no rexistro do órgano de Competencia a que se dirixan para a súa tramitación, con independencia do rexistro en que fosen presentadas. O solicitante poderá requirirlle ao órgano de Competencia a expedición dun recibo da presentación desta solicitude, en que deberá constar a data e a hora de entrada no rexistro do dito órgano.

3. A Dirección de Competencia poderá aceptar solicitudes de redución do importe da multa presentadas con posterioridade á notificación do prego de concreción de feitos cando, tendo en conta a información existente no expediente, a natureza ou o contido dos elementos de proba achegados polo solicitante así o xustifiquen.

4. A Dirección de Competencia non examinará os elementos de proba presentados por unha empresa ou persoa física que solicite a redución do importe da multa sen se pronunciar antes sobre a exención condicional relativa a solicitudes previas de exención relacionadas co mesmo cártel.

5. A Dirección de Competencia, como máis tarde no momento de notificar o prego de concreción de feitos previsto no artigo 50.3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, comunicarlle á empresa ou persoa física solicitante a súa proposta ao Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sobre a redución do importe da multa por se reuniren os requisitos establecidos no artigo 66.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, ou ben a informará de que non procede a dita proposta por non se cumpriren os requisitos para obter a redución.

Se a solicitude de redución do importe da multa se presentou con posterioridade á notificación do prego de concreción de feitos, a Dirección de Competencia comunicarlle ao solicitante a súa proposta sobre a redución do importe da multa na proposta de resolución prevista no artigo 50.4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

6. De acordo co previsto no artigo 34.1 deste regulamento, a Dirección de Competencia incluírá na proposta de resolución a súa proposta de redución do importe da multa. A proposta de redución farase dentro dos intervalos que corresponda, segundo o disposto no artigo 66.2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

7. O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia fixará a porcentaxe de redución aplicable a cada empresa ou persoa física na resolución que poña fin ao procedemento sancionador.

8. Nos casos en que a empresa presentase ou vaia presentar unha solicitude de redución do importe da multa ante a Comisión Europea por ser esta a autoridade de Competencia particularmente ben situada para coñecer do cártel, poderase presentar ante a Dirección de Competencia unha solicitude abreviada de redución do importe da multa, e serán de aplicación as mesmas regras que as previstas nos puntos 2 a 8 do artigo 48 deste regulamento.»

Dez. Modifícase o artigo 52, que queda redactado como segue:

«Artigo 52. *Deber de cooperación dos solicitantes de exención ou de redución do importe da multa.*

Para os efectos do establecido nos artigos 65.2.a) e 66.1.b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, entenderase que o solicitante da exención ou da redución do importe da multa coopera plena, continua e dilixentemente coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cando, ao longo de todo o procedemento, cumpra os seguintes requisitos:

a) Lle facilite sen dilación á Dirección de Competencia toda a información e os elementos de proba relevantes relacionados co presunto cártel que estean no seu poder ou á súa disposición.

b) Quede á disposición da Dirección de Competencia para responder sen demora todo requirimento que poida contribuír ao esclarecemento dos feitos.

c) Lle facilite á Dirección de Competencia entrevistas cos empregados e directivos actuais da empresa e, de ser o caso, cos directivos anteriores.

d) Se absteña de destruír, falsificar ou ocultar información ou elementos de proba relevantes relativos ao presunto cártel desde o mesmo momento en que considera solicitar a exención ou redución do importe da multa.

e) Se absteña de divulgar a presentación da solicitude de exención ou de redución do importe da multa, así como o seu contido, desde o mesmo momento en que considera a súa presentación.»



**Disposición derradeira segunda.** *Modificación do Real decreto 2295/2004, do 10 de decembro, relativo á aplicación en España das normas comunitarias de competencia.*

O Real decreto 2295/2004, do 10 de decembro, relativo á aplicación en España das normas comunitarias de competencia, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo artigo 6 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 bis. *Procedemento para a asistencia mutua en notificacións e cobramento de multas ou multas coercitivas.*

1. De conformidade co artigo 27 da Directiva (UE) 2019/1 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, encamiñada a dotar as autoridades de Competencia dos Estados membros de medios para aplicar máis eficazmente as normas sobre competencia e garantir o correcto funcionamento do mercado interior, e nas letras d), e) e g) do artigo 18.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, as solicitudes realizadas polas autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros para a notificación de actos ou documentos, e para instar ao cobramento de multas ou multas coercitivas, axustaranse ao procedemento regulado neste artigo.

2. As solicitudes de asistencia mutua realizadas polas autoridades nacionais de Competencia dos Estados membros relativas á notificación de actos ou documentos efectuaranse nun instrumento uniforme, que conterá a seguinte información:

- a) Nome ou razón social, domicilio e, de ser o caso, número de teléfono ou de fax, e calquera outro medio electrónico pertinente do destinatario da notificación.
- b) Feitos e circunstancias relevantes que xustifican a notificación.
- c) Copia do documento obxecto de notificación e resumo deste.
- d) Nome, domicilio e, de ser o caso, número de teléfono ou de fax e calquera outro medio electrónico pertinente da autoridade de Competencia que solicita a notificación.
- e) Prazo en que debe efectuarse a notificación.

3. As solicitudes de asistencia mutua realizadas polas autoridades nacionais de Competencia dos Estados membros relativas ao requirimento ao pagamento de multas ou multas coercitivas efectuaranse nun instrumento uniforme que conterá a seguinte información:

- a) Nome ou razón social, domicilio e, de ser o caso, número de teléfono ou de fax, e calquera outro medio electrónico pertinente do requirido ao pagamento da multa ou multa coercitiva.
- b) Feitos e circunstancias relevantes que xustifican o requirimento de pagamento da multa ou multa coercitiva.
- c) Copia do documento que xustifica o requirimento ao pagamento da multa ou multa coercitiva, así como un resumo del.
- d) Información sobre a resolución, decisión ou acto que permite a execución da multa ou multa coercitiva por parte da autoridade nacional de Competencia.
- e) Información que probe os esforzos razoables realizados pola autoridade nacional de Competencia para executar a multa ou multa coercitiva na súa xurisdición.
- f) Data en que a resolución, decisión ou acto que permite a execución da multa ou multa coercitiva pasou a ser firme.
- g) Importe da multa ou multa coercitiva.
- h) Nome, domicilio e, de ser o caso, número de teléfono ou de fax, e calquera outro medio electrónico pertinente da autoridade nacional de Competencia que solicita o requirimento ao pagamento da multa ou multa coercitiva.

i) Prazo en que debe realizar o cobramento da multa ou multa coercitiva.

4. As solicitudes de asistencia mutua ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia reguladas neste artigo presentaranse en castelán, sen prexuízo da posibilidade de que a Dirección de Competencia e a autoridade de Competencia solicitante acorden a posibilidade de presentar as solicitudes na lingua oficial doutro Estado membro da Unión Europea.

5. As solicitudes de asistencia mutua reguladas neste artigo só poderán ser rexeitadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cando non satisfagan os requisitos establecidos nos puntos anteriores ou cando a execución da solicitude en territorio español poida resultar contraria á orde pública. A Dirección de Competencia informará a autoridade nacional de Competencia solicitante no momento en que identifique unha posible causa para o rexeitamento da solicitude de asistencia mutua.»

Dous. Engádesse un novo artigo 6 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 ter. *Custos vinculados á colaboración e asistencia mutua a autoridades nacionais de Competencia doutros Estados membros da Unión Europea.*

1. A Dirección de Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá solicitarlle á autoridade nacional de Competencia correspondente a compensación dos custos razoables de tradución, laborais e administrativos en relación co exercicio, por requirimento da autoridade nacional de Competencia que corresponda, das actividades reguladas nas letras b), c), d) e e) do artigo 18.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo.

2. A Dirección de Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá compensar os custos razoables de tradución, laborais e administrativos en relación co exercicio, por requirimento da autoridade nacional de Competencia que corresponda, das actividades reguladas nas letras f) e g) do artigo 18.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo. A compensación poderase producir, no caso de solicitude de asistencia para o cobramento de multas ou multas coercitivas, mediante a retención dos custos correspondentes das multas ou multas coercitivas cobradas. En caso de que o cobramento das multas ou multas coercitivas non fose posible, solicitaráselle á Autoridade de Nacional de Competencia correspondente a compensación dos custos en que se incorrese.»

Tres. Engádesse un novo artigo 6 quáter, coa seguinte redacción:

«Artigo 6 quáter. *Procedemento para a recadación de multas e multas coercitivas en procedementos de asistencia mutua.*

1. Nos casos en que a Dirección de Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sexa requirida por unha autoridade nacional de Competencia doutro Estado membro para recuperar multas ou multas coercitivas en nome desta última, recadará as ditas multas mediante o procedemento de recadación a través de entidades colaboradoras, regulado na Orde PRE/1064/2016, do 29 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, no relativo ao procedemento de recadación de recursos non tributarios nin alfandegueiros de titularidade da Administración xeral do Estado a través de entidades colaboradoras.

A recadación destas sancións en período executivo corresponderalle á Axencia Estatal da Administración Tributaria, conforme o procedemento disposto no Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira transferiralle periodicamente á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o importe total recadado a

través de entidades colaboradoras para que esta última efectúe os pagamentos que correspondan ás autoridades nacionais de Competencia, logo de desconto, de ser o caso, dos custos en que puidese incurrir. Tales custos aplicaranse ao orzamento de ingresos da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. Nos casos en que a Dirección de Competencia da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia requira unha autoridade nacional de Competencia doutro Estado membro para recuperar multas ou multas coercitivas no seu nome, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia recadará estas sancións nunha conta da súa titularidade.

Periodicamente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia transferirá á conta operativa do Tesouro Público o saldo dos importes recibidos, que se imputarán ao orzamento de ingresos do Estado.

3. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e a Intervención Xeral da Administración do Estado poderán desenvolver, conxuntamente, as disposicións para a aplicación e execución do disposto neste artigo.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación do Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento de terrorismo, aprobado polo Real decreto 304/2014, do 5 de maio.*

O Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento de terrorismo, aprobado polo Real decreto 304/2014, do 5 de maio, queda modificado nos seguintes termos:

Engádense dous parágrafos ao final do punto 1 do artigo 20 do Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento de terrorismo, aprobado polo Real decreto 304/2014, do 5 de maio, coa seguinte redacción:

«Nas relacións de negocios ou transaccións que impliquen terceiros países de alto risco identificados consonte o disposto no artigo 9.2 da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2015, os suxeitos obrigados deberán obter información adicional do cliente, do titular real e do propósito e índole da relación de negocios, así como información sobre a procedencia dos fondos, a fonte de ingresos do cliente e titular real e sobre os motivos das transaccións. Estas relacións de negocios requirirán a aprobación dos órganos de dirección e unha vixilancia reforzada en canto ao número e frecuencia dos controis aplicados e á selección de patróns transaccionais.

Ademais, naqueles casos de terceiros países de alto risco que expresamente determine a normativa da Unión Europea, os suxeitos obrigados deberán aplicar, cando proceda, unha ou varias das medidas previstas nas letras e), f) e i) do artigo 42.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Modificación do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.*

O Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, queda modificado nos seguintes termos:

O segundo parágrafo do punto 1 do artigo 15 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, queda redactado do seguinte modo:

«As entidades prestadoras do servizo de información sobre contas serán tratadas como entidades de pagamento, ben que non lles será de aplicación o previsto nos artigos 10.1, 11, 12, 14, 16.1, 17, 18, 19, 20 e 21 e nos títulos II e III, salvo o establecido nos artigos 29, 39, 41 e 66 a 68 na forma que regulamentariamente se determine.»

**Disposición derradeira quinta.** *Salvagarda do rango de certas disposicións regulamentarias.*

As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación mediante este real decreto lei nas disposicións derradeiras primeira a terceira poderán ser modificadas por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

**Disposición derradeira sexta.** *Títulos competenciais.*

O artigo noveno dítase ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Os artigos décimo primeiro e décimo segundo dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

**Disposición derradeira sétima.** *Incorporación e execución do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto lei incorpórase ao dereito español:

Parcialmente, a Directiva (UE) 2019/1 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, encamiñada a dotar as autoridades de competencias dos Estados membros do medio para aplicar máis eficazmente as normas sobre competencia e garantir o correcto funcionamento do mercado interior.

A Directiva (UE) 2018/843 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva (UE) 2015/849 relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, e pola que se modifican as directivas 2009/138/CE e 2013/36/UE.

Adáptase a normativa española ao Regulamento (UE) 2018/1672 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2018, relativo aos controis de entrada ou saída de efectivo da Unión e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1889/2005.

Parcialmente, a Directiva (UE) 2019/878 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, pola que se modifica a Directiva 2013/36/UE no que respecta aos entes exentos, ás sociedades financeiras de carteira, ás sociedades financeiras mixtas de carteira, ás remuneracións, ás medidas e facultades de supervisión e ás medidas de conservación do capital.

Parcialmente, a Directiva (UE) 2019/879 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, pola que se modifica a Directiva 2014/59/UE en relación coa capacidade de absorción de perdas e de recapitalización das entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, así como a Directiva 98/26/CE.

Os artigos 49.2 e 50 da Directiva (UE) 2018/1972 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, pola que se establece o Código europeo das comunicacións electrónicas.

A Directiva (UE) 2017/2455 do Consello, do 5 de decembro de 2017, pola que se modifican a Directiva 2006/112/CE e a Directiva 2009/132/CE no referente a determinadas obrigacións respecto do imposto sobre o valor engadido para as prestacións de servizos e as vendas a distancia de bens, con excepción do seu artigo 1, que foi obxecto de transposición pola Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

A Directiva (UE) 2019/1995 do Consello, do 21 de novembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta ás disposicións relativas ás vendas a distancia de bens e a certas entregas nacionais de bens.

A Directiva (UE) 2018/957 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xuño de 2018, que modifica a Directiva 96/71/CE sobre o desprazamento de traballadores efectuado no marco dunha prestación de servizos.

A Directiva (UE) 2019/770 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, relativa a determinados aspectos dos contratos de subministración de contidos e servizos dixitais (en diante, a Directiva (UE) 2019/770 ou Directiva de servizos dixitais).

A Directiva (UE) 2019/771 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2019, relativa a determinados aspectos dos contratos de compravenda de bens, pola que se modifican o Regulamento (CE) 2017/2394 e a Directiva 2009/22/CE e se derroga a Directiva 1999/44/CE (en diante, a Directiva (UE) 2019/771 ou Directiva sobre compravenda de bens).

**Disposición derradeira octava.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto nas regulacións que a continuación se especifican:

- a) O punto trinta e seis do artigo sexto, que entrará en vigor o 28 de xuño de 2021.
- b) Os puntos vinte e catro, vinte e cinco e vinte e seis do artigo sexto, que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2022.
- c) O artigo décimo, que entrará en vigor o día 1 de xullo de 2021.
- d) O artigo décimo sexto, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022, salvo os artigos 126 e 126 bis, que se aplicarán só aos contratos subscritos a partir desa data.
- e) Os puntos vinte e oito e vinte e nove do artigo terceiro, que entrarán en vigor cando se aprobe o seu desenvolvemento regulamentario.

Dado en Madrid o 27 de abril de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

## ANEXO

## Relación de bens a que se refire a disposición adicional primeira

|    | Nome do produto  | Descrición do ben/produto   | Código NC                        |
|----|--|---|----------------------------------|
| 1  | Produtos sanitarios.   | Respiradores para cuidados intensivos e subintensivos.  | ex 9019 20 00                    |
|    |  | Ventiladores (aparells para a respiración artificial)<br>Divisores de fluxo.                                  | ex 9019 20 00<br>ex 9019 20      |
|    |  | Outros aparellos de oxigenoterapia, incluídas as tendas de oxíxeno.   | ex 9019 20 00                    |
|    |  | Oxigenación por membrana extracorpórea.   | ex 9019 20 00                    |
| 2  | Monitores.   | Monitores multiparámetro, incluídas versións portátiles.  | ex 8528 52 91                    |
|    |  |   | ex 8528 52 99                    |
|    |  |   | ex 8528 59 00                    |
|    |  |   | ex 8528 52 10                    |
| 3  | Bombas.  | – Bombas peristálticas para nutrición externa<br>– Bombas de infusión de medicamentos<br>– Bombas de succión. | ex 9018 90 50                    |
|    |  |   | ex 9018 90 84                    |
|    |  |   | ex 8413 81 00                    |
|    |  | Sondas de aspiración.   | ex 9018 90 50                    |
| 4  | Tubos.   | Tubos endotraqueais.  | ex 9018 90 60<br>ex 9019 20 00   |
|    |  | Tubos estériles.  | ex 3917 21 10<br>a ex 3917 39 00 |
| 5  | Cascos.  | Cascos de ventilación mecánica non invasiva CPAP/NIV.   | ex 9019 20 00                    |
| 6  | Máscaras para ventilación non invasiva (NIV).  | Máscaras de rostro completo e oronasais para ventilación non invasiva.  | ex 9019 20 00                    |
| 7  | Sistemas/máquinas de succión.  | Sistemas de succión.  | ex 9019 20 00                    |
|    |  | Máquinas de succión eléctrica.  | ex 9019 20 00<br>ex 8543 70 90   |
| 8  | Humidificadores.   | Humidificadores.  | ex 8415                          |
|    |  |   | ex 8509 80 00                    |
|    |  |   | ex 8479 89 97                    |
| 9  | Laringoscopios.  | Laringoscopios.   | ex 9018 90 20                    |
| 10 | Subministracións médicas funxibles.  | – Kits de intubación<br>– Tesoiras laparoscópicas.  | ex 9018 90                       |
|    |  | Xiringas, con ou sen agulla.  | ex 9018 31                       |
|    |  | Agullas metálicas tubulares e agullas para suturas.   | ex 9018 32                       |
|    |  | Agullas, catéteres, cánulas.  | ex 9018 39                       |
|    |  | Kits de acceso vascular.  | ex 9018 90 84                    |
| 11 | Estacións de monitorización<br>Aparells de monitorización de pacientes-<br>Aparells de electrodiagnóstico. | Estacións centrais de monitorización para cuidados intensivos<br>Oxímetros de pulso.                          | ex 9018 90<br>ex 9018 19         |
|    |  | – Dispositivos de monitorización de pacientes<br>– Aparells de electrodiagnóstico.                            | ex 9018 19 10<br>ex 9018 19 90   |
| 12 | Escáner de ultrason portátil.  | Escáner de ultrason portátil.   | ex 9018 12 00                    |

|    | Nome do produto  | Descrición do ben/produto   | Código NC  |
|----|--|---|--|
| 13 | Electrocardiógrafos.   | Electrocardiógrafos.  | ex 9018 11 00  |
| 14 | Sistemas de tomografía computerizada/escáneres.  | Sistemas de tomografía computerizada.   | ex 9022 12,<br>ex 9022 14 00                         |
| 15 | Máscaras. ex 6307 90 98»   | – Máscaras faciais téxtiles, sen filtro substituíble nin pezas mecánicas, incluídas as máscaras cirúrxicas e as máscaras faciais dun só uso fabricadas con material téxtil non tecido.<br>– Máscaras faciais FFP2 e FFP3.                                   | ex 6307 90 10<br>ex 6307 90 93<br>ex 6307<br>90 95   |
|    |  | Máscaras cirúrxicas de papel.   | ex 4818 90 10<br>ex 4818 90 90                       |
|    |  | Máscaras de gas con pezas mecánicas ou filtros substituíbles para a protección contra axentes biolóxicos. Tamén inclúe máscaras que incorporen protección ocular ou escudos faciais.  | ex 9020 00 00  |
|    |  |   |  |
| 16 | Luvas.   | Luvas de plástico.  | ex 3926 20 00  |
|    |  | Luvas de goma cirúrxicas.   | 4015 11 00   |
|    |  | Outras luvas de goma.   | ex 4015 19 00  |
|    |  | Luvas de calcetaría impregnadas ou cubertas de plástico ou goma.  | ex 6116 10   |
|    |  | Luvas téxtiles distintas das de calcetaría.   | ex 6216 00   |
| 17 | Proteccións faciais.   | – Protectores faciais dun só uso e reutilizables<br>– Protectores faciais de plástico (que cubran unha superficie maior que a ocular).  | ex 3926 20 00<br>ex 3926 90 97                       |
| 18 | Lentes.  | Lentes de protección grandes e pequenas ( <i>googles</i> ).   | ex 9004 90 10<br>ex 9004 90 90                       |
| 19 | Monos<br>Batas impermeables –diversos tipos– diferentes tamaños<br>Roupa de protección para uso cirúrxico/médico de feltro ou tea sen tecer, incluso impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas (tecidos das partidas 56.02 ou 56.03). | Roupa (incluíndo luvas, mitóns e manoplas) multiuso, de goma vulcanizada.   | ex 4015 90 00  |
|    |  | Pezas de roupa.   | ex 3926 20 00  |
|    |  | Roupa e accesorios.   | ex 4818 50 00  |
|    |  | Roupa confeccionada con tecido de punto das partidas 5903, 5906 ou 5907.  | ex 6113 00 10<br>ex 6113 00 90                       |
|    |  | Outras pezas de roupa con tecido de calcetaría.   | 6114   |
|    |  | Pezas de roupa de protección para uso cirúrxico/médico feitas con feltro ou tea sen tecer, impregnadas ou non, recubertas, revestidas ou laminadas (tecidos das partidas 56.02 ou 56.03). Inclúe a roupa de materiais non tecidos (« <i>spun-bonded</i> »). | ex 6210 10   |
|    |  | Outras pezas de roupa de protección feitas con tecidos cauchutados ou impregnados, recubertos, revestidos ou laminados (tecidos das partidas 59.03, 59.06 ou 59.07)-.   | ex 6210 20<br>ex 6210 30<br>ex 6210 40<br>ex 6210 50 |
| 20 | Cobertores de calzado/calzas.  |   | ex 3926 90 97  |
|    |  |   | ex 4818 90   |
|    |  |   | ex 6307 90 98  |
| 21 | Gorros.  | Gorras de picos.  | ex 6505 00 30  |
|    |  | Gorros e outras proteccións para a cabeza e redes de calquera material.   | ex 6505 00 90  |
|    |  | Os restantes gorros e proteccións para a cabeza, forrados/axustados ou non.   | ex 6506  |

|    | Nome do produto   | Descrición do ben/produto   | Código NC  |
|----|---|---|--|
| 22 | Termómetros.  | Termómetros de líquido para lectura directa.  | ex 9025 11 20  |
|    |   | Termómetros dixitais ou termómetros infravermellos para medición sobre a fronte.  | ex 9025 19 00  |
| 23 | Xabón para o lavado de mans.  | Xabón e produtos orgánicos tensioactivos e preparados para o lavado de mans (xabón de toucador).  | ex 3401 11 00<br>ex 3401 19 00   |
|    |   | Xabón e produtos orgánicos tensioactivos<br>Xabón noutras formas.   | ex 3401 20 10<br>ex 3401 20 90   |
|    |   | Axentes orgánicos tensioactivos (distintos do xabón)-Catiónicos.  | ex 3402 12   |
|    |   | Produtos e preparacións orgánicos tensioactivos para o lavado da pel, en forma de líquido ou crema e preparados para a venda retalista, que conteñan xabón ou non.    | ex 3401 30 00  |
|    |   |   |  |
| 24 | Dispensadores de desinfectante para mans instalables na parede.   | Dispensadores de desinfectante para mans instalables na parede.   | ex 8479 89 97  |
| 25 | Solución hidroalcohólica en litros.   | 2207 10: sen desnaturalizar, con vol. alcohol etílico do 80 % ou máis.  | ex 2207 10 00  |
|    |   | 2207 20: desnaturalizado, de calquera concentración.  | ex 2207 20 00  |
|    |   | 2208 90: sen desnaturalizar, con vol. inferior ao 80 % de alcohol etílico.  | ex 2208 90 91  |
|    |   |   | ex 2208 90 99  |
| 26 | Peróxido de hidróxeno ao 3 % en litros.<br>Peróxido de hidróxeno incorporado a preparados desinfectantes para a limpeza de superficies. | Peróxido de hidróxeno, solidificado ou non con urea.  | ex 2847 00 00  |
|    |   | Peróxido de hidróxeno a granel.   |  |
|    |   | Desinfectante para mans.  | ex 3808 94   |
|    |   | Outros preparados desinfectantes.   |  |
| 27 | Medios de transporte de emerxencia.   | Transporte para persoas con discapacidade (cadeiras de rodas).  | ex 8713  |
|    |   | Padiolas e carriños para o traslado de pacientes dentro dos hospitais ou clínicas.  | ex 9402 90 00  |
| 28 | Extractores ARN.  | Extractores ARN.  | 9027 80  |
| 29 | Kits de probas para a COVID-19 / Instrumental e aparellos utilizados nas probas diagnósticas.   | – Kits de proba diagnóstica do coronavirus<br>– Reactivos de diagnóstico baseados en reaccións inmunolóxicas<br>– Equipamento de hisopos e medio de transporte viral. | ex 3002 13 00<br>ex 3002 14 00<br>ex 3002 15 00<br>ex 3002 90 90<br>ex 3821 00 |
|    |   | Reactivos de diagnóstico baseados na reacción en cadea da polimerasa (PCR) proba do ácido nucleico.   | ex 3822 00 00  |
|    |   | Instrumental utilizado nos laboratorios clínicos para o diagnóstico <i>in vitro</i> .   | ex 9027 80 80  |
|    |   | Kits para mostras.  | ex 9018 90<br>ex 9027 80   |
| 30 | Hisopos.  | Guata, gasa, vendas, bastonciños de algodón e artigos similares.  | ex 3005 90 10  |
|    |   |   | ex 3005 90 99  |
| 31 | Material para a instalación de hospitais de campaña.  | Camas hospitalarias.  | ex 9402 90 00  |
|    |   | Toldos/tendas de campaña.   | ex 6306 22 00,<br>ex 6306 29 00  |
|    |   | Toldos/tendas de campaña de plástico.   | ex 3926 90 97  |



|    | Nome do produto   | Descrición do ben/produto   | Código NC  |
|----|---|---|--|
| 32 | Medicinas.  | – Remdesivir<br>– Dexametasona.   | ex 2934 99 90<br>ex 2937 22 00<br>ex 3003 39 00<br>ex 3003 90 00<br>ex 3004 32 00<br>ex 3004 90 00 |
| 33 | Esterilizadores médicos, cirúrxicos ou de laboratorio.  | Esterilizadores médicos, cirúrxicos ou de laboratorio.  | ex 8419 20 00<br>ex 8419 90 15   |
| 34 | 1- propanol (alcohol propílico) e 2 – propanol (alcohol isopropílico).  | 1- propanol (alcohol propílico) e 2 – propanol (alcohol isopropílico).  | ex 2905 12 00  |
| 35 | Éteres, éteres-alcohois, éteres fenois, éteres-alcohol-fenois, peróxidos de alcohol, outros peróxidos, peróxidos de cetona. | Éteres, éteres-alcohois, éteres fenois, éteres-alcohol-fenois, peróxidos de alcohol, outros peróxidos, peróxidos de cetona.   | ex 2909  |
| 36 | Ácido fórmico.  | Ácido fórmico (e sales derivados).  | ex 2915 11 00<br>ex 2915 12 00   |
| 37 | Ácido salicílico.   | Ácido salicílico e sales derivados.   | ex 2918 21 00  |
| 38 | Panos dun só uso feitos de tecidos da partida 5603, do tipo utilizado durante os procedementos cirúrxicos.                  | Panos dun só uso feitos de tecidos da partida 5603, do tipo utilizado durante os procedementos cirúrxicos.  | 6307 90 92   |
| 39 | Teas non tecidas, estean ou non impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas.   | Teas non tecidas, estean ou non impregnadas, recubertas, revestidas ou laminadas.   | ex 5603 11 10<br>a<br>ex 5603 94 90  |
| 40 | Artigos de uso cirúrxico, médico ou hixiénico, non destinados á venda retalista.  | Cobertores de cama de papel.  | ex 4818 90   |
| 41 | Cristalaría de laboratorio, hixiénica ou farmacéutica.  | Cristalaría de laboratorio, hixiénica ou farmacéutica, tanto se está calibrada ou graduada como se non.   | ex 7017 10 00<br>ex 7017 20 00<br>ex 7017 90 00  |
| 42 | Fluxímetro, fluxómetro de tubo Thorpe para subministraren oxíxeno 0-15 L/min.   | O fluxómetro de tubo Thorpe está composto de portos de entrada e saída, un regulador, unha válvula e un tubo de medición cónico transparente. Serve para conectalo con varias fontes de gases médicos, como un sistema centralizado, cilindros (bombonas), concentradores ou compresores. Versións de fluxímetro (fluxómetro) ordinario (absoluto, non compensado) e de presión compensada, adecuadas para rangos de fluxo específicos. | ex 9026 80 20<br>ex 9026 80 80<br>ex 9026 10 21<br>ex 9026 10 81                                   |
| 43 | Detector de CO <sub>2</sub> colorimétrico de espiración.  | Tamaño compatible co tubo endotraqueal de nenos e adulto. Dun só uso.   | ex 9027 80   |
| 44 | Película ou placas de raios X.  | Plana sensibilizada e sen impresionar.<br>En rolos<br>Sensibilizada e sen impresionar.  | ex 3701 10 00<br>ex 3702 10 00   |